ANUARIO BRIGANTINO



2006 N° 29

ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Lingua - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración municipal

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité científico

Alfredo Erias Martínez (director)
Xosé Mª Veiga Ferreira (subdirector)
Xulio Cuns Lousa (secretario)

Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Xosé Ramón Barreiro Fernández
José Antonio Fernández de Rota y Monter
José García Oro
Antonio Meijide Pardo (†)
José Antonio Miguez Rodríguez (†)
Luis Monteagudo García
Carlos Pereira Martínez
Xesús Torres Regueiro

Colaboradores técnicos:

Nadine Mary Couceiro Vicos
Mónica Martínez Baleirón
María González Sánchez
Alberto López Fernández
Mª del Pilar Vázquez Ares

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2006 **nº 29**

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Excmo. Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais
Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña
Tlf. (981) 771946
alfredoerias@gmail.com

O INDICE XERAL DO ANUARIO BRIGANTINO (desde 1948 ata hoxe) pode consultarse na páxina web oficial do Concello de Betanzos, **http://www.betanzos.net**

Así mesmo, intégrase nas bases de datos da BIBLIOTECA XERAL da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, accesible na páxina: **http://busc.usc.es**

Tamén aparece nas bases de datos RISO e ISOC, esta realizada polo «CENTRO DE INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN CIENTÍFICA» (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C e que ofrece información sobre artigos publicados en máis de 1.000 revistas especializadas nos diferentes campos do coñecemento das Humanidades ou Ciencias Sociais (C/ Pinar, 25, 3º, 28006 Madrid, tlf.: 914112220, Fax: 915645069).

Cuberta:
A Porta da Vila, tal como era antes de que se derrubase no 1872. Debuxo realizado a principios do s. XX por Francisco Javier Martínez Santiso, tomando como base outro, feito de memoria por Manuel García Faílde.

Contracuberta:
Mes de Marzo (podador) do calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue, de Betanzos. Debuxo (e cromatismo hipotético) de Alfredo Erias.

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.

Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI -Betanzos-



Fersal

Ilma. Sra. Dona María Faraldo Botana

Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Betanzos

Con moita satisfacción teño a honra de presentar este *Anuario Brigantino 2006*, nº 29, herdeiro dunha longa traxectoria de traballo ben feito, que deu e seguirá a dar a Betanzos o prestixio que por historia e por presente se merece. O *Anuario Brigantino* tivo como precedente o libro dos «Xogos Froraes» de 1918, editado polas Irmandades da Fala de Betanzos, cando era o seu presidente don Francisco Vales Villamarín. Precisamente, este persoeiro sería o que fundaría o *Anuario* trinta anos despois, no 1948. Saíu logo no 1949 e no 1951 para desaparecer outros trinta anos. No 1981, con Vicente de la Fuente García como Alcalde, rexurdiría de novo, non parando de estar na rúa cada ano desde aquela.

É, sen dúbida, un logro que transcende as conxunturas políticas e que se explica polo sentir do pobo de Betanzos que ve nel un dos seus símbolos de identidade. Por iso, nestes momentos, as miñas primeiras palabras non poden ser outras que de apoio e ánimo para todas as persoas que o fan posible.

O actual director, Alfredo Erias Martínez, tomou nas súas mans esta responsabilidade co número 6, o de 1983, de tal maneira que, co presente número, xa leva dirixidos vintecatro. Os meus parabéns para el, para o subdirector Xosé María Veiga Ferreira, para o secretario Xulio Cuns Lousa, para o Comité Científico, para os colaboradores técnicos e, naturalmente, para os investigadores, que son verdadeiramente a pedra angular sobre a que se asenta o prestixio do *Anuario Brigantino*.

O meu especial agradecemento tamén para as institucións que nos axudan (Deputación Provincial da Coruña, Banco Etcheverría, Caixa Galicia e Fundación Manuel Villuendas Pena).

¡PARABÉNS PARA TODOS!



José Tomás. «O soñador». Portada dun libro de Baía Edicións.

ÍNDICE

Historia...

*Gravados rupestres no Couto dos Golpes (Santa Cruz do Salto, concello de Cabanas), polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS..... 11

*O ancestral Camiño de peregrinación ó Fin do Mundo: na procura do deus do Alén, Briareo / Berobreo / Breogán / Hércules / Santiago..., por ANDRÉS PENA GRAÑA & ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ..... 23

*Un novo torques achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña), por LOIS LADRA..... 39

*40 moedas romanas do Museo das Mariñas (Baixo Imperio), por MARÍA GONZÁLEZ SÁNCHEZ..... 53

*La *flor del agua*, el saúco y el rocío en las tradiciones hídricas de la Europa céltica, por FERNANDO ALONSO ROMERO..... 63

*A Orde do Temple na provincia de Pontevedra: A BAILÍA DE COIA (VIGO), por CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ..... 91

*Galicia y el Bierzo en el s. XV: DE PUENTES A FRONTERAS (Las luchas de los condes de Lemos por el dominio de El Bierzo), por JOSÉ GARCÍA ORO y MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA..... 105

*MARIA JOSE PORTELA SILVA: Silueta de una historiadora compostelana, por JOSÉ GARCÍA ORO..... 133

*"*No es negocio de un pueblo sino de todo el reino*": Voto, sal e aduanas nas xuntas de provincias do reinado de Felipe II, por JOSÉ ANTONIO TIZÓN RODRÍGUEZ..... 141

*Un episodio de Ferrol de la Ilustración: las visitas del Padre Sarmiento, del Padre Isla y del Cura de Fruime, por JUAN J. BURGOA..... 169

*Algunhas cuestións sobre a antroponimia betanceira, por SILVIA MUÍÑO NAVEIRA..... 185

*La masonería: lo que es, lo que ha sido: Reflexiones en torno a una sociedad que todavía suscita controvertidas polémicas, por ALBERTO VALÍN FERNÁNDEZ 197

*A vida cotiá dos galegos: friaxe e hixiene corporal, por XAVIER CASTRO..... 223

*Ferrocarril de Betanzos a Ferrol («El Ramalillo»), por ARTURO GUTIÉRREZ MORÁN..... 239

*1936-1939: As vítimas betanceiras da represión, por XESÚS TORRES REGUEIRO 273

*A Coruña y la II Guerra Mundial, POR JESÚS MARÍA REIRIZ REY..... 319

*Una experiencia de democracia participativa en la Iglesia, por VICENTE DE LA FUENTE..... 345

Arte, Literatura, Antropoloxía...

*Informe de la restauración de un retablo de la iglesia de San Estevo de Piadela (Betanzos), por JUAN FERNÁNDEZ-MIRANDA MUÑIZ..... 359

*Apuntes para el estudio del convento de las Agustinas Recoletas de Betanzos: forma y contenido en el retablo mayor de la Anunciación, por IVÁN REGA CASTRO..... 369

*Francisco Javier Martínez Santiso (II): «inteligente de obras» e artista, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ e JOSÉ Mª VEIGA FERREIRA..... 387

*La presencia entelada: (Consideraciones sobre un retrato de Joaquín Vaamonde), por ÁNGEL NÚÑEZ SOBRINO..... 427

*Revalorización del Parque histórico de «El Pasatiempo»: Investigación, gestión e intervención, por JOSÉ CRESPÍ RODRÍGUEZ..... 439

*Montezuma de Carvalho e as mellores rosas galegas para Eugénio de Andrade por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 491

* Homenaxe a Manuel Lugrís Freire: soneto inédito de Antón de Pepiño, por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 499

*Cumprimento cun amigo: Vinganza, desquite e represalia de Don Mende (Fábula), por XULIO CUNS LOUSA..... 503

*Manuel María e Betanzos, por XESÚS TORRES REGUEIRO..... 509

Entidades culturais e deportivas...

*FUNDACIÓN CIEC: Compromiso con el Arte Gráfico..... 519

*Entidades culturais..... 535

* Servizo de Normalización Lingüística (Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística, por MÓNICA MARTÍNEZ BALEIRÓN..... 553

Acontecementos do ano

*Pregón da XX Festa do Viño de Betanzos, por FAUSTO GALDO..... 567

*Pregón da Feira Franca Medieval, por XOSÉ Mª VEIGA FERREIRA..... 576

*Pregón das Festas Patronais de San Roque, por XAVIER SEOANE..... 583

*Función do Voto, por MANUEL LAGARES PÉREZ..... 587



HISTORIA...



Anne Heyvaert. «Buscando a sombra do carballo». 100x100 cm. Óleo sobre mapa. 2006.

Gravados rupestres no Couto dos Golpes
(Santa Cruz do Salto, concello de Cabanas)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Neste artigo aportamos novas representacións da arte rupestre no concello de Cabanas (NL da provincia da Coruña), que veñen a engadirse ás xa localizadas anos atrás pola nosa Asociación na comarca do Baixo Eume, duplicando a cantidade de combinacións circulares que existían ata a data nesta zona.

Abstract

In this article we contribute new examples of rock paintings in the Cabanas area (NE of the province of Coruna), which complements those already located years ago by our Association in the region of the Baixo Eume, doubling the quantity of circular combinations which existed until then in this area.

INTRODUCIÓN

Despois dunha paréntese de dous anos, na que a nosa Asociación se adicou maioritariamente á realización de traballos sobre o mundo do megalitismo, agora retomamos de novo un traballo sobre os gravados rupestres no NL da provincia de A Coruña, no que fundamentalmente aportamos a localización de novas estacións de gravados, todas elas situadas no monte Couto dos Golpes (Santa Cruz do Salto, Cabanas). Este traballo sirve coma continuación da publicación «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume[1]».

Convén sinalar que os gravados localizados ata o de agora nesta zona están realizados sobre soporte granítico, así que botando unha ollada cara atrás, constatamos que os mesmos seguen unha liña de SL a NO que dende o concello de Coirós atravesa o río Mandeo e continúa polos concellos de Paderne, Vilarmaior e Monfero ata as proximidades do río Eume. Esa mesma liña correspóndese xeoloxicamente cunha serie alcalina de granitos de dúas micas, pouco deformado (grao medio), que continúa xa moi deformado, polo norte do concello de Vilarmaior, cruza o río Eume e atravesa os concellos de Cabanas, Fene, Neda e Valdoviño.

No apartado fotográfico aportamos tres técnicas diferentes: fotografía nocturna con luz rasante, fotografía dos motivos pintados con xiz húmida e tratamento informático das fotografías, para resaltar máis os sucos dos gravados.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Cabanas é un pequeno concello (30 km^2) que se atopa na marxe N da desembocadura do río Eume e está divido en sete parroquias: O Porto, Cabanas, Laraxe, Eirís, Salto, Regoela e Soaserra. Administrativamente linda ó O co concello de Fene, ó N co mesmo concello de Fene e o de Neda, ó L co de A Capela e ó S cos de Monfero e Pontedeume.

Xeograficamente linda ó O co regato do río Castro, ó N coas estribacións do monte Punxeiro, couto das Modias e co río Belelle; ó L cunha cadea de pequenas elevacións pizarrosas que teñen as súas máximas alturas no pico de Aguia (474 m máxima altitude do concello) e Pico da Mariña; mentres que polo S co río Eume.

*** A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.**

No presente caso, a zona de estudo limitouse tan só a unha das parroquias centrais: Santa Cruz do Salto, a única deste concello na que existe soporte granítico, que a atravesa de S a N, cun ancho oscilante entre os 800 e os 1200 m.

Esta escaseza de pedra en superficie fixo que a maior parte dos afloramentos visibles serviran nalgunha época como improvisadas canteiras, existindo incluso unha pequena canteira industrial ó S da zona de estudo, hoxe en día abandoada, aínda que a xulgar polo mapa xeolóxico do IGME teríase adicado tamén á explotación de xeixo.



Fig.1.- Mapa de situación das estacións rupestres.

SITUACIÓN DOS GRAVADOS

As tres estacións localizadas, obxecto de estudo, están situadas no denominado Couto dos Golpes (306 m), que é unha pequena elevación na estribación S do Monte Punxeiro (fig, 1). Esta zona onde se sitúan os gravados é rica en túmulos, non en va, no couto atópase unha necrópole consistente en non menos de 9 túmulos que ós rodean.

A continuación pasamos a describir as estacións de O a L.

Couto dos Golpes I[2]

(coordenadas xeográficas 43º 26'25.45" – 8º 07'23" e UTM 570968'98 – 4810183'61, cota de altitude 300 m).

Trátase dos gravados situados na cota máis alta, nunha penichaira. Son dous pequenos afloramentos a ras do chan. O máis ó S mide 6 m N-S e 5 m L-O, neles observanse, no fondo da pía central: 2 combinacións de círculos concéntricos moi estragados e 1 círculo simple (foto 1), e no resto da pedra: 7 coviñas, 1 círculo simple, 3 semicírculos e 1 cruz latina[3].

A tan só 4 m de distancia cara ó N hai outro pequeno afloramento de apenas 3 x 3 m, nel ollamos xadrezados e formas cruciformes, todas elas de clara factura moderna, a xulgar polo trazo do suco en V, e 2 coviñas.



Foto.1.- Novos gravados en Couto dos Golpes I.

Couto dos Golpes II (coordenadas xeográficas 43º 26'20.08" – 8º 07'16.86" e UTM 571108'74 – 4810019'45, cota de altitude 289 m).

Son os restos dun afloramento, situado nunha aba de suave inclinación, utilizado como canteira, que aínda así conserva gravadas na cara L 6 cruces latinas, unha delas rodeada por un círculo.

Couto dos Golpes III (coordenadas xeográficas 43º 26'21.12" – 8º 07'12.51" e UTM 571206'24 – 4810052'46, cota de altitude 284 m).

Trátase dun gran afloramento en forma de «L» que apenas destaca sobre o terreo. Está situado nunha pequena penichaira. Consta dunha parte plana (sector NO) e dende ela descende de forma escalonada cara ó S, e en suave inclinación cara ó L.

O eixo N–S mide 16 m e o L-O 17 m. Cara ó SL aparecen pequenos afloramentos que coma este están insculturados. Rodeando ó principal existen outros que foron utilizados coma canteiras e que na actualidade se atopan cubertos dunha mesta vexetación.



Fig.2.- Couto dos Golpes III, sector SO.

A gran cantidade de gravados, máis de 200, fan de Couto dos Golpes III unha das superficies máis insculturadas de Galiza, o que unido ás dimensións da pedra fixo que para a súa descripción tivéramos que dividila en catro sectores.

1. Sector SO (fig. 2): é a parte máis baixa da pedra, e partindo dende o S vai ascendendo en forma de escalóns cara ó sector NO. A xulgar polas figuras representadas, posiblemente se trate da parte máis moderna. Nel atopamos maioritariamente cruciformes de diversa tipoloxía: 33 cruces entre gregas e latinas, das cales tres teñen coviñas ó arredor; 3 cruces pomeadas; 9 cruces, cada unha delas dentro dun círculo (delas hai cinco con coviñas); 9 cruces patadas e unha gran cruz triple de máis de 80 cm de alto con dous brazos patados (foto 2); unha especie de cruz doble na zona central deste sector e unha representación semellante a un crismón rodeada por un semicírculo (foto 3). Hai tamén unha



Fotos 2 e 3.- Couto dos Golpes III, grupos de cruciformes.





Foto 4.- Couto dos Golpes III, vista parcial do sector SO.



Foto 5.- Couto dos Golpes III, vista parcial do sector SO.



Foto 6.- Couto dos Golpes III, vista parcial do sector NO.

representación oval, outra circular e outra cadrada, que teñen no seu interior pequenas cruces dobles e triples (fotos 4 e 5).

Outras das figuras máis representadas neste sector son as coviñas (contamos 17), unha delas, con suco de saída, encontrase dentro dunha pía cóncava de grandes dimensións.

De factura máis antiga localizamos 10 círculos simples (catro deles con cazoleta central) e 4 combinacións de círculos concéntricos de dous ou tres aneis. Unha delas gravada en alto relevo de factura aparentemente moderna, outra na parte central do sector, reaproveitada a xulgar polo repiqueteado e ensanchamento do suco exterior no lado L (desta penden as representacións circular e cadrada con cruces no interior que citamos no anterior parágrafo). Outra moi esvaída é a última e probablemente a máis antiga, situada sobre unha protuberancia da pedra.

Neste sector tamén localizamos outros gravados de factura moderna: cuñeiras, «qo», «oo», etc..

2. Sector NO (fig. 3): é a continuidade do anterior cara ó N, e correspóndese coa parte máis alta da pedra, nel están os gravados que consideramos máis antigos. É sen dúbida a parte máis interesante da mesma. No centro deste sector atopamos a maioría das combinacións circulares, mentras que as representacións cruciformes e outras de factura máis recente, agás algunha excepción, atópanse situadas na periferia.



Foto 7.- Couto dos Golpes III, grupo de combinacións de círculos concéntricos.



Fig.3.- Couto dos Golpes III, vista xeral do sector NO.

A figura máis representada son as combinacións de círculos concéntricos. En total hai 38 (dez con suco de saida), moitas delas están incompletas debido ós estragos da erosión, pero outras foron realizadas intencionadamente aproveitando as diaclasas, os saíntes, e mesmo o fondo das pías, o cal non é habitual.

Se ben parte das combinacións están na zona plana (foto 6), cáseque a metade delas sitúanse no S deste sector. Alí forman dúas fías paralelas superpostas de O a L en forma de escalón (foto 7). Nesta zona encóntrase a combinación máis grande en tamaño (90 cm) e de máis aneis (cinco, aínda que o anel exterior está incompleto). A parte máis oriental da fíada superior remata nun saínte de forma redondeada que ten gravadas 4 combinacións circulares: unha polo O que ten suco de saída que a une a unha pía, outra na parte superior do saínte que está rota, e as dúas restantes están en planos opostos no N e no S, coa particularidade de estar gravadas case nun plano vertical (foto 8).

A pesar desta gran densidade de combinacións, cremos, a xulgar polos indicios encontrados, que a erosión destrueu outras 6 combinacións.

O seguinte elemento máis numeroso neste sector son os círculos simples, 22 en total, dos cales dez presentan cazoleta central. O total de cazoletas ascende a 15 unidades, e as cruces, entre gregas e latinas, son 11 (dúas pomeadas, dúas con cazoletas ó arredor e unha delas inscrita nun semicírculo). Podemos apreciar tamén un cadrado simple e dous cadrados cunha cruz no interior, que pensamos que poden ser taboleiros de xogo, ó igual que outra representación máis complexa, situada na zona NL deste sector.

Na periferia do sector podemos ver tamén outras tres representacións de indiscutible datación moderna: un símbolo en «phi», outro en «y» e un ángulo recto.



Foto 8.- Couto dos Golpes III, saínte con combinacións de círculos concéntricos no sector NO.

Queremos destacar que da zona máis alta da pedra baixa un suco polo L que atravesa transversalmente a aba da pedra para rematar nun cadrado con cazoleta central. Despois reaparece no fondo dunha gran pía (xunto a unha combinación de círculos concéntricos), para salir dela e xirar en ángulo recto cara ó S e unir dúas profundas pías.

3. Sector NL (fig. 4): aínda que en moita menos cantidade que no anterior, segue habendo unha preeminencia das representacións circulares. Neste caso aparecen 7 círculos simples, tres deles con cazoleta central, e 3 combinacións de círculos concéntricos, dous deles con suco de saída. Curiosamente tan só atopamos unha cazoleta de pequenas dimensións e unha cruz latina no extremo L da pedra.

4. Sector SL (fig. 5): é o único que non está unido ó afloramento principal. Consiste en 3 afloramentos menores de reducidas dimensións, nos que localizamos 4 cazoletas, 4 círculos simples (dous deles con cazoleta central), dúas combinacións de círculos concéntricos (foto 9) e restos doutra. Tamén podemos ver unha combinación ovoide con aros concéntricos.

A disposición dos gravados fainos supoñer que a parte principal da pedra é a zona máis alta dela, situada cara ó NO. É alí onde se localiza a maior densidade de combinacións de círculos concéntricos.



Fig.4.- Couto dos Golpes III, vista xeral do sector NL.



Fig.5.- Couto dos Golpes III, vista xeral do sector SL.



Foto 9.- Couto dos Golpes III, combinación de círculos concéntricos do sector SL.

CONCLUSIÓNS

O descobremento destas novas estacións, sobre todo a de Couto dos Golpes III, continúa a cambiar, en certo modo, o panorama da arte rupestre do NL da provincia da Coruña. Non en vano, nesta estación aparecen representadas máis combinacións circulares que en todo o resto das existentes na comarca, aínda que iconográficamente continúan encadradas dentro do bloque xeométrico do denominado Grupo Atlántico. Non obstante, a gran proliferacción de formas cruciformes fainos pensar no por qué da reutilización das rochas xa gravadas.

Por unha banda as cruciformes son as representacións máis abondosas e frecuentes coma sinais de termo, tanto para lindes administrativos coma xurisdicionais ou eclesiásticos, xa que con elas delimitábanse os coutos e as ferigresías, confirmábanse os apeos, vilas, terreos, etc. Se ben, non temos coñecemento de ningún linde de tipo administrativo, nin de ferigresía actual pola zona, sí temos constancia de que nun privilexio outorgado polo rei Alfonso VII no 1117, o couto xurisdicional do mosterio de Caaveiro pasaba pola *Fonte frigidam*[4] (actual Fonfría), a escasos 300 metros da zona insculturada. Sen embargo un posterior privilexio outorgado polo mesmo rei 18 anos máis tarde (1135) amplía en case dous kilómetros a fronteira do couto cara ó SO. Por eso cremos improbable que en tan escaso lapso de tempo fora necesario facer tantos deslindes e confirmacións de apeos coma para producir o *horror vaqui* que podemos ver hoxe en día.

A pesar de todo isto, os símbolos cruciformes están gravados maioritariamente no sector SO e en grupos numerosos, o cal podería ter relación con algún tipo de confirmación de lindes. Se ben esa confirmación debeu extenderse ó longo de moito tempo a xulgar polas diferentes tipoloxías dos gravados. Esta suposición cobra aínda máis forza porque algún grupo de cruciformes aparece asociado a cuñeiras (pequenas raias propias da confirmación de lindes).

Por outra banda, a presencia de cruces gravadas na periferia da parte máis alta da estación e, en menor medida, entre as combinacións circulares de maior antigüidade, fainos pensar que poderíamos estar perante a cristianización deste outeiro. Este podería ter sido o motivo de que non se tocase o afloramento principal, mentres que os do arredor remataron por ser utilizados coma canteiras.

Pensamos que trala aparición nos últimos anos dunha vintena de estacións rupestres espalladas polos concellos do NL da provincia da Coruña, empeza ser notoria a falta de interés e o silencio dun sector dos investigadores. Esperemos que estas novas aportacións axuden a cambiar a mellor esa traxectoria.

AGREDECEMENTOS

Non poderíamos finalizar este artigo sen amosar a nosa gratitude a Pachi Romalde e Guillermo Pazos pola súa inestimable axuda na realización do material fotográfico e o seu tratamento informático. Sen eles non sería posible apreciar os gravados que se amosan nas ilustracións deste artigo.



Foto 10.- Couto dos Golpes III, vista xeral dos sectores SO-NO.

NOTAS

[1] GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, «Gravados rupestres na comarca do baixo Eume», *Anuario Brigantino, nº 26*, 2003: 51-70.

[2] Estes gravados foron publicados por CARNEIRO REY, J.A. e SERRANO OTERO, J., «Arqueoloxía e Paisaxe. O arco Ártabro desde a prehistoria recente ata o medievo», *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios, nº 7*, 2000: 119-170, Pontedeume.

[3] Aínda que os autores non souberon interpretar os gravados desta rocha que definiron coma 1 cruciforme e 6 coviñas, sen decatarse do resto dos gravados.

[4] *«... usque ad Sanctum Vicencium de Regulella; deinde per Mulam Mortam, inde ad Fontem frigidam, usque pervenitur ad Nasarrios de Eume...»*. O documento está transcrito ó completo por LÓPEZ SANGIL, J.L., *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios, nº 3*, 1996: 63-77, Pontedeume. Posteriormente foi transcrito por FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIETES, J.I. e GONZALEZ BALASCH, M.T., *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios, nº 9*, 2002: doc. 1, páxs 339-340, Pontedeume; quenes se equivocan no índice toponímico ó confundila con outra Fonte Frígida e situala preto de Santa María de Espiñaredo (As Pontes).



Fig.6.- Couto dos Golpes III, vista xeral.

O ancestral Camiño de peregrinación ó Fin do Mundo:

na procura do deus do Alén, Briareo / Berobreo / Breogán / Hércules / Santiago...

ANDRÉS PENA GRAÑA* & ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ**

E a rexión de onde vén o céfiro e a da posta do sol habítana os celtas. (Éforo de Cime, *Fr*. 30 b 5, *ca.* 350 a.C) .

Sumario:

Este traballo nace co achado de Andrés Pena de que a fíbula de Braganza do Museo Británico pertence ó contexto lusogalaico ó representar un Hércules Oghmios en forma de guerreiro celta. E continuou cando Alfredo Erias atopa un texto de Aristóteles que di que as Columnas de Hércules se chamaron antes "Columnas de Briareo", e identifica este antigo deus indíxena (logo adoptado polos gregos como un Hecatónquiro, xigante de cen brazos e cincoenta cabezas) co Berobreo do Facho de Donón, fronte ás illas Cíes. É a verdadeira historia de Berobreo/Breogán. Amosábase así claramente a existencia dun antiquísimo camiño de peregrinación que levaba ós finisterres atlánticos e, particularmente, ós de Galicia. Porque Galicia era para os antigos o Fin do Mundo, mesmo o Outro Mundo, que quedaba despois do río Limia, que identificaban co Lethes ou río do esquecemento (ó que se negaban a pasar as tropas de Décimo Xunio Bruto). Galicia era a meta do Sol, o lugar da súa morte, o último avatar dos deuses solares antes de afundirse no océano para resucitar despois e volver a iniciar o ciclo.

Abstract:

This work started when Andrés Pena came across the fibula of Braganza (in a Portuguese/Galician context) in the British Museum, depicting Hercules Ohmios in the guise of a Celtic Warrior. It continued when Alfredo Erias found a text of Aristotles stating that the Pillars of Hercules were previously called the "Columns of Briareo", identifying this ancient native god, later adopted by the Greeks as Hecatónquiro, (a giant with 100 arms and 50 heads), with Borobreo do Facho de Donón, opposite the Cies islands. The authentic story of Berobreo/Breogán, clearly marking an ancient route of pilgrimage which led to the Atlantic Land's End, particularly that of Galicia. Because Galicia was, for ancient peoples, the end of the world, almost Another World, which began after the river Limia - identified as the Lethe, or the river of the loss of memory (river which the troops of Decimo Junio Bruto refused to cross). Galicia was the finishing line of the sun, the place of its death, the final frontier of the sun gods before sinking into the ocean, only to reappear and begin the cycle again.

I.- INTRODUCIÓN

A gran atracción de Galicia para os pobos antigos do continente europeo e do Mediterráneo non se debía unicamente á sona dos seus metais (ouro, estaño...), con ser isto moi importante, senón a unha crenza arraigada no máis fondo dos sentimentos da vella Europa. A Nosa *Gallaecia* (a forma *Gallaike* presente xa no s. V a. C., unha vez, na obra de Herodoto e nun poeta médico do s. IV a. C -López Férez-, é moito máis antiga que a forma *Kallaike*) era o fin do mundo, o *Finis Terrae,* lugar onde morría o Sol e onde a antiga Xeografía Sagrada situaba a porta do Paraíso. E as Augas Santas das praias dos nosos finisterres atlánticos, chamadas aínda na Idade Media "arenas Paradisi", acubillaban os portos benditos onde embarcaban as ánimas dos europeos no psicopompo Navío cara a illa marabillosa dos Ben Aventurados.

Galicia, a atalaia pola que descendía ó mar o Sol a tomar a súa barca, e a onde conducía o camiño das estrelas (a Vía Láctea), foi na antigüidade considerada a antesala do Alén e un importante lugar de acceso ó Outro Mundo. A mitoloxía grega concibía o Alén, os Campos

*** Andrés Pena Graña** é doctor en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e historiador, arquiveiro e arqueólogo municipal de Narón (http://www.andrepena.org).

**** Alfredo Erias Martínez** é director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquiveiro-bibliotecario municipal de Betanzos (http://www.alfredoerias.com).

Elíseos, como o Paraíso das virtuosas almas que, logo de beber no río Lethes, esqueceran o seu paso polo Inferno. O río Lethes era unha das portas ó Paraíso, pero, onde estaba? Para os autores antigos grecolatinos non había dúbidas: ese río do esquecemento estaba en Occidente, no fin do mundo coñecido, en Galicia, e era seguramente o que hoxe coñecemos como Limia, perto de Xinzo de Limia (Ourense), onde se situaría a entrada, por conseguinte, ó mundo dos mortos.

Era algo universalmente aceptado na Europa Antiga, insular e continental. Lugar cargado de referencias a contextos psicopompos e a ameazas, este río Limia/Lethes, a fronteira que separaba o mundo dos vivos do lugar onde residían as ánimas, obrigou ó xeneral romano invasor Décimo Xunio Bruto (no 137 a. C.) a espirse, a atravesa-lo, el só, a nado, e logo a chamar ós soldados, un a un polo seu nome (Silio Itálico, I, 235-6; XVI, 476-77). Este episodio, lonxe de ser unha mera anécdota, tivo moita transcendencia: as portas da *Gallaecia* non soamente daban entrada a unha terra paradisíaca, senón tamén ó mundo celta dos mortos.

> O inspirado pola Galiza foi un medo sagro; unha inquedanza do alén, un terror relixioso. Deiquí a singolaridade do trunfo de Décimo Junio Bruto: un trunfo envolveito en todalas formas e ritos acostumados, mais, en esencia, a festa dun vencemento da morte (Otero Pedrayo, 1962).

II.- OS VELLOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN A OCCIDENTE

César foi quen adaptou por primeira vez ó latino o panteón celta da Galia. A *interpretatio* romana presente na plástica galorromana responde a unha política integradora para gañarse ós novos pobos:

> O deus de máis culto é Mercurio; deste deus son as imaxes que abondan máis; considérano como inventor de todas as artes; este é para eles o guía de rutas e camiños [o deus psicopompo que guía ás almas e ós peregrinos], ó que consideran que ten o máximo poder para gañar diñeiro e protexer o comercio. Despois del adoran a Apolo, Marte, Xúpiter e Minerva. Sobre estes deuses teñen case a mesma opinión que os demais pobos: que Apolo cura as enfermidades; que Minerva inicia nos traballos manuais; que Xúpiter é o soberano dos deuses e que Marte preside as guerras. A maioría das veces, cando deciden librar unha batalla, ofrécenlle o botín que capturan; cando venceron, sacrifícanlle os animais capturados e o demais deposítano nun só lugar" BG, 6, 17 [dicindo a continuación que os Druídas lles ensinaban ós galos a súa orixe divina, quizais unha crenza platónica dos celtas na orixe divina da alma]. "Todos os galos din ser descendentes de Dispáter e afirman que isto se lles foi transmitindo polos Druídas (BG, 6, 18).

Esta intelixente *interpretatio* posibilitou tamén que atributos de poderosos axentes psicopompos axudaran ás almas a atopar as sendas do Alén: o latino Mercurio e o grego Heracles converxeron co celta Oghmios, nome que significativamente se pode traducir por "O Camiño [polo que o camiñante conduce ás ánimas ó Alén]" en atributos que os celtas axiña aceptaron encantados cando esculpiron estatuas ó xeito romano. Aínda a comezos do s. XVI Durero, o pintor renacentista alemán, representaba ó elocuente psicopompo Oghmios como Mercurio, mentres en 1586, Pellegrino Tibaldi fixo o propio representándoo como Hércules nos frescos da célebre Biblioteca do Escorial.

Oghmios é guía de rutas e camiños. É "O Camiño", e servía nunha ancestral ruta de peregrinación asociada ó camiño do Sol de Oriente a Occidente, coñecida e transitada na antigüidade, antepasada do Camiño de Santiago de Compostela. Falamos do Camiño de Finisterre -e da súa prolongación, historicamente documentada, para os que bordeaban a cornixa cantábrica: o chamado en Galicia Camiño de San Andrés-. A ruta coincidente co camiño escrito no ceo estrelado de Europa, hoxe esvaído pola contaminación lumínica, pero entón moi rechamante: a "Vía Láctea", coñecida e transitada na prehistoria europea polo menos desde o Neolítico, momento no que Monteagudo, nos enxovais escavados dos dolmens que se dispoñen ó longo da ruta que se dirixía desde Italia e Francia a Iberia (enténdase, ó Oeste) observa claras concomitancias estilísticas difíciles de comprender noutro contexto. Os mitógrafos gregos relacionaron este

percorrido desde o nacemento, Oriente, ata a morte, Occidente, co décimo traballo de Hércules: o roubo das vacas de Gerión.



Hércules Oghmios celta galorromano con maza e lazos para atar as almas (Esperandieu).

Os romanos empedraron esta rota, que recibiría diversos nomes ó longo da historia: Camiño de Aníbal, Vía Exterior... No ano 124 Polibio denomínaa Vía HERCÚLEA (segundo parece costeaba gran parte do Mediterráneo) e, como Vía HERACLEA, coñecemos a máis importante calzada que percorría Hispania e que comunicaba Italia coa Península Ibérica. César percorreuna en vintesete días ó vir desde o Ródano a Obulco (Str. III, 4, 6), e ata agora críase que a súa función esencial era o comercio e a explotación das minas de Carthago Nova e da Turdetania. Mais o ambiente do décimo traballo de Hércules, da illa Erutria, da copa do sol, e do episodio das vacas de Gerión, que as lendas galegas e *As Partidas* sitúan na Coruña (A Torre de Hércules), co trasunto etnoarqueolóxico e astronómico da Vía Láctea ou "Camiño de Santiago", define potente e incontestablemente a vía orixinal de Oriente a Occidente por onde transitaron antes do s. III a. C. gregos e bárbaros, ideas e romeiros (*quae verborum inmoderatio*) europeos e xentes de máis aló, un ancestral roteiro de peregrinación prehistórico cara os finisterres atlánticos da *Gallaecia* celta. Existía ademais, desde tempos moi remotos xa, coma hoxe, unha infraestrutura hospitalaria e garantías de tránsito para camiñantes, asegurada con severas sancións penais contra os infractores, segundo sinala no s. III a.C. o[pseudo] Aristóteles nos *Mirabilia* 837 a7, 837 a10:

> Sosteñen que de Italia até o País Celta [a Galia Cisalpina], e ós Celtoligios [a costa do sur de Francia] e Iberia, existe un camiño nomeado Heracleo [é dicir, o camiño que fixo o heroe solar Hércules, para pedir o caldeiro prestado a Hélios e se por el peregrina un grego ou un indíxena, é tomado baixo a protección dos que viven perto [é dicir por onde o camiño discorre] para que non sufra ningún atropelo e que esixen o castigo [isto é, garantías e penalmente a protección e seguranza ós camiñantes que fan a ruta] contra os responsables de que [o peregrino] padecera inxustiza.

Polo seu esencial papel na conformación da idea de Europa, a gran importancia do Camiño de Santiago impedíanos ver a facies pre e protohistórica anterior, representada polo Camiño de Finisterre, ou polo Camiño de San Andrés de Teixido. Por este motivo, ata agora non se tiña reparado no alcance destas referencias dos clásicos gregos ó "Camiño Heracleo" ou "Camiño de Hércules", precedente da morea de datos etnolóxicos e arqueolóxicos concentrados en importantes puntos do litoral galaico, como o entorno do famoso Faro de Brigantia, logo chamado Torre de Hércules (referencias ó Camiño do Sol e ó Camiño das Ánimas na procura do Paraíso seguindo o ronsel solar), ou o xa célebre santuario do Facho de Donón con centos de aras-estela votivas, que hoxe espertan o interés da comunidade científica (e turística) internacional.

Pero a terrestre non foi a única vía, se reparamos nas raíces, arrecendos, reminiscencias e vicisitudes atlánticas do epíteto BRIAREO dun deus transmitido por Claudio Eliano, que toma de Aristóteles. Do exame da *Odisea* dedúcese que (coincidente coa concepción céltica, precedente da mesma illa á que chegou Trecenzoncio, San Amaro ou San Brandán), os gregos micénicos situaban o Alén nun lugar do Océano, nunha ancestral illa atlántica. No cumio da illa erguíase desafiante a áurea fortaleza do Deus dos Mortos. Neste contexto, os barcos gregos non soamente levaban metais senón tamén vellas historias das crenzas da estirpe celtoatlántica que fecundaron a imaxinación dos mitógrafos clásicos. Xurdiron así esas recreacións que

converteron ó señor e hospedeiro da illa dos mortos, Briareo/Berobreo, nun dos tres hecatónquiros, irmán de Coto e Giges, un monstruoso xigante de cen brazos e cincuenta cabezas. Deste xeito, acomodaron a Briareo na súa familia divina como fillo de Urano e Gea, ou de Éter e Gea. Pero os mitógrafos responsables de cada reelaboración mantiveron intacta a esencial vocación funeraria de Briareo: os gregos fixérono enterrar no Tártaro por Urano e que se mantivera alí longo tempo por desexo de Cronos. E cando eses mitógrafos decidiron que Zeus liberara ós hecatónquiros, cando os Olímpicos rescataron ós monstruosos xigantes primordiais dese lugar obtendo formidables aliados na súa loita contra os Titáns, salientaron a Briareo como o máis forte de todos na loita. E de novo intensificaron no deus Briareo o seu primitivo carácter mariño ó concederlle Poseidón por esposa unha das súas fillas como premio ó seu valor, ó tempo que antigas fontes xa reflectían o mesmo, facéndoo fillo de Thalassa, deusa primordial do mar. Na *Ilíada* de Homero os homes chaman a Briareo, Egeón, 'O do Cabrón', co alcume do seu pai o deus do mar.

Vencellado unha e outra vez ó océano que lle era propio, Briareo, convertido nun perpetuo residente da beira do río Lethes, retornou ó lugar de seu, ó río do Esquecemento (cf. Ovid. Met. XI, 602-604), o noso Limia, ó Hades (*Gallaecia*, para a Xeografía Mítica da Europa Antiga), protexendo como porteiro o Alén e a entrada do Tártaro (pozo fondo, escuro e frío) e intensificando como perpetuo vixiante dos Titáns as súas primordiais funcións. As virtudes mariñas e psicopompas de Briareo no panteón grego permítennos pensar que os navegantes do mundo antigo, seguramente micénicos, moito antes de que os gregos e os romanos chegasen á Península, estaban familiarizados coas profundas crenzas dos celtas que vivían detrás das "Columnas de Briareo" na fachada Atlántica de Europa. E por este camiño acabaron coincidindo a segreda ruta comercial atlántica, fragmentariamente recollida na *Odisea* de Homero, e unha ruta de peregrinación de vivos e de ánimas, baseada na crenza dun transitado *cursus* mariño de fantasmais navíos: o CAMIÑO DE BRIAREO. O ata agora esquecido BRIAREO foi na Antigüidade abondo importante para nomear a fronteira entre o Mediterráneo e o Océano poboado de monstros: as "Columnas de Briareo", epíteto deste deus celtoatlántico -ie **Brix-* que significa, nun común substrato indoeuropeo, probablemente 'O Alto', 'O Elevado', 'O Forte', sinalan a presenza dun deus da fronteira entre a vida e a morte do pasado pagán, precedente do San Pedro cristián:

> Aristóteles afirma que as columnas que hoxe chamamos de Heracles, antes de recibir este nome tiñan o de Columnas de Briareo. Pero cando Heracles purificou a terra e o mar, converténdose no benfeitor indiscutido da humanidade, na súa honra, deixaron de conceder importancia á memoria de Briareo e deron ás columnas o nome de Heracles (Claudio Eliano, *Historias curiosas*, V, 3)

Pero a memoria de Briareo é tamén a memoria do Fogar de Breogán. H. d'Arbois de Jubainville ilustrounos que a Illa, ou Illas, dos Mortos correspóndense coas "Illas Marabillosas" que a dramaturxia dos *neotéroi* fixo proliferar, e que a literatura grega (Hes. Op. 167 ss; Cypr. 32; Stesich. 8SLG), situaba no Océano Galáctico ou Mar Céltico, alén dos finisterres atlánticos da *Gallaecia*, ou das illas Británicas. Fala Jubainville dun relato tomado por Plutarco dun autor descoñecido, e de Procopio, que escribiu no s. VI, no que se di que o país dos mortos é a parte occidental de Gran Bretaña "á que un muro infranqueable separa das rexións orientais da dita illa". Esta lenda conta que sobre as costas setentrionais da Galia existe unha poboación de mariños na que o traballo consiste en conducir ós mortos desde o continente cara a parte de Bretaña que constitúe a súa derradeira morada. O murmurio dunha voz misteriosa esperta eses mariñeiros no medio da noite; daquela, estes levántanse, diríxense cara a costa e alí atopan uns navíos, que non lles pertencen, cheos de homes invisibles, de xeito que o seu peso afunde as naves exactamente ata o punto no que é posible facelo sen mandalas a pique. Despois de subir a bordo, os mariñeiros chegan ás costas de Bretaña, segundo unha versión, cun golpe de remo;

e, segundo outra, no termo dunha hora (aínda que cando realizan esa viaxe nos seus propios barcos, mesmo axudándose coas velas, o dito traxecto dura polo menos un día e unha noite). En canto chegan á ribeira, os seus invisibles pasaxeiros desembarcan; e daquela vese como os navíos descargados se levantan por enriba das olas e se oe a voz dun personaxe invisible que proclama os nomes dos recén chegados que viñeron a aumentar o número de habitantes do país dos mortos (unha curiosa semellanza ó acontecido ós romanos no paso do río Limia).



Petroglifo escandinavo con barca ancorada esperando a carga das almas. Está acompañada de soles baixando e das psicopompas Pléiades (Tanums Härad och Socken tab. 20, fig 62).

Un golpe de remo ou, como moito, unha hora de navegación, abondan para facer a viaxe nocturna que transporta ós mortos desde o continente galo ata a súa derradeira morada. En efecto, durante a noite, unha lei misteriosa reduce as longas distancias que separan durante o día os dominios da vida e da morte. É a mesma lei que, nunha noite clara, lle permitiu a Ith avistar as costas de Irlanda, morada dos vivos, desde o alto da Torre de Breogán, sita no país dos mortos. Ese fenómeno produciuse en inverno, porque o inverno é unha especie de noite; o inverno como a noite, elimina as barreiras que se interpoñen entre as rexións da morte e as da vida; como a noite, o inverno crea a aparencia da morte; suprime, por dicilo dalgún xeito, o temible abismo que as leis da natureza levantaron entre a vida e a morte. Así se explica que, durante unha fermosa noite de inverno e desde o alto da Torre de Breogán, na illa dos mortos, Ith vira perfilarse ante el, no horizonte, as costas de Irlanda" (*El Ciclo Mitológico Irlandés y la Mitología Celta*. H. d'Arbois de Jubainville,1996).

Precisamente este señor da illa dos mortos é BREOGÁN ou BREOGÓN que reaparece nunha estela de Donón co epíteto: BERO-BRIEGO<E>CO, formado por BERO **uperos*, 'alto', 'elevado' e por BRIEGO + sufixo celta <E>CO, e, de novo, na forma BRIAGA, o seu doblete en 1150 no *Leabhar Ghabhála Érenn*. Este deus BRIEGOCO, ou BRIEGOECO, 'da Alta Casa', é un deus dos mortos ó que os librados da morte adican aras con forma de estela no Facho de Donón (Hío, Pontevedra) e é, sen dúbida, a pagán versión galaica, e orixinal, do mesmo BREOGÁN analizado por Jubainville, recreado na Idade Media polos monxes escribas de Terriglas. Correspóndese co deus cornudo que por recibir as almas dos defuntos no Alén se representa cos brazos abertos no seu santuario Alonieco, "dos Allóns" en Lourizán, epigrafiado en sendas aras coas solares cruces gamadas que os nazis aldraxaron. Leva o significativo epíteto de VESTIO, 'hospedeiro', ing. GUEST, alem. GAST, 'hospede', 'hospedeiro'. E soubo manter o seu carácter na amable figura chamada en Irlanda BRIUGÚ. O termo que designa ó hospedeiro irlandés BRIUGÚ [radical **BRI*] ten a súa correspondencia exacta na India védica (Losada Badía), onde se chama *briugú* ó lume do fogar encendido ritualmente sobre unha esvástica de madeira en aninovo. E aínda que a BRIUGÚ, como se laia Mac Eoin, non se lle ten atopado unha etimoloxía certa (e que Vendryes excluiu, quizais prematuramente), a relación de BRIUGÚ coa raíz *Bri*, 'alto', 'elevado', 'montaña' (cf. os nosos montes de Brión e de Breamo), indica que se debería ter en conta, pois *Brí*, xen. *Breg*, ac. *Brig*, tería no irlandés e nas linguas indoeuropeas moitos paralelos, como no alt. al. *Burg* (cf. comparativamente Burgo, Burgos), derivadas dun radical ie **Brgh*, expresivo a un tempo da idea de altura e forza, aplicable tanto ás torres míticas da illa do mundo de ultratumba no que crían os celtas que habitaban os finisterres atlánticos europeos (a Torre de Breogán, ou de Hércules, ou a torre de Conann) como convinte a BRIAREO: o VESTIO, o BRIUGÚ, o 'hospedeiro',

por excelencia dos celtas, o gardián e porteiro da apacible Cidade Celeste (semellante á Xerusalén Celeste cristián), virtudes sintetizadas no epíteto BEROBREO, 'señor da Alta Casa' [dos mortos], do santuario de Donón. As vellas rutas comerciais de navegación espallaron as ideas de ultratumba dos celtoatlánticos polo mundo clásico que as recombinou creando os seus propios temas, e a Alta Casa correspondeuse coa Torre de Cronos na illa dos Benaventurados.

Julio Mangas e Domingo Plácido (eds) (T.H.A. II A 326-327) sinalan o camiño polo que en versións posteriores a Píndaro (THA II A 57, 326) se intensificarían, humanizados, aspectos negativos destes xigantes, asociados agora ós monstros oceánicos matados por Hércules nas súas aventuras, e sinalan como tamén Platón, tería botado man das "figuras colosales confinadas no Extremo Occidente, reunidas na *Gerioneida* de Estesícoro" para confeccionar con elas a súa historia da Atlántida [cf. *La Península Ibérica de Homero a Platón*], a súa historia da asemblea divina que decide a sorte de Gerión (Stesich. 14SLG) [...] ou o relato das casas de ouro da Illa das Hespérides, *"acaso precedente de la arquitectura a base de metales preciosos de la ciudad de la isla Atlántida […]"* e a mesma creación na proximidade do Estreito de Xibraltar dun *"Basileus, palabra que aplicada probablemente a Gerión, personaje uno y múltiple, le asimila a los injustos reyes occidentales de Isócrates y de la Atlántida platónica"*. Por este camiño, segundo o Filipo de Isócrates, Heracles erguería as Columnas Heracleas tras derrotar uns reis nefandos. Estes reis (ecos do señor da vermella illa dos mortos, Erutria ou Eritrea) que agora se pintan negativos, pasarían a ter o seu dominio na África do NW. e na Europa Atlántica, (Isoc. 5. 112). BREOGÁN sería un deles.



Diversos tipos de ara-estela de Donón (I-II, Colmenero, III, Pena).

> *"El cataclismo de la Atlántida es el intento de dar fin a muchos mitos arcaicos heredados en relación con el Extremo Occidente: El "río Océano" ni siquiera es nombrado, Heracles y sus hazañas en Occidente son silenciados, Cádiz borra Eritrea o Tarteso. Pero muy especialmente Platón cerrará, de manera harto espectacular, el ciclo de proliferación de islas en el Extremo Occidental que Estacio atribuía a los neóteroi o poetas posteriores a Homero y que el racionalismo jonio empezó a poner coto con la rotunda negación de Eritrea por parte de Hecat. 26 (THA 22). Para ello Platón debió hipertrofiar el modelo de la feliz "isla occidental", residencia de ingentes démones hasta hacerla bicontinental, imaginando a la vez una mítica Atenas y destruyendo al final ambas creaciones"* (Julio Mangas- Domingo Plácido, eds, T.H.A. II A 326-327).

Sostemos que, alleas ás especulacións dos filósofos, as ancestrais crenzas dos nosos marabillosos finisterres do arco atlántico europeo tiveron ampla atracción e difusión ó longo de milleiros de anos, sempre no contexto das teorías continuistas ou acumulativas no que se inscribe o noso concepto de celticidade. Nesta liña, non nos pode sorprender que na praia de A Lanzada apareza unha cantimplora micénica, datable no 1500 a.C., nin que en Pedornes, Oia, Pontevedra, apareza nunha grande rocha o típico petroglifo atlántico da Nave Solar asociada a cuadrúpedos (e ó disco solar en posición solsticial, representado nunha rocha contigua, descuberto por Alexandre Pérez Vigo e Enrique Saavedra Martínez), como no resto dos petroglifos escandinavos, nin que a nave responda a un modelo de papiro cunha tipoloxía exipcia do segundo milenio a.C (Alonso Romero). O mesmo Alonso Romero, que estudiou o barco, recolle como xa se invitaba ó defunto a emprender, de morto, este camiño de peregrinación atlántico (que, de vivo, quizais fixera como comerciante), nunha inscrición da mastaba de Akhetep, en Saqqara, necrópole principal da cidade de Menfis, á beira do Nilo, en uso desde a primeira dinastía arredor do 3100 a. C.; a inscripción, datase no 2400 a. C. (Museo do Louvre), e é polo tanto catrocentos anos anterior ó modelo de barco representado con fidelidade en Pedornes:





Composición fotográfica (Erias,30-VI-2004) do santuario e castro de Donón na que se pode ver a parte escavada polo arqueólogo José Suárez Otero. Á dereita, no carreiro que sube, apareceu a maior parte das aras-estela. Ó fondo, as illas Cíes. Abaixo, á dereita (foto de Pena), reconstrución hipotética do aspecto orixinal do bosque de aras-estela, por Suárez Otero.

A variada tipoloxía destas aras atípicas (abaixo, foto do Museo de Vigo) foi obxecto dunha detida lectura por parte do arqueólogo Antonio Rodríguez Colmero.



"Camiñade polos fermosos camiños de Occidente por onde andan os protexidos na casa do Gran Deus"

III.- A ESTRUTURA CÓSMICA INDOEUROPEA E A SÚA EXPLICACIÓN MÍTICA

O sol dá tres pasos no ceo. Por iso os celtas, e os avós dos celtas que fixeron New Grange, represéntano con un trisquel, ocasionalmente rematado por tres pés. Sobe. Declina tralos finisterres atlánticos. Retorna polo Outro Lado. E alegrámonos ó velo "resucitar" de novo. O Sol nace e morre no transcurso dun día. E nace e morre tamén no transcurso dun ano. As doce horas do día e as doce horas da noite correspóndense tamén cos doce meses do ano. A súa enorme potencia fíxoo asociarse a un fecundo xabaril, a un león e, circunvalando o orbe tripartito desde o amencer ata o mediodía, desde o mediodía ata o ocaso, e desde o ocaso ata o orto, a un touro.

Falamos do *Tarvos, que, perdendo entre os celtas o natural sentido de touro solar, manteríoo na idea do Tarvostregaranus, na súa orixe 'touro dos tres pasos no ceo'. Isto dedúcese dos textos védicos *"tarvos tribhih kraman-nos"*. Foi unha etimoloxía popular galorromana a que asociou, logo, a voz, corrupta xa, a tres limícolas ou garzas, *Trigaranus*; a tres cornos, *Trikeratos*, e aínda a tres cabezas, *Tricefalos*, ou a unha tríada clásica, Apolo / Mercurio / Cernunnos.

No primeiro paso o apolíneo e brillante Sol ascende ata o mediodía ou ata o solsticio de verán. No segundo paso, o mercurial, vespertino, decadente e psicopompo Sol descende ós Finisterres atlánticos cada día, e no solsticio de inverno cada ano, ata a súa posta, para tomar a barca funeraria. Pero, no terceiro paso, o Sol faise infernal e cornudo, convertíndose no deus dos mortos, a quen corresponden os epítetos de Briareo/Berobreo/Vestio/Cernuno... para descender ó reino da morte. Vai cara a súa morada, a onde os vivos non o poden seguir, brindando ós mortos unha promesa de resurrección co cíclico amencer.

No *Rig Veda*, Indra, o deus guerreiro, ten un amigo, Vishnú (o Sol), o 'deus de longos pasos' que, mediante a tripartición do Orbe, prepara o terreo definindo o famoso Orbe Tripartito. Este é

o campo operativo da loita final e da vitoria do deus Indra contra Vrtra (deus do caos), da luz contra as tebras, da vida contra a morte. "O home que glorifica a Vishnú percorre dous dos pasos dados por ese deus; pero non pode segui-lo no terceiro, e nin aínda os paxaros están en condicións de alcanzar o termo daquel" (RV, s XVI, 6). Santos e divinos misterios exprésanse na relixión celta, non funcionalmente ou trifuncionalmente, ó xeito dos estruturados panteóns grecorromanos. Os que parecen deuses só son epítetos temáticos que van adxectivando certas propiedades. Xa fora referíndose ás augas termais como en Bormanus, 'burbulleante', etc., ou xa para resaltar aspectos fundamentais da divindade, como en Maponus, 'o mociño', en Toutiorix, 'o Rey da Tribu', en Rhiannon, 'gran Raíña', en Moritasgus, 'vido polo mar'. E así funciona todo o sistema, indicado con epítetos temáticos ou especializados. Aspectos solares ou claras virtudes e categorías divinas como en Grannos, 'o Granate' ou en Bellenos, 'o brillante'. Outras veces os epítetos aluden a psicopompos aspectos, propios de lugares de peregrinación e de santuarios (San Andrés de Teixido ou o monte de Donón, etc.), como en Anderio, 'O Andador', en Setanta, 'O Camiñante', en Oghmios, 'O do Camiño', en Vero Briego<e>co, 'O da Elevada Fortaleza ou 'O do Elevado Castro', en Vestio, 'O Hospedeiro': un coherente sistema doutrinal, un corpus dogmático e teolóxico case comparable ó sistema da Igrexa Católica que, evidentemente, perpetúa moitos elementos do substrato anterior.

IV.- A PEGADA DE HÉRCULES NA FIBELA DE BRAGANZA

No 10º traballo de Hércules, o heroe da Vía Láctea toma o caldeiro ou barca de ouro do Sol no finisterre atlántico (episodio do Faro de Brigantia, a mencionada Torre de Hércules) e vai ir roubar as vacas á illa do Sol, Erutria, "A Vermella", vai matar o can pastor Orto, irmán do can Cerbeiro, vai matar ó pastor do rebaño da Vía Láctea, Euritión, a quen pertencía o tricéfalo can, e vai matar tamén ó dono das vacas, o xigante Gerión (representado na arte grega co *vultus* e iconografía similar á que a *interpretatio* clásica lle deu a Briareo). Sempre seguindo o curso do Sol, de Oriente a Occidente. Isto cadra coa etnoloxía do Camiño de peregrinación de Santiago [e co camiño de peregrinación de San Andrés], escrito na Vía Láctea. E represéntase no arco da fíbela. O tema principal é o dun Oghmios-Hércules reinterpretado polo artista como un heroe solar celta, ocupado en adquirir a maza e a pel do león de Nemea, co que está a loitar.

Hai representacións secundarias do Can Cerbeiro [aquí bicéfalo] co seu lombo de serpes, do Can Orto [aquí cunha soa cabeza], oposto ó león, e do Xabaril de Calidón. E representación, *pars pro toto*, das ondas do Océano no que o heroe tomou prestado o caldeiro de Helios para navegar ata a Illa Vermella. Estamos diante dunha peza realizada posiblemente por un artista de formación helenística do s. III a.C. ¿É un encargo a un artista grego por parte dun príncipe lusogalaico ou un encargo dun príncipe lusogalaico a un artista local coñecedor da escultura clásica? En canto á súa procedencia, sábese pouco. Mercouna, quizais a un expoliador local, Fernando de Saxonia Coburgo no s. XIX, consorte da raíña María II de Portugal e, finalmente, tras moitas vicisitudes, no 1940 subástase en Chicago onde é mercada por un particular que a cede ó Museo Británico, ata que este a adquira máis tarde por case 1.200.000 libras esterlinas.

"Tras usar inutilmente o seu arco e as súas frechas, e logo de fracasar no seu intento de atordar ó león de Nemea cun garrote de olivo que arrancou da terra, Hércules probou sen fortuna coa súa espada de bronce". Non sería improbable que, lonxe de terse quebrado polo paso do tempo, a rachada espada que esgrime o heroe nesta fibela de Braganza, estea así de maneira intencionada. Porque o autor, obedecendo ó propio programa iconográfico, praxiteliano, ben puido querer sinalar con isto a inutilidade da arma (unha espada de bronce no mito) esgrimida polo espido heroe ante a impenetrable pel da invulnerable fera. Mais, contra este argumento, o



Fibela lusogalaica de Braganza co tema dos Traballos de Hércules, traducidos a formas e linguaxe célticas, actualmente no Museo Británico (foto do Museo).

scutato exhibe no ombreiro dereito a pegada dunha desprendida soldadura: ¿corresponde á folla da espada ou á pegada da alxaba coas frechas?

Todo na execución técnica é clásico. Tamén é clásico o tema de Hércules. Pero a figura do heroe, as súas armas defensivas e ofensivas e os detalles simbólico-decorativos son celtas. E celta é tamén o xeito, *pars pro toto*, de definir as escenas con detalles. Por conseguinte, ó situarse polo lugar do achado e do contexto etnolóxico nun ambiente cultural lusitanogalaico totalmente celta, procedería dun lugar próximo ós castros galaicos onde se teñen achado bronces votivos de Hércules con atributos similares. O protagonista represéntase como un heroe celta *scutato*. A vaina da espada é lateniana, similar ás vainas ou fundas de daga do Támese como Bern Elms, ou Wansworth, conservadas no Museo Británico, e datan a execución da escena no s. III a C. É probable que proceda dun túmulo espoliado da Idade de Ferro. Estes túmulos terían hoxe desaparecido totalmente, vítimas da demoledora piqueta dos buscadores de tesouros, "do ouro dos mouros" (Pena Graña, 2002). Un arqueólogo definiu a violación de túmulos como *"The second oldest profession in the world"*, e o *Códex Calixtinus*, unha guía para peregrinos do s. XII, encadraba estas ideas no apartado da minería, o que facía que o saqueo deste "ouro dos mouros", das riquezas dos axuares funerarios en toda a Europa Atlántica, estivese regulado pola coroa e se fixese en réxime de concesión. Trátase dunha longa tradición violatoria que, de outra forma, prosigue nos nosos días. Documéntanse ben estes feitos polos preitos promovidos no s. XVII por Vázquez de Orxás, quen, logo de conseguir unha real cédula de Felipe III para abrir 5.000 túmulos, loitaba, curiosamente, contra os espoliadores furtivos. Buscábanse as pertenzas e tesouros duns seres míticos do folclore celta, habitantes de debaixo do chan, chamados "mouros" (e, por confusión cos invasores muslimes, tamén "sarracenos", *"gacis sarracenicis"*). Porque é un feito que os príncipes lusitanogalaicos, como o resto dos príncipes celtoatlánticos, se enterraban en túmulos, *"alio laco maior ubi iacet effigiem hominis scupta in petra"* (tamén desapareceron os túmulos ós que pertencen as estelas do SW que ilustran os antecedentes destes usos funerarios celtoatlánticos de verdadeiro sabor micénico).

Diodoro de Sicilia describe o *piaculum* (ritual) das honras fúnebres, celebrado sobre un destes túmulos:

"el cadáver de Viriato fue honrado magníficamente y con espléndidos funerales; hicieron combatir sobre su túmulo doscientas parejas de gladiadores".

Son estes os túmulos ós que pertenceran as estatuas dos "guerreiros galaicos", que, como sucedeu coas precedentes estelas do Suroeste, chegaron a nós fóra de contexto, reselados con inscricións latinas realizadas 400 ou 500 anos despois de que estas estatuas fosen labradas. Excepcionalmente destes túmulos conservouse algunha peza áurea que por algún motivo se salvou de ser fundida. É o caso do forro do cinto de guerreiro galaico do Museo do Castelo de San Antón (A Coruña), e, segundo pensamos, o caso dalgúns torques con motivos de parrulos (Laureano F. Carballo). E este sería seguramente o caso tamén desta fibela de Braganza, ilustrativa do luxo co que vivían e se enterraban os príncipes celtolusogalaicos, refinados e nobres cabaleiros, sempre en contacto e interaccionando máis do que se pensa co mundo clásico grecorromano. Príncipes que procuran dalgún xeito, quizais para afianzarse eles e a súa linaxe no poder, identificarse cos heroes míticos, ora da *Iliada* como Coronero [CORONERO CAMALI DOMUS], ora neste caso da mitoloxía, con Hércules, seguindo unha pauta que, curiosamente se repetirá nos ss. XIII-XIV no *ethos* funerario que nos chega de reis e de grandes cabaleiros de Portugal e de Galicia a través das escenas de caza dos seus sepulcros. Do *ethos* cabaleiresco transmitido tamén a través de crónicas cheas de referencias clásicas.



A Torre de Hércules segundo Cornide (s. XVIII).

V.- A REPRESENTACIÓN SEPULCRAL DA CACERÍA HEROICA EN PORTUGAL E GALICIA NO S. XIV, É UNHA CASUALIDADE?

O feito é o seguinte: en Portugal e en Galicia existen no s. XIV unha serie de sepulcros con escenas de caza que constitúen un fenómeno de renacemento único na Europa do seu tempo. En ningunha outra parte (en sepulcros) se imitan os temas da caza salvaxe reiterados nos sarcófagos grecorromanos con escenas de cacerías heroicas. Por que aquí si? Cremos que nestas terras limítrofes co océano, neste fin do mundo con santuarios de peregrinación (coñecidos hoxe pola etnoarqueoloxía nos finisterres), pervivían, e dalgún xeito aínda perviven, cultos ligados a un deus-heroe solar antigo, Briareo / Berobreo / Breogán..., asimilado polos gregos e romanos ó Hércules clásico e substituidos logo por santos cristiáns, sobre todo por Santiago. Precisamente, o feito de ser terras que limitan co Atlántico é o que as convertería nunha especie de fondo de saco onde as vellas tradicións, os antigos cultos, se manterían moito máis que noutras zonas.

A moda medieval de facerse aparecer como un heroe cazador ó xeito dos textos clásicos e imitando ó gran heroe por excelencia, Hércules, e a outros heroes antigos (Ulises, etc.), xorde en Portugal coa figura do rei Don Dinís, quen só, no medio do bosque, enfróntase a un gran oso que tiña aterrorizada a rexión. Diríase que é Deus quen pon esta dura proba ó rei a imaxe de Ártemis, enfadada con Eneo, na aventura do xabaril de Calidón (Apolodoro, Libro I, 65-71). Cando se topa coa fera e esta ataca ó rei, poñéndose enriba del, milagrosamente (invoca a San Luís do que é familiar e devota a súa esposa, a "Santa Rainha") logra cravarlle un puñal, matándoo. Logo, ó seu regreso, atópase cun campesiño tristeiro, porque un oficial real rouboulle o gando, polo que Don Dinís, chegado ó seu campamento, axustiza inmediatamente ó oficial, de maneira que xa temos fixados varios mitos: o do rei heroe gran cazador, o do rei protector dos campesiños (o rei campesiño) e o do rei xusticeiro, ademais de subliñar que a súa esposa é Santa. No seu sepulcro aparecerá a escena do oso enriba do rei nun dos soportes do sarcófago e, o que é máis importante, a partir desta crónica e do seu sepulcro non haberá rei portugués que non quede definido, antes de nada, como un gran cazador.

Fernán Sanches, fillo de Don Dinís, será o primeiro que se faga enterrar nun sarcófago con escenas de caza ó xeito antigo (orixinario de Santarêm, hoxe está no Museu do Carmo en Lisboa). Aquí aparece de dous xeitos: alanceando ó xabaril, como os emperadores romanos, e portando no puño un ave de presa (mestre de falcoaría), seguindo a moda que impuxo en Europa o emperador Federico II Hohenstaufen (1194-1250), rei de Sicilia, rei de Chipre e de Xerusalén, rei dos Romanos, rei de Alemaña e Sacro Romano Emperador, quen sería autor dun famoso libro en varios volumes, de gran influencia na arte e nos costumes nobiliarios, titulado *De arte venandi cum avibus*. Segue esta mesma liña o sepulcro do cabaleiro Gomes Martins Silvestre en Monsaraz, así como os do conde de Barcelos e a súa esposa Branca de Sousa (ou a súa compañeira Teresa Anes de Toledo) en San Joãu de Tarouca (o dela, hoxe, no Museu de Lamego) e o do cabaleiro Vasco Estevez Gatuz en Estremoz. Finalmente, culmina este proceso no espectacular sepulcro de Fernán Pérez de Andrade en Betanzos (Galicia), no que as escenas de caza copian dun xeito moi próximo, tanto en determinados lances como no estilo barroco xeral, modelos romanos do Baixo Imperio, probablemente franceses.



Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade (Betanzos). Debuxos: Alfredo Erias.

E no medio de todo isto tampouco podemos esquecernos da *Crónica do Infante Don Joãu*, na que aparece matando heroicamente un oso e un xabaril, esencial para a súa conquista da coroa portuguesa: sería rei de 1384 a 1433 e está documentada a súa amizade con Fernán Pérez de Andrade. Non esquezamos que o irmán deste, Nuño Freyre, era o titor (e, á súa vez, mestre da orde de Christus en Portugal) do Infante Don Joãu e probablemente autor da crónica antedita, de sabor, evidentemente, propagandístico, cun obxectivo político claro. Don Joãu, ademais, xa rei, sería autor do *Livro dá Montaria*, orixinal desaparecido do que quedan copias manuscritas do seu texto. En resumo, por unhas ou outras razóns, reis, príncipes e grandes cabaleiros de Portugal e Galicia entre fins do s. XIII e finais do s. XIV levaron ás súas crónicas e ós seus sepulcros a idea de que eran heroes ó xeito antigo, isto é, ó xeito de ser capaces de vencer grandes feras salvaxes. Buscaban a fama e o poder, o recoñecemento social para eles e a súa liñaxe: procuraban, probablemente, parecerse ó heroe máis grande de todos os tempos, o dos vellos mitos: Hércules. Quizais, porque aquí, nos finisterres lusogalaicos, aínda quedaba algo dos antigos cultos a un Briareo /Berobreo /Breogán / Hércules...

VI.- PRESENTE CRISTIÁN E PASADO PAGÁN DESTAS CRENZAS

Foi Ith, fillo de BREOGÁN, o irmán de Bile, de Fuad e de BREAGA o primeiro en albiscar a verde Irlanda. Tamén foi o tío de Mil Espáine, o epónimo dos milesios, dos mozos galegos que procedentes da "Terra dos Mortos" conquistaron Irlanda. Son ecos dun feito real demostrado pola moderna xenética (Sykes, 2006). En Galicia, como se evidencia en San Andrés de Teixido, En San Andrés de Hío e en moitos outros santuarios, como Santa Marta de Ribarteme, cando alguén se salva milagrosamente dunha morte anunciada ou supera un perigo extremo, visita o santuario do santo protector, mesmo amortallado e dentro do ataúde que deixa como *ex voto* no templo. Hoxe desapareceron todos os cadaleitos da igrexa de Teixido, non porque non se sigan traendo, senon polo horror á morte que senten algúns cregos. Sería lóxico pensar, sen saír desta tradición cultural, que (fronte ó Paraíso Terrenal das Cíes, onde se atopa a que está considerada a mellor e máis fermosa praia do mundo) todas as aras de Donón, ergueitas fronte ás illas, nun santuario de peregrinación ó Alén, foran ofrendadas na procura de saúde ou para agradecer unha curación "ó Deus Lar da Elevada Cidade Fortificada (a cidade ou castro celeste), "DEO L/ARI B/EROB/REO/ ARAM/ PO [SVIT] P[RO] S[ALUTE], polos que, por estar aínda vivos, non foron ó Alén. Ofrecer aras-estela sería precedente da costume dos cadaleitos que chega ata nós. Iso explicaría a forma de estela funeraria, e aínda outros elementos que poderían considerarse precursores dos petos de ánimas.

Por outra parte, a existencia de aras votivas na *Gallaecia* de época galaicorromana é abondosa a pesar do moito que falta por facer no terreo arqueolóxico. Así, por exemplo, Augusto, fomentando (logo de conquistar *Gallaecia*) os cultos locais atlánticos amplamente coñecidos na Antigüidade e difundidos polo Mediterráneo, propiciouse a aureola do ancestral deus Solar dos finisterres galaicos a través das chamadas"aras Sestianas", levantadas na súa honra por L. Sestio nunha península fronte ó océano, que hoxe aínda descoñecemos (Plinio, IV, 111; Ptolomeo, II, 6,3).

A Casa de Don

"Quédate aquí, San Andrés / que de vivos ou de mortos / todos te virán a ver"

A illa verde e florida dos Ben Aventurados, coa súa brisa mariña e a súa celestial música; o luminoso paraíso pagán que agarda ós habitantes dos finisterres atlánticos, e, como contrapunto o ardente Tártaro (o subterráneo inferno platónico ou cristián), idea celta aquela e clásica esta, converxerían, segundo se pensa, en Hesíodo, que tanto nos fala do louro Radamante e da chaira Elusión, batida -como as costas galegas- polos ventos do Noroeste, postrema morada dos reis que foron e dos heroes gregos. Sosten Jubainville, a quen seguimos aquí, que na segunda *Olímpica* de Píndaro, obra composta lembrando unha vitoria nos xogos olímpicos do ano 476 a.C., "a chaira Elusión confúndese coas Illas dos Todopoderosos ou dos Benaventurados para formar unha única Illa onde se atopa a fortaleza de Cronos, asociado a Radamante".

Na cosmogonía irlandesa, moi similar á galega, as referencias claras ó Sidh, "Alén" ou "Outro Mundo", como país dos mortos concéntranse arredor da figura de Don e da súa morada Tech nDuinn, 'a Casa de Don': a Casa que daría nome ó monte do seu santuario, O FACHO DE DONÓN. Os métricos Dinsenchas, como tamén o defende Del Henar, citando *The Metrical Dinsenchas* de GWYNN, que estudan os topónimos irlandeses con etimoloxías populares, recollen como Don, previndo a Irlanda de pragas, pide que o seu corpo se sepulte nunha illa fronte á Costa. Quizais non moi distinta da albiscada desde o Facho de Donón. Para Tenreiro Bermúdez (2003) a concepción do Alén como unha illa mantense nunha serie de tradicións. En Somerset contábase que existía preto do canal de Bristol unha invisible illa que só ás veces podía ser ollada polos seres humanos; similares tradicións atópanse tamén nalgunhas zonas da costa

de Gales (Briggs, 1989). Así mesmo, Procopio (*Guerras godas*, XIII, XX, 45-49) recolle unha tradición bretona do s. VI pola que nunha zona da costa xuntábanse pola noite as ánimas e obrigaban ós pescadores a que as levasen nunha nave a unha illa (Brittia) onde chegaban con inusitada rapidez (Alonso Romero, 1991)". Recolle Tenreiro Bermúdez que Sebillot sinala a conservación no folklore bretón "dunha curiosa versión desta crenza na que as ánimas navegan nunha barca ó inferno por un mar situado no subsolo". Situada agora fronte a un santuario na costa de Galicia onde, *pro salute*, dedicarían os supervivintes numerosas aras-estela ó deus Berobreo Lar, a pagán versión da Casa de Don manteríase no presente cristián de Galicia fronte ó facho que leva o seu nome, Donón. Esta casa atoparíase previsiblemente sobre unha bretemosa illa, nas Illas Cíes, ou na Illa de Onceta, a onde marchan aínda hoxe a Santa Compaña.Tenreiro Bermúdez recolle como Pokorny describe unha procesión de ánimas similar ó exército do Sidh navegando á súa illa, nun texto irlandés do s. VII ("revolvendo o mar ata que brila sanguinolento/ sobre o claro mar vén embarcado un exército/ que ensina ó país a destreza do remo/ despois vogan cara a pedra relucente/ da que ascenden as melodías centuplicadas./ A canción que o exército canta/ non soa tristeira nin esmorece / alámpase en centos de coros, /o que a escoita líbrase da vellez e da morte". Pola súa banda, Alonso Romero complementa a navegación a Onceta da Santa Compaña con outras lendas e tradicións das almas dos afogados perdidos no mar, índose ás illas (como á mencionada Onceta -Pontevedra- ou á Pena das Ánimas, preto do Castelo de San Antón -A Coruña-), concibidas estas illas como fogares das almas dos finados. Pero quen é hoxe o herdeiro de Don? San Andrés de Teixido, previsiblemente.

No concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra), na aldea de Donón, no alto do Facho, monte moi dominante sobre o mar, sito no extremo occidental da Península do Morrazo, con espectaculares panorámicas sobre as illas Cíes e a illa de Ons, foron descubertas no seu santuario, un inusitado número de aras-estela (datables no Baixo Imperio), incrementadas en máis dun cento nunha recente campaña polo arqueólogo José Suárez Otero. Son aras de insólita invención, con moi particulares variacións, todas ou case todas, colocadas moi avanzado xa o s. IV despois de Cristo nun santuario pagán dunha Galicia oficialmente cristián.

DEUS LAR DE ALTA E FORTIFICADA CIDADE

O Conde de Quirós (1978) xa intuíu de maneira pioneira e augural o sentido funerario do santuario de Donón. Segundo o conta Meyer no relato do s. VII do *Lebor Gabála Érenn*, VIII, 442 (Velasco, 1996, 284) Donn (nome do deus), Damach (cualificativo do deus, 'rico en hóspedes') é un galego fillo de Mil de España, un líder da expedición milesia desde Brigantia, que, vítima dos meigallos dos Túatha De Danann, "as trebas, 'tribos', da Deusa Danu", antes de chegar a Irlanda no transcurso da última invasión, morre no mar afogado co seu irmán e vintecatro compañeiros. Como o seu equivalente galego, San Andrés, (patrón curiosamente de Hío), Donn, antes de expirar, profetizou: "á miña casa habedes de vir todos despois da vosa morte". E, tras pronunciar unhas palabras antes de morrer, "o meu pobo bendicirame para sempre" (Velasco, 1996, 284), foi tumulado por vontade expresa nunha illa por el escollida fronte á costa de Irlanda. E di a antiga tradición que as súas dunas (e quizais as da nosa praia e lagoa de Doniños, que entre as barcas de pedra de Santa Comba e de San Cristovo, puido contar cunha terceira, coa súa cidade asulagada, e os seus topónimos, Valvarde, Barca de Arriba e Barca de Abaixo), lembrándoo, reciben hoxe o nome de Thigi Duinn, ‘as Casas de Don’.

Os métricos Dindshenchas (IV, 311) (ex Velasco, *ibid.*) tamén atribúen ó irmán de Donn, Amairgen, o bardo galego que aplacara a treboada cunha cantiga desfacendo os meigallos dos Túatha De Danann, unhas decisivas palabras pronunciadas no funeral: "deixade que o seu corpo

sexa levado a unha alta pena [que por el se chama Tech nDuínn] e o seu pobo deberá ir a ese lugar". "Por iso […] as almas dos pecadores visitan a casa de Donn antes de ir ó inferno e dan a súa bendición antes de partir a alma de Donn, mentres as almas dos xustos ou dos penitentes contemplan o lugar desde lonxe e non se extravían".

Don sintetiza moi probablemente o xermolo de antigas crenzas dos nosos antepasados que no proceso de hibridación celtocristián se focalizarían en Galicia e nos finisterres Atlánticos, e sobre todo nas costas de Pontevedra e da Coruña, acadando importancia nos santuarios da Barca, Donón, Lourizán, ou San Andrés de Teixido, con difusión de cultos a San Pedro (probablemente o Lar Ceciegaeco, 'Chosco'), a San Cristovo, a San Roque, a San Román e aínda a San Xosé (de Arimatea).

Con este material, Rodríguez Colmenero, eludindo desenvolvementos comparatistas relacionados con crenzas celtas, nas súas consideracións "Sobre o nome da divindade venerada en Donón" atinou: "[…] Bero e Breo son bocablos independentes, aínda que complementarios […] En consecuencia, podemos establecer definitivamente a versión completa e unitaria do nome da divinidade baixo a expresión en dativo de singular "DEO LARI BERO BREO". Que traducimos nós sen dificultade: 'Ó Deus Lar', DEO LARI, 'da Alta', 'da Moi Alta', BERO (verba que, singificando elevación, está presente no monte de Brión -A Graña- ou en "verruga"), probablemente **u[p]er-os*, 'moi alta', cf. *Ver-ius*, posiblemente *Ber-us*, *Ber-isus*, *Ber-isamo*), 'Muralla da Cidade', BREO (probablemente **bre[g]os* cf., Coelio-briga, Lanio-briga, Blaniobri[g]a, por comparación posiblemente Bero-bri[g]a, e antropónimos de prestixio, similares a Bero-Breo: Vero-brio ou Vero-blio, se cadra etimolóxicamente 'Alta-Cidadela' ou 'Alto Castro', entendendo que en 'Deus Lar', o elemento determinante, Lar, refírese a un receptor e condutor dos mortos, o propio Don a través do seu cualificativo Bero Breo. Don é un psicopompo como o noso San Pedro, porteiro ou pescador de almas, e a alta cidade fortificada, que lle sirve de epíteto, representa a idea celtoatlántica do seu Paraíso, en versión pagán, coas súas dúas portas, equivalente en clave cristián á Xerusalén Celeste. Ofrecidas por vivos, previsiblemente salvados da traxedia, en pago dunha inesperada salvación, dunha morte segura, ó Vibeiro Breo Lar, deus da Alta Cidadela dos Mortos (epíteto similar a Vestio de ie **Gast*, **Guest*, 'Hospedeiro' que, cos brazos abertos como no santuario Alonieco de Lourizán, recibe as aras-estela de Donón.

Aras na costa de Galicia, ó outro lado do Outro Lado, aras extraxurisdiccionais, fóra do *dominium* e do alcance das *Insulae Deorum*, aras de Don e do seu particular Domo "Tech nDuínn", Donón. Son aras-estela funerarias dedicadas na costa ó Don da **Uper-os*, 'Elevada', *Brig-os*, 'Casa' ou 'Castro', fronte ás súas illas. Son ofrendas feitas polos vivos, mariñeiros ou enfermos que non puideron, e saben que non poden, entrar aínda. Por terlles preservado da morte o LAR VERO BRIEGO<E>CO, 'da alta Casa', o deus psicopompo e LAR CECIEGAECO, 'dos cegos', a versión pagán de San Pedro chosco, casualmente barqueiro, e coma Don, casual pescador de almas. Precisamente o motivo da pesca das almas dos afogados (recollido aínda no s. XVI pola pintura flamenca do s. XVI para ilustrar as guerras de relixión) está representado nos petroglifos escandinavos e ten a súa equivalente na etnografía galega nos chamados "homes mariños", manténdose aínda nunha das máis populares cancións galegas.

Todo o ambiente etnográfico das Illas Afortunadas e *Insulae Deorum*, 'dos deuses' está condicionado ata hoxe pola presenza do celta Caronte galego que coas chaves na man agarda á porta da súa Casa a chegada da pasaxe fantasmal. O LAR BERO/ BREO ou BRIEGO<E>CO", antecedente de BREOGÁN, responde a este perfil, manténdose esta crenza viva até hoxe na tradición oral e literaria de Galicia. "Ai Pepiño, adios!/, ai Pepiño, adios!/, ai Pepiño por Dios non te vaias!/ quédate con nós!, quédate con nós!/, non te vaias afogar á praia!/, como nos pasou a

nós / havos de pasar a vós". Son os afogados ou 'homes mariños' os que falan, como o fixo notar Alonso Romero, quen recolleu tamén a crenza mariñeira de que as almas dos que se perden no mar vanse á illa Onceta. Nas illas Cíes, na illa de Ons e en San Andrés de Teixido, existe aínda o Paraíso Celta luminoso do pasado pagán, a Casa de Don rica en hóspedes. Aquí, no presente cristián, nos finisterres de Galicia, a sutil Xeografía Sagrada do celta imaxinario popular galego albisca desde esgrevios cantís o porto seguro e bendito do Alén e mantén preparadas para partir cada noite as nosas barcas de pedra ateigadas de almas.

VII.- CONCLUSIÓNS

1) As Columnas de Hércules chamáronse antes «de Briareo», significando o paso a un mundo de outra cultura. Os gregos, que navegaban polas costas atlánticas desde tempo inmemorial, atravesaron esas columnas e substituíron un deus atlántico importante, polo seu Hércules, un heroe mediterráneo con funcións de deus solar, que imita metaforicamente nos seus 12 traballos a evolución do Sol ó longo do ano e o mesmo camiño marcado pola Vía Láctea ó longo da noite, un deus pretendidamente máis moderno. Paralelamente reescribiron o pasado mítico de Briareo converténdoo nun hecatónquiro, un xigante de cen brazos e cincuenta cabezas, fillo de Urano e Gea.

2) Os textos clásicos falan dun Camiño de Hércules ou Camiño Heracleo, de peregrinación, polo que se conclúe sen dúbida que ese nome suplanta, o mesmo que nas célebres columnas, a un Camiño anterior de Briareo.

3) Existe no Facho de Donón (Hío, Pontevedra), fronte ás illas Cíes, un santuario de peregrinación parcialmente escavado que contén nun reducido espacio máis de 200 aras votivas, *pro salute*, en forma de estelas funerarias consagradas a un deus Berobreo. Consideramos con base etnolóxica, lingüística e arqueolóxica que Briareo e Berobreo son facianas dun gran deus único celta. E Briareo/Berobreo está na base da creación da historia de Breogán (o deus do Alén, de Galicia), contida no *Libro das Invasións*. Non por casualidade os recentes descubrimentos xenéticos (v. *The Blood of the Isles* de Bryan Sykes) demostran que a poboación actual de Irlanda e das Illas Británicas descende da galega.

4) Claramente, o ancestral camiño de peregrinación ós finisterres galaicos, isto é, ó Fin do Mundo, foi para os antigos, a viaxe ó lugar onde morre o Sol e se embarca para as Illas dos Benaventurados, a viaxe tralo ronsel solar que algún día terían que facer as súas ánimas. O Camiño de Briareo / Berobreo / Breogán / Hércules... do pasado pagán non se perdeu no tempo e continuouse no mundo cristián co Camiño de Santiago, un santo que, ligado á Vía Láctea, cumpre tamén as funcións dun antigo deus solar. E mesmo nos seus avatares (batalla de Clavixo) semella imitar o *ethos* heroico do espíritu ancestral.

5) Neste contexto inscribimos a extraordinaria peza de orfebrería chamada Fibela de Braganza do Museo Británico, considerando que debe circunscribirse ó ambito cultural lusogalaico no que foi achada, posto que, sendo clásica no tema (os traballos de Hércules, algo non dito ata agora) e na execución (estilo helenístico), mantén elementos formais e concepcións estilísticas propias do ámbito cultural celta: casco, escudo, espada lateniana, elementos ornamentais...

6) Do mesmo xeito, establecemos a relación entre a pegada destas crenzas nun deus solar, ligado ó Alén, e un feito chamativo que ocorreu no s. XIV en Portugal e Galicia: a construción de sepulcros con escenas de caza heroica á maneira dos sarcófagos do mundo antigo.

7) Consideramos, por último, como reacción á empobrecida arqueoloxía galega de xestión de circunstancias, a necesidade de deseñar un planeamento estratéxico arqueoetnolóxico galego, que priorice os estudos e escavacións naqueles lugares susceptibles de seren santuarios de

peregrinación: cabos, puntas e promontorios con vistas á posta do Sol sobre a inmensidade do océano (se hai unhas illas por medio, mellor). E que se priorice o estudio arqueolóxico do mobiliario, do inmobiliario e do inmaterial dos roteiros que conducen ata os santuarios. Porque se o resultado é o previsible, axiña poderiamos deseñar con máis fundamento o mapa das peregrinacións antigas ós finisterres de Galicia e, dese xeito, entender mellor as crenzas ancestrais de boa parte de Europa. Este planeamento daría sentido amplo e fondo, en definitiva, ó gran fenómeno histórico do Camiño de Santiago e á etnoxénese da propia Europa, que non é nova. Sería tamén de grande axuda para dotar de contidos á Cidade da Cultura en Compostela, co apoio de Bruxelas. Nin que dicir ten que, dun plan semellante, de tanta transcendencia, non só caberían beneficios culturais, senón tamén económicos, por outra parte tan necesarios para Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ROMERO, Fernando, 2005, *Historia, leyendas y creencias de Finisterre*. Betanzos, Briga Edicións.

(1991), *Santos e barcos de pedra*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

(1993), *O Camiño de Fisterra*, 1993. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

(1995), «La Embarcación del petroglifo Laxe Auga dos Cebros (Pedornes, Sta. Mª de Oia, Pontevedra)». Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo 1993).

(1996), *Creencias y tradiciones de los pescadores gallegos, británicos y bretones.* Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

BOUZA BREY, F., ÁLVAREZ BLAZQUEZ, J. Mª e MASSÓ BOLÍBAR, E. «Las aras del santuario galaicorromano de Donón (Hío, Cangas)» *Cuadernos de Estudios Gallegos XXVI*.

BRIGGS, K. 1989, *The Fairies in english tradition and literature*. Londres, Bellew Publishing.

D'ARBOIS DE JUBAINVILLE, H., 1996 (reed.), *El Ciclo Mitológico Irlandés y la Mitología Céltica.* Ripollet (Barcelona), Edicomunicación.

ELIANO, C. (c. 175 - c. 235), 2006, *Historias curiosas*. *Introducción, traducción y notas de Juan Manuel Cortés Copete*. Madrid, Gredos.

ERIAS MARTÍNEZ, A., 2000, «La eterna caza del jabalí». *Anuario Brigantino 1999*.

(2002), «El jabalí dios y el jabalí demonio en los sepulcros galaicoportugueses del siglo XIV». (Actas del Congreso *La caza en la Edad Media*, Universidad de Valladolid).

MEYER, K., 1919, *Der Irische Totengott*. Sitzungsb. d. Preuss. Akad. d. Wissensch.

MILLÁN GONZALEZ- PARDO, I. 1978, «Sobre las aras del santuario de Donon, (Hío, Pontevedra): supuestamente dedicadas a Liber».Vigo: Ayuntamiento, Colecc. Publicaciones del Museo Municipal «Quiñones de León».

OTERO PEDRAYO, R., 1962, *Historia de Galiza*. Buenos Aires, Editorial Nós, vol. I.

MONTEAGUDO GARCÍA, L., 1997, «La religiosidad *callaica*: estela funeraria romana de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros». *Anuario Brigantino 1996*, nº 19.

PENA GRAÑA, A., 2002, «Estatuas de guerreiros galaicos de granito con saios decorados». *Anuario Brigantino 2001*, nº 24.

(2004), *Treba y Territorium: Génesis y Desarrollo del Mobiliario e Inmobiliario Arqueológico Institucional de la Gallaecia*». Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

PROCOPIO, *Guerras godas*, XIII, XX, en *Procopius History of the wars -trad Dewing*, H. B.- Hardvard University Press, Loed Classical Library. Cambridge e Londres.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A., 1977, «Mougás y Donón: Dos Santuarios Rurales Galaico-Romanos del Litoral Atlántico». *El Museo de Pontevedra* t. 51.

SUÁREZ OTERO, J. 2004, «Monte do Facho (O Hío, Prov. Pontevedra): Bericht über die Ausgrabungen im Heiligtum des Berobreus» Thomas G. Schattner, José Suárez Otero, Michael Koch. *Madrider Mitteilungen*.

SYKES, B., 2006, *The Blood of the Isles: Exploring the genetic roots of our tribal history*. Bantam Press.

TENREIRO BERMÚDEZ, M., 2003, «Os mouros: notas sobre a permanencia do mito no folclore». *Anuario Brigantino 2002*, nº 25.

VELASCO LÓPEZ, María del Henar, 1996, *El tema del prado verde en la escatología indoeuropea*. Universidad de Valladolid.

Un novo torques achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña)

LOIS LADRA*

Sumario

Preséntase un estudo preliminar do novo torques áureo aparecido no xacemento castrexo coñecido como *A Croa de Bardaos*. Trátase dun exemplar recentemente ingresado no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela. Procédese á súa descrición formal e material, logo de tentar realizar unha primeira achega contextual ao poboado no que foi asoellado.

Abstract

A new gold torc has been recently recovered from the hillfort known as *A Croa de Bardaos* (Tordoia, A Coruña, Galicia). In this paper we study its material, formal and technological aspects, trying to establish some observations about its archaeological context. This recent find in such a prolific area again emphasizes the importance of north-western Iberia as a singular focus for wealth and craftmanship during the Late Iron Age.



Vista xeral actual da Croa de Bardaos desde o SW.

INTRODUCIÓN

No ano 2006 ingresa no Museo das Peregrinacións un novo torque de ouro achado no xacemento arqueolóxico coñecido como a *Croa* ou *Castro de Bardaos*, pertencente ao concello coruñés de Tordoia. Para alén da importancia que sempre supón a aparición dun novo exemplar da chamada *ourivaría castrexa*, neste caso concreto estamos perante unha situación especialmente interesante, pois contamos con diversas referencias bibliográficas que nos indican o asollamento diacrónico de varias pezas desta caste nun mesmo poboado do noroeste.

Lois Ladra é Arqueólogo. Licenciado con Grao en Xeografía e Historia (Prehistoria-Etnoloxía) pola Universidade Complutense de Madrid. Diplomado en Estudos Avanzados (Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela. Mestre en Arqueoloxía pola Universidade do Porto.



Croa de Bardaos. Localización xeral.



Croquis de localización do castro.

Con este traballo pretendemos facer un primeiro estudo deste torque a partir da contextualización arqueolóxica do sitio onde foi atopado, así como unha achega preliminar á súa contorna e aos elementos áureos presumibelmente achados no castro de Bardaos.

A CROA DE BARDAOS: CARACTERÍSTICAS XERAIS E ACHADOS VARIOS

A croa de Bardaos –por veces referida tamén como *Bardáns* ou *Bordaos*– amósase coma un pequeno outeiro rochoso con altura máxima de 366 m.s.n.m. situado inmediatamente ao norte do lugar coñecido coma *O Castro*, pertencente á parroquia de Santa María de Bardaos (Tordoia, A Coruña – cfr. *Mapa Topográfico Nacional*, Esc. 1:25.000, folla 69-II, « A Silva», 2.ª Ed., 2003).

O xacemento atópase catalogado e a súa clave identificadora é GA-15-084-012. Prospectado hai xa varias décadas por E. Monteagudo García e malia ter sido estudado puntualmente por varios autores (REY, 1984: 115; LLANA et al. 1984-85: 30-32; P&A, 1998: 58; ALONSO, 2006: 22-26), os datos xeográficos básicos ofrecidos para el varían sensibelmente en función da fonte consultada.

Ao punto máis elevado da croa correspóndenlle aproximadamente as coordenadas UTM X-538140, Y-4774800. Trátase dun asentamento castrexo destacado en altura, emprazado preto da confluencia dos ríos Mordón-Maxarín e Pedrouzo, aproveitando as condicións de visibilidade e defensa que este emprazamento lle confire.

Malia ter sufrido no último cuarto do século XX numerosas remocións mecánicas superficiais que mudaron sensibelmente a súa fasquía orixinal, este castro poderíase caracterizar xenericamente como un poboado típico de outeiro dotado *a priori* dun único recinto de planta tendencialmente ovalada, con eixes máximos N-S de 165 m e L-O de 110 m (P&A, 1998: 58). A superficie total ocupada sería de 1,8 Ha.

Entre os seus elementos defensivos constatouse a presenza de varios parapetos, terrapléns que chegan a acadar preto de 30 m de altura, foxos de case 3 m de anchura e un posíbel bastión de acceso. Asemade, o camiño que hoxe circunda o exterior do castro, ao pé do terraplén, posibelmente estaría a aproveitar un primitivo foxo, actualmente colmatado por sedimentación. Respecto do interior da croa, esta amosa unha zona central máis elevada,



Vista aérea do castro e fotointerpretación. Modificado a partir do Sixpac e elaboración propia.

con destacada presenza de afloramentos graníticos a partir dos cales o terreo cae en lene costa. O castro nunca foi obxecto de traballos sistemáticos de escavación arqueolóxica, nin por abertura de sondaxes puntuais nin por intervencións en área.

A tradición oral local sinala varios metarrelatos vencellados cos seus míticos moradores e con diversos achados ocasionais, de algún dos cales trataremos máis adiante (LLANA et al., 1984-85:30-32).

Nas inmediacións deste castro, concretamente a uns 150 m ao sur, e durante a realización de labores antrópicos de remoción do terreo, apareceu un depósito de aproximadamente unha trintena de machados de tope ou talón con dúas anelas (P&A, 1998: 58), tipoloxicamente adscribíbeis ao Bronce Final. A deposición orixinal destes, conformando en planta un círculo perfectamente organizado[1], indica posibelmente unha funcionalidade votiva e/ou ritual, a semellanza do que acontece con outros depósitos coevos da Europa atlántica. A pesar de tratarse dun achado localizado claramente no exterior do recinto –se ben moi preto del– non se pode desbotar a súa relación orixinal co poboado.

Do conxunto inicial de machados descubertos neste achado casual tan só se conservan actualmente oito exemplares en institucións públicas, concretamente no Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de Santo Antón, na Coruña. Os seus números de inventario son os seguintes: 257, 259, 457, 458, 459, 460, 461 e 3768.

Estes oito machados foron estudados puntualmente cando menos en dúas ocasións (MONTEAGUDO, 1977 e COMENDADOR, 2000). Como exemplo da relevancia

[1] B. PÉREZ OUTEIRIÑO, com. pers



Implantación topográfica do castro.
(Modificado a partir de LLANA et al. 1984-85: 31, Fig. N.º 12).

historiográfica que supuxo o estudo destes materiais, podemos citar tan só o feito de que, na clasificación tipolóxica dos machados ibéricos da Idade do Bronce proposta polo Dr. Monteagudo, un dos morfotipos foi bautizado como *Tipo 39C* ou *Tipo Bardaos*. Os datos básicos para estes oito exemplares conservados no *MAC* pódense resumir no seguinte cadro:

N.º Rexistro (MAC)	N.º Inventario (Monteagudo, 1977)	Tipo (Monteagudo, 1977)	Peso (gr) (Comendador, 2000)
257	1486	39C (Bardaos)	1008
259	1485	39C (Bardaos)	399
457	1463A	39A (Noalla)	1191,5
458	1475A	39B (West Pontevedra)	1139
459	1486A	39C (Bardaos)	863
460	1045A	29B (Minho B)	1298
461	1404A	37B (Coruña B)	1277
3768	963	28A (Coruña A)	1104,6

No interior da croa asolláronse, segundo informacións orais dos veciños, «*numerosos fragmentos cerámicos, molinos circulares, restos de estructuras arquitectónicas y potentes niveles de cenizas y carbones*» (P&A, 1998:58). Algúns destes fragmentos cerámicos gárdanse actualmente no *Museo Arqueolóxico Castelo de San Antón*. Ademais, cónstanos a aparición de cando menos tres fusaiolas, dúas de cerámica e unha de pedra, esta última actualmente conservada no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela (N.º rexistro D–813).

Outras fontes tamén refiren a aparición dun ornitomorfo ou parrulo de bronce que presuntamente apareceu no interior da croa no decurso de diversos labores de remoción do terreo (ALONSO, 2006:25).

TORQUES DE OURO ASOLLADOS NA CROA DE BARDAOS

Respecto dos achados de torques neste castro, contamos con varias referencias orais e bibliográficas que apuntan claramente a diferentes descubertas, se ben nalgúns casos as informacións poderían ser diverxentes, aínda que non contraditorias. Vaiamos por partes e por orde cronolóxica.

En primeiro lugar, contamos cunha noticia oral, recollida directamente dos veciños do lugar do Castro, na que se indica a aparición, en data indeterminada, dun primeiro exemplar



Machados de Bardaos actualmente no MAC. (A peza debuxada no extremo inferior dereito atópase en proceso de restauración) (Debuxos tomados de Monteagudo, 1977).



Fusaiola en pedra da Croa de Bardaos.

de ouro que tería sido fundido ao pouco de ser atopado. Deste elemento tan só sabemos que pertencería ao denominado tipo ártabro[2] e que, eventualmente, podería corresponderse cunha peza descrita nun metarrelato local no que se refire o feito seguinte: «*Tense por certo que ten que haber ouro, pois que* ***hai anos atopouse aí o aro dunha grade de ouro***» (LLANA et al., 1984-85:30-32).

[2] B. PÉREZ OUTEIRIÑO, com. pers



Torques castrexos do Ashmolean Museum *de Oxford posibelmente atopados na Croa de Bardaos. (Tomado de Queiroga, 1987, Est. I). Obsérvese a singular diferencia de tamaño existente entre ambos exemplares.*

Por outra banda, algunhas fontes orais recollidas no mesmo lugar en datas máis recentes sinalan a aparición nos anos cincuenta do século XX doutros dous torques máis, que hoxe estarían depositados nalgún museo británico (ALONSO, 2006:23). A propósito destes exemplares, cómpre lembrar o feito de que existen, cando menos, dúas parellas de torques actualmente depositadas en museos ingleses, concretamente unha no British Museum de Londres e outra no Ashmolean Museum de Oxford.

Dos dous primeiros sábese que «*provienen de un lugar cercano a la frontera hispano-portuguesa*» (ALMAGRO GORBEA, 1962:196), o cal, malia á indeterminación precisa do local do achado, correspóndese bastante ben coa tipoloxía daqueles, coa súa peculiar ornamentación e coa zona xeográfica na que normalmente se recuperaron outros exemplares semellantes, coñecidos na bibliografía arqueolóxica especializada como *torques flavienses* (CARDOZO, 1942). Este feito lévanos a desbotar, en principio, a posibilidade de que os torques actualmente depositados no British Museum puidesen ser os mesmos ca os referidos polas fontes orais como atopados na Croa de Bardaos. De calquera maneira, aínda nos resta por analizar a outra parella.

Verbo dos torques do Ashmolean Museum, tan só contamos con «*uma vaga referência à sua proveniência da «Cultura Ibérica dos Castros da Idade do Ferro»*» (QUEIROGA, 1987:59 e 1991:269). Esta información acáelle bastante ben ao castro de Bardaos por varias razóns. En primeiro lugar, porque as fontes orais recollidas localmente en Bardaos indican que alí terían aparecido dous torques «*que poderían estar depositados en museos británicos*» (ALONSO, 2006:23). Ademais, debemos ter en conta que non se dá unha incompatibilidade manifesta entre o ambiguo lugar de *procedencia oficial* sinalado para os torques do Ashmolean Museum (QUEIROGA, 1987) e o agora máis específico da Croa de Bardaos, suxerido polas referencias orais e bibliográficas aquí recollidas (ALONSO, 2006:23). Amais disto, dáse unha nidia coincidencia entre o tipo de obxecto –torque de ouro– e o número de exemplares –dous– referidos por ambos textos. Finalmente, as tipoloxías dos dous torques actualmente conservados en Oxford correspóndense respectivamente coas formas coñecidas como *ártabra* (MONTEAGUDO, 1952) e *norlucense* (LADRA, 1997-

98), ambas cunha distribución galaica sensibelmente setentrional, o cal concorda novamente co lugar de procedencia específica agora suxerido. Ademais, pensamos que tampouco resulta casual o feito de que, o mesmo autor que deu a coñecer estes dous exemplares, logo de estudar pormenorizadamente as súas características formais e as técnicas decorativas empregadas neles, propuxera no seu día como área de proveniencia «*mais provável o Norte da Galiza*» (QUEIROGA, 1987:61).



Torque da Croa de Bardaos I.

Á marxe das ambiguas referencias que acabamos de ver, contamos con noticias completamente seguras relativas á aparición doutros dous torques no interior do castro de Bardaos. Así, a partir de agora falaremos dos *Torques da Croa de Bardaos* I e II, respectivamente.

Sobre Bardaos I, aparecido e publicado nos anos noventa (P&A, 1998:58; CASAL e FERNÁNDEZ, 1998), tan só anotaremos unhas breves consideracións, a maiores do xa coñecido, co propósito de clarexar algúns pequenos malentendidos bibliográficos. Malia o feito de ser un torque que foi publicado en dúas ocasións e por diferentes equipos de investigadores (P&A, 1998; CASAL e FERNÁNDEZ, 1998) hai dous aspectos que precisan ser matizados por seren aparentemente contraditorios.

En primeiro lugar, si sabemos con total certeza que **apareceu no interior da croa**, pois foi «*localizado por la propietaria del terreno durante la realización de labores agrícolas **en una finca situada en la zona central del castro***» (P&A, 1998:58). Esta información, recollida directamente da persoa que o atopou, matiza considerabelmente un involuntario erro de interpretación que levou a un terceiro investigador a afirmar que «*el recientemente aparecido torques de Bardaos se dice que salió a la luz mientras se cultivaba el castro. Sin embargo, el asentamiento en sí está dedicado a pastizal y es el entorno el que se destina a cultivos*» (GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-07:589).

Sabemos positivamente que este exemplar apareceu dentro da croa e máis concretamente na zona situada ao norte do afloramento granítico central[3], onde mesmo hoxe se pode observar un marcado corte artificial no terreo, practicado mecanicamente hai xa varias décadas para acondicionar unha leira para o seu posterior e aínda activo cultivo de millo.

Para alén disto, os pesos propostos para Bardaos I difiren sensibelmente en función dos autores consultados, oscilando entre os 357,35 g (CASAL e FERNÁNDEZ, 1998:245) e os 375 g (P&A, 1998:58). En ningún destes casos se citan os medios nin os procedementos de pesada empregados; porén, o resultado ponderal intermedio obtido para esta peza logo de tela sometido a tres operacións de pesada consecutivas cunha balanza electrónica de

[3] A. BONILLA, com. pers.



Localización aproximada do lugar onde tería aparecido o torque da Croa de Bardaos I. Fonte: Modificado a partir do Sixpac.

precisión modelo AND HF 2000G de rango 0-2000 g e desviación errática máxima calibrada de 0,05 g foi exactamente de 357,38 g (LADRA, 1999b e 2000).

As informacións relativas ás características físicas, técnicas e ornamentais desta peza pódense consultar pormenorizadamente nos devanditos traballos (CASAL e FERNÁNDEZ, 1998; P&A, 1998), razón pola cal non serán expostas neste artigo, se ben faremos alusión puntual a elas máis adiante.

O NOVO TORQUE

O torque que agora estudamos apareceu casualmente, en data indeterminada e circunstancias imprecisas, no interior da croa do castro, ao parecer moi preto de onde tiña sido asollado o exemplar de Bardaos I[4]. Actualmente está exposto no Museo das Peregrinacións, en Santiago de Compostela, onde figura rexistrado co número de inventario D–811. Trátase dun torque de ouro do que hoxe conservamos a haste ou corpo principal (N.º Inv. D–811/A) e un dos terminais (N.º Inv. D–811/B). Carece, polo tanto, no seu estado de conservación actual, do outro remate.

A haste ou varela é maciza, semirríxida, lisa, aberta en forma de C, con sección tendencialmente circular e co corpo engrosado na zona mesal e nos cabos distais. O desenvolvemento do aro é de 325 mm, con grosor máximo mesal de 6 mm e distal de 7 mm e mínimo intermedio de 4 mm. O eixe máximo horizontal interior é de 118 mm.

O seu estado de conservación actual é bastante bo pois a peza está íntegra, se ben amosa unha certa deformación que impide a súa correcta apoiatura sobre un plano horizontal.

[4] B. PÉREZ OUTEIRIÑO, com. pers.



A parte contraria, loxicamente, negaba toda a argumentación.[53] José Ángel Rey Caíña vai máis alá e converte á igrexa en bailía, que protexería aos peregrinos.[54]

Seguindo no Morrazo, Murguía recolle a tradición de que o lugar de Cerqueiro, en Moaña, «fué lugar de templarios.[55]

Contra da opinión de Hipólito de Sá,[56] e outros autores, que relacionan coa Orde do Hospital varias igrexas do Morrazo, como Santa María de Cela,[57] San Andrés de Hío, Santo Tomé de Piñeiro ou San Martiño de Moaña, coidamos que, a excepción de Santa María do Campo,[58] ningunha delas pertenceu aos hospitalarios. Nin no *Inventario* nº 121 do Arquivo Histórico Nacional, nin no *Libro de Privilegios..*, faise mención algunha a estas igrexas na Idade Media; só o *Inventario* cita unha doazón de Fernando II do reguengo de Aldán.[59] Otero Pedrayo, tanto no xa citado artigo «Bienes y Derechos..», como en «La Encomienda de Beade..», páx. 65, fala de diversas posesións no Morrazo, e se non menciona igrexas, -aparte da de Santa María do Campo, (cousa que estraña a Hipólito de Sá)-, é simplemente porque non as tiñan; o único que posuían eran algunhas casas, terras (casualmente algunhas en Aldán, quizais as mesmas doadas por Fernando II) etc., sobre as que fan diversos aforamentos.

Ademais, se seguimos a teoría deste autor, a cruz que figura no tímpano da cara setentrional da igrexa de San Martiño de Moaña non é a cruz hospitalaria de 8 puntas, a chamada «cruz das oito beatitudes», como el indica, senón unha cruz patada, de perfecta labra, emblema característico, como é sabido, da Orde do Temple.

Aínda que desbotamos as teorías do investigador pontevedrés, tampouco somos tan ousados como para relacionarmos, con rigor científico, esta igrexa cos templarios, a pesares desa clara iconografía, mentres non aparezan documentos da época que o demostren. As semellanzas construtivas en igrexas próximas non indican que sexan dun mesmo posuidor (catedral, mosteiro, orde militar...), etc. senón modelos locais. O mesmo ocorre en Lugo coa igrexa de Taboada dos Freires, da Orde do Temple, que ten no seu tímpano a representación da loita de Sansón contra o león, como moitas outras igrexas desa comarca que non por iso foron templarias. En calquera lugar de Galicia podemos ver semellanzas nas igrexas dun determinado lugar ou comarca, debido, en moitos casos, a que foron os mesmos canteiros ou mestres de obras os que as fixeron.

2.6. O Salnés

Outro lugar onde se fixo oír a tradición templaria é no caso do mosteiro de Nosa Señora de Nogueira, na parroquia de San Vicenzo de Nogueira, concello de Meis. Xa Jerónimo del Hoyo, a comezos do século XVII, dicía:

> Hay en este destrito desta felegresía [de San Vicenzo de Nogueira] una iglesia antigua que se dice del monasterio de Nuestra Señora de Nogueira. Parece fué de templarios y después de la Encomienda del Sancto Sepulchro y ahora es miembro de la de Paços de Arintero.[60]

Murguía recolle unha información de Antonio Martínez Boán, que dicía, na páx. 102 da súa obra *Memorias de Galicia*, escrita en 1640, que alí existira un convento de templarios «á dónde están más de cien entierros de ellos con bultos de sus personas, y éstas están en una iglesia que llaman de Santa María de Nugueira».[61] Outros autores insisten na mesma hipótese.[62]

Sustentan outra opinión, vinculando o mosteiro de Nogueira aos monxes de Carboeiro e logo aos Hospitalarios Hipólito de Sá e J. M. Pereira.[63] Este último pensa, sen embargo, que as parroquias de San Martiño e San Salvador de Meis foron dominio e xurisdición templaria.[64]

Hai algúns anos, Martínez Díez ten demostrado, ao noso xuízo, a pertenza de Santa María de Nogueira á Orde do Santo Sepulcro, xa dende 1128.[65]

A parroquia de Paradela, tamén en Meis, é relacionada co Temple por Caamaño Bournacell.[66] Pereira Figueroa, pola súa parte, afirma que tamén estiveron presentes no concello de Portas,[67] concretando Caamaño que foi no lugar de Romai.[68] Por outra banda, o señorío de San Fiz de Lois (Ribadumia), sería compartido cos Soutomaior, pasando, logo da disolución, a parte templaria aos hospitalarios.[69]

Caamaño, referíndose a Santa María Dozo, núcleo orixinario de Cambados, dinos que este territorio foi doado á Orde do Temple e á do Sepulcro, e, máis tarde, á do Hospital, aforándollo estas dúas últimas Ordes Militares á Casa de Ulloa e Soutomaior.[70]

Tanta hipótese da presenza templaria na Terra do Salnés e arredores semella ter algún fundamento, porque dispoñemos dunha proba documental que os vincula a estas paraxes. Nos libros de aniversarios da Catedral de Santiago consta unha doazón do seguinte teor:

> Mayo. 30. Ordinatum per Capit., in perpetuum aniversar serenissimi Principis D. Johannis regis Castelle et Legionis et filiorum suorum, dantur 75 lbr. Solvuntur ut supra de bonis ordinis Templi de Arquos de Condesa et de Moraña et de Caldis de Reys in Salnes, quae rex Henricus patris suis bone memorie donavit dicto Cap. compost.; [mentres que o dia 31 de maio celebrábase] ... Anivers. cum missa cantata et processione ad sepulturam Regum pro anima D. Henrici quondam regis Castelle et Legionis et parentum suorum. Dantur 75 lbr. annuatim solvende ut supra de bonis ordinis Templi in Salnes et in Moraña quer ipse donavit dicto Capitulo in qua die ipse Rex obiit.[71]

Esta dádiva é estudada por Javier Pérez Rodríguez, que nos detalla que, no caso do couto de Arcos da Condesa (concello de Caldas de Reis), de señorío da liñaxe dos Castros, «...certos lugares escapaban ao antedito señorío dos Castro e os Albán. Trátase dos casais que pertenceran á Orde do Temple, os cales, si ben debían paga-lo dezmo, parecen ter estado exentos do señorío maioritario da freguesía. A extensión do señorío templario non era grande - catro casais -...».[72]

A máis recente publicación dun artigo sobre estas propiedades templarias permiten ampliar a súa verdadeira importancia.[73] En 1390 aínda se denominaba «a teença dos beens que foron da Ordeen do Tenple».[74]

Rey Souto faise eco das referencias bibliográficas á suposta doazón que recibiu Pedro Fernández de Castro, por parte de Afonso XI, que lle tería doado boa parte dos bens

pertencentes á bailía de Faro e, na zona pontevedresa, os coutos de Teis e Valadares, así como dereitos no couto de Arcos da Condesa.[75]

Sabemos que este nobre, en 1328, doou ao cabido de Santiago todo o que posuía no couto de Arcos, e en 1341 doa «o meu couto de Valladares et os dous meus coutos de Teyx que som en terra de Fragoso con todo o senorio et jurdiçon et casas et casares et herdades et chantados et outras quaesquer dereyturas et perteesças».[76] En calquera caso, a pertenza á Orde do Temple destes bens na bisbarra olívica non está aínda clara.

En 1371 doará Enrique II ao Cabido compostelán «todas las heredades et rentas et derechos que nos avemos et nos perteneçen aver en tierra de Salnes et de Moraña et en el Coto de Arcos de Condesa», que «fueron de la Orden del Tenple...», reservándose para a Coroa as posíbeis «mineras de oro, et de plata, et de azul, et de otro metal qualquier que si las y ouere». En 1379 esta doazón será confirmada por Juan I,[77] e en 1398 por Enrique III.[78]

A mención a estes bens, como vemos, é moi difusa. A aparición dun inventario da Tenza do Temple nun atado do fondo de Protocolos Notariais do Arquivo da Catedral de Santiago, estudado polo citado Rey Souto, permite coñecer con máis detalle en que consistían.[79]

Segundo este investigador, o núcleo principal dos bens templarios nesta zona céntranse en torno a Caldas de Reis. Ao sur da vila, posuían bens nas parroquias de Portas, Lantaño, Valiñas, Paradela e Romai; un pouco máis ao leste, continuaban por Arcos da Condesa, Lamas e Laxe. Outro núcleo importante era o de Sanxenxo de Padriñán, tanto en número de bens como porque representaba unha saída ao mar. O resto dos bens estaban espallados preto de Iria (Xanza), en Catoira e Carracedo, outro pequeno grupo en Arousa e uns casais e herdades en Meis e Couso.[80]

Respecto ao tipo de propiedades, a documentación menciona leiras, herdades, tallos, agros e terreos, algunhas delas ocupadas por viñas. A maior parte das viñas concéntrase nos arredores de Caldas de Reis. Rey Souto pensa que o viño sería vendido pola orde na súa maior parte na propia vila de Caldas. A orde levaba a terceira parte do viño, recollendo cantidades interesantes.[81]

O Temple exercería o dominio territorial sobre uns 28 casais na zona.[82]

Respecto de rendas de orixe eclesiástica, en Santa María de Xanza, por exemplo, parece que gozaban do dereito de presentación (3 libras); en Santa Cruz de Lamas, tiñan dereito a cobrar unha parte das «quadras» (é dicir, a renda episcopal das tercias dos décimos).[83]

As rendas, -ademais de en viño-, podían percibilas en diñeiro (en Quintáns, 10 libras; en Galtaz 16 mrs. vellos; en Baión, 50 soldos de brancas; polos casais de Lantaño, 10 libras e o cuarto da colleita...). A renda fixa en especie cobrábana en cereal («pan», é dicir, centeo).[84]

Conclúe Rey Souto afirmando que as rendas desta Tenza do Temple non eran moi elevadas; en 1471, á morte do posuidor da tenza, Juan de Deus, subhástase a mesma, sendo adxudicada «con a metade de Santa Maria de Portas e o couto de Baltar e os beens de Fernand Lourenço e a tença de Caldas que mandou don Nuño Gonçalves para as tiebras» por 3.900 mrs vellos.[85]

Como podemos comprobar, as distintas achegas bibliográficas sobre os posíbeis bens templarios na comarca do Salnés, dalgunha maneira, vense confirmadas por este documento do cabido compostelán.

3. COMENDADORES E FREIRES

Os nomes dos comendadores e freires pertencentes á bailía de Coia que coñecemos son os seguintes:

1232, xaneiro, 13: Don I. Munniz, comendador de Coia.[86]

1307, maio, 15: Frei Sancho Afonso, comendador de Amoeiro e de Coia.[87]

1307, xuño, 10: Comendador de Amoeiro e Coia: Frei Sancho Afonso.[88]

1310, abril, 15: Frei Sancho Afonso, comendador de Amoeiro e de Coia; Freires: frei Antonio, frei Xoán Arie, frei Diego, frei Pedro e frei Xoán.[89]

NOTAS

[1] Miguel Romaní Martínez: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira*, 2 vols., Santiago, 1989, vol. I, doc. 347, páxs. 336-337.

[2] Justo Fernández Fandiño: *Bouzas. Historia de la Villa*, Vigo, 1996, páxs. 27-28, data, sen razoar a afirmación, a chegada dos templarios nos anos 1198-1199.

[3] Xoan Bautista Confalonieri: «Viaje de Lisboa a Santiago de Galicia», en J.M. López- Chávez Menéndez: *El Camino Portugués*, Vigo, 1988.

[4] Arcos da Condesa, concello de Caldas de Reis.

[5] Xesús Carro García: *A pelegrinaxe ao Xacobe de Galicia*, Vigo, 1965, páx. 61.

[6] Aparte destes dous traballos que vimos de mencionar, existe unha bibliografía máis abondosa sobre os «Camiños Portugueses»; véxanse, por citar só algúns exemplos: AAVV: *Camiños Portugueses de Peregrinación a Santiago. Tramos galegos*, A Coruña, 1993 ou Felipe-Senén López Gómez: *Roteiros de Compostela. Galicia-Portugal*, A Coruña, 1993.

[7] Hipólito de Sá Bravo: *El Monacato en Galicia*, 2 vols., A Coruña, 1972, vol. II, páx. 247.

[8] Íbidem. O autor recolle esta hipótese de José Santiago y Gómez: *Historia de Vigo y su Comarca*, Madrid, 1896, páxs. 165-166, (existe outra edición en 1911), que dí: «... poseyendo en Vigo un convento y priorato, cuyo edificio se encontraba lindando con la antigua iglesia colegiata y comprendía la actual calle de la Palma, parte de la del Triunfo, teniendo otro edificio por la Campucha, plazuela vieja y calle de la Faxa (Real), donde algunos restos de construcción se conservan en las paredes de casas particulares». Este asentamento tamén é sustentado por Fernández Fandiño, *Bouzas..*, páx. 28.

[9] Tamén Gonzalo Martínez Díez: *Los templarios en la Corona de Castilla*, Burgos, 1993, páx. 82, considera inverosímil tales priorado e convento.

[10] Xa no *Diccionario Madoz*, -de mediados do século XIX-, (ed. facsímile, Madrid, 1986, vol. III, páx. 448), recóllese que Coia era bailía dos templarios.

[11] R. Patiño Gómez e outro: *Coia. Historia dunha parroquia*, Vigo, 1989, páx. 17, aínda que non especifica se a construción foi anterior ou posterior aos templarios, os que coida que chegaron a Coia arredor do ano 1200.

[12] «Apeo, demarcación y averiguación de los bienes, casales y propiedades que pertenecen as Rvdmo. Sr. Obispo de Tuy y a los Sres. del Cabildo de su Catedral en la Villa de Bouzas y Cámara de Coya. Hízose en el año de 1565», publicado por Fernández Fandiño, *Bouzas..*, páxs. 343-364.

[13] Publican o documento prácticamente enteiro: Pascual Galindo Romeo: *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*, Zaragoza, 1923, doc. XXIV, páxs. XXVI-XXVII; Patiño Gómez e outro: *Coia...*, páx. 18. Citan este documento, entre outros autores: José María Álvarez Blázquez e outros: *Vigo en su historia*, Vigo, 1979, páx. 96, e, do mesmo autor: *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*, Vigo, 1960, páx. 374; Jaime Garrido Rodríguez: *Fortalezas de la antigua provincia de Tuy*, Pontevedra, 1987, páx. 175; Patiño Gómez, op. cit., pax. 18; Benito Vicetto: *Historia de Galicia*, ed. fascímile, Lugo, 1979 (1ª ed. en 1872), vol. V, páx. 367-368; De Sá, op. cit., II, páx. 247; Jesús Gómez Sobrino e outro: *Miscelánea Guardesa (Arte-Periodismo-Heráldica)*, Tui, 1981, páx. 37; Aquilino G. Santiso: «El dominio del Obispo y Cabildo de Tui en A Guarda», en *Gallaecia. Actas do 1º Congreso. A Guarda, 1988*, Vigo, 1990, páx. 295; Manuel Murguía: *Galicia*, 2 vols., ed. facsímile, Madrid, 1982, páx. 734, nota 1; José Antonio Orge Quinteiro: *Las islas de San Simón (aproximación a su historia)*, Pontevedra, 1994, páx. 44; Enrique Flórez: *España Sagrada*, vol. XXII, Madrid, 1767, páx. 183; Prudencio de Sandoval: *Antigüedades / dela Ciudad, y Iglesia / Cathedral de Tvy, / y delos Obispos / que se save aya / avido en ella*, ed. facscímile, Barcelona, 1974 (1ª ed. Braga, 1610), páx. 171r-v; Ricardo Rodríguez Blanco: *Apuntes históricos de la Santa Iglesia Catedral, ciudad*

y antigua diócesis de Tuy, Santiago, 1879, páx. 168; De Sá: *El monacato..*, II, páx. 252; Eduardo Bragado Rodríguez e outro: *O Vigo das igrexas románicas*, Vigo, 1993, páxs. 26, 35; Martínez Díez: *Los templarios..*, páxs. 81-82; José de Santiago y Gómez, e outro: *Bayona antigua y moderna*, Madrid, 1902, páxs. 29-30.

[14] *El monacato..*, II, páx. 252. Tamén Antonio Taboada Táboas: «Notas para un mapa Glyptográfico de la diócesis de Tuy», en *Actas del Coloquio Internacional de Gliptografía*, 2 vols., Pontevedra, 1986, vol. II, páx. 740, pensa que Bembrive estivo vinculado ao Temple, baseándose no topónimo *mosteiro* e na decoración da igrexa. Nun máis recente traballo de Hipólito de Sa, «Los Templarios en Vigo», pp: 119-127, *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 2 (1996), páx. 125, volve a afirmar o mesmo, baseándose en preitos da Orde do Hospital co bispo de Tui, aínda que non os especifica.

[15] Isidro Bango Torviso: *Arquitectura románica de Pontevedra*, A Coruña, 1979, páx. 218.

[16] Ángel del Castillo: *Inventario artístico y monumental de Galicia*, 2ª ed., A Coruña, 1987, páxs. 106-107, ao estudar a igrexa de Castrelos afirma que pertenceu á encomenda de Beade, pero que os dous documentos publicados que coñece, -sen dicir cales son-, non son anteriores ao ano 1305.

[17] *El monacato..*, II, páx. 261. En «Los Templarios en Vigo», íbidem, De Sa afirma agora que si foi da orde.

[18] Taboada Táboas, art. cit., páx. 739. O documento atópase no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, atado de documentos soltos, Santa María de Oia e outros: «Relación de bienes pertenecientes a la Orden del Hospital de San Juan de Jerusalén. Foro de 1503 suscrito polo notario Lope Rodríguez. LUGAR Y CASAL DE PAZO SITO EN LA FRA. Y COTO DE SANTA Mª DE CASTRELOS.Nº 786. José de Santiago y Gómez, op. cit., páx. 165, tamén pensa que a parroquia de Castrelos foi templaria. Tamén Emilia Estévez Villaverde: *Ponteareas y el Condado en la historia*, Pontevedra, 1981, páx. 16, di que o investigador Clodio González Pérez afirma que Castrelos, xunto con Coia e outros lugares, pertenceu ao Temple.

[19] Carlos de Ayala Martínez (compil.): *Libro de Privilegios de la Orden de San Juan de Jerusalén en Castilla y León (Siglos XII-XV)*, Madrid, 1995. Este libro, de importancia extraordinaria para o coñecemento da Orde do Hospital na Idade Media en Castela e León, é a transcrición do Mss. H211 do Museum and Library of de Order of St. John, de Londres, titulado *Book of Privileges, Grants, etc., made for the Order of. St. John in Spain*, que se consideraba perdido logo do saqueo do arquivo da Orde en Consuegra polas tropas napoleónicas. O libro contradí claramente o Inventario nº 121 da Orde, gardado no Arquivo Histórico Nacional, que efectivamente, no folio 32 v., fala dunha dozón de Alfonso X á Orde da igrexa viguesa; pero é un erro de transcrición de *Vega* por *Vigo*, como se vé no *Libro de Privilegios..*, doc. 356 e 357, páxs. 577-581, onde se publica o documento, que é ademais unha permuta, non unha doazón.

[20] Álvarez Blázquez e outros: *Vigo y su historia*, páx. 69. De Sá: *El monacato..*, II, páx. 248, recolle a noticia de José de Santiago. Este investigador, op. cit., páx. 165, di que convento e priorato (sic) templario de Vigo estaba lindando coa antiga Colexiata. Tamén un documento procedente da Catedral de Tui, relacionado cos dezmos da Colexiata, indica, nun dos seus parágrafos, que a persoa que fixo as averiguacións relacionaba a igrexa cos templarios, en base á representación do *agnus dei*, que «estta esculpido en su fachada por esttarlo enla mª Con fformd enottas muchass Yglesias y Casas que constta lo ffueron...». Vid. Arquivo da Catedral de Tui, Colexiata de Vigo, mazo 9, nº 32. Estévez Villaverde: *Ponteareas..* , páx. 16, di, que a fortaleza-convento dos templarios de Vigo estaba situada no lugar que ocupa a Colexiata.

[21] *Vigo..*, páx. 69.

[22] De Sá: *El monacato..*, II, páx. 247. Tamén faise eco destas opinións, seguindo a José Santiago, José Espinosa Rodríguez: *Tierra de Fragoso*, Vigo, 1949, páx. 118.

[23] *Diccionario Madoz*, vol. II, páx. 346.

[24] De Sa, «Los Templarios en Vigo», íbiden. Estas igrexas terían sido doadas por Pedro I a Suer Yáñez de Parada, xunto co realengo de «Turonio», aínda que, posteriormente, Enrique II revogaría esta doazón.

[25] Non imos repetir de novo o listado de investigadores que mencionan este documento. Aparte deles, outros autores como Francisco Ávila y Lacueva: *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, 4 vols., ed. fascímile, Santiago, 1994, vol. II, páx. 166; Emilio González López: *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia*, 2ª ed., Vigo, 1978, páx. 311 ou Ramón Otero Pedrayo: *Guia de Galicia*, 5ª ed., Vigo, 1980, páx. 395; José García Oro: «La Iglesia de Tuy en la Baja Edad Media (1070-1500). La frontera y la guerra», pp: 549-570, en José García Oro (coord.): *Historia de las Diócesis españolas. 14: Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid, 2002, páx. 557, 560, tamén se fan eco desta pertenza.

[26] González López, op. cit. íbidem; Ávila y Lacueva, op. cit., leg. 233; AAVV: *Camiños portugueses..*, op. cit., páx. 32; Ramón Otero Pedrayo: «La encomienda de Beade de la Orden de Malta», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XVIII-54 (1963), páx. 59; Xulio M. Sigüenza: «La isla atlántica y sus muertos», *El Correo Gallego*, 3-3-1991, páx. 57,

que recolle a noticia do historiador Nicolás Taboada y Leal, da súa *Descripción topográfica-histórica de la ciudad de Vigo, su ría, y sus alrrededores*, publicada en Santiago en 1840: Miguel Ángel Pereira Figueroa e outros: *Pontevedra turística. Guía provincial*, Pontevedra, 1989, páx. 190; Orge Quinteiro: *Las islas de San Simón...*, páx. 43-44; Amador Montenegro López Saavedra: *Notas para una historia íntima de Vigo*, Vigo, 1991, páx. 139; Gerardo Álvarez Limeses: *Geografía de Galicia. Pontevedra*, vol. XIII, Barcelona, 1936, páx. 740; Estanislao Fernández de la Cigoña: *Islas de Galicia. Cíes, Ons, Sálvora, Tambo, San Simón e Cortegada*, Vigo, 1991, páx. 93; Pilar Patiño Portas: voz «Redondela» en AAVV: *Galicia pueblo a pueblo*, A Coruña, 1995, páx. 1176; Enrique Flórez: *España Sagrada*, vol. XXIII, páx. 194; Rodríguez Blanco: *Apuntes históricos..*, páx. 421; Juan Manuel Fuente: «Viajes. Llegando a Redondela desde su retaguardia», *La Voz de Galicia*, 9-5-1992: Anónimo: «Turismo náutico: Ría de Vigo», *El Correo Gallego*, 23-8-1991, páx. 42; Luis Piñeiro: «El lazareto de San Simón y otras mejoras», pp: 387-398, en AAVV: *Historia ilustrada de Vigo*, Vigo, 1996, páx. 398.

[27] Fai unha fermosa e emotiva evocación histórico-literaria da illa Xosé María Álvarez Cáccamo: *A novela de San Simón*, Vigo, 2005.

[28] Ermelindo Portela Silva: *La región del Obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en la expansión y en la crisis*, Santiago, 1975, páx. 74.

[29] Íbidem.

[30] «...super molendinis de Redondela qui fuerunt de Petro Cresconi et uxori sue» (Portela Silva, *La región...*, páx. 179, nota 191.

[31] Portela Silva, op. cit., páx. 96.

[32] En varios foros do mosteiro de Melón aparece como condición a entrega de certas cantidades de sardiñas, *pissotas* (Portela Silva, op. cit., páx. 183, notas 207 e 208).

[33] Elisa Ferreira Priegue: *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, 1988, páx. 92.

[34] Portela Silva, op. cit., páx. 48, 191.

[35] Recollemos o dato de Amalia Prieto Cantero: *Archivo Histórico General de Simancas. Catálogo V. Patronato Real*, Valladolid, 1949, vol. II, páx. 103, doc. 5005. Citan esta doazón, entre outros, Estévez Villaverde: *Ponteareas..*, páxs. 16-17; J. M. Buján: «Presencia franciscana en la Diócesis de Tuy. El Convento de San Diego de Canedo», pp: 291-319, *Tui. Museo y Archivo Histórico Diocesano*, vol. IV (1986), páx. 299 (este mesmo artículo está publicado no *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, vol. IV (1988-1989), pp: 163-185; Murguía: *Galicia*, vol. 2, páx. 790, recollendo un fragmento do documento; José García Oro: *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y las relaciones estamentales*, Santiago, 1981, páx. 216, nota 2; Clodio González Pérez: *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia*, Pontevedra, 1975, páx. 30; do mesmo autor: *Aproximación a la historia de Ponteareas*, Ponteareas, 1983, páx. 22, e na Introdución que fai á obra citada de Ávila y Lacueva, vol. I, páxs. 30-31 (sabemos que este autor tamén recolle este documento no seu artigo «Ponteareas y los Templarios», publicado na revista pontearean *Lonxe da Terriña*, pero non o puidemos conseguir).

[36] Estévez Villaverde: *Ponteareas..*, páxs. 16-17.

[37] González Pérez: *San Pedro de Angoares..*, páx. 81. Este autor pensa que o mosteiro altomedieval de San Breixo de Arcos, que lembraba o topónimo *mosteiro*, puido pertencer logo aos templarios. Tamén nos di que Ávila y Lacueva era da mesma opinión. Pereira Figueroa: *Pontevedra turística..*, páx. 171, tamén relaciona o mosteiro cos templarios; asimesmo faino Gómez Cortez: «Ponteareas fue lugar de asentamiento de cenobios desde el 963», *El Correo Gallego*, Especial Corpus de Ponteareas, 1-6-1991, páx. 37.

[38] González Pérez, íbidem. A persoa que facía tal atribución era Sebastián de Miñano, no seu *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, Madrid, 1926, no vol. I.

[39] Aparte dos investigadores xa citados, tamén José Castro Álvarez: «Puenteareas: un alto en el camino portugués», *El Correo Gallego*, separata da «XI Romería Internacional», xullo de 1990, páx. 6 da separata, faise eco da presenza templaria en Ponteareas.

[40] Martínez Díez: *Los templarios*, páx. 81-82.

[41] Ávila y Lacueva, *Historia civil y eclesiástica...*, vol. I, páx. 140 (do texto facsimilar).

[42] José Manuel Hidalgo Cuñarro e outro: «El castro «A cidade» de Caneiro, Fozara (Ponteareas)», pp: 151-228, *El Museo de Pontevedra*, XXXIII (1979), páx. 159; Ramón Rodríguez Otero: *El Condado entre lo lírico y la historia*, Tui, 1986, páx. 25; González Pérez: *San Pedro de Angoares...*, páx. 30; Ávila y Lacueva, op. cit., II, páx. 344.

[43] Enrique Flórez: *España Sagrada*, vol. 23, Madrid, 1767, páxs. 190-191. Recoñecen esta filiación templaria Otero Pedrayo: «La encomienda de Beade..», páx. 59; Álvarez Limeses: *Geografía...*, vol. XII, páx. 518; Bango Torviso: *Arquitectura...*, páx. 17; Pilar Portas Patiño: voz «Crecente» en *Galicia pueblo a pueblo*, A Coruña, 1994, páx. 446; Ávila y Lacueva, op. cit., vol. II, páx. 362; Samuel Eiján Lorenzo (OFM): *Historia de Ribadavia y sus alrededores*, ed. facsímile, Lugo, 1981, páx. 116; Pereira

Figueroa: *Pontevedra turística..*, páx. 74, que pensa que, ademáis da igrexa, na torre de Fornelos tiñan un mosteiro; Estévez Villaverde: *Ponteareas..*, páxs. 16-17; J. M. Buján: «Presencia franciscana..», páx. 298; Rodríguez Otero: *El Condado..*, páx. 55; Alfonso Vázquez Martínez: «El Castillo de Fornelos (Creciente)», *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Ourense*, vol. IV (1948), páx. 148, que nos fala dunha Bula de Alexandre III, de 1186, que menciona *Crescenten cum cauto et pertinentiis suis*; en nota nº 5 a pé de páxina d*i: Script. III. Bulla confirmationis ordinis tertia cum expresione Monasteriorum hereditatum et locorum demo intra Hispaniam post. Bullam Alkexandri III aquisitorum*. Este autor nos comunica tamén que M. Fernández de la Granja, nun manuscrito conservado na Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos «Pai Sarmiento», II Libro, páx. 174, di: «sábese que perteneció a los Templarios el Beneficio de sta S.I.»; Ernesto Iglesias Almeida: *Notas históricas del Bajo Miño. Puertos, barcas, pesqueras*, Tui, 1988, páx. 50; Martínez Díez: *Los templarios..*, páx. 82-83, aínda que dubidando da atribución; Hipólito de Sá: *Rutas del románico en la provincia de Pontevedra*, Vigo, 1978, páx. 331.

[44] De Sá: *Rutas...*, páx. 333.

[45] *Diccionario Madoz*, vol. I, páx. 122; Álvarez Limeses: *Geografía...*, vol. XIII, páx. 978.

[46] Op. cit., páx. 118.

[47] Op. cit., páx. 55.

[48] Manuel de Castro (OFM) (introdución, rectificacións e notas): Anónimo: *Crónica de la Provincia Franciscana de Santiago (1214-1614)*, Madrid, 1971, páx. 154. O autor barroco seguía a Gonzaga, *De origine*, III pars, *Prov. sti. Iacobi* , conv. XV, páx. 747-748.

[49] Jacobo de Castro (OFM): *Primera parte / de el /arbol chronologico / de la Santa Provincia de Santiago*, Salamanca, 1722, vol. I, páx. 194. O mesmo di do convento de San Simón, na páx. 250.

[50] Murguía, op. cit., vol. 2, páx. 716. Afirma que o pai Herrera, autor do século XVII, nas súas *Adiciones a Dávila*, considera aos templarios predecesores dos franciscanos neste convento. Tamén Rey Caíña: voz «Orden del Temple», xa citado, afirma que os templarios tiveron unha importante casa en Pontevedra que pasou aos franciscanos.

[51] González Zúñiga: *Historia de Pontevedra*, Pontevedra, 1846, páx. 77: *Diccionario Madoz*, vol. V, páxs. 1052-1053; Murguía, op. cit., vol. 2, páx. 722; Celestino García Graña: «El proceso de estructuración de la ciudad desde el siglo XIII al XVI», en AAVV: *Pontevedra. Planeamiento histórico y urbanístico*, Vigo, 1988, páx. 202; Marta Cuadrado: «La iglesia del convento de Santa Clara de Pontevedra: Estudio artístico», pp: 199-230, *El Museo de Pontevedra*, vol. XXXIX (1985), páx. 201; AAVV: *Camiños Portugueses...*, páx. 39 (recollendo, na páx. 46, a opinión de Filgueira Valverde de que non é verosímil esta afirmación); Carmen Carrochano e outro: «Arqueología medieval de Pontevedra», *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales*, 4 (1988), páxs. 45-47.

[52] Benito Vicetto: *Historia de Galicia*, vol. V, páx. 271, nota 2.

[53] Publica parte do documento Lauro Xosé Pedreira Ares: «Templarios de San Salvador de Coiro», *Programa das Festas do Cristo de Cangas*, agosto de 1991, páxs. 35-39.

[54] José Ángel Rey Caíña: «Pontevedra medieval», pp: 403-409, *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales*, 8-9 (1992), páx. 404.

[55] Murguía, op. cit., vol. 2, páx. 717.

[56] Tanto na súa obra *El monacato..*, como en *Rutas...*, xa citadas anteriormente.

[57] Xosé Carlos Durán Gallego e outros: *La iglesia sanjuanista de Santa María de Cela*, Pontevedra, 1991.

[58] Ramón Otero Pedrayo: «Bienes y derechos de los caballeros sanjuanistas en Tierra de Morrazo y villa de Pontevedra», pp: 33-42, *El Museo de Pontevedra*, VI, páx. 34.

[59] Fol. 12 v.

[60] Jerónimo del Hoyo: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, ed. a cargo de Benito Varela Jácome, que transcribe o manuscrito de 1607, Santiago, s.a., páx. 512.

[61] Murguía, op. cit., vol. 2, páx. 717.

[62] *Diccionario Madoz*, vol. IV, páx. 881; Álvarez Limeses, *Geografía...*, vol. XII, páx. 448; José Caamaño Bournacell: *Cambados y el Valle de Salnés (La margen izquierda de la Ría de Arosa). Guía histórico-turística*, Madrid, 1957, páx. 80; Álvaro Cunqueiro: *Pontevedra. Rías Bajas*, 4ª ed., León, 1978, páx. 25; M. Ríos: voz «Diócesis de Santiago de Compostela», en Quintín Aldea e outros: *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, 5 vols., Madrid, 1973, vol. IV, páx. 2197.

[63] *El monacato...*, vol. II, páxs. 211-216, *Rutas...*, páx. 57. Admite, sen embargo, a posibilidade de que houbese dous mosteiros, o de San Lourenzo de Nogueira, filial de Carboeiro, e o de Santa María de Nogueira, que entón si puidese ter sido de templarios e logo de sanxoanistas, aínda que o dubida dada a data de erección da igrexa, ano 1110. Isto, ao noso xuízo, non indica nada, xa que a súa traza actual semella máis serodia. Tamén Pereira Figueroa e outro: *Pontevedra turística*, páx. 126, non relaciona esta igrexa cos templarios.

[64] Íbidem.
[65] *La Orden y los caballeros del Santo Sepulcro en la Corona de Castilla*, Burgos, 1995, páxs. 115-117. Igualmente Adrián Arcaz Pozo: «Nobleza y Órdenes Militares en la Galicia Bajomedieval», pp: 127-150, *Medievalismo*, 5 (1995), páx. 33, menciona esta relación, (seguindo o traballo de N. Jaspert: «La estructuración de las primeras posesiones del Capítulo del Santo Sepulcro en la Península Ibérica: la génesis del Priorato de Santa Ana de Barcelona y sus dependencias», en *I Jornadas de Estudio de la Orden del Santo Sepulcro*, Calatayud-Zaragoza, 1991, pp: 93-108, apénd. doc. nº 1) e noutro artigo, «Implantación y desarrollo territorial de la Orden Militar de San Juan de Jerusalén en Galicia (siglos XII-XV)», pp: 257-274, *En la España Medieval*, 18 (1995), páx. 271. A única posibilidade para harmonizar as teorías é que os templarios posuíran, temporalmente, este lugar; hai un periodo, entre 1131 e 1421, no cal non existe documentación sepulcrista referida a Nogueira.
[66] Afirma que pertenceu, conxuntamente, ás Ordes Militares Orientais, compartindo o dominio coa Casa de Soutomaior. Op. cit., páx. 79.
[67] Op. cit., páx. 186.
[68] O mesmo que no caso de Paradela, o señorío era conxunto das OOMM estranxeiras. Op. cit., páx. 87.
[69] Pereira Figueroa, op. cit., páx. 194. Cremos que sigue, nesta opinión, a Caamaño Bournacell, op. cit., páx. 79.
[70] Op. cit., páx. 22. Un documento procedente do mosteiro de Armenteira fala dunha doación en *Santa Maria Dixo y en la voz de los Cabaleiros*. Vid.: Fermín Bouza Brey (trascrición): *Historia del monasterio de Armenteira, por Fray Basilio Duarte (1624)*, pp: 57-107, *Compostellanum*, VI-2 (1961), páx. 91.
[71] Pub.: Eladio Leirós: «Los tres libros de aniversarios de la Catedral de Santiago de Compostela», pp: 179-254, *Compostellanum*, XV-2 (1970), páxs. 222-3. Recolle esta noticia Francisco Javier Pérez Rodríguez: *El Dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (Siglos XII-XIV)*, Santiago, 1994, páx. 11. Tamén nesta mesma páxina, nota 41, afirma que «Los bienes que la Orden del Temple poseía en Galicia parecen haber quedado a disposición de Enrique II, quien había donado *el coto de Coya con su baylia et la villa bella de Redondela que fueron de la Orden del Temple de que nos habiamos fecho merced al dicho Suer Yañes*, y que en 1371 entregó a la catedral de Tuy».
[72] Pérez Rodríguez, op. cit., páxs. 119-120.
[73] Javier A. Rey Souto: «Los templarios y el Cabildo de Santiago: A Tenza do Temple», pp: 755-767, en Ricardo Izquierdo Benito e Francisco Ruiz Gómez (coords.): *Las Órdenes Militares en la Península Ibérica. Volumen I: Edad Media*, Universidad de Castilla la Mancha, Cuenca, 2000.
[74] Rey Souto, 2000: 756.
[75] Rey Souto, 2000: 757.
[76] Rey Souto, 2000: 758.
[77] O documento de doazón de Enrique II, datado en Toro o 26 de setembro de 1371, e o de confirmación de Juan I, datado en Burgos o 8 de agosto de 1379, teñen sido publicados por Héitor Picallo Fuentes: «Documentos para a historia da Orde do Temple nas comarcas de Moraña, O Salnés e o couto de Arcos da Condesa», pp: 349-353, *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, 2 (2003).
[78] Rey Souto, 2000: 758.
[79] Rey Souto, 2000: 758-759; nota 13: A.C.S. leg. 699a, Protocolos de Alvaro de Castenda, f. 50-56.
[80] Rey Souto, 2000: 760.
[81] Rey Souto, 2000: 762-763.
[82] Rey Souto, 2000: 763.
[83] Rey Souto, 2000: 764.
[84] Rey Souto, 2000: 764-765.
[85] Rey Souto, 2000: 766-767.
[86] Romaní Martínez: *Colección...Oseira*, vol. I, doc. 347, páxs. 336-337.
[87] Publican o documento: Pedro Rodríguez de Campomanes: *Dissertaciones historicas del Orden y Cavallería de los Templarios*, ed. faccímile, Barcelona, 1975, (1ª ed. Madrid, 1747), páx. 232-233; José María Luengo y Martínez: *El castillo de Ponferrada y los templarios*, 2º ed., Madrid, 1980, páx. 62.
[88] Emilio Duro Peña: «El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives», *Archivos Leoneses*, 41 (1967), páxs. 16-17.
[89] Tanto o comendador como os freires atendían as bailías de Amoeiro e de Coia, que estaban unidas. Publica o documento Áurea Javierre Mur: «Aportaciones al estudio del proceso contra el Temple de Castilla», *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, LXIX (1961), apéndice III, páx. 76; Fidel Fita: *Actas inéditas de siete concilios españoles*, Madrid, 1882, páxs. 77 ss.

Galicia y el Bierzo en el s. XV:
DE PUENTES A FRONTERAS
(Las luchas de los condes de Lemos por el dominio de El Bierzo)

JOSÉ GARCÍA ORO*
y
MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA**

Sumario
Sen estudian aquí los enfrentamientos nobiliarios del s. XV por el dominio de El Bierzo, con sus centros en las villas de Ponferrada y Villafranca.
Abstract
This work studies the confrontations by the nobility of the fifteenth century for the supremacy of El Bierzo and their centres in the towns of Ponferrada and Villafranca.

INTRODUCCIÓN

El Conde de Lemos, Don Rodrigo Enríquez de Castro (1483- 1521), que era y gustaba de apellidarse don Rodrigo Osorio, es un prócer gallego que une en su biografía los reinados de Fernando el Católico y Carlos V. Al mismo tiempo encarna en su persona y gestión señorial buena parte de los problemas que agitaban al estamento nobiliario en Galicia y muy especialmente los desafíos que los Pimentel de Benavente y los Osorio de Lemos y Trastámara mantenían por prevalecer en Galicia. Un punto rojo, a veces incandescente, de esta presencia es el capítulo de la expansión en el ámbito berciano, con sus centros en las villas de Ponferrada y Villafranca. Se trata de eventos estudiados con gran detenimiento en los últimos años, que han generado una importante bibliografía, cuyos exponentes más conocidos son las obras de José García Oro, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media* (Santiago 1981) y Eduardo Pardo de Guevara, *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, I-II (A Coruña 2000). En estas páginas pretendemos ilustrar uno de estos acontecimientos regionales que, por su exuberante información, permite ver a los protagonistas lidiando en sus empeños más comprometidos. Nuestra colección documental procede de uno de los fondos archivísticos más ricos en noticias sobre la Monarquía Católica y sus órganos de gobiernos, que es la sección *Estado*, del Archivo General de Simancas.

* **José García Oro** es Profesor Emérito de Paleografía y Diplomática en la Universidad de Santiago de Compostela.
** **María José Portela Silva** (1954-2006) fue Profesora Titular de la Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago. Falleció en la tarde del 15 de diciembre de 2006, a la edad de 52 años.

I
Galicia y el Bierzo en la mente del Conde de Lemos

1.- LA DISPUTA HEREDITARIA EN EL CONDADO DE LEMOS

En los años 1472-1483 se gestó un volcán de desconciertos en el Condado de Lemos. Su autor e incentivador fue Don Pedro Álvarez Osorio(1457-1483) que realizó un doble juego. No lograba despejar el futuro de su señorío, porque no concordaba con su hijo, Don Alonso. Muere inesperadamente éste, en 1467, en plena arremetida hermandina, dejando para el futuro una viuda, Doña Leonor Pimentel, que no le había dado descendencia, y un hijo bastardo, que recibió el nombre de Rodrigo.

Don Pedro tanteó dos soluciones: la primera, atribuir, en el caso de que el mismo careciese de hijos varones, la sucesión a su hija Doña Juana Osorio, casada con Don Luis Pimentel, hijo del Conde de Benavente, un compromiso que suscribió el 3 de enero de 1572; la segunda, legitimar a su nieto bastardo, Don Rodrigo, y brindarle la misma titularidad, asegurando así la deseada sucesión masculina.

Ocultó en lo posible la primera decisión, a fin de hacer triunfar la segunda. Pero en los momentos finales de su vida, todo salió a la luz.Y su nieto, Don Rodrigo, dispuesto a ser nuevo Conde de Lemos, hubo de abrirse paso aventuradamente buscando aliados en casa de sus parientes los Marqueses de Astorga y haciendo frente a los enemigos tradicionales, los Pimentel de Benavente, que ahora reivindicaban los derechos de su familiar, Doña Juana Osorio, esposa de Don Luis Pimentel. De nuevo se hallaban Osorios y Pimenteles frente a frente. Eran las clásicas confrontaciones entre las casas nobles vecinas que desbordaban el marco local y llegaban a los estrados de las audiencias, para encontrar finalmente soluciones improvisadas, casi siempre conciertos matrimoniales, con que rematar honrosamente los conflictos entre las casas nobles. Pero más allá de estas confrontaciones y arreglos, estaba el planteamiento jurídico. La sucesión de Lemos se decidiría en los tribunales reales.

En este caso la disputa se hizo bronca. Se formaron inmediatamente dos bandos dispuestos a medirse con las armas. Don Rodrigo demostró en esta ocasión más audacia y decisión. Cercó Cornatel con el propósito de apoderarse de Doña María y desus hijas María, Mencía y Constancia. Se apoderó de varias fortalezas del Condado (1). Y se enfrentaba con las armas el Conde de Benavente cuando la Corte intervino de urgencia en la disputa.

Los Reyes quisieron cortar en ciernes el conflicto. Don Luis de Velasco, obispo de León, fue enviado inmediatamente a las principales villas y fortalezas del Condado de Lemos con amplios poderes para pacificar la conmoción surgida. Liberó a Doña María de Bazán y a sus hijas. Colocó bajo seguro real a varias de las fortalezas y villas, sobre todo a Ponferrada. Gestionó con ambos bandos la inmediata disolución de las gentes de armas reunidas. Encontró no pocas dificultades, no sólo en Don Rodrigo, temeroso de las iniciativas de sus rivales, sino sobre todo en el Conde de Benavente, que intentaba asegurar Ponferrada para su nuera Doña Juana (2).

La misión del obispo de León no apagó la contienda. La Corte hubo de tomar ulteriores y más eficaces medidas. Por marzo de 1483, era el mismo Rey quien se desplazaba a Astorga para ponerse en contacto directo con los problemas. Un alto personaje de la Corte, el mayordomo mayor Don Enrique Enríquez. fue destacado a Ponferrada para

evitar que en torno a ella surgiese el conflicto. Era la hora de ganar la batalla política y legal. Don Rodrigo se percató de ello y se presentó ante su soberano, respondiendo a una orden que se le había impartido (3).

Don Rodrigo parece haber demostrado en esta ocasión cierta habilidad para lograr sus propósitos. Si bien no consiguió un reconocimiento positivo de sus pretensiones de heredero universal del Condado de Lemos, obtuvo no obstante una sanción temporal que reforzaba claramente sus pretensiones y podría, y así lo esperaba seguramente Don Rodrigo, convertirse en definitiva: que durante un término de dos años.

> «a los dichos Rey e Reyna nuestros señores plase que no sea ni será fecha librança alguna ni otro arrendamiento en las rentas de los lugares que el dicho Conde Don Rodrigo a y tiene e posee por suyos e como suyos, e mas que con él se terna e guardara durante los dichos dos años la forma y manera que en este caso se tenía en los dichos lugares con el Conde de Lemos su ahuelo e que no le sean demandadas albaquias del tiempo pasado de los d-ichos lugares que asy tiene por suyos ni de otra cosa alguna que su ahuelo aya llevado» (4).

Los primeros pasos de Don Rodrigo como señor del Condado de Lemos fueron pues firmes. Se le reconoció como heredero legítimo de su abuelo Don Pedro. Se le confirmó el título de Conde. Se le apoyó en sus planes. Pero hubo de pagar caro el favor y la merced. Debería permanecer en la Corte hasta que se dilucidase el problema sucesorio en el Condado de Lemos (5). Además tuvo que avenirse a una concordia «por manera de contrabto» con los Reyes por la cual se estipulaba la situación en que iba a quedar la estratégica villa de Ponferrada con su castillo durante este interim.

En pleno conflicto y sometido al arbitraje real, Don Rodrigo Osorio se vio forzado a pactar con sus contrincantes: se imponía reconocer que sus familiares Doña Juana y Doña María tenían derechos y que, en consecuencia, la partición del Condado de Lemos resultaría imparable. Pero, hombre valiente, quiso asumir previamente el desafío. Cohibiendo sus primeros ímpetus de amenaza a los Pimentel de Benavente, aceptaba en marzo de 1483, la mediación de los Reyes, que le imponían entregar por dos años la fortaleza de Ponferrada, y colocarla en manos del Almirante de Castilla, Don Enrique Enríquez, que mostraría en todo momento que administraba la villa y sus fortalezas en nombre de Don Rodrigo y le haría cobrar sus rentas, evitando durante este secuestro todo gesto que supusiese la merma de los posibles derechos de Don Rodrigo.

Tampoco los Reyes tendrían durante este bienio tratos que implicasen merma de derechos para Don Rodrigo. Este espera una victoria de los jueces árbitros que los Reyes proponían: el Marqués de Astorga, con el cual había concertado ya su matrimonio dinástico (1 de marzo de 1483), y el Almirante, a quien consideraba deudo y familiar. Su voluntad de pacto se expresa en una serie de documentos formales, suscritos los últimos días de junio de este año 1483: acreditaciones de su tutor, Luis de Turienzo, y de su procurador, Francisco de Valladolid (27-VI-1483); petición de licencia para formalizar el compromiso, demandada por tu tutor, Luis de Turienzo, a los alcaldes mayores de Galicia (27-VI-1483); carta de compromiso de Don Rodrigo por la que se obliga a aceptar la decisión de los jueces árbitros (30-VI- 1483); juramento de atenerse a las decisiones de los mismos (30-VI-1483). A su vez la parte de Doña Juana Osorio, representada por su madre, Doña María de Bazán, acreditó su condición de curadora (15-VII-1483); sus procuradores con su cartas de poder; las licencias del alcalde mayor del Reino de Galicia, Fernando Ibáñez de Belmonte (15 y 16- VII- 1483) y finalmente la carta de compromiso de aceptación de los jueces árbitros y su veredicto (16-VII- 143).

Se contaba con una decisión inmediata, que podría formalizarse en agosto de 1483. De hecho no fue así. Los comisionados tardaron unos ocho meses y sólo en mayo de 1484 parecían dispuestos a pronunciar su sentencia. De nuevo las formalidades, en este caso las cartas de prórroga de las partes, ralentizaron esta decisión (5*).

2.- LA PARTICIÓN DEL CONDADO DE LEMOS

En junio de 1484 llegaban por fin una conclusión que expresaron en su sentencia compromisoria en San Benito de Valladolid, el 5 de junio de 1484.

He aquí en sustancia, la determinación de los jueces compromisarios. Entrarían en la tasación todos los bienes muebles e inmuebles provenientes de Don Pedro Álvarez Osorio y su primera mujer Doña Beatriz, y de sus hijos Don Álvaro y Doña María, todos ellos difuntos. Con ellos se harían dos lotes iguales, asignados respectivamente a Don Rodrigo, el primero, y el segundo a Doña María de Bazán, segunda mujer del difunto conde, junto con sus hijas Doña Juana, Doña María. Doña Mencía y Doña Constancia. Insisten los compromisarios en que la asignación de bienes se hace rigurosamente «por medios e partes Iguales».

La repartición concreta se hará según las siguientes normas: cada parte hará suyos automáticamente los bienes muebles, que en el momento tenga; la partición del señorío se hará tomando por línea divisoria el puerto del Cebreiro. Las tierras, villas y lugares situadas desde el Cebreiro hacia León y Castilla pasarán a ser de Doña María de Bazán y sus hijas. La parte del Condado sita en Galicia quedará asignada a Don Rodrigo. Quedan pues asignadas a Don Rodrigo las villas de Monforte, Lemos, Sarria, Caldelas y Cedeira, y a Doña María con sus hijas Ponferrada, Villafranca, Ribera y Cabrera.

Otros artículos establecen las formalidades a cumplir en el traspaso de los bienes heredados y en caso de eventuales reclamaciones, designación de nuevos tasadores que reaiusten la presente repartición: las villas de Mantilla de Tascón y Cedeira con su puerto se declaran afectables por futuras y eventuales reparticiones; entrega de las escrituras correspondientes junto con el traspaso de la propiedad a los respectivos herederos; designación de los bienes correspondientes a los mayoradgos establecidos por el difunto Conde; salario del Lic. Gonzalo Gómez de Illescas -doscientos marcos de plata- en calidad de letrado, a pagar por la parte de Doña María de Bazán y sus hijas (6).

3.- DON RODRIGO SE REBELA

La sentencia compromisoria reducía a Don Rodrigo a ser un simple conde gallego, vedándole y ocultándole el Bierzo con esa muralla montañosa que es el Cebreiro. Ponferrada, el fortín añorado y conquistado por los Osorio, y las tierras de Ribera y Cabrera, solar primitivo de las casas, eran ahora tierras prohibidas para el sucesor de Don Pedro Álvarez Osorio. Esto no lo podía sufrir Don Rodrigo. No era hombre para resignarse fácilmente en plena juventud a renunciar a ese privilegiada situación de puente entre las tierras leonesas y gallegas controlando su arteria vital. Y su respuesta fue un *No* explosivo: la rebelión.

Fue probablemente en el mismo mes de junio cuando Don Rodrigo realizó un gesto aparatoso: «se apartó e absentó de la dicha nuestra Corte e se fue e es ido a la dicha tierra del Bierzo e al dicho reyno de Galicia», quebrantando una prohibición estricta de los Reyes que le obligaba bajo pena de pérdida de todos sus bienes a mantenerse alejado de Galicia y del Bierzo «quince leguas a la redonda». Con este paso concitó los iras de las Reyes (7).

En la misma actitud se expresaba sus representantes, en especial su procurador, Pedro de Arriola, que en diciembre de 1484, declaró por medio de su procurador "que no la quería oyr e que ya tenia reclamado della". Un gesto de despecho que fue la respuesta obligada a cuantas notificaciones de la sentencia y de las cartas reales de ejecutoria se le fueron comunicando. Todas ellas tenían el tono ofensivo de ordenar a los oficiales reales de Galicia, especialmente a Don Fernando de Acuña y a Don Diego López de Haro (13-IV-1485), y al Conde de Benavente (17-XII-1485, 11 y 12-VIII-1486) que pusiesen a Doña María y a sus tuteladas en la posesión de la parte del Condado de Lemos que les correspondía. Complementos y agravaciones de esta dolorosa parcialidad eran los documentos reales que concedían a Doña Juana Osorio y a su marido Don Luis Osorio el título de marqueses de Villafranca (10-IV- 1486) y aprobaban la "capitulación e iguala" entre Doña Juana Osorio, titular del nuevo marquesado, y sus hermanas María, Mencía y Constanza que percibirían sus herencias en la suma de maravedís que la Corona pagaría por la compra de Ponferrada (13-IV- 1486) (7*).

La reacción fue decididamente negativa. Cuando Doña María le reclamó la entrega de la parte del señorío a ella asignada. el Conde se negó rotundamente con pretexto de que tenía interpuestas contra la sentencia compromisoria ciertas reclamaciones. En abril de 1485, manifestaba Doña María y sus hijas a los Reyes que Don Rodrigo «les tiene por fuerça so color de las dichas reclamaciones entrados e tomados toda la mayor parte de los bienes muebles e rayzes, villas o castillos e fortalesas que fueron del dicho Conde Don Pedro Osorio... que por la dicha sentencia les fueron adjudicados».

Los Reyes afirmaban que con esta actitud Don Rodrigo había quebrantado no sólo la sentencia compromisoria de Valladolid sino también «los capítulos por el fechos sobre el entregamiento del castillo viejo de Ponferrada»; en especial, «seyendo dada por nos sentencia e declaración sobre el entregamiento del dicho castillo viejo, llamadas e oidas las partes, según el thenor e forma de los dichos capitulas por el otorgados». Le acusaban, por tanto de haber violado fragantemente "lo por el otorgado e por nos mandado». Afirmaban, en consecuencia, que no tenían lugar los aludidas reclamaciones y ordenaban a las justicias reales del Reino de León que asistieran a Don Diego López de Haro y a Don Fernando de Acuña en la ejecución de la sentencia compromisoria, sin admitir excusa ni dilación alguna por parte del Conde. En consecuencia, Doña María de Bazán y sus hijas debían entrar inmediatamente «en la posesión de las villas de Ponferrada e ViIlafranca e en las tierras de Ribera e Cabrera e todas las otras villas, junio de 1484 lugares e aldeas... que por la dicha sentencia fue adjudicado» (8).

37.- «La Reforma de la vida religiosa en España y Portugal durante el Renacimiento». *Archivo Ibero-Americano*, 243 (2002), pp. 455-618. (En colaboración con José García Oro).

38.- «Los Mariño de Lobeira en la Galicia del Renacimiento. Fortuna y desgracia de un señorío seglar del área compostelana». *Estudios Mindonienses*, 19 (2003), pp. 13-257. (En colaboración con José García Oro).

39.- «El señorío de Castroverde y Luaces», *Lucensia* 26 (2003), pp. 81-93. (En colaboración con José García Oro).

40.- «Madrid: Corte y Hospital de España durante el Renacimiento». *Ciudad de Dios*, 216 (2003), pp. 151-196.

(En colaboración con José García Oro).

41.- «Os Reis e Noia. Documenos reais sobre Noia durante o Renacemento».

42.- «Santa Catalina de Toledo. Seminario y Universidad de la Iglesia Primada de España». *Archivo Ibero-Americano*, 246 (2003). (En colaboración con José García Oro).

Ponencias en congresos internacionales.

Congreso Internacional sobre SAN BERNARDO E O CISTER EN GALICIA E PORTUGAL. Ourense 1992. Ponencia: «El patrimonio de Osera: derechos sobre iglesias rurales (1155-1306).

Congreso Internacional PATRIMONIO CULTURAL DE LA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL. Ferrol 16-18 setembro 1999. Ponencia: «Desamortizaciones eclesiásticas galegas no século XVI. O caso mindoniense».

Simposio LOS COROS DE CATEDRALES Y MONASTERIOS: ARTE Y LITURGIA. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 6-9 de septiembre de 1999. Ponencia. «El Concilio de Trento en las iglesias de Galicia».

XV Congreso de la Asociación de Archiveros de la Iglesia en España: PEREGRINACION Y SANTUARIOS EN LOS ARCHIVOS. Santiago septiembre 1999. Ponencia: «Santiago de Compostela, meta de peregrinaciones. Fuentes archivísticas».

Todas as persoas que integramos a redacción do *Anuario Brigantino* sumámonos a este homenaxe de admiración, agarimo e respecto pola Profesora María José Portela Silva.

"No es negocio de un pueblo sino de todo el reino"
Voto, sal e aduanas nas xuntas de provincias do reinado de Felipe II**

JOSÉ ANTONIO TIZÓN RODRÍGUEZ*

Sumario

As xuntas de provincias, órgano de representación galega non institucionalizado, foron xa estudadas pola historiografía tradicional. Un dos seus obxectivos era acadar noticias sobre a recuperación do voto en cortes. A política fiscal de Felipe II, fundamentalmente en materia de sal e da administración aduaneira, reflicte novos datos en relación á convocatoria deste órgano de representación e aos seus antecedentes políticos. A súa convocatoria, sobre todo na década de 1570, recupera unha vella reclamación: o voto galego nas Cortes. Sal, aduanas e voto son o centro da actividade política en Galicia nestas datas.

Abstract

The «xuntas de provincias», namely, non-institutionalised boards representing Galicia, have already been studied by traditional historiography. One of their objectives was to obtain news about vote retrieval in the «Cortes». Felipe II's fiscal policy shows new data with regard to the summons of the aforementioned boards and their political antecedents, basically in salt and customs administration matters. Their summons gets back an old claim: the Galician vote in the Court, especially in the 1570s. Salt, customs and vote were right in the centre of the political activity in Galicia those days.

INTRODUCIÓN

Xa hai uns anos, o profesor Antonio Eiras Roel publicou un artigo sobre as xuntas do Reino de Galicia como órgano de representación do territorio galego. Na súa investigación facíase dúas preguntas no tocante á actividade desta institución na década de 1570 e que aínda hoxe están sen resposta: o porqué da recuperación do tema do voto en cortes e a implicación do *Real Acuerdo* nesta reinvindicación política. [1]

A nosa pretensión principal neste traballo é dar resposta á primeira cuestión, deixando á marxe a segunda, aínda que achegaremos algún apuntamento. Porén, deterémonos no estudo de todo o reinado felipista para unha mellor comprensión das xuntas de provincias e os factores que inciden na súa convocatoria. Para estes obxectivos, botamos man da documentación municipal –fundamentalmente dos libros de Consistorios– do concello de Santiago de Compostela, custodiada no Arquivo Histórico Universitario de Santiago.[2]

O interese da Coroa de sacar servizos particulares, a través da convocatoria destas xuntas de provincias, non parece ser un elemento central destas reunións na década de 1570, se exceptuamos a xuntanza de 1573 na Coruña. As xuntas de provincias con esta temática de fondo, non obstante, son das mellor estudadas pola historiografía xa que poden levar solapadas unha reclamación do voto en Cortes. Así, destacan neste período os casos de 1557 ou de 1573. No primeiro caso, Felipe II solicita un servizo particular de mil

*** José Antonio Tizón Rodríguez** é licenciado en Historia, orientación curricular Historia Moderna, pola Universidade de Santiago de Compostela, en 2003. É coautor de varios traballos -en colaboración con Juan Miguel González Fernández- sobre a burguesía viguesa no século XVIII. Actualmente está a facer o Traballo de investigación Tutelado (TIT), baixo a dirección de Pegerto Saavedra Fernández.

** Agradecemos a idea orixinal do traballo e os comentarios críticos ao texto do profesor D. Antonio Eiras Roel. Asemade temos que transmitir as nosas grazas a Juan Miguel González Fernández polos apuntamentos críticos feitos. As correccións ligüísticas estiveron a cargo de Raquel Fernández Carril e Noemí Álvarez Villar. Para elas tamén vai o noso agradecemento.

peóns ao territorio galego. Os representates galegos desprázanse a Valladolid e aproveitan a ocasión para reclamar o voto. Alí acordan entre eles unha quenda para asistir as reunións as Cortes, son as chamadas Capitulacións de Valladolid. Así mesmo, a xunta de provincias responde, en relación ao servizo particular, conceder os peóns solicitados, aínda que por un espazo temporal inferior a petición da monarquía. A xuntanza celebrada na Coruña en 1573, é o outro caso claro. Nesta xuntanza a temática central será outra petición da Coroa doutro servizo particular: o pago dunha armada que defenda a costa galega. Nesta asemblea a negativa das provincias foi contundente xa que "*el señor desta ciudad* (Santiago) *y con el orense y tuy abian dado su boto e parescer conforme a su instrucción y lugo Mondoñedo coruña y vetanzos lo contrario"*, o que fixo que o Rexente de Galicia tomase a decisión de suspender *"el trato y proceder deste negocio"*. Con todo, isto non foi ningún impedimento para que os procuradores galegos volvesen reclamar unha vez máis o ansiado voto en cortes. [3]

Se as convocatorias de xuntas de provincias para conceder servizos particulares á monarquía son das mellor estudadas pola historiografía, aquelas que teñen como temática principal a consecución do voto en cortes para Galicia acaparan o maior interese dos historiadores. Esta reivindicación política, é o único motivo das dúas xuntanzas do ano 1579. Porén, estas reunións son dúas das xuntas de provincias mellor estudadas. Neste ano, a provocación da cidade de Zamora co envío dun escrito ao Rexente para dar conta das peticións galegas para as próximas cortes, volve remover o asunto do voto. O Rexente delega a resposta nas xuntas de provincias, dando mostra dunha certa debilidade deste cargo neste período. A resposta negativa e taxante ao escrito de Zamora é a temática da primeira xunta de provincias deste ano clave. A posibilidade de consecución do voto, apoiándose nun galego na corte como D. Antonio de Pazos –Presidente do Consello de Castela– é a razón dunha segunda reunión ese mesmo ano de 1579. Non obstante, esta reunión semella ter carácter informal dado a posible exclusión da cidade de Santiago. A resposta de Felipe II ao memorial enviado por Ares González, en nome das xuntas de provincias e como procurador xeral do Reino de Galicia, foi outra vez negativa.

Como vemos a temática do voto en cortes –xunto cos servizos particulares nalgún caso– aglutina os estudos levados a cabo sobre as xuntas de provincias na segunda metade do século XVI. Pola contra, outros posibles factores para convocatoria deste órgano no período, así como o intervalo temporal que transcorre entre as diferentes reunións case non mereceu a análise dos especialistas. A excepción a esta última razón quizais sexa a ofensiva de 1585 centrada unha vez máis na consecución do voto. O posible apoio dun galego na corte –D. Rodrigo de Castro, bispo de Cuenca– semella ser a causa desta nova ofensiva galega, que do mesmo xeito que a finais de 1579, volve ter unha resposta negativa de Felipe II.

Non obstante, e malia que a historiografía se centrou fundamentalmente no voto en cortes, hai outras características das xuntas de provincias que están moi ben estudadas para o século XVI. Un bo exemplo son as competencias e a representatividade destas reunións. As atribucións deste órgano ata a chegada a monarquía de Felipe II centráronse en colaborar para a distribución de servizos concedidos polas Cortes –ata 1535– e en conceder ou denegar certos subsidios particulares solicitados polo rei. Esta atribución permanece aínda no reinado felipista, malia que co avance do período progresivamente perde forza. En canto a representatividade, e despois da desaparición das xuntas de irmandade baixomedievais, en 1552 queda constatada a representación provincial. A

protesta de Baiona e Viveiro nese ano, pola contribución votada polas xuntas para a fortificación da Coruña, mesmo apelando ao Consello de Castela para negar a facultade das provincias para esta concesión, leva os procuradores a saír na defensa do sistema de representación. Esta situación constata que esta doutrina representativa comezara a dar os seus primeiros pasos por esas datas.

A posibilidade doutros factores causais da convocatoria das xuntas de provincias na década de 1570 –sen esquecer os servizos particulares e o voto en cortes–, a análise de todo o período do reinado de Felipe II na procura de elementos que poden incidir na súa convocatoria –ou na súa descontinuidade no tempo– así como a procura de novas cartacterísticas deste órgano son os aspectos que o noso estudo primará. O fin último é a busca dun vieiro para a explicación global das xuntas de provincias do reinado felipista.

SAL E ADUANAS: A NOVA POLÍTICA FISCAL FELIPISTA

A nova fiscalidade felipista é un dos aspectos que máis nos interesan neste traballo, dada a súa posible influencia nas reunións de procuradores de provincias.[4] O estanco do sal, establecido en 1564, e o establecemento de aduanas entre Galicia e Castela, o ano seguinte, son dúas das primeiras medidas fiscais do novo reinado cunha clara incidencia no territorio galego. Estas actuacións encádranse nunha nova política fiscal que chega da man do novo monarca. Esta política impositiva é unha das claves das reclamacións dos concellos galegos por estas datas, e polo tanto, tamén da celebración de xuntas de provincias con posterioridade. As diferentes políticas en materia de fiscalidade levadas a cabo por Carlos V e Felipe II –nos seus inicios como soberano– son o primeiro tema que se trata para a mellor comprensión da convocatoria de xuntas e as súas consecuencias.

No reinado de Carlos V, as cortes impediran calquera incremento do valor de alcabalas e terzas, compensándolle ás cidades con voto cuns maiores ingresos no apartado de servizos. O prezo dos encabezamentos quedou "conxelado" e os servizos, despois dun inicial incremento, estabilizaríanse na década de 1540. O cobro das alcabalas deixouse a libre elección dos concellos, sendo a sisa o arbitrio elixido habitualmente.

En Galicia esta política fiscal do Emperador estivo marcada por un incremento inicial dos encabezamentos, no primeiro terzo do século XVI, para descender –tanto no apartado nominal coma real– entre os anos corenta e o final do seu reinado. En canto aos servizos en Galicia, a evolución da taxa móvese nos mesmos parámetros ca a nivel xeral de toda a Coroa de Castela. Ata os anos do cambio de tendencia –en torno a 1540– o territorio galego chegou a pagar unha cantidade próxima ó 12% de todo o volume deste imposto votado nas Cortes. Tras o decenio dos corenta, a porcentaxe pagada por Galicia reducíuse ata un 7.25% do total a recadar.

O "*rei prudente*" mudaría este "pacto" coas cidades establecido polo seu pai en materia impositiva. As liñas seguidas durante as primeiras décadas do seu reinado, non teñen moita similitude coa política levada a cabo, neste apartado, polo seu antecesor. Entre 1559 e 1573, a autoridade real amplía o abano de taxas impositivas, recuperando– nalgúns casos– gravames antigos. A vixencia destes novos –ou recuperados– impostos tivo continuidade en todo o reinado, facendo caso omiso ás reclamacións dos representantes nas cortes. A situación dará un xiro brusco, a partir de mediados dos anos setenta, co incremento dos encabezamentos das alcabalas, abrindo un segundo período fiscal deste reinado, aspecto do que falaremos máis adiante, co motivo das reclamacións do sal de 1575 e 1576.

En Galicia, este primeiro período fiscal de Felipe II, centrado nunha política impositiva de creación de novos gravames, tivo importantes repercusións no territorio galego. Aínda que esta liña política foi levada a cabo en toda a Coroa, as medidas tomadas teñen unha importante incidencia na economía galega, tanto co estanco do sal, como co establecemento da aduana de Rabanal. Neste contexto fiscal da primeira década do reinado de Felipe II –arredor da década de 1560– é no que se producen as primeiras reclamacións en materia de novos impostos. Os concellos galegos, vendo a firmeza do monarca na súa política fiscal, incrementan a súa presión na seguinte década, o que os levará a convocar xuntas de provincias de xeito máis regular. Vexamos este proceso histórico máis devagar.

A circulación de produtos, tanto por mar coma por terra, sempre foi un elemento recorrente polo poder real para engrosar o volume da súa Facenda. Temos coñecemento da colocación de portos secos entre Galicia e os seus territorios limítrofes dende o século XV. O contrabando de produtos estranxeiros neste século chegados por mar, e con destino á Meseta, fixo situar casas de aduanas nos portos de Santa María de Arbás e Rabanal. A recadación do décimo destes portos secos tiña como receptores os arrendadores dos portos marítimos de Castela.[5]

Dando un salto no tempo, a chegada ao trono de Felipe II traerá un cambio significativo na administración aduaneira[6]. Estes puntos aduaneiros son reestablecidos –despois de estar sen funcionar durante un período longo de tempo– a través de diversas medidas gobernamentais. O primeiro movemento nesta materia prodúcese xa con anterioridade ás cortes de Valladolid de 1558. Nesta xuntanza é cando os representantes das cidades lle piden "contas" ao poder real polo establecemento de casas de aduanas entre os reinos de Galicia, León e Castela, xa que a provisión de peixe, gando e outras mercadorías cara a Meseta dependía dos produtos achegados polos comerciantes procedentes do noroeste peninsular. A supresión deste establecemento aduaneiro conseguiuse de xeito provisional nas mesmas cortes de Valladolid de 1558. Así e todo, a política aduaneira do *rei prudente* semella clara a partir do ano seguinte. O establecemento de aduanas na fronteira portuguesa e a incorporación dos décimos do mar que o Condestable de Castela cobraba no norte da península, así o demostra. A esta incorporación –por óbito do seu titular– engádese un incremento do arancel do 150 % en 1562, situando a porcentaxe para cobrar nun 5 %. Anos máis tarde –entre o 1564 e 1566– outro incremento sitúa a taxa nun 7.5 %, porcentaxe que permanecerá inalterable durante case todo o reinado. Os sucesivos incrementos da porcentaxe teñen como froito unha mudanza nos circuítos comerciais. A trasfega de mercadorías desprázase do norte ao noroeste da península. Este cambio nos portos marítimos receptores, provoca unha medida en materia aduaneira que afectará aos intereses galegos. En 1565 volven establecerse aduanas –de xeito xa definitivo– entre Asturias e Galicia en Santa María de Arbás, e entre o Reino de Galicia e a Coroa de Castela en Rabanal. A décima do mar, recollería estes dereitos aduaneiros, incorporándose aos prezos dos encabezamentos das alcabalas, xunto coas outras rendas.[7]

O sal é outro dos motivos das queixas dos concellos galegos e os seus procuradores. A importancia do sal como produto básico no período moderno esta fóra de toda dúbida, tanto para consumo humano e animal, como tamén para a conservación de certos alimentos e artigos como son a carne, o peixe ou o coiro. Galicia, país gran consumidor de sal, non era quen de producir as cantidades deste produto para o seu consumo. O sal, polo tanto, tiña que importarse doutras zonas do Occidente europeo, no que destacaban principalmente tres puntos xeográficos: Andalucía, Francia e fundamentalmente Portugal[8].

En Galicia, a Coroa tiña en posesión todos os alfolíes, onde se almacenaba o sal para a súa posterior venda. Estes alfolíes, con todo, estaban encabezados polos concellos, onde estaban ubicados, incluíndose nos prezos de alcabalas e terzas. Á altura de 1557, este sistema de cobro da renda do sal a través destes gravames foi retirado. En 1564, estableceuse o estanco do sal. A Coroa, en compensación pola diferenza de cobro entre un sistema e o outro, comprometeuse a descontar unha cantidade de semellante equivalencia na nova taxa impositiva, en concreto a suma estimada equivalía a 1.466.865 marabedís segundo os datos do profesor Ulloa. Esta suma non chegaría a restarse do pago do encabezamento ata 1574. Este cambio de sistema de cobro no sal é o primeiro paso da política fiscal felipista para aumentar os beneficios da renda do sal.

Non debemos esquecer, para a mellor comprensión desta mudanza, que con anterioridade a esta última medida, o comercio deste produto semella que era bastante libre, podéndose comprar en calquera lugar coa única condición de pagar unha pequena cantidade ao alfolí. Este tipo de almacéns e puntos de venda ascendían a un número de trinta e un, localizados todos na beira do litoral galego, non existindo ningún terra adentro, é polo tanto, insuficientes para prover de sal a todo o territorio galego. A exclusividade da venda do sal estaba nas mans destes almacéns, salvo en casos de escaseza do produto, no que o comercio podía exercerse por particulares. O prezo do sal neste período abarcaba un arco flexible de entre 30 e 54 mrs. A renda do sal tivo mesmo períodos en que estivo separada da taxa impositiva das alcabalas, quedando a súa xestión nas mans destas autoridades municipais.

A situación do abastecemento, prezo e venda do sal modifícarase significativamente en 1564, como xa indicamos. Este cambio non só creará un control máis rigoroso do produto a nivel fiscal, senón tamén, provocará un incremento considerable dos prezos, que marcará o consumo. Esta suba de prezos provocará, por exemplo, dificultades na salgadura dalgúns produtos fundamentais para a economía galega, como é o caso do peixe.

O desabastecemento do sal é un problema en incremento, tras o estancamento do sal. A obrigatoriedade de comprar exclusivamente no alfolí, non só dificulta a chegada do sal ás zonas litorais galegas onde non existía este tipo de punto de venda, senón que tamén reduce o consumo nos portos onde si existe. Porén, implica ademais, que os pescadores máis pobres inclinen a súa preferencia polas especies mariñas de secado tanto ao aire coma ao sol. Esta preferencia implica un dano considerable a toda a pesca en xeral, especialmente á sardiña.

A mala administración do abasto do sal, por parte dos seus encargados, empeoraba aínda máis a situación creada dende 1564. A medición do sal era foco de conflitos. En todos os portos, e con anterioridade, ás medidas para tomar o sal eran diversas, facendo caso omiso a orde de 1479 en que se declarada a fanega de Ávila como referente. O estanco intentou uniformizar as medidas para o sal, pero os receptores dos alfolíes utilizaban unha medida que lles resultaba beneficiosa. O xeito de medir "espolvorando" o sal facíalles gañar un beneficios extra a estes encargados do alfolí, o que desata as queixas dos compradores.

O prezo do sal afonda, se cabe aínda máis, a problemática deste produto. Non só a obrigatoriedade da compra do produto no alfolí elevaba o valor do sal; a utilización dunhas medidas mínimas para a venda do produto, obrigaba en moitas ocasións a xuntarse varios compradores para proverse do sal. A utilización de pezas de escaso valor, como moeda de

cambio por parte dos receptores dos alfolíes, malia manexar o mesmo tempo moito sal, tamén facía que este colectivo lle sacase un beneficio extra ao produto.

AS PRIMEIRAS XESTIÓNS GALEGAS: A DÉCADA DE 1560

A situación económica galega nos primeiros anos do reinado felipista non é moi favorable para a aplicación de novos impostos. Ao mesmo tempo que a política fiscal de Felipe II dá os seus primeiros pasos, a pesca entra nunha crise, cando menos pasaxeira nas verbas dalgúns historiadores. Isto reflíctese ben, non só na diminución dos cercos nunha vila importante como Pontevedra, senón tamén nos acordos tomados polo Concello santiagués en materia de prezos do peixe e do seu abastecemento, así como as diversas visitas que fan os concelleiros á beira litoral da provincia[9] . Os exemplos en Santiago son numerosos na primeira metade desta década, como cando os rexedores santiagueses expresaban en agosto de 1562 "*por quanto heran informados que abia falta de sardina e heran caras en los puertos*" ou cando as peixeiras santiaguesas se presentan o ano seguinte no consistorio "*a causa de la carestía de la sardin*a"[10] . Esta situación semella prolongarse ata os últimos anos deste período. Unha petición do procurador xeral de Santiago Diego Romero, en abril de 1568, procura solucionar o alto prezo da sardiña, o que leva ao resto dos concelleiros compostelanos a "*que ellos vesitando las plaças y mercados desta cibdad allaran que no abia pescado fresco ni salado ni hacia tiempo para que se traerse a cuya causa la ciudad no esta proveida*"é un bo exemplo.[11] Polo tanto, o binomio de sal–peixe, engadido aos novos gravames, provoca un aire de malestar en todo o Reino, especialmente na súa franxa costeira.

Este ambiente, expresado en reinvidicación política, está liderado polas vilas marítimas máis prexudicadas da fachada atlántica. Estas vilas marítimas terán unha comunicación de xeito regular co rexemento da cabeza de provincia –ou mesmo do Reino– para facer as xestións pertinentes que devolvan esta problemática impositiva á situación anterior, ou cando menos, minimicen as súas consecuencias. Neste momento que estamos a analizar – o decenio dos anos sesenta do século XVI– parece levar a batuta a poboación de maior entidade e cunha maior riqueza pesqueira do cuadrante noroccidental, é dicir Pontevedra.[12] A súa maior actividade pesqueira encádrase no último cuarto deste século. A importancia do peixe para esta vila mariñeira, dinamiza o comercio nesta centuria, precisando do sal para a súa conservación. Son estes dous factores os que inciden na súa actividade política, así como no seu liderado nas negociacións na Corte por estas datas.

As xestións levadas a cabo polas vilas galegas teñen o seu comezo no mesmo ano de 1564. A declaración do rexedor de Vigo Francisco Diez de Pedrosa, ante o consistorio compostelán en 1565, así ó confirma cando di que "*Vasco de Bibero en el desta cibdad e otros procuradores particulares se abian ajuntado en la corte de su magestad para tratar lo que convenia al bien del reino sobre lo de la sal*".[13] Con todo, e neste mesmo acordo, emprázase a este rexedor de Vigo a regresar o primeiro de Febreiro dese mesmo ano, xa que se agarda a chegada de "*los procuradores de las dichas provincias e lugares como se abian contraido con el dicho señor Vasco de Vivero para tratar de lo susodicho*". Esta reunión non chegará a realizarse nestas datas, dada a tardanza dos outros procuradores.

A ofensiva dos concellos galegos semella retornar no verán do ano 1565, en que o concello compostelano decide nomear a Diego Romero como portavoz do concello ante o rei, no que mostra "*los inconvenientes que bienen a esta cibdad y lo que padece la República*" coa medida de estancar o sal.[14] Malia que, finalmente, e tras unha reunión con

outros representantes provinciais, con data de agosto dese crucial ano, deciden enviar á Corte a Benito González do Vilar para tratar o tema[15] . Descoñecemos os pormenores desta xunta de provincias.

A chegada dunha carta da vila de Pontevedra precipita os acontecementos e dálle unha viraxe a xestión. O concello non só confía a defensa dos seus intereses nesta materia nun rexedor pontevedrés asentado na Corte –Cristóbal Mariño– senón que tamén descobre o mal emprego dos cargos do Consistorio por algúns representantes desta institución. Este é o caso de Benito González do Vilar. Este representante compostelán acaba por revocárselle o poder dado polo consistorio, en datas anteriores, para dirixir a negociación na Corte. O coñecemento da súa implicación, xunto con certos mercadores de viño da cidade do Apóstolo con intereses no seu nomeamento, é a causa da negativa do consistorio a manter a confianza nesta misión política.[16]

O restablecemento das aduanas nos territorios limítrofes galegos incorpórase nestes momentos, e xa de xeito definitivo, no apartado de cargas impositivas. Esta medida afecta aos galegos –especialmente aos comerciantes que trafican coa Meseta– dende ese mesmo ano de 1565, aínda que xa fora obxecto de polémica anteriormente, nas Cortes celebradas en Valladolid no ano 1558, como xa temos indicado.

Outro correo procedente da vila de Pontevedra, e recibido no concello de Santiago o 29 de agosto de 1565, resume todas as xestións levadas a cabo en Madrid polos rexedores de diferentes vilas marítimas afectadas –encadradas case todas na provincia compostelá– e lideradaras polo rexedor pontevedrés Cristóbal Mariño.[17] As vilas de Muros, Vilanova, Cangas e Bouzas parecen confiar –igual ca o rexemento santiagués– no quefacer deste concelleiro pontevedrés. El mesmo así o expresa, xa que "*sean guiado por lo que se azia por parte desa villa y sus cedulas estan artomas cojas que la nuestra porque biene general para el daño de todo ese reyno demas del daño dese lugar*".

Mariño, na explicación da negociación, repara en tres aspectos positivos. Unha reunión cos deputados do encabezamento xeral é o marco deste diálogo. Nesta xuntanza, e coa presenza de dous "homes de leis" da Coroa de Castela e un tal *Benites*, letrado de Sevilla, insiste nos apartados máis problemáticos. O encabezamento xeral do Reino –xa acordado– e a aceptación das rendas reais polas diferentes vilas, tiña un obxectivo político claro neste concelleiro: presionar o poder monárquico para non subir o prezo do sal. A petición de retirar, do mandato real, a prohibición de traer sal foránea a Galicia, como se facía anteriormente, foi a segunda petición positiva en palabras do rexedor do Lérez. Finalmente, a petición de non establecer unha aduana en Rabanal, implica a entrada nas reinvidincacións desta problemática dos portos secos. Esta reclamación sobre aduanas, é argumentada cos encabezamentos, dado que estes xa estaban asignados. Porén, a décima convertíase nunha renda cargada nos devanditos encabezamentos, e tamén agora, pretendíase cobrar noutro apartado de índole diferente.

Estas reclamacións, completadas con maior argumentación, foron recollidas nun memorial. Este é o último paso desta primeira negociación sobre sal e aduanas. Este escrito, presentado ante os deputados da Coroa, levaba como cabeceira a suplicación non só de Galicia, senón tamén do Principado de Asturias e dos "catro sacados", chegando a facer referencia explícita á falta de abastecemento de sal e á necesidade de buscarlle unha solución. As peticións –xerais para toda Galicia– son bastante claras. No tema do sal – aínda que agora asúmese que a realeza poda segregar dos encabezamentos a parte dos alfolís– consideran que o territorio é danado pola suba do prezo do sal e pola prohibición

de abastecerse de salinas foráneas. O prezo deste produto –segundo consta na documentación– está establecido en dezaoito ducados o "moio», cando anteriormente o seu prezo non ascendía de trinta e seis reás. A prohibición de traer sal foráneo, ten a resistencia dos galegos, xa que anteriormente se facía deste xeito, en casos de escaseza, pagándolle o rei unha taxa de seis reás e medio por "moio". Por outra banda, a instauración da Aduana de Rabanal é considerada por este memorial un importante agravio. A aceptación do encabezamento volve reiterarse. A gran cantidade de "sobras" do volume recadado das alcabalas, en datas anteriores, e reducidas agora con esta medida, semella estar destrás destas afirmacións. Estes excedentes fiscais posibilitaban outros pagos tributarios á Coroa, e polo tanto, unha menor carga sobre os seus contribuíntes a nivel municipal. Pero tamén estas "sobras" se utilizaban para diversas actuacións no ámbito municipal, que reducen o gasto na facenda local. Temos coñecemento, por exemplo, do investimento de xuros para o pago dos «servizos» á Coroa, por parte do concello de Pontevedra, ou tamén, o investimento en arranxos de fontes, pontes e outras infraestruturas por parte do rexemento santiagués, a través da utilización destes fondos. [18]

Cal é a resposta da Coroa a esta ofensiva política galega? A administración de Felipe II mantén a súa tónica en materia fiscal, matizando a súa posición con respecto ao primeiro ditame. As modificacións feitas pola Coroa quedan recollidas nunha cédula real do ano 1566. A medida tómase tras facer "*relación del agravio y daños que recibian a causa de aberseles permitido y sacado de sus encabezamientos los alfolíes de la sal y subidose el precio della de como se solía vender e proybidole quenose puedan prover dela dicha sal de fuera delos dichos alfolíes e representando otros yncombenientes"*. O monarca rebaixa un real do prezo estipulado para o produto –o valor da fanega de Ávila queda en 4 reais– e ordena que debe ser uniforme en todos os alfolís. O mandato real pretende tamén garantir o abastecemento deste produto a todo o territorio interior galego a prezos razoables, permitíndolles pagar aos alfolís, nun espazo breve de tempo. O terceiro punto a destacar desta cédula real é a posibilidade de fiarlles a "*personas particulares que sean conocidas y abonadas"*. A omisión da situación creada pola instauración da Aduana de Rabanal –obxecto tamén de protesta por parte das vilas galegas– pecha a posibilidade dalgunha modificación neste período. Polo tanto, a administración desta peaxe comercial, polas noticias que posuímos, manténse na mesma situación de 1565.[19]

En consecuencia, a situación non semella variar moito con esta medida, si ben é certo que as protestas parecen remitir, ou cando menos, as noticias que temos delas na documentación. Este contexto de relativa calma non perdurará moito tempo. En 1569 os concelleiros composteláns vólvense facer eco da necesidade de sal na cidade, encargándolle ao provisor e asistente a súa compra na vila de Padrón. O sal, e a súa escaseza, volve ser nova. Neste período curto de tempo, o concello santiagués limítase a acordar as medidas do sal e o seu prezo de venda polo miúdo. A referencia é ao alfolí de Noia. Os prezos deste produto son marcados en relación aos establecidos polo oidor Murga, persoa encargada do estudo para coñecer a situación dos alfolís galegos. Estes prezos sitúan o ferrado do sal en 40 marabedís, vendéndose a porción do sal máis pequena a unha branca[20] . A problemática do sal seguía sen resolverse tras a última ordenanza da Coroa en 1565.

A problemática do sal e das aduanas como novos impostos, máis a crise pesqueira, relegan a reclamación dun procurador nas Cortes a un plano secundario, malia non chegar a suspenderse a súa reinvidicación en ningún momento.

As capitulacións de Valladolid de 1557 deixaron patente non só, a discordia entre as diferentes provincias galegas, senón tamén que, a consecución desta reinvindicación do voto sería unha complicada empresa coa chegada de Felipe II.[21] En Valladolid, acordan alternarse, asistindo en dúas ocasións cada cidade, nun período temporal de sete convocatorias de Cortes. A posición contraria de Santiago, pretendendo asistir en máis ocasións como cabeza do Reino, malia non conseguir os procuradores galegos o seu obxectivo nese momento, é a causa das disputas entre as cidades galegas durante todo este reinado, e mesmo, nas primeiras décadas do reinado de Felipe III.

A inexistencia de xuntas de provincias por estes anos –se exceptuamos a posibilidade da reunión de 1565– obriga a realizar as xestións de interese xeral do reino galego dun xeito particular polas diferentes provincias, vilas ou aldeas, como se comprobou coas reclamacións polo sal. O concelleiro pontevedrés Cristóbal Mariño xa advertía que este xeito de actuar non era o correcto, e apelaba á reinvidicación colectiva dos representantes galegos nas xestións de vital importancia para Galicia. As súas verbas son ilustrativas, a problemática de novos impostos "*no es negocio de un pueblo syno de todo el rreyno"*[22] . Esta idea de reclamación común, a que apela o concelleiro pontevedrés, non é seguida tampouco no tema do voto en cortes nesta década de 1560. A idea de fronte común das cidades galegas, semella abandonada nestas datas. A negociación das cidades realízase de xeito particular. Un bo exemplo é unha carta do rexedor compostelán Benito González do Vilar de 1568 que reflicte as disputas entre as provincias e a xestión desta reclamación clásica dun xeito individualizado por cada unha delas, especialmente da antiga provincia da Coruña. Este representante municipal comunícalle ao seu concello que «*del Consejo avian inviado al señor Regente una provisión para que inviase relación de la diferencia que abia entre ese Reino y la ciudad de Çamora y la orden que se suele tener en la junta de provincias*». Non temos datos que acrediten a existencia desta provisión real, nin tan sequera da continuidade dese negocio a curto prazo. A inexistencia de comunicación, e porén, a discordia dos representantes galegos na corte, queda patente na información dada polo rexedor santiagués. Nese escrito expresa que "*esta cédula o provisión real se despacho a ynstancia de un regidor que esta en la corte de la Coruña* (sic) *y asta aora no se sabe que la ciudad de la Coruña aya hecho la diligencia"*.[23] A discordia que comezara en Valladolid seguía patente.

A reunión celebrada en Ourense en 1570 entre os procuradores de provincias, por unha banda, e o Rexente e oidores da Real Audiencia, pola outra, abre un novo período. A xuntanza semella ser o punto de inflexión no tema do voto en cortes. Esta reunión dos procuradores galegos, que ten aparencia de xunta de provincias, toca abundantes temas de interese galego. A raza dos cabalos e un tema en relación a fidalguía, son citados en primeira instancia pola información entregada por Benito Méndez de Andrade e é o tema cabalar o máis importante desta xuntanza segundo as verbas deste representante. Estes temas son postos en coñecemento dun cargo institucional, que aparece por primeira vez na información documental, e que será unha figura importantísima nos últimos anos do reinado de Felipe II. Este posto é o de secretario da Real Audiencia, no que destacará Ares González nun período posterior, e que agora esta en mans de Gomez Albarez, persoeiro do que carecemos de máis noticias. Outros temas acompañan estas primeiras cuestións, mencionándose moi devagar « *la dyferenzia del boto del Reyno con Çamora*». Por outra parte, botamos en falta referencias ao tema do sal ou da administración de aduanas, dando a impresión de ser o resultado dunha paralización provisional destas xestións, tras a cédula real de 1566.

A convocatoria desta xuntanza, pode estar motivada pola presión dunha cidade como Santiago que vía como A Coruña levaba a batuta na xestión desta materia pola súa propia conta. Non obstante, se esta reunión fora o resultado da provisión que mencionaba Benito González do Vilar en 1568, a convocatoria existiría, e polo tanto, o carácter da xunta xa sería oficial. A escaseza documental, só nos deixa movernos en hipóteses, sen unha conclusión de certa claridade, quedando á espera de novas investigacións sobre o carácter desta xunta.[24]

Polo tanto, dende o comezo do reinado de Felipe II hai tres temáticas centrais – voto, sal e aduanas– que están presentes. Na primeira década de reinado, o sal e a aduana de Rabanal están en primeira liña da actuación política galega. Tanto unha materia como a outra é probable que xa estean presentes cando se asinan as capitulacións de Valladolid en 1557. O sal e a súa administración foran retirados do prezo das alcabalas ese mesmo ano, data na que se escoitan as primeiras voces de alarma pola instauración –ou máis correcto recuperación– da aduana no porto seco castelán de Rabanal. As medidas tomadas en 1564 –co estanco do sal– e o ano seguinte –co definitivo establecemento dunha aduana entre Galicia e Castela– exemplifican a primeira etapa de política fiscal felipista. Esta primeira fase fiscal activa as protestas galegas nun período marcado pola importante crise pesqueira, impulsando as xestións dos representantes galegos dun xeito particular. O voto, punto central da política a comezos do reinado, queda relegado a un segundo plano nesta década. A reactivación desta materia política corresponde á segunda metade do decenio. As reclamacións son levadas –como ocorre co sal e a aduana– dun xeito individualizado, manexando a batuta A Coruña e mostrando as difíciles relacións das provincias galegas neste tema político. Malia que as xestións do voto, sal e aduanas son particulares, estes son os primeiros pasos dunha futura fronte común. En 1570 ábrese un novo ciclo de reclamacións, e que terá a maior forza nos anos seguintes desa década, como veremos a continuación.

XESTIÓNS E XUNTAS DE PROVINCIAS (1571–1579)

A xunta de 1571 organízase nun primeiro momento na cidade de Ourense, onde residía a Real Audiencia, trasladándose máis tarde a cidade da Coruña, a consecuencia de certos problemas en relación á peste que afectaba a Galicia por estas datas. A primeira reunión celebrase o 20 de maio dese mesmo ano, para rematar cunha segunda xuntanza o 1 de xullo do mesmo período na cidade herculina. O único tema tratado en Ourense é sobre gandería, materia da que descoñecemos os pormenores. O resto das materias por tratar aparecen reflectidas nun poder a Rodrigo de Meiranes, rexedor coruñés. A información admite que en Ourense "*no se abia platicado sobre lo tocante a la horden que se podia e debia thener sobre le boto de cortes que la cibdad de çamora tiene usurpado deste Reino y sobre las bexaciones y agrabios que el Reino ha recibido y recibe de los juezes de aduanas que nuevamente se avian puesto en este Reino y los administradores de los alfolíes de la sal y sobre otras cosas no menos importantes" (...)*[25] .

Os acordos tomados nesta xunta, tanto en Ourense como na Coruña, son comunicados polo procuradores ao seu concello, como tamén a representantes doutros concellos interesados nos temas tratados. Así Paio Sorreo e Pedro Vázquez Sobreira, veciños de Pontevedra e Cangas e rexedores nos seus respectivos consistorios, asisten en Santiago a unha reunión do concello compostelán para informarse. A cabeza de provincia, así mesmo, leva as reclamacións nalgunhas materias –feitas por estas vilas– ás xuntas de provincias, como de seguido veremos. A interlocución bilateral entre a cabeza de provincia

e as súas vilas costeiras semella xa constatarse nestas datas abertamente. Ao sistema representativo provincial das xuntas, constatado xa dende 1552, temos que engadirlle unha nova característica. Unha característica que é complementaria a esta doctrina de representación: a articulación de canles de comunicación entre a cabeza provincial e os lugares e vilas da súa xurisdición. Os temas que máis lle concernen ao territorio son comunicados a estes puntos xeográficos, xa non representados directamente nestas reunións. A pesar disto, esta intercomunicación non ten porqué ser exclusiva da celebración de xuntas, como xa vimos, tanto nas xestións levadas na década anterior en relación á problemática aduaneira, como tamén na administración do sal. Esta caracterización non exclusivista das xuntas volverá confirmarse no ano 1572. A comunicación recíproca, nese ano, entre Santiago e as súas vilas e portos marítimos –cítanse concretamente na documentación aqueles lugares que teñen alfolí, como Pontevedra, Muros e Noia– así o confirman. A capital de provincia actúa incluso de voceira dos intereses específicos destes lugares –neste caso o tema do sal– xa non só diante do resto de procuradores galegos, senón tamén diante do rei.

Non obstante, non podermos esquecer a posibilidade de que estas xestións –malia ser só unha hipótese– se enmarquen nunha actuación de continuidade dos acordos alcanzados na xunta de provincias de 1571. Polo tanto, a relación cabeza provincial–portos marítimos en 1572 podería ser unha xestión da xunta de provincias do ano anterior. Esta afirmación responde ao reducido intervalo temporal trascorrido entre a información achegada polo rexedor de Santiago Pedro Abraldes a finais de xullo de 1571 e o comezo do debate para a viaxe á Corte dun rexedor do mesmo concello en febreiro do ano seguinte. Tampouco debemos esquecer que os temas a negociar nestas xestións en Madrid de 1572 son os mesmos da xunta do ano anterior –voto, sal e aduanas– exceptuándose o acordado para o gando en Ourense. [26]

A asistencia en 1571 ao consistorio santiagués destes dous rexedores non composteláns, tamén exemplifica a importancia do tema do sal e das aduanas para a franxa costeira galega, especialmente a situada ao sur da provincia compostelá. O tema do voto suscita igual –ou máis– interese para estes rexedores, porén solicítanlle ao concello santiagués información sobre o tratado nas capitulacións de Valladolid. Esta petición das vilas de Cangas e Pontevedra pode ser un indicio do que xa levamos barallando con anterioridade. A posibilidade da inclusión da problemática do sal e as aduanas, como factores nas negociacións de 1557 polo voto, podería confirmarse con esta preocupación das vilas e lugares costeiros, catorce anos despois. Non debemos esquecer, non obstante, a posición contraria de Santiago na problemática da quenda de cortes, causa probable da falta de celebración de xuntas no decenio anterior, e que perdurará ata o século XVII.

As actuacións de 1572 para enviar o procurador Pedro Abraldes a Madrid, por parte de Santiago, e as xestións levadas por este na Corte, encádranse nun período prolongado de tempo. Neste período intercálase a xunta de provincias da Coruña de 1573 que mostra a negativa dos procuradores galegos ao servizo dunha Armada para a defensa do litoral galego. Esta petición do monarca ao Reino de Galicia será un factor para a paralización das convocatorias de xuntas, sobre todo a partir de 1579. Ao mesmo tempo, o rexedor Pedro Abraldes continúa en Madrid as súas negociacións, no só do voto, senón tamén para a resolución dos prexuízos que trouxeran as medidas do sal e aduanas, ditadas a mediados da década dos sesenta. A súa estancia prolóngase ata 1574, aínda que sospeitamos que non de xeito continuo.[27]

Esta primeira ofensiva galega nos anos setenta do século XVI déixanos algunhas conclusións claras. En primeiro lugar que tanto o problema do estanco do sal, mesmo tras a modificación de 1566, así como a xestión das aduanas seguen sen resolverse. A esta dobre problemática engádeselle a reinvidicación política do voto, que volve ser un dos asuntos máis importantes da política galega. En segundo lugar, constátase o intercambio de información da zona litoral da provincia de Santiago coa cabeza de provincia, tanto para os temas acordados nas xuntas de provincias, como tamén para outros asuntos de máxima relevancia para estes puntos xeográficos, facendo mesmo Santiago de portavoz de todos eles perante o rei.

O tema do sal é o centro da segunda ofensiva galega arredor dos anos 1575 e 1576. Esta ofensiva está situada nun contexto clave, xa que comeza o segundo período fiscal de Felipe II e a situación pola que atravesa o territorio galego non é boa. A política fiscal de Felipe II recibe unha novoa viraxe, triplícase o volume dos encabezamentos das alcabalas a nivel de toda a Coroa de Castela. Felipe II con esta medida rompe un "status quo" fiscal pactado entre seu pai e as cidades con voto. En 1577 o monarca consegue recompoñer o pacto, aínda que desta volta, os beneficios obtidos polas cidades fosen moito menores.

A evolución da cantidade asignada para pagar Galicia –en materia de alcabalas– non supuxo unha triplicación do volume, senón unha suma próxima a duplicación do recadado en datas anteriores. Polo tanto a carga fiscal sufrida foi menor en comparación con outros territorios penínsulares. Pegerto Saavedra chega a falar incluso de desgravación relativa en Galicia, cargando as grandes cidades do centro–sur da Coroa o maior volume. Con esta política Felipe II beneficia as zonas máis ruralizadas, de menor integración nos circuítos do comercio e cunha poboación dispersa, como é o caso galego.

Non obstante, este cambio brusco nos encabezamentos, sen grandes traumas no noso territorio, non implica a inexistencia dunha situación de descontento. Vilas como Pontevedra non se encabezan ata 1584, sendo administrado este gravame polo sistema de fieldade, e polo tanto, provocando grandes fraudes. Ademais, temos que engadir que, dende a segunda metade deste século, as alcabalas adquiren un maior carácter urbano, cargando o maior volume sobre as vilas e cidades do litoral galego, como é o caso da cidade do Lérez. Estas protestas galegas, motivadas polo incremento alcabalatorio, son un factor a ter en conta nestes anos. [28]

Así mesmo, dende 1573 temos constancia da mala situación que atravesa Galicia nesta década. Son os procuradores de Zamora os que mostran, nunha súplica ao rei para a prolongación do encabezamento por dous anos máis, as dificultades polas que pasaba o territorio galego. A intención era non incorporarse ao dito gravame, xustificándose na carestía que *"procede de la falta de salud del reyno de Galicia y necesidades de aquella tierra"*. Se ben, esta posición dos procuradores zamoranos pode enmascarar unha pretensión desta cidade castelá: non aceptar o novo prezo desta carga fiscal. O certo é que a situación de penuria se confirma nos anos seguintes, fundamentalmente a partir do ano 1575. As frecuentes crises de subsistencia, a incapacidade gobernativa das institucións reais no territorio galego –tanto pola falta da figura dun gobernador como da situación itinerante da Real Audiencia– a inseguridade marítima e a carencia de fortificacións na costa, así como unha posible contracción demográfica son os factores máis importantes desta crise, xa estudada en traballos anteriores.[29]

Neste contexto histórico de crise, Galicia reactiva as súas negociacións co poder real no relacionado co sal. A provisión real do Rexente Portocarrero de Maio de 1575 é o primeiro paso desta segunda ofensiva. Con esta medida o rexente solicita a participación do concello santiagués, en compaña de representantes doutras provincias, para o envío a

Madrid dun representante galego. O seu encargo sería tratar co rei a situación da falta do sal e as súas consecuencias para a pesca. A posición galega é alongar as alcabalas ou non instaurar ningún imposto por fanega, para que o comercio deste produto sexa libre. Esta provisión real é a resposta a unha relación feita con anterioridade polo propio Rexente –seguramente pola presión das cidades– e entregada ao rei no Consello de Facenda. Finalmente é nomeado polo concello santiagués o Licendiado Ulloa para falarlle deste tema ao rei, en compaña de Joan de Noba de Lemos, rexedor ourensán, que será nomeado pola "posible" xunta de provincias, reunida ese mesmo ano. [30]

Esta provisión real de mediados de decenio, provoca a confirmación de dúas hipóteses xa baralladas. En primeira instancia a crise desta década en Galicia, anteriormente tratada. Esta crise engade unha problemática, as xa citadas, como é o abasto do sal na primeira metade da década e a súa influencia na pesca do litoral galego. En segundo lugar, a idea da posible falta de autoridade dos Rexentes para tomar importantes decisións, argumento xa expresado polo profesor Eiras Roel, que se apoian na opinión das cidades galegas ou que ceden á presión destas, como o expresa claramente esta provisión real. [31]

Por outra banda, coñecemos a través desta provisión real, a posibilidade da realización dunha xunta de provincias, coa intención de levar unha postura de consenso de todo o reino nesta materia. A orde dictada polo Rexente ao concello compostelán de reunirse en consitorio e tamén coas "*demás personas que bengan y enviaran las demás provincias*", para posteriormente facelo coas autoridades reais en Galicia, así o parece confirmar. Esta reunión semella ter carácter oficial, xa que outra provisión posterior do Rexente sobre o tema, fala da reunión dos procuradores de provincias de Galicia. A falta de noticias sobre esta reunión na documentación municipal santiaguesa entre Xuño e Agosto dese mesmo ano impídenos ter maior información sobre esta xunta de provincias.

A devandita provisión real posterior ten data de Outubro de 1575. Esta semella ser a consecuencia da xunta de provincias celebrada na cidade compostelá ese mesmo ano, malia seguir descoñecendo a data concreta.[32] Nesta reunión parece que a pretensión é acordar o nomeamento das persoas que levarán ante o rei as reinvidicacións galegas e as pautas para unha posible negociación. Coa decisión xa tomada do nomeamento dos rexidores de Santiago e Ourense, as pautas explicadas por D. Pedro Portocarrero nesta ordenanza de 1575 son claras:

-Alongar as alcabalas, recuperando a situación anterior ao estanco do sal.

-Cargar cun imposto do sal de medio real (ou en caso de dificultades 1 real), negando calquera posibilidade por vía de encabezamento.

-Avisar ao Rexente antes de tomar a decisión definitiva.

Non obstante, a mesma provisión informa das pretensións da Coroa, segundo as noticias achegadas polos concelleiros galegos en Madrid. As autoridades reais, segundo esta información, pretenden dar a carga impositiva por encabezamento, malia que nas últimas datas, este gravame non se aplica deste xeito. Asemade, o poder real non quere que se cobre dous reais e medio por cada fanega deste produto. O Rexente ante esta situación decide consultar varias fontes, como por exemplo, a algúns rexedores das cabezas de provincia –localizados na Coruña– para tomar unha decisión urxente. Estes representantes deciden non aceptar o sal a través do encabezamento. Asemade, tamén deciden que si o rei non acepta o alongamento do sal cun imposto de medio real, debe facerse petición de liberdade de comercio para este produto, pagando un real como dereito. Para facilitar o sobredito imposto, e ao mesmo tempo xustificar a súa petición, deciden pescudar cal foi o sal

consumido nos últimos anos en Galicia, así como os gastos e beneficios tirados do seu comercio. Non coñecemos os datos desta investigación sobre o sal, aínda que Santiago fai as xestións para a confección deste informe ordenado polo Rexente[33] .

No caso de dificultades nesta negociación, volvería incidirse no aspecto consultivo coas diferentes provincias antes de tomar unha decisión. Así mesmo, e dada a importancia da pretensión dos procuradores galegos, os gastos corren a cargo de todo o territorio galego, sendo cobrados a xeito de repartimento. O depósito deste cobro corre a cargo da Real Audiencia.

A comunicación coas zonas litorais afectadas volve confirmarse nas xestións posteriores desta provisión real de outubro de 1575. O ano seguinte da provisión, e á espera doutra reunión co resto das provincias galegas, a posición santiaguesa semella clara e de consenso. As zonas litorais son consultadas como lugares afectados, son os casos de Vilanova de Arousa, Muros e Noia. Aínda que estes lugares teñen diversidade de opinións, a posición de non aceptar o pago do sal por encabezamento ou arrendamento é unánime. Aquí xa funciona o temor a un incremento maior das alcabalas, como estaba ocurrindo noutros lugares da Coroa. A alternativa, dende a perspectiva da provincia santiaguesa, pasa por un imposto dun real por fanega de sal de Ávila, sen aceptar un prezo maior. Descoñecemos a resolución desta ofensiva e as súas consecuencias.[34]

Polo tanto, o estanco do sal está presente en todas as reclamacións galegas destes anos. Ademais de ser materia de xuntas de provincias, e cambio de impresións entre estas, tamén é obxecto dunha comunicación de reciprocidade entre a cabeza da provincia compostelá e outros lugares do litoral afectados. A autoridade dos Rexentes –cargo instaurado en 1565– reflicte nestes momentos unha importante debilidade respecto ás cidades. A necesidade de consultar estes núcleos urbanos ou a presión destes, remataba por implicar a esta figura institucional nas reclamacións galegas. Non obstante, ademais de descoñecer a resolución desta última ofensiva galega polo sal, este produto non deixa de ser obxecto de reclamación durante todo o reinado de Felipe II, así como tamén as aduanas e o voto.

As Cortes da Coroa de Castela posteriores a estas negoaciacións, así como a primeira xunta de provincias do reinado de Felipe III en 1599, son algúns exemplos da continuación dun problema de longa traxectoria como é o caso do sal. Nas Cortes celebradas entre 1579 e 1582 procurouse un xeito de amortizar a débeda, ao mesmo tempo, debateuse para atopar algún recurso que lle permitise ao rei baixar o prezo do sal. As cortes de 1586–88 repiten as queixas, referíndose fundamentalmente á situación de Galicia e Asturias, en relación ao almacenamento do sal en propiedade de particulares. En 1588 e 1590 volven presionar polo prezo abusivo do sal. As protestas contra o arrendatario do sal foi o centro de debate das Cortes en 1593. Polo que atinxe ás primeiras xuntas de provincias do reinado de Felipe III, celebradas no ano 1599, fíxéronse diversas peticións por parte das cidades galegas, sendo outra vez o abasto de sal unha delas.[35]

Nestes anos de mediados do decenio dos setenta, a petición do voto relégase a unha situación secundaria. Con todo, temos constancia de que a reclamación non desaparece da vida política galega. O concello de Santiago solicítalle no ano 1576 ao doutor Palacios que non reclame ningún tipo de salario, xa que o tema do voto fora suspendido. Polo tanto, temos certeza de que aínda en 1574 se negociaba o voto na Corte, e que permaneceu na política galega levada en Madrid, cando menos ata 1576. Non obstante, o maior pulo desta década nesta reinvidicación prodúcese en 1579, como xa fora expresado na introdución deste traballo, así como por outros historiadores. A escasa pegada documental das xuntas celebradas ese ano nos fondos municipais de Santiago, non nos permite achegar novos datos neste senso [36]

Estas foron as últimas xuntas deste reinado, se consideramos certas as informacións da xunta de 1599. Non obstante, a posible influencia dun galego en Madrid no ano 1585, incide na petición do voto. A influencia do eclesiástico galego da familia de Lemos D. Rodrigo de Castro non foi suficiente para romper a tónica negativa de todo o reinado nesta materia política. [37]

Este foi o derradeiro intento da consecución do voto durante o reinado de Felipe II. Esta última negociación faise á marxe das xuntas de provincias, por estas datas sen actividade política. Esta parada política do órgano galego perdurará durante vinte anos – entre 1579 e 1599– froito, con seguridade, dunha dobre motivación: o bloqueo continuo ás reclamacións polo voto dos procuradores galegos; ao que se lle engade a negativa a convocar os procuradores galegos en xunta, por parte deste monarca, tras os fracasos das peticións de servizos particulares.

A morte de Felipe II abre un novo período nestas reunións, moito máis puxantes no tema do voto. A chegada dun novo equipo de goberno co novo monarca, cun compoñente galego moi importante, é un dos motivos da rápida convocatoria. Con Felipe III viña un novo integrante da casa Condal de Lemos – e familiar do válido Lerma – como era D. Fernando Ruiz de Castro. Así mesmo a importancia de poder controlar as cidades con voto a administración dos millóns incide moito máis na súa petición de convocatoria. As xuntas de provincias non teñen capacidade para decidir sobre o imposto de millóns, con todo, o voto decisivo das Cortes levan parello a posibilidade de que as cidades poidan conceder ou denegar esta carga tributaria. Polo tanto, esta primeira xunta do novo reinado –en 1599– xa é o exemplo dunha nova situación. Neste novo contexto se combinan tanto aspectos innovadores, como factores continuistas do reinado anterior. Esta nova situación queda fóra do noso arco temporal, polo tanto non imos insistir nela.

Por outra banda, a administración aduaneira semella non ser obxecto dunha grande actividade política no último cuarto de século. Na segunda parte da década dos setenta esta nova carga fiscal non deixa rastro documental. Polo tanto, as reclamacións galegas anteriores non tiveron eco no poder real. O desdoblamento da aduana de Rabanal en outras dúas administración situadas en Vilafranca do Bierzo e Puebla de Sanabria en 1574, así como a cesión dunha porcentaxe do cobro desta última ao porto de Vigo nesas mesmas datas, son as modificacións máis destacadas. A cesión no cobro dunha parte de Puebla de Sanabria á vila viguesa, así como o seu maior volume de recadación exemplifican a importancia dos portos do sur do litoral galego. Malia esta situación, en 1579 as Cortes de Castela mantiñan a esperanza protestando "*que se han puesto nuevas aduanas nunca las habiendo habido*". Con todo, en 1582 comeza a administración conxunta das aduanas do territorio galego con aquelas situadas no Nordeste penínsular. A consolidación das aduanas xa era un feito.[38]

CONCLUSIÓNS

O coñecemento das xuntas de provincias durante o reinado de Felipe II era escaso na historiografía galega. Temos que exceptuar as reunión de 1557 e 1573 vinculada á peticións de servizos particulares, así como aquelas que –tradicionalmente– relacionábanse exclusivamente co voto en cortes, como son as de 1579. A falta de fontes documentais específicas e a vinculación da historiografía tradicional, tanto coas xuntas de provincias, como coa procura de noticias da recuperación do voto en cortes, son factores que poden estar detrás desta carencia no seu estudo. [39]

Este traballo tiña como obxectivo paliar esta deficiencia historiográfica, fundamentalmente polo pouco coñecemento das xuntas da década de 1570, como xa

expresamos na introdución. A falta de fontes específicas das xuntas foi superada coa utilización da documentación máis próxima ao territorio e a clase política galega como é a municipal. Por outra banda, a atracción dos historiadores modernistas por estudar a recuperación do voto en cortes ensombreceu, tras de si, outros posibles factores da convocatoria deste órgano de representación, como é o caso do estanco de sal ou da restauración da administración aduaneira. Estes factores, agora analizados, foron fundamentais para localizar outras xuntas e aclarar o papel desta institución na segunda metade do século XVI. As achegas da documentación municipal aclaran importantes aspectos desta institución, a súa doctrina representativa e os factores que inciden na súa convocatoria.

Os resultados máis salientables da nosa investigación son os seguintes:

– A consulta de documentación municipal achegounos a estes novos factores que incidiron na convocatoria das xuntas de provincias, así como no coñecemento en maior grao do tema do voto. Ademais, as noticias dos Libros de Consistorios reflectiron outros datos de grande interese. A comunicación da cabeza de provincia coas vilas e lugares máis importantes da súa xurisdición en materia de intereses político–económicos, o seguimento máis pormenorizado dos temas de interese galego no intervalo temporal sen convocatoria de xuntas de provincias, a repartición dos gastos destas xestións políticas ou a correspondencia entre os concellos e os dirixentes políticos en Madrid son algúns temas que ofrece esta documentación para a investigación do século XVI. Polo tanto, a heurística municipal preséntase como un fondo documental esencial para o estudo deste tema, ofrecendo importantes achegas aos historiadores en futuras investigacións.

– A visión tradicional das xuntas de provincias como órgano representativo oficial de Galicia e xa institucionalizado fora desbotada nos anos 90 por A.Eiras Roel.[40] A descontinuidade temporal das convocatorias, en comparación coas Xuntas do Reino no século seguinte, confirma esta idea de falta de recoñecemento institucional. Así mesmo, o noso traballo reflicte as importantes negociacións levadas a cabo polos representantes galegos, de xeito particular e á marxe desta institución representativa, durante o tempo no que non se celebran xuntas. Polo tanto, estas xuntanzas non son consideradas, aínda, unha canle normalizada para a resolución dos intereses galegos por parte das autoridades reais. A denominación das propias reunións –onde case nunca se utiliza o termo "Reino" – ou a súa situación xerárquica nas institucións do territorio confirman esta idea dun órgano como provisional e non institucionalizado. A sumisión das xuntas de provincias á Real Audiencia reflíctese en case todas as xuntanzas, si exceptuamos algunha posible reunión de carácter informal. As xuntas de provincias aínda están nun segundo plano no aparato institucional galego.

- En canto ao aspecto das competencias, o noso estudo revela importantes datos. Durante o século XVI as xuntas de provincias adquiren importantes atribucións. Nun primeiro momento teñen como función a repartición dos servizos que xa concederan as Cortes, para máis tarde, chegar a conceder –e no seu caso negar– estas achegas de carácter particular. Non obstante, estas atribucións adquiridas durante o período do Emperador son retiradas no reinado de Felipe II de xeito progresivo. Malia esta perda de competencias, neste período, as xuntas gañan atribucións no aspecto reivindicativo. As informacións destas reunións reflicten, por un lado, a busca de solucións para problemas de interese común para Galicia, e polo outro, o nomeamento de rexedores para as negociacións coas autoridades reais. Para a toma destas decisións, os rexedores teñen

unha ampla liberdade concedida polo Rexente, que en posteriores xuntanzas intentarán converter en norma. Esta figura institucional vinculada á Real Audiencia, por outra banda, semella non ter a capacidade decisoria sobre determinados temas de importancia para o Reino. A presión das cidades supón a maioría das determinacións deste cargo institucional para convocar xuntas de provincias ou levar xestións a Madrid sobre determinados temas, como ocorre en varias ocasións sobre o tema do sal. O Rexente, polo tanto, mantén un papel débil, deixando unha certa autonomía nas mans das cidades, aínda que é o cargo institucional o primeiro banzo na xerarquía de Galicia.

– A representatividade das xuntas de provincias quedara xa confirmada en 1552. Os datos proporcionados polos fondos municipais de Santiago mostran unha característica complementaria a esta doctrina representativa: a comunicación recíproca entre a cabeza de provincia e os lugares da súa xurisdición dun xeito moi fluído. Así e todo, temos noticias de antecedentes na comunicación coas vilas e aldeas marítimas non representadas nas xuntas. Para o período do reinado de Carlos I, a profesora Mª del Carmen Saavedra –nun dos seus últimos traballos sobre historia militar– xa nos achega importantes datos sobre esta nova doctrina representativa e as súas características. O período inicial desta doctrina vén condicionada polos avatares da coxuntura e o esforzo militar da Monarquía, segundo esta historiadora. Para conseguir certos obxectivos militares, a Audiencia e o Gobernador chegan a tentear a opinión das aldeas e vilas do mar, non partícipes nas reunións de xuntas, por ser as máis afectadas polos ataques. Esta consulta responde aos intereses da Coroa para sacar adiante proxectos militares en Galicia sen ningún tipo de custo.[41] No período felipista, o importante interese das vilas costeiras polos ditados das xuntas de provincias, así como o interese da capital por lexitimar as súas reinvidicacións, chega a consolidar unha comunicación bilateral entre a cabeza de provincia e as vilas e lugares de ámbito costeiro. Esta comunicación recíproca entre ambos os puntos xeográficos introduce unha variable de opinión e consulta. Os concellos desprázanse á cabeza de provincia para recoller a información sobre os acordos das xuntas de provincias, para máis tarde, debatilos no seu propio consistorio e dar a súa opinión, antes de comezar as xestións na corte. Este aspecto é un aspecto lexitimador das reinvidicacións da capital da provincia. Mesmo, en certas ocasións esta consulta é ordenada polo Rexente, o que potencia este factor lexitimador. A cabeza de provincia levará a voz destes concellos nas negociacións, así como tamén as súas reclamacións, tanto nas propias xuntas de provincias coma perante o rei. Esta intercomunicación non se pecha só as xuntas de provincias, xa que existe nos intervalos temporais onde estas non se reúnen. Non obstante, no noso estudo, a intercomunicación permanece vinculada ás temáticas tratadas por este órgano de representación, manifestando estes lugares costeiros o seu parecer –na linguaxe da época– e as súas protestas nas xestións levadas a cabo. Polo tanto, esta doctrina de representación provincial semella estar nun período transitorio, no que aínda non se desprende totalmente dos pobos e vilas do seu contorno, e estas se converten nun actor de consulta, información e lexitimación das materias políticas a debate.

- En canto aos temas tratados polas xuntas, temos que facer fincapé principalmente no apartado fiscal. A política fiscal nos primeiros anos de Felipe II caracterízase pola creación de novos impostos ou a recuperación doutros vixentes en reinados anteriores. Neste contexto, especialmente na segunda metade de centuria, o litoral galego dinamízase coa industria pesqueira e o comercio do viño, entre outros apartados. É a época de crecemento económico dos portos das Rías Baixas, como Pontevedra, Vigo ou Noia. Polo tanto, a

nova política fiscal de Felipe II –co estancamento do sal e instauración da aduana de Rabanal– incide na evolución do comercio galego, prexudicando as vilas do litoral. A implantación destes gravames novos e a súa posterior vixencia, sen excesivos cambios, explica as xestións dos procuradores galegos para recuperar o seu "status quo" fiscal, para modificar os impostos, ou cando menos, para reducir os seus efectos. A prolongación das negociacións, sen grandes beneficios para o territorio galego, incidirá para que estas cargas tributarias sexan materia de celebración de xuntas. O xiro na política fiscal de Felipe II en 1575, fai que os procuradores teman un incremento nas alcabalas, nun momento de novas reclamacións polo sal. A incapacidade das xestións levadas a cabo no marco das xuntas de provincias ou nas xestións de xeito particular, ao longo de todo o reinado felipista, incidirá nas reiteración sucesiva da petición do voto en cortes, para ter unha certa capacidade decisoria en política fiscal. Por iso, a política fiscal felipista condiciona a convocatoria de xuntas de provincias e a reclamación do voto en cortes.

- A recuperación do voto nas cortes de Castela é como vemos un tema fundamental na celebración das xuntas neste reinado, pero tamén na actividade política desenvolvida en todo este período. Esta reinvidicación política terá grande importancia no decenio dos anos setenta. Esta importancia é froito, tanto da incapacidade dos procuradores galegos para conseguir medidas a favor dos intereses galegos en materia fiscal, como de circunstancias excepcionais vinculadas a posibles apoios de persoeiros galegos na Corte. Nos primeiros anos deste reinado, esta reclamación política non abandona os obxectivos dos representantes galegos. Non obstante, temos constancia de que este asunto político esta encadrado nun plano secundario. A discordia entre as cidades obstaculiza posibles acordos para alcanzar unha fronte común galega. Por iso, a negociación caracterízase por ser de xeito individualizado. Na década dos setenta este tema político é fonte de xuntas de provincias, aínda sen desaparecer as discordias entre as provincias, cando menos nos primeiros anos. A discordia das cidades nas Capitulacións de Valladolid de 1557 poden estar detrás da relativa paralización nos anos sesenta, como semella confirmar a documentación presentada por un rexedor santiagués en 1571. As sucesivas negativas do rei prudente a esta pretensión política, semella «enterrar» este obxectivo nos últimos anos do reinado, malia de ter o apoio de importantes persoeiros galegos en Madrid.

- Polo tanto, as tres temáticas aquí estudadas –sal, aduanas e voto– están presentes na actividade política galega dende o comezo do mandato real de Felipe II. Estas temáticas terán a súa maior incidencia nos anos setenta, e é por iso que o noso estudo centrou neste decenio a súa atención. A xunta de provincias de 1599 –primeira do novo reinado– recuperará a problemática do abasto e venda do sal, engadíndoselle ao voto en cortes, tema central desta convocatoria, e agora «desenterrado» novamente.

- Finalmente, e xa para rematar, temos que incidir na posibilidade da celebración de xuntas de provincias neste marco temporal, non constatadas nas investigacións sobre este tema polo momento. A indagación documental reflectiu referencias a reunións dos procuradores de provincias en 1565, 1570 ou 1575. A cuestión é saber se estas xuntanzas foron de xeito informal ou se, pola contra, son reunións deste órgano representativo en sentido estrito. A escasa información da que dispoñemos non permite aventurarnos a sacar unha conclusión clara neste sentido. As futuras investigacións nesta materia terán a palabra de decidir a resolución desta difícil cuestión.

APÉNDICE DOCUMENTAL

Doc. 1. Ano 1565. Acordo municipal de 29 de Agosto. Diversos extractos documentais dunha carta que enviou D. Cristobal Mariño rexedor pontevedrés ó seu rexemento e recibida posteriormente en Santiago, sobre o tema do sal e outras cousas. AHUS. AM – 6, ff. 35 volto a 39 recto.

Recomendacións de Cristobal Mariño para a solución das problemáticas referidas a Galicia, fundamentalmente o tema do sal. "(…) Crispobal de barros ynforme de my pedimiento y desto me ebuelto agrabear e a enformar a aquellos señores y a suplicar del Agrabio y no estante que se yzo toda la deligencia posible se bolbio a confirmar y ansi es menester ganar la boluntad del admynestrador para que aga buena rrelacion y tomela ynformacion que por nuestra parte se le diese que ha el se le manda en la cedula la toma y ansi creyo que lo ara bien llebandole por buena bia e yo de aca llebare Algunas blanduras para que lo aga de mejor boluntad y no ubo luego ny quisieron aquellos señores e consejo de azienda remetir al gobernador y oydores no ostante que en la suplicacion se pido cuyo treslado mando con esta y cierto yo serbiria ante a ese concejo y ajuntamiento un ano en otra parte que un (...) en consejo de azienda porque las cosas del no tienen cabo ny termyno y an y es muerte en negociar en el y aun que por aora my negoaciacion a ydo dpoca para lo adelante podera serbir de algo por quedar entendido el agrabio que azen a todo ese reyno en toda la corte y por todos los que gobiernan y asi tengo que asi se esige el negocio con calor terna mucho remedio aunque no es negocio de un pueblo syno de todo el rreyno por ser de mucha costa y ansi es necesario por lo que toca a la grabedad dese rreyno y el daño que todo el rrescibe tan general se salga en nombre del despues de echas las ynformaciones al negocio porque de otra manera terna mal del pendiente la probincia de santiago como a quien toca mas por los puertos maritimos que en ella ay (…)"(f. 36 volto; liñas 1 - 27)

O rexedor pontevedrés manifesta as vilas que se atopan en Madrid na protesta do sal e das aduanas. Manifesta o liderado de Pontevedra nas negociacións. "(…) y los mas pueblos que an benydo que a sido muros y billanueva y cangas y bouças sean guiado por lo que se azia por parte desa villa y sus cedulas estan artomas cojas que la nuestra porque biene general para el daño de todo ese rreyno de mas del daño dese lugar."(f. 37 recto; liñas 5 - 14)

Reunión dos representantes galegos con deputados de Cortes manifestando a súa posición sobre o sal e aduanas. "Con los deputados del rreyno del encabezamiento general ha tratado tres cosas bien ayncadamente haziendolos ayuntar como a los dos letrados del rreyno y con el de sibilla que se dize benytes para que saliesen a Ellas como tales deputados y la primera hera dezir que pues ese rreyno estaba encabezado y los pueblos abian tomado las rrentas las rentas reales que durante el tienpo del encabezamiento no ostante quel rreyno quedase con los alfolines no pudia subir el precio de la sal y la segunda que menos podia bedar traella de fuera parte pagandole los dineros que se solia y la tercera que menos podia poner a (espazo en branco) nuebamente en el puerto del rrabanal cobrando la disma que nos tiene asimesmo dado en nuestros encabezamientos y aun que ay rrazon para quellos saliesen fue de parescer de los letrados contrarios que no (...) e son asta tanto que no biesen en que paraba lo que tratamos por nuestra parte y el memorial que les di fundando la causa por donde heran (...)" (f. 37; liñas 15 - 31)

Cédula entregada polos representantes galegos aos deputados da Coroa reflectindo as reclamacións en materia do sal e aduanas. "Muy magnificos señores lo que a buesas mercedes se suplica por parte del rreyno de galicia aun por lo que toca al prencipado desturias y quatro sacados. prosupuesto que en estas partes no ay nynguna sal mas de sal sean serbidos de mandar rremediar saliendo a este negocio como deputados y protetores que son destos rreynos de castilla de los encabezamientos y rrentas rreales dellos hes lo siguiente

primeramente

Su Magestad a encabezado sus rrentas rreales de todos estos rreynos de castilla y sean rrepardo a los pueblos e esto les a sacado los alfolines en el dicho encabezamyento solamente y esto

prosupuesto que su magestad lo pueda hazer no ay que agrabear dello solo se tiene por agrabio dos cosas la una es durante el tienpo del encabezamyento No estante que quede con los alfolines no puede alzar el precio de la dicha sal como sienpre a balido en ellos en el rreyno de Galia que es a precio de treynta y seis rreales cada moyo que azen moyo treynta y seis anegas de avila y agora se bende a diez y ocho ducados el moyo y lo otro menos puede su magestad bedar pues que no ay salinas en el dicho rreyno que no se traya a Galicia las sal de las partes que sienpre la an traydo durante el tienpo del encabezamyento pagandole sus derechos que es a seis reales y medio por moyo por que abedar en tranbas coas esta se (...) azer nos buenas las rrentas rreales que ansi nos tiene dadas y bernyan en gran desmenuycion pues que de la sal depende la pesca y dela pesca las rrentas rreales y con el escesibro precio cesa todo ello porende buesas mercedes estan obligados a bolber al rremedio delo arriba dicho como deputados del dicho rreyno y como de cosa tocante al beneficiamyento de rrentas por que demas de tocar a las partes dichas tocar por consiguiente a todo este rreyno de castilla por los grandes daños que se sigue

Y lo mysmo se suplica a buesa mercedes atiendan a rremediar la aduana que agora nuevamente sea pone en el puerto del rrabanal entrel rreyno de castilla y el de galicia aziendo debision de los dichos rreynos demas de tener el rreyno de galicia encabezado las rrentas rreales con las diezma aora despues se hecho el dicho encabezamyento manda su magestad que no se cobre y esto yaben buesas mercedes el gran daño que rrescibe el rreyno de galicia en ello (...) llebado de tienpo ymemorial a esta parte y demas de depender de beneficiamyento de (...)(f. 37 volto, liña 17 – f. 38 recto, liña 32)

Consecuencias para Pontevedra, en palabras de Cristobal Mariño, da política fiscal de Felipe II en materia de sal e aduanas. “Asimesmo recibe estos rreynos de castilla primeramente la villa de Pontevedra que es en el Reyno de Galicia dize y por otra petición a echo relación a buesa majestad del grabe daño y total destruycion que recibe del esesibo acrecentamiento que Cristobal de barros admynestrador dela sal en aquel rreyno a echo en el precio della en la dicha villa de Pontevedra que son de por he quenta de buestros contadores mayores se les abia de dar una anega de sal de la medida de abila por un rreal sela ha subido a cinco rreales e la anega y asimesmo se quexa la dicha villa de otros agrabios (…)

y por las de vuestro Consejo de azienda fue respondido que se de cedula para quel dicho Cristobal de barros ynforme e ynbie rrelacion al dicho consejo de lo que cerca de lo suso dicho pasa lo qual no puede ser efeto para lo que la dicha villa suplica ansi por la pasion quel dicho Cristóbal de Barros a mostrado a la dicha villa y por ser el de quien la dicha villa se quexa e agrabia como porque por los autos por parte de la dicha villa presentados paresce lo que cerca de lo suso dicho pasa y por la respuesta del dicho Cristobal de barros que viene con los dichos autos (...) desaparescer y biene bien larga la relación que agora puede enbiar de manera que lo que por la dicha cedula se manda agora azer esta fecho y quando faltase algo por azer no debe nuestra majestad mandarlo cometer al dicho Cristobal de barros por la rrazon susodicha syno al gobernador e alcaldes mayores de galicia pues son (...) e ministros que estan mas enformados de las cosas de alla y lo aran con menos pasion (...) suplica a buestra magestad la dicha villa mande probeer lo que tiene suplicado sin aguardar mas ynformacion de la questa presentada e que si alguna se ubiere de azer o rrelacion se ubiere de enbiar se cometa al Gobernador e alcaldes mayores y no al dicho crispobal de barros.

otrosi dize que demas de las rrazones que ay por donde vuestra magestad no deba mandar subir el precio de la dicha sal a lo mas tan esesibamente en la dicha villa hai una muy urgente y es que Ella esta encabeçada tenyendo consideracion a que no abia de aber nobedad en el trato y comercion e coma a vuestra magestad hes notorio el trato e comercion de la dicha villa e de aquel rreyno pende de la pesqueria y da pesqueria pende de la sal y baliendo a precio ta esecibo es como quitarla de todo punto e lo mysmo que si no la ubiere e ansi por el consiguiente se le quita a la dicha villa el fudamyento de las alcabalas mayormente que aun en el dicho encabezamyento entra la diezma de todo lo que biene por mar a la dicha villa. en la qual consiste buena parte del precio del dicho y aora por mandado de vuestra magestad sea puesto aduana en el puerto del rrabanal e que alli se pague la dicha media diezma de manera que se le quita a la dicha villa todo aquello de donde procede la dicha rrenta sin quedar a la dicha villa de donde poderla pagar (…)” (f. 38 volto, liña 1 – f. 39 recto, liña 20)

Doc. 2. 1566. Acordo municipal de 8 de Outubro. Diversos extractos documentais dunha provisión real do Rexente sobre os alfolís da sal. AHUS. AM – 6, ff. 158 recto a 160 recto.

Principios que fundamentan a provisión real.

Sepades que siendo su magestad ynformado de los daños e ynconbenyentes que sean seguido y siguen de aber regatones de sal en los pueblos y lugares deste Reyno que hestan fuera de la costa del mar en la tierradentro por rrazon dela nueba horden que esta puesta en la admenystracion de la sal vendiendola ellos a muy caros y busibos preçios para el remedio dello y queriendo hazer vien y (...) naturales deste dicho rreyno a probeydo e ynbiado una çedula firmada de su real nonbre su thenor del qual hes heste que se sigue / (fol. 158 volto, liña 6 - 19)

Mandato real sobre prezo e administración do sal. "(…) dello sobre dicho a vemos proveydo que de aquy adelante todo el tiempo que nuestra merced y boluntad fuere se benda en todos los alfolies del dicho reyno cada fanega de sal de la medida de abila a quatro rreales ques un rreal menos por anega de los cinco rreales a qual presente se le bende y a vendido despues que sea admenystra por nos los dichos alfolies y que hesto sea uniformemente en todos ellos el dicho precio de quatro rreales y enviamos a mandar a nuestro admynystrador de los alfolies que lo esecute (…)" (f. 159 recto, liña 5 – 17)

Orde para relacionarse a capital provincial con autoridades locais para o abastecemento do sal. "(…) a aparecido escribiros que trateis y deis horden con los pueblos mas prencipales que hestan la tierra adentro que en cada uno dellos se agan provisión y bastecimyento de sal en la cantidad y mas si fuere menester para los dichos pueblos y sus jurisdicciones y comarcas trayéndola a hellos de los alfolies de la mar (...)" (f. 159 recto liña 27 – 34)

Medidas para reducir o comercio do sal, por recatores, en terras interiores. "(…) probemos que se la ande fiada a los pueblos en los alfolies de la mar obligandole ellos de pasarla adentro en un breve termino y de poner el dinero a su costa en los dichos alfolies de donde compraren la dicha sal con que se escusara que aya revendedores y ansi mismo se fiara a personas particulares que son conocidas y abonadas (…)" (f. 159 volto, liña 1 – 9)

Doc. 3. 1568. Acordo Municipal de 17 de Maio. Cartas do rexedor Benito González do Vilar informando sobre os negocios que leva en Madrid. AHUS. AM – 6, ff. 369 recto e 370 recto.

Extracto dunha carta do rexedor Benito González do Vilar expresando a súa preocupación sobre os negocios que leva a Coruña para a consecución do voto.

"(...) quando ahora fui a la Corte procure saber lo que se avya proveido e lo que ha pedido por parte del Reino en el negocio del voto de çamora de lo qual abise a vm. Luego que bolbi aquí ahora aze un ano de la Corte y alle que del Consejo avian inviado al señor Regente una provisión para que inviase relacion de la diferencia que abia entre ese Reino y la ciudad de çamora y la orden que se suele tener en la Junta de provincias y paresceme que esta cedula o provisión se despacho a instancia de un regidor que esta en la corte de la Coruña y asta aora no se sabe que la ciudad de la Coruña aya hecho la diligencia dijo que vm. Estan obligado a saber el estado de este negocio pues hes la cosa que más importa a este Reino y si fuera en tiempos de los pasados no se descuidaran del pues ofrecian tantos ducados por lo que agora se podra remediar con muy pocos es cosa que obliga a que uno de de los señores deste regimiento baya a la Coruña y dar quenta al señor Regente de lo mucho que importa a este reino y la merced grande que le ara en inbiar su parecer y azer que paresca la cedula (...) que su consejo y que no se yncubra y si ubiese e que parezca sirba a V.M. ynviandomelo a mi andar lo are con voluntad que hay obligado y me la gan de enviarme dineros que a muchos dias me falta y este año no ay poder binir por (...) azienda que baste nuestro señor justa persona de vm. como desea Ilustre señor besa las manos a vm. su fiel servidor en Valladolid 20 de abril de 1568".

(f. 369 volto, liña 15 – 370 recto liña 8)

Doc. 4. 1570. Acordo municipal de 19 de Xuño. O rexedor Benito Mendez de Andrade informa o consitorio sobre o acordado na cidade de Ourense nunha reunión co Rexente e os procuradores doutras provincias galegas acerca do voto e outros negocios. AHUS. AM – 7, ff. 115 recto e 115 volto.

"En este consistorio el señor Regidor benito mendez dandrade dixo que El En cumplimyento de lo que los dichos señores le abian encargado Abia ido a la cibdad de orense e conforme a la ynstrucion que se le diera abia tratado e ablado con los dichos señores Regente e oidores y Asistido sobre lo de la raça de los caballos y a que prencipalmente fue y entregado las deligencias que se le dieron sobresto e sobre lo de los hidalgos y ansy contaba del conoscimyento del secretario gomez Albarez e por lo tanto que abia tratado con los procuradores que fueron de las provincias de que de todo hizo demostración e pola petición que presento cerca de lo de la carcel rreal y dio a los dichos señores Razon de lo que abia hecho en esto y en lo de la santa de la (...) con el monesterio de sant (...) de la comunycaron de los vecinos desta cibdad En orense e del estado de la puente de orense e sobre lo de que se guarde lo de la primatura e Bisita que ande la Audiencia Real por el Reyno/ que de la dyferencia del boto del Reyno con çamora e de lo encontenido en su ynstrucion e bisto por los dichos señores e la deligenzia e botada con que ello entendio le Rendieron las gracias e mandaron que la ynstrucion e Razon que juntamente con los dichos procuradores de provincias hizo y el conoscimyento del secretario gomez Albarez e la dicha petición que presento sobre lo de la carcel se ponga En este libro al pie desto et mandaron que se libre al dicho señor Regidor benito mendez veinte ducados de diez dias que consta aberse ocupado en lo suso dicho".

Doc. 5. 1571. Acordo municipal de 23 de Maio. Poder dado ao rexedor coruñés Rodrigo de Meiranes para proseguir as negociacións da xunta de provincias suspendida en Ourense. AHC. Libro de Consitorios Nº 13, s/f.

Informe do acordado na xunta de provincias de Ourense. "Luego en este regimyento los dichos señores syendo informados quel señor rregidor Rodrigo de meiranes delo que se a tratado con los señores procuradores de las provincias deste rreino en la junta que se abia hecho en la cibdad de orense sobre el gando de granada pero no se abia platicado sobre lo tocante A la horden que se podia e debia thener sobre el boto de cortes que la cibdad de çamora tiene usurpado a este Reino y sobre las bexaciones y agrabios quel Reino ha recibido y recibe de los juezes de las aduanas que nuevamente se avian puesto en este Reino y los admynystradores de los alfolis de la sal y sobre otras cosas no menos importantes que convenyan proberse y remediarse para su utilidad y probecho y como se abian tratado aquellos que se juntasen a los veynte del mes de mayo en la parte donde Residiere la audiencia real para tratar del remedio dello con los señores Regente e oidores deste Reino" (s/f. liñas 6 – 22).

Doc. 6. Ano 1571. Acordo municipal de 9 de Xuño. O rexedor Pedro Abraldez informa o consistorio santiagués do acordado na xunta de provincias de Ourense e o seu desprazamento á Coruña en próximas datas. AHUS. AM – 7, f. 199 recto.

"En este consistorio el señor Pedro Abraldez dixo que abia ydo a la cibdad de orense por mandado de los dichos señores a tratar conforme a la ynstrucion que se le dio En Razon del boto y de lo mas que llebo por ynstruiçion y de lo que hizo dyo relación e quenta por palabra e por los Recaudos que traxo e porque no se Concluyo por aber ympedimentos y la mudança dela Real Audiencia deste Reyno de la dicha cibdad de orense a la cibdad de la coruña se abia tratado con las otros procuradores de provincias que alli se abian Ajuntado se abia diferido para que en la cibdad de la coruña Al primero del mes de Julio que biene se ayuntasen otra vez".

Doc. 7. 1571. Acordo municipal de 27 de Xullo. O rexedor Pedro Abraldez informa ao consistorio do acordado na xunta de provincias da Coruña sobre o voto, asisten un concelleiro pontevedrés e outro de Cangas do Morrazo. AHUS. AM – 7, f. 204 volto.

Presenza de concelleiros no pleno do consistorio de Santiago e a súa temática.

En este consitorio el señor Pedro abraldez dyo quenta del negocio a que fue a la ciudad de la coruña sobre lo del boto y en presensa de los señores payo sorreo vezino de Pontevedra y pedro basques dabren vezino de la villa de Cangas que a esto bienen en nonbre de su villa a tratar sobre lo mismo (…) (f. 204 volto, liñas 1 – 5)

Petición dos concelleiros de Cangas e Pontevedra sobre as Capitulacións de 1557.

los dichos señores paio sorreo y pedro basques por sy y en nonbre cada uno de su villa y jurisdicion dixeron que Ello (se) para en relacion a esta cada uno que su pueblo (...) que se les diese el traslado de la (...) que se hizo en Valladolid por los procuradores deste Reino a seis de Agosto de quinientos e sesenta e syete años y de lo mas questaba hecho e que con darsele Ellos lo trataria en sus ayuntamientos e con brevedad darian Respuesta (…) (f. 204 volto, liñas 7 - 15).

Doc. 8. 1571. Acordo municipal de 27 de Xullo. O rexedor santiagués tamén entrega os escritos e dilixencias da xunta da Coruña, así como as protestas deste aos outros procuradores arredor da vez do voto. AHUS. AM – 7, f. 204 volto.

"mas entrego los hescritos e deligencias que hizo sobre lo del boto synado de melchor gonzales y la querella que dyo de los procuradores de probincias e sus requerimyentos contra ellos sobre las suertes y lo mas que llebo lo qual lo qual quedo en poder de my hescribano y era merced del licenciado patyño".

Doc. 9. 1572. Acordo municipal de 8 de Febreiro. Despacho de cartas ás vilas e lugares da provincia para informar sobre o voto, o sal e a aduana. AHUS. AM – 7, f. 239 volto.

Este consistorio los dichos señores acordaron que se escriba a todas las villas e puertos desta provincia sobre lo del boto sal y aduana y que se despache las cartas para noya muros Pontevedra cangas con mensajero propio y el procurador haga la deligencia de enviar las cartas que el señor Regidor Ruanoba escriba.

Doc. 10. 1573. Acordo municipal de 18 de Maio. Diego de Villamizar informa do tratado na xunta de provincias sobre a armada na costa galega. AHUS. AM – 7, f. 307 volto.

"Este consistorio el señor Regidor domingo de Villamyzar hizo relación como abia ydo a la audiencia Real (...) y abia tratado con el muy Ilustre señor Regente deste Regno sobre lo tocante a la armada que su majestad quyereria en la costa dela mar deste regno En donde se juntaron las provincias y después de tratado el señor desta cibdad y con el de orense y tuy abian dado su boto e parecer conforme a su ynstrucion y lugo Mondoñedo y coruña y vetanzos lo contrario y visto su discordia por el señor Regente por este ano Abia sus pendido el tratar y proceder deste negocio y le abia mandado le avisasen particularmente de las municiones e cosas necesarias para la dicha armada y si seria mas probechoso para el Regno aber la Armada o no la aber y de donde se podia salir la costa para Ella con nuestro dano del Regno y el parecer se le enbiasen con toda brevedad platicandolo con personas espiertas y los dichos señores le mandaron dar librança de los dias que se ocupo".

Doc. 11. 1575. Acordo municipal de 7 de Xuño. Chegada dunha provisión do Rexente D. Pedro Portocarrero no que lle fai chegar aos concellos galegos a intención de modificar a situación da sal, alongando o encabezamento ou impoñendo algún imposto por anega. AHUS. AM – 7, ff. 464 recto e volto.

Posición do Rexente sobre a temática do sal. "Este consistorio los dichos señores tratando sobre y en razon de lo tocante a la sal y del remedio y para que este Reino sea proveído y su majestad servido y abiendo visto la provisión del ylustre señor regente deste Reino que les fue entregada y por ellos obedecyda de que su tenor es el siguiente/

Yo el licenciado Don Pedro Portocarrero Regente de la Audiencia Real deste Reino de Galizia por su majestad y de su consejo ago saver abos el concejo Justiçia y regimiento dela ciudad de Santiago que aviendo dada Relacion a su magestad en su Real Consejo dela extrema nesçesidad queste reino padesçe y adbertido entre otras cosas que la causa mas principal dela presente miseria alo que buenamente se dexava entender hera la falta de sal que estos anos avia abido y ai y el daño grande que en general toda la gente deste Reino rescivia despues que su magestad puso nueba horden en los alfolis y en la traida y venta dela sal el qual yba creciendo de suerte que la gente de la mar pasava extrema nesçesidad (…)" (f. 464 volto, liñas 7 – 20)

Informe do Rexente manifestando vontade de Felipe II de modificar a administración do sal. "(…) que del Real Consejo de azienda se me ha asi mandado hazer algunas deligençias y que ynbiase acerca dello mi parescer e yo lo tengo cumplido al servicio de su magestad y al bien y veneffiçio pues deste Reino aora ultimamente por cartas de madrid de primero de mayo se me ha ynviado aviso que su magestad thiene voluntad de hazer md. a este reino en el particular de la sal y que su consejo de hazienda muestra gana de tomar algund buen asiento que a todo este vien porque vos mando que luego que esta hos sea mostrada hos junteis en (vuestro regimiento) aviendo bien mirado y tratado con personas entendidas y de yspiriençia" (f. 464 volto, liñas 23 - 29)

Orde para reunirse os representates composteláns cos outros representates provinciais. "(…) queriendole su magestad azer md. de alargarles las (...) veçamiento tomalla o no ymporner algund ynpuesto sobre cada anega que entrase (...) repartidos y condiçiones como y de que suerte y asi comunicado y tratado si hos pa(...) persona de vuestro ayuntamiento o de fueral del qual entendieredes se mas conbe (...) las demas personas que bernan y enbiaran las demas provincias (...) a esta para que tratado y comunicado conmigo y con esta Real (...) en nombre y con poder del Reino a la corte de su magestad a tratar y contratar (...)" (f. 464 volto, liñas 30 - 36)

Doc. 12. 1575. Acordo municipal de 28 de Outubro. Chegada dunha provisión real do rexente D. Pedro Portocarrero para dar a súa opinión sobre o tema do sal, cobrar por repartición e facer indicacións para a negociación co poder real dos dous rexedores galegos nomeados. AHUS. AM – 8, ff. 24 recto – 25 volto.

Medidas tomadas polo consitorio santiagués para a recadación de fondos ordenada pola Provisión real. "En este consistorio los (...) una provision del (...) Don Pedro Porto Carrero Regente (...) a sus mercedes dirigida sobre (...) paresçer y relacion (...) que se pide a su magestad sobre (...) deste reino de Galicia y aun (...) dido lo que en la dicha pro(...) delo susodicho y tratando di (...) que la obedesçian con la rreve(...) que devian y en quanto a (...) que los dichos señores tratrarian (...) con personas que tuviesen (...) dicha provision rreal y lo que (...) se manda porque sera menester (...) noticia a algunos pueblos desta P(...) e ynbiarian con la brevedad posible (...) te su señoria su parescer cerca dello e P(...) dicho hefecto mandaran que quede (...) de la dicha provision rreal e este libro (...) y en quanto a los maravedis que la dicha provision se manda (...) que se cobren de las provinçias e ellos avian echo (...) su rrepartimiento y se avian ido a los lugares y puertos de la dicha Provincia y los mas prencipales lugares como fue Pontevedra e villa (...) de Noya e Muros y otros se avian agraviado de (...) delante de su señoria e pusieran el dicho negocio en (...) Pleito por avya causa como cessa (...) cobrança y que para que surta hefecto (...) lo que por su señoria hes mandado

su p(...) a costa de los dichos pueblos prove(...) persona que vaya a executar el dicho (...) temiento y lo mas que sobre dello su señoria tiene (...) beydo e mandado porque nos (...) prover persona que lo susodicho ellos (...) en Poder su jurisdicion para poder (...) cobrar los dichos maravedis (...) lo que toca al señor del executor que traxo (....) la dicha provision rreal mandaron que se de libranza (...) para Juan Duco mayordomo desta ciudad le (...) que el consejo a ella contenido"

(ff. 24 recto, liña 1 – 24 volto, liña 7)

Pautas ordenadas polo Rexente para a resolución da temática do sal tras unha posible xunta de provincias. "Y a saver como heste presente año en la dicha cibdad se han juntado los procuradores de provincias deste reyno para ynviar a la corte a tomar asiento con su magestad sobre la sal y como en cumplimiento dello ynbiaron con salario al licenciado Sancho de Ulloa rregidor desta cibdad y a Joan de Noboa de Lemos regidor de la cibdad de Orense con poder et ynstrucion de que siendo su magestad servido de alargar la dicha (...) bala del Reyno para que los pueblos del la tuviesen como la solian thener antes que cristobal de barros pediese los alfolis en el se cargase en cada anega para su magestad que se descargase de la mar a la tierra medio real e que si de ultima resuluçion su magestad no fuese servido se de en la dicha sal en el dicho ynpuesto y los dichos Sancho de Ulloa e Juan de Noboa allasen otro medyo que paresciese ser conbeniente pudiesen tratar dello como no fuese por bia de Encabezamiento con que no se resolbiesen ni determinasen (…)"(ff. 24 volto, liña 11 - 25 recto, liña 3)

Información sobre as pretensións da Coroa en materia de sal achegadas por representantes galegos en Madrid. " (…) que el Consejo de Azienda se resuelbe en que a su magestad conbiene dar la dicha (...) por Encabeçamiento y que ya que no se tome desta manera que (...) las ha de dar dos reales e medio en cada (...) y que les paresçe (...) que el (...) y trato y ansy mysmo se (...) dyneros que cuyo y se repar(...) en por mi visto por allarse en (...) de la Coruña algunos de los regidores (...) cabezas de provincias les he adbertido (...) para que tratasen y conferiesen a en (...) y dixesen lo que les parescia y aviendolo tra(...) y comunicado conmigo e parescido que le to(...) por encabeçamiento resultaria (...) peligro y daño pro muchas causas que son notorias y que no siendo su magestad servido de alargar la dicha sal con el ynpuesto de medio real como se le ha suplicado y suplica atenta la grande pobreza y miseria que este Reino padesçe que se pida y suplique a su magestad sea servido de dexar libre el comersçio de la sal sacando su magestad della por inpuesto otro tanto como real y berdaderamente le ha balido los años pasados" (…) (f. 25 recto, liñas 7 -29)

Ordenanza para investigar a cantidade de sal en Galicia. "(…) averiguar y azer por los libros (...) juntando todas las anegas de sal que en (...) postreros se han gastado y aora para todo (...) la dicha sal ha costado y la ganancia que ha proce(...) sacadas todas costas y gastos lo qual hecho (...) tiendo quatro partes yguales todas las anegas (...) sal y asimismo toda la dicha ganancia resul(...) saberse las anegas de sal que un ano con otro se ha sacado della (…)"(f. 25 recto, liña 31 - 25 volto liña 3)

¡Canto pan levan na panza¡

El experto escritor de temas navales, Fernández Duro, escribió el año 1880 en su obra "A la mar madera" que, pese a sus esfuerzos, no había podido calcular lo que consideraba una ingente inversión en la construcción del Arsenal y Astillero de Ferrol – cantidad muy superior a las empleadas en Cartagena y Cádiz -, por diferentes razones, entre las que apuntaba que muchas de las obras se habían realizado por el sistema de contrata, que una parte importante de los pagos se verificaron fuera del departamento y que no se tuvo el debido cuidado en formar un estado general de las obras; razones a las que cabría añadir

la larga duración de las mismas y las numerosas modificaciones sufridas durante el desarrollo.

Como dato significativo sobre la magnificencia de estas obras puede citarse que se extendió por toda España una significativa anécdota, recogida por Eugenio Carré en la Geografía General del Reino de Galicia, que presentaba al rey Fernando VI - monarca grandemente favorecedor de una ciudad como Ferrol que apenas le ha correspondido con un pequeño recuerdo - oteando el horizonte con su catalejo desde el balcón de su palacio madrileño, buscando en la dirección noroeste el lugar donde podría encontrarse Ferrol. Comprobando la curiosidad despertada en los ministros que le acompañaban, les dijo que, pese a la gran distancia a que se encontraba dicha población, tendría que ver desde allí el resultado material de las obras del arsenal ferrolano dadas las abultadas cuentas de gastos que le venía presentando la Real Hacienda.

Para rematar con el siglo XVIII, y con relación a la grandiosidad y excelencia de las obras del Arsenal de Ferrol, cumple recordar la conocida inscripción latina, grabada en una placa de plomo colocada en el ático de la monumental Puerta del Dique, debajo de un magnífico escudo de España. En dicha placa, fechada el año 1783, se hace un cántico al "maximum supremae artis" mostrado por estas Reales Obras. Ese mismo año, un anónimo fraile del cercano convento ferrolano de San Francisco compuso un soneto, dado a conocer por el historiador nedense Vázquez Rey el año 1956, que se inspira en una versificada traducción libre de la antedicha inscripción:

Esta obra del orbe la primera
aquí se ha colocado, porque aprenda
el que del sumo arte ver pretenda
lo más grande y mayor que ver pudiera.
Naves verá y escuadras ricas
aparejadas que son centenares,
soberbias surcan esos bravos mares
verá de todas artes lo excelente.
¡ Feliz España ¡, muy feliz empero;
porque te rige y manda sabiamente
un rey augusto, ínclito, eminente,
el muy piadoso Carlos el Tercero,
digno de merecer seguramente
un reino que excediera al mundo entero.

Con el paso de los años bien diferente sería la situación del Arsenal y, por ende, de la ciudad departamental. A principios del siglo XX, durante uno de los cíclicos períodos de crisis a que se ha visto abocado Ferrol a lo largo de su historia, el periódico Diario Ferrolano en su edición del día 30 de Enero de 1904 publicaba una poesía titulada "Doña Soledad Marina" firmada con el seudónimo B. Iga. El autor era el periodista, autor teatral y poeta bilingüe Wenceslao Veiga y Gadea, a la sazón director del semanario satírico El Otro. En sus versos el autor se lamenta de la ausencia de la Escuadra del puerto ferrolano, por diversos motivos, con la consiguiente repercusión negativa en la vida ciudadana. Entresacamos algunas estrofas de la composición completa:

Da pena bajar al muelle,
y contemplar la bahía,
sin una nave que ostente
el pabellón de Castilla.
……
Y el puerto solitario
de la capital marítima
ni un pequeño cañonero,
ni un simple escampavía.
……
No hay buque disponible
en donde arbolar su insignia,
y no le queda otro mástil ….
¡que el mástil de la machina¡

BIBLIOGRAFÍA

ARACIL, Carlos de; BURGOA, Juan J., 2006, «El escudo de armas de Ferrol de la Ilustración». *FerrolAnálisis*, nº 20. Ferrol.

ABAD LEÓN, Felipe, 1985, «El marqués de la Ensenada, su vida y su obra». Editorial Naval. Madrid.

Archivo Municipal de Ferrol. Caja 929. Expediente 3. Representación del Alcalde Mayor D. Manuel Eugenio Álvarez Caballero, de fecha 25 de Junio de 1785.

ARENAL Y CUESTA, Ángel del, 1829, «Descripción de la Villa y Puerto de Ferrol». Dentro del *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y Portugal* de Sebastián de Miñano. Madrid.

BURGOA FERNÁNDEZ, Juan J., 2004, «La expulsión de los jesuitas el año 1767 desde el Arsenal de Ferrol». *Anuario Brigantino 2003*, nº 26. Concello de Betanzos.

BURGOA FERNÁNDEZ, Juan J., 2004, «A Igrexa galega na época da Ilustración». *Ecce Homo*, nº 4. Ferrol.

Burgoa Fernández, Juan J. «Episodios de Ferrol da Ilustración. O Alcalde Maior Álvarez Caballero». *Papeis Ártabros*, nº 3. Ferrol, 2007.

CARRÉ ALDAO, Eugenio, 1928, *Geografía General del Reino de Galicia. Tomo 3º*. La Coruña. Dirigida por F. Carreras Candi. Editorial Alberto Martín. Barcelona.

CERNADAS Y CASTRO, Diego Antonio, 1778 y 1779. *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime. Tomos I y IV*. Imprenta de Joachin Ibarra. Madrid.

COTARELO VALEDOR, Armando, 1942, «Real de Esteiro. Poema naval del Cura de Fruime». *Revista General de Marina*. Madrid.

FERNÁNDEZ DURO, Cesáreo, 1880. *A la mar madera. Libro quinto de las Disquisiciones Náuticas*. Imprenta de Aribau. Madrid, 1880.

FERNÁNDEZ DURO, Cesáreo, 1901. *La Armada española desde la unión de los reinos de Castilla y Aragón.* Tomos VI y VII. Tipografía Sucesores de Rivadeneyra. Madrid.

GARCÍA CORTÉS, Carlos, 2002. *O Cura de Fruime*. Instituto Teológico Compostelano. Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, 2005, *El paso por Galicia de dos futuros presidentes de los Estados Unidos: John Adams y su hijo John Quincy Adams*. Editorial Trifolium. Oleiros.

GUARDIA, Ricardo de la, 1914, *Datos para un Cronicón de la Marina Militar de España (Anales de trece siglos de historia naval)*. Imprenta El Correo Gallego. Ferrol.

ISLA, Padre José Francisco de, 1945, «Cartas Familiares». Dentro de *Obras escogidas, con una noticia de su vida y escritos por Don Pedro Felipe Monlau*. Biblioteca de Autores Españoles. Tomo XV. Ediciones Atlas. Madrid.

JUAN GARCÍA-AGUADO, José M. de, 2001, «El Apostolado». *FerrolAnálisis*, nº 16. Ferrol.

LLORCA FREIRE, Guillermo, 2003-2004, «Memoria da Ilustración: Patrimonio de Futuro». En la obra colectiva *Ferrol, cidade da Ilustración. Caderno do Ateneo Ferrolán*, nº 17-18. Ferrol.

MANERA REGUEYRA, Enrique (director), 1981, *El buque en la Armada Española*. Editorial Sílex. Madrid.

MARTÍN SARMIENTO, Fray, 1975, *Viaje a Galicia (1745)*. Edición de J.L. Pensado. Museo de Pontevedra.

MARTÍN SARMIENTO, Fray, 1950, *Viaje a Galicia (1754-1755)*. Edición de F.J. Sánchez Cantón y J.M. Pita Andrade. Cuadernos de Estudios Gallegos. Santiago de Compostela.

MONTERO ARÓSTEGUI, José, 1859, *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol*. Beltrán y Viñas. Madrid.

PATO REVESTIDO, José de, 1906, «La expulsión de los jesuitas. Una página de historia local». *Almanaque de Ferrol.*

RIVAS TROITIÑO, José M., 1977, *Diego A. Zernadas y Castro. Un precursor del galleguismo*. Porto y Cía Editores. Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, Juan A, 1991, *La actividad naval militar. Influencia en su entorno. Ferrol*. E.N. Bazán. Madrid.

RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, Juan A., 2000, *El Arsenal de Ferrol. Guía para una visita*. Ferrol.

SEGUÍN, Pascanio de, 1750, *Galicia, reyno de Christo Sacramentado.* Dos tomos. México.

VÁZQUEZ REY, Antonio, Legado de. Tomo I. Ferrol. Carpeta E. Archivo y Biblioteca Municipal de Neda.

VIGO TRASANCOS, Alfredo, 2005, *Las «Siete Maravillas» del antiguo Reino de Galicia. Orgullo y reivindicación de una tierra marginada (1550-1754)*. *Quintana*, nº 4. Santiago.

VOLTES, Pedro, 1998, *La vida y la época de Fernando VI*. Editorial Planeta. Barcelona.



Fig. 7. Puerta del Dique del Arsenal de Ferrol. Inscripción del año 1783.

Algunhas cuestións sobre a antroponimia betanceira

SILVIA MUÍÑO NAVEIRA*

Sumario

A antroponimia é un campo dos estudos lingüísticos que non adoita investigarse en profundidade. Porén, nesta ocasión, e téndomos en conta a importante fonte documental que representa o Catastro do Marqués da Ensenada, percorreremos algúns dos aspectos máis interesantes da antroponimia betanceira do século XVIII, e mesmo confrontaremos estes cos datos actuais. Obteremos, así, unha visión xeral sobre algunhas cuestións como os nomes femininos, masculinos, os apelidos máis comúns nas terras betanceiras e algúns apuntamentos sobre o proceso de castelanización que padeceu a antroponimia galega en xeral e a betanceira en particular.

Abstract

Anthroponomy is a field of linguistic studies which doesn't tend to be investigated in depth. Howewer on this occasion, and taking into account he important documental source of the Cadastre of the Marqués da Ensenada, we will cover some of the most interesting aspects of the anthroponomy of Betanzos of de 18th century, and we will contrast these with recent date. In this study we will obtain to a general panoramic view of some questions such as female names, male names, the most common surnames of Betanzos, and some notes of the process of castilianization which galician anthroponomics suffered in general, that of Betanzos in particular.

0. INTRODUCIÓN

O estudo da antroponimia, ao igual que o da toponimia, é unha tarefa moi interesante á vez que dificultosa dependendo do período que esteamos a estudar. Nesta ocasión nas sucesivas páxinas intentaremos achegarnos a algúns dos aspectos máis interesantes que podemos tirar da principal fonte antroponímica betanceira de mediados do século XVIII, o catastro do Marqués da Ensenada. Mais antes de submerxírmonos no apaixonante mundo do estudo dos nomes de persoa coidamos que resulta interesante ofrecervos unhas breves pinceladas que sitúen a fonte de que tiramos toda a información que ofreceremos a continuación.

O Catastro do Marqués da Ensenada é unha enquisa que se fixo entre 1750-1754, nas vintedúas provincias que compuñan a coroa de Castela. Estaba encamiñada a coñecer o produto anual que se obtiña nas diferentes actividades (agricultura, gandaría, industria, comercio), así como as rendas que dun ou outro tipo percibían os súbditos da coroa. Tiña como finalidade acabar co caos fiscal característico dos reinos da coroa de Castela e aplicar unha nova orde baseada na contribución única, de acordo coa riqueza de cada quen. Foi realizada segundo un decreto de 1749 de Fernando VI e a instancias do Marques da Ensenada elaborouse o catastro. Os avatares posteriores desa reforma fiscal acabarían pospoñéndoa *sine die*, porque non se transformaron as bases socioeconómicas sobre as

*__Silvia Muíño Naveira__, betanceira, é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade da Coruña e actualmente está a realizar a tese de doutoramento no campo da sociolingüística galega, baixo a dirección dos profesores Goretti Sanmartín Rei e Xosé Ramón Freixeiro Mato. O tema deste traballo xa foi obxecto dunha comunicación no II Congreso Internacional de Onomástica, celebrado en Pontevedra no 2006.

que se asentaba e foi atacada polos grupos privilexiados, que vían danados os seus intereses en beneficio da colectividade. Aínda que non se logrou o froito fiscal desexado o proxecto serviu para realizar o estudo máis interesante da riqueza do país da era preestatística e máis é unha fonte moi importante para o estudo da onomástica, tanto da antroponimia como da toponimia.

Para a elaboración do catastro deseñouse un interrogatorio de 40 preguntas ao que respondían cregos, alcaldes, rexedores e a veciñanza, convocados baixo xuramento e en presenza de xustizas e peritos nomeados para o caso. Preguntábaselles sobre a poboación, o territorio, os ingresos da gandaría, da industria, do comercio, etc. Os peritos comprobaban as declaracións e adxuntaban debuxos das terras, casas, muíños, etc. Unha vez finalizadas as operacións, facíanse públicos os resultados e abríase un prazo para as reclamacións. Cando este concluía, remitíanse as actas á Xunta Provincial de Única contribución e despois a Madrid; logo con estes datos formábanse os libros de rexistros de leigos, eclesiásticos e da real facenda. Galiza incluíuse no catastro como parte integrante da coroa de Castela.

Nas sete provincias galegas realizáronse un total de 3.836 operacións catastrais e máis outras 394, non incluídas, resultantes de se separaren coutos e lugares de señoríos que non constituían parroquia, pois esta foi a base sobre a que se traballou.

Nos resultados do catastro do Marqués da Ensenada da provincia de Betanzos sinálase a realización de 264 operacións catastrais onde foron recollidos 23.843 veciños e veciñas. Betanzos estaría, xunto coa Coruña e Tui, entre as provincias coa densidade máis alta[1].

Canto aos libros que deu como foito a realización do catastro para a cidade de que estamos a falar, consérvanse todos no Arquivo do Reino de Galicia. Este material pode ser consultado a través de microfilme; a consulta do orixinal hai un tempo que non é facilitada máis que en casos excepcionais debido ao deterioro que estaban a sufrir os libros por mor das continuas consultas. Nalgúns casos, o material, sobre todo o primeiro dos libros (o *Real de Legos*), está moi deteriorado. Consérvanse da cidade de Betanzos todos os libros, mais de catro deles foron dos que tiramos a información antroponímica. Os libros que están dispoñíbeis no Arquivo do Reino de Galicia e que manexamos foron os seguintes:

-Índice do *Real de Legos*. Ten 46 páxinas numeradas como recto e verso. Verdadeiramente forma parte do *Real de Legos* mais tratámolo como un libro aparte porque a numeración é distinta, o *Real de Legos* non retoma a seguida no índice. Neste libro hai unha relación por orde alfabética (entendamos o sentido de «alfabética» nestas alturas da historia, é dicir, a listaxe de nomes recolle ordenadamente os que seguen a orde das letras do alfabeto, mais dentro de cada unha delas hai un caos notorio) de toda a veciñanza comprendida no *Real de Legos*, e unha indicación da páxina deste libro en que se fala ou ben deles (ás veces está errada) ou ben do seu negocio ou ocupación.

-*Real de Legos*. Consta de1757 páxinas, esta é a numeración que aparece no libro mais en moitos casos hai páxinas co número repetido, con saltos de números ou inclusive co mesmo texto escrito que na anterior, polo tanto, o número de páxinas varia do que aparece recollido no libro polos escribáns, mais para a recolleita dos datos seguimos fielmente a numeración que aparece neste. Este libro é o máis extenso de todos e recolle a información da maior parte dos individuos catastrados. A orde que segue é a das rúas da cidade recollendo os habitantes que viven en cada unha delas, para a partir de aí encadrar

exactamente a vivenda do individuo, declarar as outras casas que ten, onde están situadas, qué terras ten en posesión, de qué tipo son, a quén llas ten arrendadas, qué renda percibe po elas, etc. Por outro lado, a partir da páxina 1355 recóllense todos os oficios, primeiramente nun índice, e logo son tratados máis devagar encadradando a cada unha das persoas sinaladas anteriormente na súa profesión e declarando o que gañan anualmente por exercer esta.

-*Real de eclesiásticos*. Ten 175 páxinas. Fai unha relación dos eclesiásticos igual á que se fixo no libro anterior dos leigos, sinalando todos os aspectos que xa mencionamos mais, neste caso, referíndose a persoas que desempeñaban algún cargo na institución eclesiástica.

-*Personal de Legos*. Ten 257 páxinas. Comeza cun índice onde aparece unha listaxe dos oficios que son recollidos no libro, e o número da páxina en que se describe a xente que desempeñaba cada un deles. Encontramos, pois, moitos individuos que xa recolleramos no *Real de Legos* mais tamén hai algúns outros que non apareceran nin mencionados neste primeiro libro.

-*Respuestas Generales*. Consta de 31 páxinas. É o único libro de que non atopamos o orixinal, posto que no microfilme do Arquivo do Reino de Galicia o que aparece é unha copia da transcrición feita por Vales Villamarín no 1969 para o *Boletín da Real Academia Galega. Documentos históricos. Tomo III*. Este libro é o máis antigo xa que aínda que o catastro foi feito en Betanzos entre os anos 1750-1751, o libro de que estamos a falar data concretamente do 1750. Nel sinálanse os apartados correspondentes ás corenta respostas do interrogatorio. Hai que destacar que é o máis castelanizado de todos (non sabemos se esta especial castelanización se debe aos descoidos da persoa que o transcribiu ou ao grande labor castelanizador dos escribáns).

Ademais destes catro libros, hai no Arquivo un outro denominado *Libro de Estados* que non foi incluído nas nosas pesquisas por non conter información antroponímica relevante.

Este pequeno estudo é un achegamento á onomástica persoal das terras de Betanzos no século XVIII. Ao longo dos distintos libros que deu como froito a realización do castastro de Ensenada para a cidade de Betanzos, descubrimos unha moi vizosa fonte de información antroponímica de mediados do século XVIII. A recolleita desta información deu como resultado a elaboración dunha base de datos, que consta de 2150 rexistros, e onde aparece recollida toda a información antroponímica que atopamos no catastro. Esta base de datos actualmente pertence ao TILGA (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) que se está a elaborar no ILGA (Instituto da Lingua Galega) e aínda que non é consultábel en rede espérase que nun futuro próximo poida chegar a tal e forme parte dun grupo de bases de datos antroponímicas máis amplo.

Hai unha enorme cantidade de aspectos que se poderían tratar nun traballo destas características e cunha fonte desta tipoloxía. Baseándomonos nas pesquisas, faremos un estudo da antroponimia nas terras de Betanzos na metade do século XVIII, onde abordaremos cuestións arredor dos nomes de persoa e máis dos apelidos, estudando cales son os máis estendidos no momento na zona de BetanzoS e observándomos como esta extensión evoluíu até actualidade, e aínda lembraremos con algúns exemplos concretos até que punto neste catastro a castelanización da antoponimia galega atravesa por un momento crucial.

1. OS NOMES DE PERSOA: ANTROPONIMIA MASCULINA E FEMININA

Nos libros do catastro con que traballamos recollimos un total de 2150 nomes dos cales 1538 corresponden a nomes de homes e tan só 612 a nomes de mulleres[2]. Polo tanto, e como ten acontecido anteriormente en estudos sobre antroponimia desta época[3], as conclusións a que cheguemos con respecto aos nomes femininos nunca serán tan fiábeis como as que se refiran á antroponimia masculina. Máis aló disto, e a pesar do interesante que resultaría reparar nos datos estatísticos polo miúdo, nesta ocasión tan só sinalaremos a grandes trazos as conclusións a que chegamos tras as pesquisas.

A antroponimia masculina

A antroponimia masculina non presenta unha grande variedade na época de que estamos a falar, xa que os 1538 nomes de home rexistrados áchanse baixo tan só 145 nomes diferentes, cuxos dez primeiros postos ocupan, por orde de repeticións *Juan*, *Domingo*, *Pedro*, *Antonio*, *Francisco*, *Joseph*[4], *Andrés*, *Manuel*, *Gregorio* e *Ygnacio*[5].Outros moitos nomes de home aparecen en bastantes menos ocasións como *Caetano* (*Caietano*/*Cayetano*)[6], *Pasqual*, *Agustin*, *Vicente* (*Bicente*), *Martin*, *Simon*, *Amaro*, *Lucas*, *Mathias* ou *Nicolás*. Como podemos observar na gráfica, os seis nomes que máis se repiten no catastro aparecen en máis da metade dos rexistros de homes que recollimos das fontes:



Algúns outros nomes masculinos que recollimos e que podemos considerar, por unha banda, nomes inusuais nas terras betanceiras do século XVIII, mais tamén, por outra banda, certamente exóticos son *Anastacio*, *Bauptista*, *Bernardiño*, *Bernavé*, *Daniel*, *Eugenio*, *Faustino*, *Furivio*, *Gerónimo*, *Jorje*, *Michael*, *Lázaro*, *Raphael*, *Remixio*, *Ricardo*, *Rodrigo*, *Sancho*, *Theodoro*, *Thiburcio*, *Thoribio*, *Urbano*, *Xavier*, *Ylario* ou

Ysidoro. Como podemos observar, aínda que algúns deles naquel entón tivesen unha escasa presenza na onomástica persoal, na actualidade adoitan ser comúns, outros xa son case inexistentes.

Canto a algúns estudos que se teñen feito sobre a antroponimia nalgunha outra vila galega para esta época, e remitíndomonos concretamente aos de Lema Suarez e máis a Cordeiro Moledo e Varela Pombo[7], non podemos obviar os paralelismos cos datos que nós recollimos para a cidade de Betanzos. Nos tres casos, os nomes de home que sinalamos nos tres primeiros postos da lista, *Juan*, *Domingo* e *Pedro*, aparecen tamén ao comezo da relación de nomes ofrecidos tanto para a onomástica masculina de Berdoias como para a de Cangas do Morrazo. Podemos supor, á vista dos datos, que as tendencias onomásticas para bautizar os nenos na Galiza do XVIII moi probabelmente eran semellantes en todo o país, aínda tendo en conta a moi importante influencia que os nomes do santoral de cada lugar en concreto exercían na poboación.

Polo que respecta aos nomes compostos masculinos que aparecen no catastro, encontramos un número deles non pouco importante, rexistrando 177 nomes con até 85 posibilidades combinatorias, existindo, polo tanto, unha grande diversidade entre as combinacións entre o primeiro e o segundo nome. Os nomes que máis a miúdo aparecen como primeiros son: *Juan*, *Joseph*, *Francisco*, *Pedro* ou *Domingo*, coincidindo en moitos casos cos máis habituais tamén entre nomes simples.

A denominación con máis dun nome é unha tendencia onomástica que fora iniciada nun primeiro momento polas clases máis poderosas e influíntes, nesta altura, aparece no catastro de Betanzos de mediados do século XVIII como totalmente estendida a todas as clases sociais. Para alén destes casos, debemos ter en conta que aínda sendo os nomes únicos os máis habituais, e non rexistrando poucos casos de individuos con dous nomes, tamén observamos que había individuos con inclusive tres nomes, e unha alta variabilidade entre as combinacións dos mesmos, é o caso de *Juan Antonio Pasqual Sánchez*, que aparece tamén como *Juan Antonio Sánchez* ou *Juan Pasqual Sánchez*.

A antroponimia feminina

Como xa anteriormente sinalamos, os nomes femininos ofrecen neste catastro unha variedade moito menor que os nomes masculinos, ascendendo a 612 os rexistros en que se recollen os datos de mulleres baixo 58 nomes distintos, e ocupando un escaso 28% no total de nomes recompilados na base de datos.

O nome *María* non é so que sexa o máis documentado no catastro senón que representa case un 30% dos nomes femininos que aparecen neste. O éxito deste nome reside na influencia da Igrexa Católica, e o apoxeo no culto á Virxe María, que aínda que acadara un grande desenvolvemento e medrara a apartir do século XII, será neste século cando o encontramos totalmente estendido como nome feminino ao longo da xeografía galega. Aínda tendo en conta a importancia do nome que encabeza a lista, non podemos esquecer a importancia que tamén tiñan outros nomes femininos como *Josepha*, *Antonia*, *Francisca*, *Dominga*, *Juana*, *Ysabel*, *Margarita*, *Angela* ou *Rosa*. Na gráfica observamos como, para alén do nome máis utilizado, nos seguintes postos hai unha maior diversificación que na antroponimia masculina.



Fronte a todos estes nomes máis usuais, encontramos unha serie de nomes femininos que tan só se rexistran nunha ocasión ou que, aínda sendo documentados en máis ocasións, resultan exóticos polas súas escasas aparicións no catastro. Entre estes encontramos os seguintes: *Alverta*, *Balthasara*, *Barvara*, *Beatriz*, *Bibiana*, *Cayetana*, *Dorotea*, *Elena*, *Eulalia*, *Guida*, *Joachina*, *Liverata*, *Luisa*, *Michaela*, *Petronila*, *Susana*, *Úrsula*, *Victoria*, *Ygnacia*, *Ysidora*, *Bentura* ou *Eusevia*.

Polo que respecta á aparición de dobres nomes femininos nos libros do catastro é un procedemento non tan habitual para as mulleres como para os homes. O nome preferido como primeiro para os nomes dobres segue a ser *María*, que aparece como primeiro nome do 40% dos rexistros con nomes dobres femininos recollidos no catastro, tamén hai que sinalar que *Ana* que aparece en 14 ocasións, correspondéndolle o primeiro lugar no 15% dos nomes dobres. Algúns dos nomes dobres máis inhabituais nas fontes con que traballamos son *Ana Gregoria*, *Ana Margarita*, *Angela Lorenza*, *Cathalina Rosa*, *Gregoria María*, *Jacinta Rosa*, *Liverata Antonia*, *María Magdalena*, *María Manuela*, *María Michaela*, *María Rosa*, *Rosa María* ou *Susana María*.

2. OS APELIDOS BETANCEIROS: DO SÉCULO XVIII Á ACTUALIDADE

Polo que respecta aos apelidos cómpre dicir que unha grande dos rexistros que recollimos dos libros do catastro tan só contan cun apelido, sendo unha minoría os que xa son denominados con dous, e habendo exclusivamente un 1% dos rexistros onde, moi probabelmente por equivocación, non se recolle mais que o nome. É necesario sinalar que ao longo dos datos que observamos non atopamos indicios de que estea relacionada a utilización de dous apelidos cunha clase social elevada, xa que encontramos xente de diversas extraccións sociais con este sistema de denominación, agora ben, non podemos

obviar que aínda que non na totalidade dos casos, nunha grande parte deles ao lado destes rexistros aparece o tratamento *don* ou *doña*. Podemos advertir isto en varios exemplos:

Josepha Anes [=Anes de Castro] [panadera][8]

Diego Areas da Cal [=Areas de Cal/Arias/Arias da Cal/da Cal] [alguacil]

Joseph [=Joseph Antonio]Bazquez [=Vazquez/Vazquez Cabanas] [cerero]

Unha outra cuestión moi interesante é observarmos cales eran os apelidos betanceiros máis frecuentes a mediados do século XVIII e qué datos nos ofrece o Mapa de Apelidos de Galicia[9] para estes na actualidade[10], mais non só isto, tamén resulta curioso observarmos se algúns dos menos utilizados naquel entón, xa despareceron, aínda se conservan, ou, en moitos casos, veñen a amosar, máis unha vez, e como sempre que se traballa con este tipo de materiais, a castelanización que padeceu a antroponimia galega.

Algúns dos apelidos máis repetidos no catastro de Ensenada son os seguintes: *Vázquez*, *García*, *Sánchez*, *López*, *Rodríguez*, *Fernández*, *Matínez*, *Varela*, *González*, *Pérez* ou *Castro*, e cun volume moito menor de rexistros *Outeiro*, *Díaz*, *Seixas*, *Pena* ou *Pardo*. Como podemos observar, os cinco primeiros postos da listaxe están ocupados por apelidos patronímicos[11] e inclusive entre os dez apelidos máis utilizados tan só encontramos un que non o é. Así mesmo, e facendo unha comparanza con datos actuais dos apelidos máis frecuentes na Galiza, resulta sorpendente que até oito dos dez primeiros da nosa listaxe están entre os dez apelidos que máis se repiten na actualidade, estamos a falar de *Vazquez*, *García*, *López*, *Rodríguez*, *Fernández*, *Martínez*, *González* e *Pérez*. Polo tanto, a mudanza en dous séculos con respecto aos apelidos máis espallados nas terra de Betanzos e na Galiza en xeral, non foi significativa, xa que os primeiros postos seguen a ocupalos os apelidos patronímicos.

Polo que respecta aos datos que indica para Betanzos a Cartografía dos Apelidos de Galicia, entre os apelidos actualmente rexistrados na vila, os máis habituais son os seguintes[12]: *Sánchez*, *García*, *López*, *Fernández*, *Vázquez*, *González*, *Rodríguez*, *Pérez*, *Otero*, *Carro*, *Varela*, *Martínez*, *González*, *Díaz*, *Castro* e *Seoane*. Podemos observar, polo tanto, que as mudanzas non foron moitas, agora ben, é verdade, que algúns que non estaban entre os primeiros postos agora contan cun número importante de rexistros na nosa cidade como é o caso de *Carro* ou *Seoane*; outros como *Otero* xa presentan un índice de castelanización do 100%, xa que na vila deixou de existir o apelido *Outeiro*.

Polo que respecta a algúns apelidos dos máis infrecuentes no catastro de Ensenada, non só polo número de rexistros que o recollen, senón tamén por designaren estes a membros dunha mesma familia, moitos deles perdéronse no transcurso do tempo, de xeito que na actualidade, ou ben, son inexistentes na Galiza, ou ben, no censo betanceiro xa non os atopamos. Entres estes últimos están algúns veradeiramente insólitos na actualidade como *Alencaster* (ou *Alencastre*), *Angrovias* (ou *Engrovias*), *Artimé* (ou *Artime*), *Bonus*, *Caneiro*, *Chinchón*, *Louza*, *Rueira*, *Dás*, *Yturbide*, *Abroxos*, *Ben* (ou *Ven*), *Brus*, *Escondón*, *Lura*, *Rende*, *Sisto*, *Sa*, *Troya*, *Tulla*, *Zarra*, *Drú*, *Fasende* ou *Faxil*. Algúns outros dos menos rexistrados no século XVIII non só sobreviviron senón que aínda teñen unha presenza minimamente significativa na actualidade como é o caso de *Gabin*, *Bujía* (na actualidade xa non se recolle *Buxía*), *Costoya*, *Mahía*, *Bolaño*, *Viñas* ou *Folla*.

Nun achegamento aos datos totais dos apelidos que recollimos do catastro de Ensenada para a cidade de Betanzos, podemos concluír que os máis abundantes son os patronímicos, e igualmente son os que teñen unha maior frecuencia de uso, mais aínda así, os apelidos

de orixe toponímica, os que indican profesión, oficio, etc, e os que indican cualidades ou características (que en moitas ocasións veñen de alcumes) tamén teñen un importante oco entre os apelidos betanceiros, aínda que non ocupen os primeiros postos canto a utilización dos mesmos.

3. A CASTELANIZACIÓN DA ANTROPONIMIA I: OS NOMES DE PERSOA

Como puidemos observar até o momento, e tendo en conta os datos que recollimos do catastro de Ensenada para a cidade de Betanzos, a castelanización, xa estaba a mediados do século XVIII totalmente desenvolvida nestas terras, tanto na onomástica feminina como masculina, cando menos no que se refire ao ámbito escrito[13]. Case a totalidade dos nomes de persoa que recollimos na base de datos están castelanizados, inseridos, polo tanto, no proceso de substitución da lingua galega pola española, sendo arredados os nomes galegos da documentación escrita e pasando a formar parte tan só da lingua oral. Tendo en conta algúns dos datos con que Xosé Lema Suárez traballa no seu estudo sobre a onomástica persoal de Berdoias, onde podemos apreciar a progresiva castelanización de moitos nomes de persoa, podemos deducir que nesta altura a castelanización dos nomes estaba moi avanzada no plano escrito.

As formas galegas dalgúns dos nomes masculinos recollidos, xa nin sequera teñen unha escasa aparición nos datos por nós recompilados, así, non encontramos os nomes galegos Agostiño, Afonso, Alberte, Antón, Anxo (aínda que curiosamente nunha ocasión aparece *Anxel*), Bertomeu, Bieito, Brais, Cristovo, Domingos, Estebo, Joan, Lois, Lourenzo, Martiño, Paulo ou Xiana, mentres que as formas correspondentes do español repítense continuamente ao longo de todos os libros do catastro, ademais de todos os nomes que son coincidentes nas dúas linguas. Aínda así, non podemos esquecer que en tres ocasións rexistramos o nome galego *Thomé*, nunha *Bernardiño*, e máis en catro ocasións *Caetano*, sempre competindo coas respectivas formas do español.

Polo que respecta á onomástica feminina atopámonos cunha situación semellante. As formas propiamente galegas case non teñen representación, tan só documentamos *Mariña*, tendo en conta que non sabemos cómo se pronunciaban formas coma *Angela*, *Jacinta* ou *Josepha*. Para alén dos nomes femininos que coinciden nas dúas linguas, as formas castalanizadas de nomes galegos coma Agostiña, Antona, Bieita, Catarina, Caetana, Icía, Xoana, Lourenza, Madalena, Margarida, Tareixa ou Sabela ateigan o catastro sen deixar nin un oco para os nomes na nosa lingua.

Como podemos observa á vista dos datos, a castelanización dos nomes de persoa estaba xa case que totalmente consumada a mediados do século XVIII, cando menos polo que respecta á area que comprende as terras de Betanzos. Moi probabelmente, e como aínda acontece na actualidade, as formas populares e vivas eran as galegas, mais a realización do catastro era un encargo da Coroa de Castela, e a «oficialización» dos betanceiros e das betanceiras faríase a través da única lingua oficial naquel momento, o español.

4. A CASTELANIZACIÓN DA ANTROPONIMIA II: OS APELIDOS

A castelanización dos apelidos galegos, e en xeral da antroponimia, é máis un dos pasos de asoballamento da lingua galega baixo a uniformización promovida desde a coroa de Castela e coa súa lingua imperial. Así, como puidemos observar, o castastro de Ensenada serve para amosar as habilidades castelanizadoras dalgúns escribáns do século XVIII. É

importante sinalar que as distintas mans que pousan a súa pluma nos libros do catastro delatan moi fielmente o proceso castelanizador, e que as diferenzas entre uns libros e outros son notábeis. Neste caso, traballamos con catro dos libros que conformaban o catastro, o *Real de Legos*, o *Real de Eclesiásticos*, o *Personal de Legos* e as *Respuestas Generales*. O último dos libros indicados é, sen dúbida ningunha, o máis castelanizado e mesmo latinizado de todos, e hai un exemplo que dá moi boa conta disto, un médico chamado *Pedro Antonio* que no *Real de Legos* se apelida «de Otero» ou «de Outeiro» alternativamente, nas *Respuestas Generales* chega a apelidarse «de Octero», non habendo concesións neste último libro á forma galega.

Mais a pesar de que as fontes documentais delatan o proceso castelanizador non nos faría falla remitírmonos a estas se temos en conta os datos actuais que se refiren aos apelidos betanceiros, xa que de moitos deles non hai pegada da forma tradicional galega. Entre os casos máis salientábeis está o do apelido *Outeiro* que na actualidade non existe na vila betanceira, e fica submerxido baixo o híbrido **Otero*, mais a comparanza co resto do país amosa uns datos non menos desalentadores posto que fronte a máis de corenta mil ocasións en que aparece a forma castelanizada, tan só atopamos 341 casos en que «resistiu» a forma galega. Un outro caso de reconversión gráfico-fonética, por medio de regras que son semellantes ás da creación de hiperenxebrismos, é o de *Souto*, que na actualidade, a pesar de ser o maioritario, compite co castelanizado **Soto*. Outros que non só a nivel de Betanzos, mais tamén a nivel da Galiza, sufriron un moi alto grao de castelanización foron apelidos como *Branco* ou *Mosqueira*, que na actualidade nesta vila mariñá tan só son rexistrados baixo a forma castelanizada, ou tamén *Vilar*, cuxa forma transformada aparece en máis do dobre dos rexistros que a variante sen deturpar. Un caso aparte é o do apelido *Veiga*, moi habitual nas terras mariñás e que en moi poucas ocasións aparece castelanizado.

Para alén de todos estes apelidos que sinalamos e moitos outros aos que aínda se podería aludir, un caso distinto é o dos apelidos cuxa grafía nos pode levar a equívocos ao non dispormos de datos sobre a pronuncia real dos mesmos, podendo deducir que están a representar a grafía etimolóxica ou que xa están castelanizados naquela altura. Entre estes encóntranse *Araújo*, *Cagigao* (escrito de tan diversas formas como posibilidades ofrece a palabra), *Agilda*, *Bujan*, *Juncal*, *Lage*, *Gayoso*, *Germade*, *Gil*, *Refojo* ou *Teijo*, que alternan as grafías <g>, <j> e máis <x>. Polo que respecta á actualidade xa non hai dúbida de que son castelanismos, non só porque non se adaptaron á grafía moderna do galego, senón tamén porque son pronunciados en todos os casos cos fonemas do español. Os *Seixas* que xa os escribáns alternaban con *Seijas* no catastro de Ensenada deron lugar á desaparición, cando menos en Betanzos, da primeira das opcións, aínda que, máis unha vez, estes resultados seguen as directrices que achamos no resto do país, onde fronte a máis de cinco mil *Seijas* aparecen rexistradas tan só 23 *Seixas* na actualidade. Un último apelido de que falaremos nesta liña, e que seguiu unhas regras de castelanización semellantes foi *Teixo*, que xa no catastro do século XVIII alterna con *Teijo*, mais na actualidade, e a pesar de ter Betanzos a maior concentración deste apelido (non tan habitual no resto da Galiza), non é que a forma galega non apareza nesta vila, senón que só se rexistra nunha ocasión en todo o país.

Hai unha infinidade de apelidos aos que poderiamos recorrer para seguir verificando o proceso castelanizador, e, boa mostra disto, son algúns dos exemplos que a continuación ofrecemos e que tiramos dos datos recollidos do catastro.

Andres Antonio [=Andres] Blanco [negociante por menor, merzero, dueño de tienda]
Andrés Cabaleiro [=Cavaleiro/Cavallero] [negociante por menor, merzero]
Andrés Camino [=Caamiño] (don)
Mauro da Espiñeira [=da Hespiñeira y Aguiar] [escrivano]
Nicolás da Veiga [=de la Veiga/de Vega/Vega/Sanchez de Vega/Sanchez dela Vega] [escrivano real]
Juan de Estrada [=de Estrada y Araujo] [escrivano de Ayuntamiento]
Silbestre [=Silvestre] de Lain [=Lain/Laiño] [marinero]
Joseph de Leys [=de Leis/de Leyes] (don)
Ana de Losada [=Lousada/Losada] [panadera]
Francisco de Outeiro [=de Otero] [maestro de texedor]
Juan de Peñadobre [=de Penadobre] [arrendatario de aguardiente, de aguas ardientes y licores]
Antonio de Seoane [=Seoane y Brejo/Seoane y Brexo] [maestro de zapatero]
Luis dela Fuente (don) [theniente de ymbalidos]
Manuel Garcia [=Garcia Obies/Ovies Garcia/Obies/Ovies/Hobes] [mercader de pormaior, fabricante de aguardiente]
Francisca Gayoso [=Gaioso] [panadera]
Maria Eusevia Phelipez [=Phelipez del Villar] (doña)
Juan Antonio [=Juan] Romero (don) [ofizial de pluma]
Fernando Villanueba [=de Villanueba/de Villanueva] [escultor, tallista]
Maria Yañez [panadera]

No primeiro dos casos, o apelido *Blanco* aparece castelanizado en todas as ocasións en que se fala deste individuo, mais non só, porque nas restantes alusións que se fan ao longo do catastro a este apelido, tan só aparece a forma do español. Máis interesante resulta o segundo do casos, onde, para alén da tan habitual confusión gráfica <b>/<v>, observamos como o escribán no mesmo texto, mais tan só un pouco máis adiante, rebautiza ao individuo co apelido castelanizado, aínda así, o apelido *Cabaleiro* presenta unhas reticencias notábeis para a súa castelanización posto que na maior parte dos casos aparece a forma lexitimamente galega. As transformacións dos apelidos son, como podemos observar, continuas e, ao igual que lle aconteceu aos anteriores individuos, *Andrés Camiño*, muda en *Andrés Camino*, *Nicolás da Veiga*, pasa a ser *Nicolás de la Vega* ou *de Vega*, *Silbestre de Laíño* pasará a ser *Silvestre de Laín* e *Joseph de Leys* pasa a ser *Joseph de Leyes*. As castelanización no eido da onomástica persoal segue, pois, as pautas xerais da deturpación da lingua galega por mor da presión do español, e dá lugar a apelidos como *Losada*, *Otero*, *Brejo*, *Villar*, *Romero* ou *Yañez* no canto de *Lousada*, *Outeiro*, *Breixo*, *Vilar*, *Romeiro* ou *Eanes*, e mesmo a híbridos como *Peñadobre* no canto de *Penadobre*.

BIBLIOGRAFÍA

Fontes

Real de Legos. Fondos do Arquivo do Reino de Galicia. Sig. 419.
Real de Eclesiásticos. Fondos do Arquivo do Reino de Galicia. Sig. 420.
Personal de Legos. Fondos do Arquivo do Reino de Galicia. Sig. 421.
VALES VILLAMARÍN, F.(1969). Transcrición «Respuestas de la ciudad de Betanzos al interrogatorio formulado a la misma para preparar el establecimiento de la «Única contribución»». *Boletín da Real Academia Galega*, Documentos históricos. Tomo III, A Coruña.
BOULLÓN AGRELO, A./ Sousa Fernández, X. (coord.): «Cartografía dos Apelidos de Galicia», **www.servergis.cesga.es/website/apelidos**.

Obras de consulta

CORDEIRO MOLEDO, C./ Varela Pombo, S., 1999, «Aproximación á onomástica persoal de Cangas do Morrazo no século XVIII». *Cadernos de Lingua* 20, A Coruña, Real Academia Galega, 85-96.
FEIXÓ CID, X., 2003, *Diccionario galego dos nomes*. Vigo, Ed. Xerais de Galicia.
FERREIRO FERNÁNDEZ, M., 2001, *Gramática Histórica Galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela, Laiovento.
FERRO RUIBAL, X./ BOULLÓN, A. I./ GARCÍA ÁLVAREZ, X. M./ LEMA, X. Mª/ TATO, F., 1992, *Diccionario dos Nomes Galegos*. Vigo, Ir Indo.
LEMA SUÁREZ, X. Mª.
(1991): «Interferencias lingüisticas do galego no castelán de Galicia dos séculos escuros. Algunhas calas nunha comarca rural: a Terra de Soneira». *Cadernos da lingua* 3. A Coruña, Real Academia Galega, 111-133.
(1993): «Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)». *Cadernos da Lingua* 8. A Coruña, Real Academia Galega, 117-13.
LÓPEZ, F., 1977, «Onomástica galega». *Grial* 58, 482-484.
PASTUR GOICOA, M., 2003, «Catastro do Marqués de la Ensenada». *Gran Enciclopedia Galega*, t. 9. Lugo: *El Progreso-Diario de Pontevedra*, 89-91.
PIEL, J. M., 1962/1963, «Sobre os apelidos portugueses do tipo patronímico en -ici > es (Rodrigues)» en *Boletim de Filología* 21, 3/4, 167-175.
SARMIENTO, Fr. Martin, 1923, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Ms. asinado en 1757. Tui, Tipografía Regional. 2ª ed.: Edición e estudo por J. J. Pensado. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999, 2vols.
TORRES DEL RÍO, J., 2006, *Os apelidos do Concello de Porto do Son*. A Coruña (Noia), Toxosoutos.

NOTAS

(1) Pastur Goicoa, M. (2003): «Catastro do Marqués de la Ensenada» en *Gran Enciclopedia Galega*, t. 9. Lugo: *El Progreso-Diario de Pontevedra*, 89-91

(2) Debemos lembrar que as persoas catastradas acostumaban ser as que tiñan bens materiais ou unha ocupación recoñecida, e que esta é unha das principais explicacións da desmesurada diferenza entre a aparición de nomes femininos e masculinos no catastro.

(3) Cordeiro Moledo, C./ Varela Pombo, S., (1999): «Aproximación á onomástica persoal de Cangas do Morrazo no século XVIII» ou Lema Suárez, X. Mª. (1993): «Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)».

(4) *Joseph*, ao igual que o feminino *Josepha*, é escrito en todas as ocasións en que aparece no catastro con esta grafía arcaica.

(5) Estes dous últimos xa cun volume moito menor de repeticións que os que encabezan a listaxe.

(6) Entre parénteses son recollidas as variantes gráficas que atopamos no catastro, así mesmo, moitos dos nomes que na actualidade teñen acento gráfico non o reflicten na listaxe por non apareceren con el en ningunha das fontes utilizadas.

(7) Vid. nota 3.

(8) A disposición dos datos que se fixo na base e que aquí aparece é a seguinte: prenome, recollendo entre corchetes as variantes gráficas e de composición que se dan ao longo dos libros, apelidos, onde recollemos, así mesmo, as variantes gráficas e de composición dos apelidos, ademais do tratamento, no caso de telo, e a ocupación no caso de que esta se nos especificase na información.

(9) O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) desenvolveu para o Instituto da Lingua Galega (ILGA) un Mapa de Apelidos de Galicia na Internet, que permite coñecer a distribución xeográfica en Galicia de máis de 25.000 apelidos mediante a súa representación cartográfica nun mapa de concellos.

(10) Os datos da Cartografía dos apelidos de Galicia traballan cunha base de datos elaborada sobre o Censo de poboación de 1998 (Instituto Galego de Estatística).

(11) Os apelidos patronímicos consolidáronse na Baixa Idade Media e constituían o grupo máis numeroso, en grande medida debido á rendibilidade do sufixo -ICI que formaba construcións xenitivas sobre o nome do pai e deu lugar maioritariamente a *-ez*, coas variantes *-es*, *-is* ou *-iz*. Ex. *Henríquez* de *Henrique*, *López* de *Lopo*, *Sánchez* de *Sancho*, etc.

(12) A listaxe segue unha orde cuxo baremo é o índice de repeticións da forma no censo.

(13) Cando facemos estas afirmacións sempre nos estamos a referir ao ámbito escrito, xa que non dispomos dos datos necesarios para saber a pronuncia real dos nomes. Agora ben, seguramente non fose pouco habitual que aínda que os escribáns castelanizasen os nomes, unha grande parte da poboación fose allea a este proceso e seguise a utilizar as formas tradicionais galegas.

La masonería: lo que es, lo que ha sido

Reflexiones en torno a una sociedad que todavía suscita controvertidas polémicas

ALBERTO VALÍN FERNÁNDEZ[1]

A Carlos Díaz Martínez
amigo entrañable, *in memoriam*.

Sumario

Este artículo ofrece al lector, evitando las abundantes y tendenciosas confusiones relacionadas con esta asociación, una breve explicación sobre lo que es en realidad y lo que ha sido a lo largo de la historia esta extraña forma de sociabilidad.

Abstract

This article offers, avoiding the ubiquitous tendentious mistakes linked to this association, a brief explanation of what is actually, and what has been throughout history, a strange form of sociability.

PREFACIO

A pesar de poseer todavía una cifra estimativa de miembros francamente considerable,[2] la francmasonería es hoy una asociación en profunda crisis. El problema fundamental estriba en el necesario reemplazo generacional que, desde hace varios lustros, no consigue. En la millonaria -tanto por su saneada economía como por el número de sus componentes- francmasonería estadounidense, la media de edad es cada vez más elevada, rondando ya la eufemísticamente denominada «edad dorada». En una reciente estadía londinense, me comentaba uno de los masones más activos de la sede de la Gran Logia Unida de Inglaterra que «en el presente» les resultaba muy difícil captar neófitos jóvenes y que, para que no se fuesen los que se habían iniciado, «olvidaban» en ocasiones el ritual, haciendo a los masones novatos, es decir, a los aprendices, más copartícipes en las tenidas con el fin de evitar su aburrimiento. Achacaba esta generalizada «crisis de vocaciones» masónicas (igual que también piensan sobre su particular crisis vocacional muchos curas católicos) al materialismo cada vez más dominante en la mentalidad general de la sociedad y en la correspondiente falta de inquietud espiritual de la gente joven. Y eso que la parafernalia masónica de los británicos inventores de esta sociedad secreta no es tan complicada, tétrica y difícil de poner en práctica como la que poseen algunos ritos «continentales» como el «escocés antiguo y aceptado», gracias a su más o menos sencillo Rito de Emulación. Rito éste que no posee en su práctica litúrgica ni oscuras y «terribles» cámaras de reflexiones colgadas de negro y llenas de calaveras, ni impresionantes e «incómodos» ataúdes, ni un larguísimo conjunto de escalafónicos grados.[3]

En lo que respecta a España, puede decirse que esta asociación desde su legalización en 1978, no consigue «levantar cabeza». Justo cuando por fin puede decirse que una de las innumerables y diminutas obediencias comienza a tener cierta estabilidad; es decir, incrementa el número de logias y, obviamente, el de miembros, consigue el respaldo masónico internacional y el correspondiente eco por parte de los medios de comunicación,

---

[1] **Alberto Valín Fernández es Profesor Titular de Historia Contemporánea de la Universidad de Vigo.**

comienza su irremediable proceso de micronización a base de abroncadas disidencias para nada «fraternales», llegando incluso estas discrepancias a acabar en indiscretas querellas judiciales. En realidad esta triste «costumbre» forma parte fundamental de toda la historia masónica española. Algo que me recuerda siempre lo que les sucedió y todavía sigue sucediéndoles a los trotskistas, involucrados constantemente en un sin fin de disidencias. Recordemos el conocido dicho de «dos trotskistas, una Liga Comunista; tres trotskistas, la primera escisión». Así le ha pasado a la «liberal» Gran Logia Simbólica Española y le está sucediendo en estos momentos (principios de 2007) a la «regular» y hasta cierto punto numerosa (+/- 2.000 miembros) Gran Logia de España.

Con anterioridade á época do *desarrollismo* dos años sesenta, algunhas casas da pequena burguesía dispuñan de estufa ou cheminea, pero diversos testemuños poñen de manifesto que non parece que tales artiluxios resultasen de grande utilidade. Por diversas causas. Algunhas delas deixounas apuntadas Josep Pla nunha anotación feita en marzo de 1918, en *El cuaderno gris*: «No se podría negar que en los días más inclementes y crudos no se encendiese el hogar del comedor. Pero esto no era demasiado corriente. Mi madre era, en este punto, un elemento discordante: decía que el fuego crea mucho desorden y lo ensucia todo. Y, en parte, tenía razón. Sólo cuando soplaba un viento determinado –ahora no recuerdo cuál- la chimenea tiraba de abajo arriba, es decir, normalmente. En aquella época nadie sabía construir una chimenea, y encontrar una que funcionase bien era un hecho de simple azar, una propina de la divina providencia»[24].

O problema da calefacción viña según parece de antigo. Cando corrían os anos da segunda metade do século XVIII, no período en que conde de Aranda presidía o *Consejo de Castilla*, chegou a Madrid o lendario sedutor Giacomo Casanova. Refire este nas súas interesantes memorias que os habitantes desta capital parecíanlle: «(…) tan frioleros que al menor soplo del norte, incluso en plena canícula, no salen de casa sin abrigo»[25]. Fixéronlle saber que os madrileños combatían o frío índose a expoñer ós raios solares na Porta do Sol, procurando embucharse ben nas súas capas. No que se refire ás condicións do seu albergue, que é o que aquí nos interesa máis directamente, sinalaba o seguinte: «Quedé satisfecho de mi alojamiento en la calle de la Cruz, sólo que no tenía chimenea. A pesar de ser más baja la temperatura en París que en Madrid, se nota aquí más el frío, a causa, debe ser, de que Madrid es la capital más elevada de Europa»[26]. Polo menos dispuña dun braseiro, pero resultaba que daba unha calor abafante e francamente inaturable.

Custoulle gran traballo dar cun estufista en Madrid e cando atopou un tivo que ser el quen lle ensinase como había que construír tal artefacto. Deixo constancia do retraso español neste orde de cousas, sinalando que: «Si Madrid tiene estufistas a mí me lo debe ya que me ví obligado a enseñar a este hombre su oficio»[27].

Despois de todo isto non é tan inverosímil. No século XIX pasaban frío ata os ministros do goberno, como tivo ocasión de constatar e de padecer, de paso, o curtido e empedernido viaxeiro, vendedor de Biblias, G. Borrow, quen refire o seguinte en *La Biblia en España*: «Una mañana temprano acudí a Palacio, en una de cuyas alas estaba el despacho del primer ministro. El frío era cruel; el Guadarrama, sobre el que hay una hermosa vista desde la explanada del Palacio, estaba cubierto de nieve. Casi tres horas estuve tiritando de frío en una antecámara, con varias personas más que, como yo, aguardaban audiencia del poderoso. Al cabo se presentó el secretario particular y, después de hacer diversas preguntas a los otros, se dirigió a mi, interrogándome acerca de mi calidad y mis pretensiones. Díjele que yo era un inglés, portador de una carta del ministro británico»[28].

Aínda nos tempos da Segunda República as cousas non tiñan mellorado grande cousa a este respecto. O político republicano Manuel Azaña, deixou constancia disto nunha anotación feita no seu Diario, en xaneiro de 1933: «La comida en Palacio ha mejorado; pero sigue haciendo frío en aquella casa»[29].

Polo demais, o braseiro era un sistema moi espallado para escorrentar o frío. Pero suscitaba o temor do *atufamiento*, debido ó carbón a medio acender no braseiro. Cautas voces alertaban á xente explicando que: «jamás debe dejarse un brasero en la habitación donde se duerme», pois tal imprudencia produce mareos, vómitos «y aún verdadera asfixia»[30]. Tales braseiros de carbón e leña, así como outros aparellos que queiman combustible, consumen axiña o osíxeno e producen monóxido de carbono, cuxa aspiración provoca soño e mesmo a morte. Para evitar estes problemas, os hixienistas recomendaban a ventilación frecuente das habitacións e apagar estes aparellos pola noite. Aínda no ano 2003, a Consellería de Sanidade recordaba que cada ano se producía unha media de tres falecementos por respirar monóxido de carbono. Nas últimas décadas, o braseiro era un procedemento que soamente empregaban as xentes de economía moi modesta, pero con anterioridade á década de 1960, recorrían tamén a el os sectores acomodados.

Vai lavar a cara

O lavado e a hixiene corporal non preocupaban gran cousa nos medios populares, tanto urbanos[31] como rurais. A comezos do século XIX, unha característica común de todos os fogares obreiros de Santiago era a práctica inexistencia de útiles de aseo e limpeza, xa fora da casa, da roupa, ou relacionados co aseo corporal[32]. Polo demais, «En cuanto á los moradores del campo se puede decir que tienen horror al agua y que la incuria y el abandono en materia de limpieza son distintivos que les acompañan casi siempre»[33]. Todo o máis, importaba dar unha impresión de aseo diante dos veciños, nomeadamente no domingo. Ter un aspecto aseado equivalía ante todo a ir ben peitado e levar a roupa limpa, ou cando menos sen demasiadas manchas e arrugas. Tanto os tratados de urbanidade como os preceptos dos hixienistas reparaban na conveniencia de someter a ablucións ás partes visibles do corpo: a cara e as mans. En particular as uñas, que poucos labregos conseguían levar adecentadas. O lavado do resto do corpo xa non se miraba tanto.

Examinaremos cal era a hixiene e os coidados corporais que se practicaban no medio campesiño tradicional. Pola noite, deixábase un ouriñal debaixo da cama, por se houbera algunha urxencia fisiolóxica. Enténdese que servía para recoller as augas menores, pois de non ser así terían que levantarse para ir o retrete. Pola mañá, ó saír o sol no verán, máis tarde no inverno, o paisano erguíase e, no mellor dos casos, botaba auga coa xerra (de metal esmaltado de branco) no *aguamanil* ou almofía e lavábase a cara, máis ben coas puntas dos dedos. Utilizaban auga fría e secábanse cunha toalla de liño. A almofía adoitaba ter tres pes e un aro de madeira ou metal sobre o que se instalaba un pequeno lavabo de parcela, previsto para botar auga cun xerro e lavarse. Moitos levaban incorporado un espello e un toalleiro. Habíaos máis sofisticados, que estaban empotrados nun moble de madeira, en cuxa parte inferior, celada por dúas portelas, se depositaba un cubo destinado a recoller a auga sucia. En Beluso, nunha casa labradora e mariñeira forte, dispuñan dun moble de madeira con pileta, sobre a que campaban unha billa e un espello. Na parte traseira albergaba un depósito de auga con tapadeira, que se enchía cunha xerra de parcela. Na parte inferior, agochada tras dunha portiña, había outro recipiente destinado a recoller a auga usada. «Pero isto usábase para cando viña o médico e tiña que lavar as mans. Nós, correntemente utilizábamos unha palangana»[34], recoñecía o home con franqueza.

Precisaba un etnógrafo, nos anos vinte, que en realidade: «Non está moi espallado o costume de lavala cara todolos días e, sobre todo, no inverno, enquécese desto máis veces das que cumpría»[35]. O doutor Antonio Correa indicaba facendo referencia á maioría da poboación lucense que: «Las labores de su tocado se reducen á verificar el domingo por la mañana conatos de lavarse y peinarse, mudan al mismo tiempo la mayor parte de ellos la camisa (…) y hasta el domingo siguiente está ya listos en materia de aseo y limpieza»[36]. Apostilaba, ademais, que esta era a rutina popular habitual que só se alteraba algún día festivo, con ocasión dunha viaxe que houbera que facer (cosa moi excepcional) ou para acudir a unha feira. A expresión «lavarse como o gato», non só resultaba de aplicación ós campesiños. Moitas persoas se aseaban como o personaxe de Galdós, Villaamil, que saía da súa alcoba, entre oito e nove da mañá, «después de haberse refregado el hocico con un poco de agua fría y de pasarse el peine por la rala cabellera»[37]. En 1923, un mestro navarro erguíase pola mañá un cuarto de hora antes das nove para empezar a dar as súas clases a esa hora. Isto abondáballe para vestirse e asearse porque, segundo conclúe Vila-San-Juan, nos anos vinte «el agua y el jabón no se utilizaban en demasía...»[38].

Tampouco o lavado das mans era algo que se realizara de xeito habitual. Nas obras de García Barros descríbense con detalle os costumes populares, e non se aprecia que os labregos lavaran as mans, por exemplo antes de comer[39]. Non eran poucos os médicos e comadroas que atendían as parturientas sen adoptar esta previsión básica e provocaban nalgúns casos infeccións mortais, como consecuencia das clásicas febres puerperais. Isto adoitaba ser unha causa de mortalidade relativamente común nas mulleres do século dezanove[40]. Pódese imaxinar entón como sería a situación dos labregos. Nalgúns casos, os paisanos, lavaban as mans ó chegar á casa o medio día, despois de traballar, ou mellor aínda pola noite. Pero varios testemuños indican que isto non era o máis xeral. Apuntaba, por vía de exemplo, o mencionado estudo médico que, a finais do século XIX, os labradores: «(…) después de andar trabajando generalmente con las manos llenas de porquería apenas se acuerdan de lavarlas y limpiarlas antes de ir á comer»[41]. Outrosí, engadía que: «El cortarse y limpiarse las uñas es cosa casi totalmente desconocida entre nuestros labriegos»[42]. Dita falla de hixiene revestía notable importancia, xa que: «(…) nues-

tros paisanos apenas usan para comer de ningun utensilio especial, como no sea para los líquidos, sirviéndose de las manos como instrumentos predilectos de aprehension de los alimentos, particularmente de los sólidos»[43].

Polo demais, coñecendo a pouca inclinación da xente polos lavados, un hixienista recomendaba o que sería o obxectivo ideal daquela: «Una vez al mes te lavarás los pies»; empregaba a rima para tratar de auxiliar á memoria da xente.

Os baños de «limpieza y recreo» eran por completo descoñecidos en moitas comarcas, a pesares de que fosen abondosas as augas en todos os recantos do país[44]. En efecto, constataba o médico lucense que a pouca afeición polas ablucións non se debía precisamente a que escasearan os recursos hídricos na zona: «Lástima grande que aqui que tanto abundan las aguas más puras y saludables que pueden desearse, no se hallen establecidas costumbres que fomentasen el aseo en elevado grado»[45]. Hai que puntualizar noustante que, ó non dispoñer a maioría das casas de traída de augas, tanto no medio rural como nos barrios periféricos das urbes, ata a segunda metade do século XX, a abundancia de auga non evitaba á xente te que realizar un importante esforzo, co conseguinte gasto de tempo, para conseguila. Cando comezou a chegar a auga corrente ás zonas céntricas das cidades, nas primeiras décadas do século vinte, melloraron as condicións hixiénicas e mesmo tamén a saúde pública: na Coruña, por vía de exemplo, chegou a traída de auga, provista dun filtro, na primeira década do século XX, e axiña se rexistrou un apreciable descenso nas taxas de morbilidade e mortalidade ocasionadas polas febres tifoideas, cólera e gastroenterite[46].

Na época de Primo de Rivera as obras das traídas colleron un pulo importante mercé os empréstitos que o Estado lles concedía os concellos para obras melloras públicas.

Polo demais, o doutor Correa facía a salvidade de que na época estival o panorama da hixiene melloraba un tanto máis. En efecto, no verán lavábase a xente en maior medida que no inverno porque suaban bastante máis e, como non facía frío, non resultaba tan heroico espirse. Poderían, como máximo, bañarse no río unha vez por semana, ou ben nunha tina grande de madeira ou metal, emprazada na cociña, con auga quente (quentada no lume, a base de potas).

Para as xentes do litoral resultaba máis doado prestar atención a súa hixiene e coidados corporais. Un hixienista recoñecía que os habitantes da costa facían uso «bastante frecuente» dos baños de mar e tamén recorrían ás ablucións aqueles que vivían nas ribeiras dos ríos dun certo caudal. Nalgunhas ocasións aproveitaban algunha fonte mínero-medicinal, ou ás ablucións con herbas na súa casa, pero facían isto «(…) por prescripción científica y por empirismo, para curar alguna enfermedad crónica y cuando no hay otro remedio más barato de que echar mano»[47].

Os outros grupos sociais manifestaban algo máis de escrúpulo, pero tampouco parecían esmerarse demasiado. E isto non era algo que acontecese soamente en Galicia. O marqués de Salamanca rompeu coa súa magnificente e ostentosa vida os costumes mezquinos de Madrid, na década de 1840. Este financeiro foi quen iniciou a transformación dos hábitos das xentes de alta posición, incitándoas a vivir en mellores condicións. Foi o primeiro que instalou un baño na súa casa, «ejemplo prontamente seguido; y que se bañaba a diario; en esto ya fueron remisos los imitadores»[48]. Nesta orde de cousas, o médico lucense, Correa Fernández, referíase, nunha topografía médica, ás persoas *pudientes*, ilustradas e residentes na capital e nas vilas da provincia. E constataba que se ben se lavaban e facían o seu tocado tódolos días, en cambio: «En la cuestión de

los baños es verdad que andan un poco rezagados, haciendo uso de ellos solamente en el verano, y eso con un fin terapéutico ó por prescripcion facultativa y mas excepcionalmente por recreo»[49]. A medida que a traída de auga foi chegando ás casas, e estas empezaron a dispoñer de termos nos cuartos de baño para quentala, en vez de ter que recorrer a potas de auga que había que facer ferver nas cociñas de ferro, entre as clases medias e altas urbanas, foise espallando o costume do baño semanal. Elvira Lindo lembraba que cando era pequena se bañaban pouco, «los sábados generalmente, y luego las madres tenían que limpiar el cerquillo de roña que quedaba en la bañera»[50]. O hábito da ducha diaria foi en España unha conquista hixiénica que empezou a difundirse con certa extensión, nos medios urbanos, na década de 1970.

A altura de 1904, non eran poucos senón que probablemente formaban lexión, os que opinaban que o baño resultaba pouco conveniente, ou mesmo contraproducente. Nun diálogo entre dous esposos, reflectido nunha revista da época, o marido trataba de convencer a súa dona de que tiñan que modernizarse e imitar ás persoas de nivel social elevado que empezaban a facer uso do baño. Pero a muller mostrábase recalcitrante e aducía con tono de protesta: «-Pues yo siempre he oído decir que es peligroso. Cuando yo me criaba -y bien sabes que pertenezco a una familia decentísima- nunca nos hemos bañado, porque papá era opuesto á los lavatorios»[51]. Algunhas damas da burguesía compostelán encontraban, cara á década de 1930, que a bañeira podía ser de utilidade para almacenar as caixas de sombreiros[52]. No medio rural, en cambio, non foron poucos os campesiños que, máis tarde, aproveitaron a bañeira para salgar a carne do porco despois da matanza.

A reprobable falla de hixiene estaba motivada, segundo o criterio dos médicos, pola preguiza e o abandono das xentes. Pero, en verdade, semella que a escasa limpeza non se debía só a descoido, senón tamén á perduración de certas concepcións prexuizosas –das que participaban tamén nalgunha medida os sectores acomodados da poboación- que estimaban pouco recomendables as ablucións. Trátase da pervivencia dun prexuízo antigo, de larga vixencia e difícil desarraigo nos medios populares de Galicia; aparece ben expresado neste proverbio: «Poco baño, poco daño», e tamén neste outro recopilado xa en 1870: «Hombre de baños, hombre de pocos años»[53], que coñecece tamén a fórmula: «Los que van a baños, viven pocos años»[54].

En relación co emprego da auga nas prácticas hixiénicas, o doutor Correa recoñecía que as crenzas ancoradas no imaxinario colectivo desempeñaban tamén un papel relevante; dito coas súa propias palabras, influían nesta cuestión: «las máximas y preocupaciones añejas y antihigiénicas que aun se conservaban entre nuestros labradores (...)»[55]. E non só entre eles, como xa apuntamos.

DOS MIASMAS ÓS MICROBIOS

Georges Vigarello sostén[56] que a historia da limpeza corporal revela unha gran variedade no tempo dos costumes e mesmo dos aspectos vencellados ó imaxinario colectivo relativos ó auga e as súas propiedades / virtudes. Deste xeito, resulta moi considerable a distancia que separa as representacións antigas da cultura popular das vixentes na época recente.

En realidade, adoitábase pensar que non era conveniente nin san lavarse moito, xa que a cotra de suciedade constituía unha barreira de protección contra dos miasmas tóxicos que pululaban pola atmosfera. Jean-Pierre Goubert[57] sinalaba que, no marco da cultura

paisana máis tradicional -auténtico receptáculo dos costumes ancestrais- considerábase a suciedade como protectora, polo que o lavado aparecía como algo nefasto.

Ata o século XVIII, a elite de Francia temía que os poros tumefactados da pel se comportasen como aberturas polas que poderían penetrar os contaxios hasta os receptáculos orgánicos. Sospeitábase que a auga podería obrar como os imperceptibles velenos que invadían os corpos dos contaxiados. O baño, pois, non carecía de riscos, posto que deixaba a pel en gran medida aberta e, xa que logo, doada de penetrar. Como apunta Vigarello: «Una mecánica simplificada de la infiltración y una racionalización concibida, en primer lugar, para explicar el fulminante ataque de las pestes y de las epidemias han ido favoreciendo esta representación de un cuerpo de fronteras penetrables»[58].

A maior abundamento, a opinión popular, a fins do século XIX en Francia, mantiña un repertorio de crenzas que harmonizaban ben coa presenza omnívora dos parasitos. Pensábase que a sarna, os piollos e os parasitos en xeral, non facían outra cousa que limpar o sangue dos nenos. De feito, en certos lugares cubríase de pulgas ós nenos que non as tiñan, porque consideraban que era bo para a súa saúde. Polo demais, tíñase por certo que tiñas e pústulas, erupcións, furúnculos e supuracións de tódalas clases, facían saír os humores e purificaban o corpo. Era pois preferible non lavarse para conservalos. E mesmo semellaba preferible non lavarse «tout court»: canto máis sucios estivesen os nenos máis medrarían[59].

A propia medicina antiga ollaba con algunha prevención os baños.

Segundo revela o estudo de Georges Vigarello[60], ata o século XIX non se abriu paso na opinión ilustrada de Francia a concepción de que o auga non debilita as defensas corporais, facendo máis fráxiles as aberturas da pel, senón que pola contra permite un maior dinamismo nas funcións orgánicas intensificando a transpiración e as enerxías. Deste xeito, cambiou o paradigma vixente nas antigas prácticas dos tempos da peste (andazo que seguiu aflixindo á poboación no século XIX): deixou de considerarse que a auga expuña ó incauto ós riscos da infección e o contaxio para soster que, contrariamente, protexía á persoa hixiénica que recorría ás ablucións minorando os riscos.

As teorías bacteriolóxicas de Pasteur contribuíron a transformar a percepción do lavado. Mercé a súa pescuda comprendeuse que a auga realizaba unha función hixiénica positiva eliminando a suciedade que servía de caldo de cultivo para os microbios invisibles a simple vista[61].

Hai tamén un compoñente moral na exhortación dirixida pola burguesía, imbuída do novo credo hixienista, ás clases populares: certamente, mediante a «orde» do corpo e a disciplina da hixiene obtíñanse beneficios fisiolóxicos, pero ademais se propiciaban as virtudes morais[62].

BARBEIROS DE ANTANO

O peiteado era pouco concienzudo. Ou innecesario: era corrente nos homes levar a cabeza co pelo rapado moi curto[63]. Nenos e mozos levaban xa máis pelo, con raia no medio ou no lado dereito[64].

Non era costume lavar os dentes. Como haber, existían dentríficos xa en 1900, mesmo marcas como *Licor del Polo*, pero isto era un hábito urbano e señorial, pouco espallado. Un labrego tomaba de cando en vez unha mazá e xa ía tirando así. Despois de comer podía limpar as frebas que lle quedaran entre os dentes con axuda dalgún improvisado garabulliño,

a non ser que tivera a sorte de que na taberna houbera escarvadentes, que era moito haber (tiña máis probabilidades de encontralos nun café da vila). Como é lóxico, picábanselle moi axiña as moas e a partir dos trinta anos abundaban as persoas parcialmente desdentadas. Os vellos, estaban case todos sen dentes (no medio rural, non se empregaron as dentaduras postizas ata hai poucos anos). Tamén era común, entre as persoas de certo acomodo, ter algunha moa ou dente de ouro. Presumíase diso.

Realizábase o afeitado con xabón de afeitar (no mellor dos casos), brocha e navalla de rasurar. O domingo pola mañá, antes de ir a misa, era un momento axeitado para afeitar a cara. Conviña ter a man un aparello para afiar a navalla, que adoitaba ser de coiro cun mango. O campesiño non acostumaba deixar medrar a barba, aínda que non era raro que andara mal afeitado, con barba de catro ou cinco días. Había algúns que deixaban as patillas máis longas. Entre os vellos era máis común deixar a barba. A xente descoidábase cos anos. Tamén, nas vilas, os homes adoitaban acudir ó barbeiro, non só para cortar o pelo, senón tamén para afeitar a barba pagando un modesto prezo. De paso, enterábanse das novas e comentábanas, pois a barbería era un centro de sociabilidade masculina primordial.

Como no ouriñal só se adoitaba mexar, tiñan que facer as necesidades maiores no escusado ou na horta, nomeadamente no recanto das coles, pois as follas desta planta parecían axeitadas para facer as veces de papel hixiénico. Non se preocupaban moito de recatarse. O sentimento de vergonza, como o de pudor ou o de privacidade, estaban daquela escasamente perfilados.

Cuartos de baño non empezou a haber nas vivendas campesiñas ata ben entrados os anos sesenta. Constitúe un elocuente testemuño da situación da hixiene nas aldeas, a descrición realizada por Cristina Lilliestierna, escritora sueca asentada no Morrazo, polos anos cincuenta. Acordou contratar a Esmeralda, unha moza aldeán de vintecatro anos, vestida de negro, que cando se adentrou na casa quedou asombrada: «O cuarto de baño déixaa abraiada; afirma que xa tiña visto algo semellante nunha revista. Inténtolle explicar para que serve unha bañeira e un lavabo e que servicio pode prestar un water»[65]. Nesta orde de cousas, unha muller informante lembraba o seguinte: «Ai, o cuarto de baño, mira, daquela, o cuarto de baño tíñamos que ir fora, tiñámolo fóra, no patio. Tíñamos o cuarto de baño fóra. Despois a casa non tiña, daquela non tiñan cuarto de baño nin nada. E despois de pasar anos fixerámolo. E nese cuarto que tíñamos debaixo da parra, porque era... o servizo, pois entonces, tíñamos unha tina ghrande, pa ducharnos. Despois un hermano meu, que era moi mañoso, fixo unha cousa como que caera augha na tina, non sabes? Xa era unha cousa, buenó, xa era unha marabilla!»[66].

Nas casas de maior acomodo, había un habitáculo nun recuncho do sobrado, provisto dunha portiña. Este era o recurso para cando chovía ou ben para os apuros de noite. Dentro do retrete había un burato redondo, feito no piso de madeira. Sobre el, instalábase nalgúns casos, para maior comodidade, un banquiño tamén furado. Outro modelo de water consistía nunha estrutura rectangular, semellante a unha mesiña de madeira baixa, cun burato no centro. Por riba dispuña dunha tapadeira provista de asa (sen bisagra)[67]. A cada lado quedaba un espazo para poñer papel ou pousar un ouriñal. As dexeccións caían sobre a palla e o toxo do cortello. Para que non se acumularan, íanse remexendo regularmente. Logo aproveitábase como abono. Como papel hixiénico empregábanse trapos vellos, se os había (anacos de vellas camisas, etc.[68]), as follas do xornal ou ben papel basto, de estraza. Nos retretes adoitaba haber algúns pliegos atravesados por un arameo suxeito á parede.

Tamén había algunhas casas que dispuñan dun escusado situado no exterior que daba a un «pozo negro». Ou ben tiñan unha simple poza, que estaba perto da casa, en descuberto ou baixo o quinteiro. Era un pozo simple, a beira do cal había que dispoñer o corpo para defecar. De cando en cando, botábaselle toxo e herba para aproveitar como fertilizante[69]. Os detritos se infiltraban no solo e contaminaban as augas subterráneas. Isto era, claro está, un factor de contaminación das augas subterráneas, e conseguintemente, das fontes e dos pozos. Deste xeito, rexistrábase a presenza de bacteria fecal coniforme, microorganismo procedente dos defecacións humanas que provoca doenzas como hepatite vírica, tifos, gastroenterite e mesmo cólera.

Ó chegar a noite –polo regular, recollíanse cedo- con sorte, poderíanse lavar as mans.

O cambio de roupa interior, como tamén a da cama, adoitaba facerse cada oito días. Isto no mellor dos casos[70]. Só nas casas de moito acomodo cambiábase a roupa íntima cada tres días.

Ó cabo, a despreocupación pola hixiene persoal resultaba –segundo o xuízo dun galeno- especialmente grave no que concernía ós vellos e ós nenos, nos que a falla de hixiene «se eleva a su último límite»; sendo así que «la porquería y la inmundicia sientan en ellos sus destestables reales»[71].

O descoido na hixiene corporal de moitos labradores e xente traballadora provocaba malestar ás veces no trato interclasista. Chamaba a atención sobre isto un médico, que se refería a situación da hixiene na provincia lucense, a finais do século dezanove. Censuraba con acritude as prácticas hixiénicas dos campesiños, por parecerlle laxas en demasía: segundo el, apenas se aseaban e levaban. Detallaba mesmo, con certo prurito escatolóxico, que coa súa *negligencia vituperable* favorecían a «repugnancia por parte de personas limpias é ilustradas, las que se ven precisadas á separarse de tales indivíduos, á quienes el trato de aquellas podia servir de mucho»[72].

A despreocupación pola hixiene alcanzaba a tódolos ámbitos. Pódese observar isto por exemplo na preparación culinaria dos alimentos ou no seu consumo na mesa. A clamorosa falla de limpeza tiña aquí unha repercusión directa na saúde, que podía verse severamente afectada polas doenzas infecciosas. Vexamos unha escena costumista recreada en *As aventuras de Alberte Quiñoi*[73]: Uns rapaces apañaron na cociña as cuncas do caldo e foron a acomodarse nas escaleiras que conducía ó sobrado. Como as patacas estaban moi quentes colléronas coas mans e puxéronas a enfriar na escaleira. Como cadrou que a nai tivo que subir ó sobrado a atender o neniño no berce, os rapaces correron as patacas para deixar sitio e impedir que a nai as pisara. Esta díxolles ó pasar que eran uns «cochinos», pero non lles impediu que as comeran.

HIXIENE DA MULLER

No que atinxe ás mulleres, o lavado da cara e das mans pola mañá era quizais un pouco máis habitual e tamén máis concienzudo que o dos homes. Adoitaban empregar unha pastilla de xabón caseiro. A nai bañaríase ela e ós cativos, nunha tina, ou barreño, ou ben no río, de tarde en tarde. O usual no medio rural, xa ben entrados os anos sesenta, era lavarse por partes, no inverno de mes en mes, sinalaba unha informante. Na época estival, cada oito días[74].

Cambiábase de roupa cunha periodicidade semellante a do varón -a non ser que éste fora particularmente refractario ó tema-, pois ela era quen gobernaba estas cousas. Botábase a lavar a roupa cando realmente estaba ben luxada. No caso de que lavara a roupa cunha frecuencia semanal a señora adquiriría sona de ser moi limpiña e de traer

moi ben aseados ós seus. Efectuaba o lavado da roupa no río, ou no lavadoiro particular ubicado na proximidade na casa. Tamén podía recorrer a un lavadoiro público, lugar de sociabilidade feminina por excelencia. Empregaba unha táboa de madeira ondulada, unha tina na que transportaba a roupa, unha pastilla de xabón caseiro e un cepillo. Se querían dispoñer de auga quente tiñan que quentar unha pota na cociña[75].

A nai e as fillas tiñan que baleirar cada día os ouriñais fora da casa, e os cubos ou palanganas de auga sucia (do lavado) de toda a familia. No tocante ó peiteado, eran moi abondosas as mulleres labregas e populares que levaban o pelo partido en dúas bandas. As mozas polo xeral levaban un peiteado con carreiro polo medio da cabeza e o pelo botado para atrás, formando dúas trenzas, chamadas *panieiras*, Tamén podía ser unha sóa trenza, que as máis elegantes adornaban cunha lazada de seda no cabo, case sempre negra[76]. Algunhas recollíano na base da cabeza facendo moño. A fins da década de 1920, había xa moitas mozas co pelo curto, cortado á moda imposta por Coco Chanel (estilo *garçon*) ou que levaban feita a permanente[77].

Os coidados da pel das mulleres perteñecentes ós sectores populares eran practicamente nulos. As mozas e mulleres das aldeas adoitaba ter a faciana de cor vermella, e a pel curtida e pouco fina, como consecuencia do traballo ó vintimperio. As mans, inevitablemente endurecidas e callosas. A mala alimentación, as doenzas e o rigor do clima se concitaban para facer que a partir dos vintecinco anos a maior parte das mozas vira murchada a súa louzanía e eventual fermosura. Un domingo, a muller se arranxaba un pouco máis, vestíase un pouco mellor, púñase uns pendentes, e cubría os cabelos cun pano vistoso para levar a misa, se non dispuña dun velo negro de encaixe. Podía ser que se perfumara un pouco con auga de colonia. Se cadra bótase uns polvos de arroz na cara. Unha rapaza solteira, de familia labradora de bon pasar, podería ademais, con moita audacia, pintar os beizos e levar o pelo longo, que podería recoller en dúas trenzas, segundo xa se indicou. As labregas non pintaban as uñas. Si que o facían, en cambio, as señoras das vilas e cidades, afeccionadas a empregar asemade polvos faciais, e tamén a maquillárense a pintaren os beizos. Algunhas tamén se tinguían o pelo[78].

Cando a muller casaba debía mostrarse convenientemente recatada e discreta para non dar que falar, Considerábase que se xa conseguira marido non tiña necesidade de presumir diante dos restantes homes. Os clérigos predicaban contra os recursos da cosmética e o ornato que non eran, segundo eles, senón ardides do Maligno. É perfectamente concibible que aproveitaran a penumbrosa confidencialidade do confesionario para instruirían ás mulleres neste espírito de modestia. Frei Luís de León ofrecéralles unha referencia orientativa en *La perfecta casada* (1583), onde se mostraba contrario a que as mulleres casadas, inspiradas polo demo (sic), se pintaran os ollos e se puxeran coloretes e outros enfeites na cara. Baixo unha fórmula de interrogación retórica, a súa condena non tiña paliativos: «Mas ¿qué locura aquesta tan grande, desechar el rostro natural y buscar el pintado?»[79]. Invocaba en abono da súa tese unhas palabras de San Ambrosio, que non deixaba o máis mínimo marxe para ambigüidade: «Más tolerable en parte es ser adúltera, que andar afeitada; porque allí se corrompe la castidad, y aquí la misma naturaleza»[80].

As mulleres labregas non se depilaban ou, en todo caso, facíano nas únicas partes do corpo que se ofrecían a vista: a cara, e todo o máis, os brazos. En 1900, podíanse ollar nos xornais anuncios de polvos cosméticos depilatorios, por exemplo da firma barcelonesa Borrell, pero estaban pensados só para o cutes[81]. Na publicidade de

depilatorios, da revista *Vida Gallega*, en 1926, apreciase isto mesmo. E facían isto as mulleres máis coquetas e as mozas en idade de merecer. As damas que vivían nas cidades tampouco se depilaban moito máis. Empezaron a facelo cando apareceu o costume de acudir as praias no verán, onde se utilizaban traxes de baño que deixaban á vista as pernas Empregaban a cera, uns polvos cosméticos depilatorios que se mercaban nas droguerías das cidades, ou ben unha especie de disco depilatorio semellante a una papel de lixa que se facía rotar e cortaba o vello[82]. Para disimular o bigote utilizaban auga osixenada, pois deste xeito o vello quedaba tinguido de loiro.

NOTAS

[1] «Refrás», *O Tio Marcos d'a Portela. Parrafeos c'o pobo gallego*, Ano Primeiro. Parrafeo Primeiro. Ourense, 7 de Febreiro de 1876, p. 4

[2] Xosé María Gómez Vilavella: «Aqueles mestres / Aqueles zoqueiros», *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, Nº 5. Ano 2001, p. 227.

[3] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo*, Imprenta de «El Regional», Lugo, 1891, pp. 147-148

[4] Eugen Weber: *France, Fin de Siècle*, Belknap-Harvard University Press, Cambridge (Massachusetts), 1986, p. 54

[5] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, Ob. cit.*, pp. 144-146.

[6] *Ibidem*.

[7] *Ibidem*.

[8] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo*, Ob. cit., pp. 147-148

[9] Ramón Cabanillas: «¡Miserere!», *Vento mareiro* (2ª ed. 1921) *1 Obra Completa*, Akal, Madrid, 1979, p. 278.

[10] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, Ob. cit.*, pp. 147-148

[11] Gonzalo Torrente Ballester: *Los gozos y las sombras. I. El señor llega*, Alianza, Madrid, 1979, p. 404.

[12] *Ibidem*, p. 311.

[13] Ramón Otero Pedrayo: *Arredor de sí*, Galaxia, Vigo, 2ª ed., 1970 (1ª ed. 1930)

[14] Pío Baroja: *Desde la última vuelta del camino. Memorias.* Tomo II: *Familia, infancia y juventud*, Caro Raggio, Madrid, 1982, p. 280.

[15] *Alfonso (1902-1990)*, catálogo dunha exposición fotográfica (Comisario: Luis María Caruncho Amat), Fundación Pedro Barrié de la Maza, Madrid, 1999, p. 91. Este comentario figuraba na exposición, pero non no pe da foto que se recolle no catálogo

[16] Josep Pla: *El cuaderno gris*, Círculo de Lectores, Barcelona, 1997, pp. 52-54.

[17] Entrevista de Xavier Castro a Miguel e Ramón Muñíz de las Cuevas, oriundos de Ourense.

[18] Josep Pla: *Dietarios (Volumen I. El Cuaderno Gris / Notas Dispersas)*, Espasa, Madrid, 2002, p. 744.

[19] Pedro Martínez Baselga: *Patología social española*, Imp. F. Villagrasa, Zaragoza, 1903. Cit. por Germán Rueda: «Formas de sociabilidad y condiciones de vida en la segunda mitad del siglo XIX», en Rafael Sánchez Mantero (Ed.): *En torno al 98. España en el tránsito del siglo XIX al XX*, T. I, Universidad de Huelva, Arco Libros, Madrid, 2000, p. 54.

[20] Pedro Felipe Monlau: *Elementos de Higiene privada ó arte de conservar la salud del individuo*, Imprenta de Rivadeneyra, Madrid, 4ª ed. 1870 (1ª ed. 1846), pp. 500-501.
[21] Rosalía de Castro: «¡Terra A Nosa!», *Follas Novas*, Galaxia, Vigo, 1993, p. 339.
[22] Florentino López Cuevillas; Xoaquín Lorenzo Fernández: *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas* (Seminario de Estudos Galegos), Santiago de Compostela, 1930, p. 33.
[23] Pbro. José Codina: *La niña cortés, ó Lecciones de urbanidad y decoro para los colegios de señoritas*, Imp. de Gregorio Hernando, Madrid, 1870, p. 6
[24] Josep Pla: *El cuaderno gris*, Ob. cit., p. 53.
[25] Giacomo Casanova: *Casanova. Memorias*, Mediterráneo, Madrid, 1973, pp. 180-181.
[26] *Ibidem*.
[27] *Ibidem*.
[28] G. Borrow: *La Biblia en España*, Alianza, Madrid, 1983, p. 156.
[29] Manuel Azaña: *Diarios, 1932-1933. «Los cuadernos robados»*, Crítica, Barcelona, 1997, p. 124.
[30] *Faro de Vigo*: «Preceptos higiénicos», 2 de Enero de 1900, p. 4.
[31] Nemesio Fernández-Cuesta y Porta: *La vida del obrero en España desde el punto de vista higiénico*, Est. Tip. de V. Tordesillas, Madrid, 1909.
[32] Herminia Pernas Oroza: *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XIX*, Consorcio de Santiago-Nigra, Santiago, 2001, p. 70.
[33] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, p. 149.
[34] Entrevista realizada por Xavier Castro a Jesús Pallal, pequeno adegueiro de Beluso (Bueu), onde naceu en 1942.
[35] Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey): *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, Ed. do Castro, (1ª ed. 1968), Sada (A Coruña), 1982, p. 304.
[36] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, p. 149.
[37] Benito Pérez Galdós: *Miau*, Cátedra, 4ª edición, 2004, p. 129.
[38] José Luis Vila-San-Juan: *La vida cotidiana en España durante la dictadura de Primo de Rivera*, Argos Vergara, Barcelona, 1984, p. 73.
[39] Manuel García Barros («Ken Keirades»): *As aventuras de Alberte Quiñoi. Novela galega humorística e de costumes. Desfile de vida campesiña*, Vía Láctea Editorial, A Coruña, 1990. Contiños da Terra, Volume 42, A Cruña, 1931. *Enredos*, Galaxia, Vigo, 2000.
[40] Xavier Castro: *A la sombra ejemplar de los parrales. Cultura del vino en Galicia y otros espacios peninsulares*, Trea, Gijón, 2006.
[41] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, pp. 150-153.
[42] *Ibidem.*
[43] *Ibidem.*
[44] *Ibidem*, p. 149.
[45] *Ibidem*, p. 150.
[46] Alberte Martínez López; Carlos Piñeiro Sánchez: «Nacemento e desenvolvemento dun servicio público esencial: o abastecemento de auga na cidade de A Coruña, 1903-1936», Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo L, Fascículo 116, Santiago, 2003, p. 188.
[47] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, p. 149
[48] Conde de Romanones: *Salamanca. Conquistador de riqueza, gran señor*, Espasa-Calpe (Austral), Madrid, 1962, p. 37.
[49] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, pp. 148-149.
[50] Elvira Lindo: «Tinto de verano. La gorda». *El País*, 2 de agosto de 2003, p. 30.

[51] Revista *Nuevo Mundo*, Nº 540, jueves, 12 de mayo de 1904. Cit. por José Antonio Tojo Ramallo: *Agua y saneamiento en Santiago de Compostela*, Aquagest, Santiago, 1998, pp. 39-41
[52] Entrevista realizada por Xavier Castro a Mª Isabel Pérez Bobillo, ama de casa.
[53] Pedro Felipe Monlau*: Elementos de higiene privada ó arte de conservar la salud del individuo*, Ob. cit., p. 661
[54] Luis Junceda: *Diccionario de refranes. 2.500 refranes comentados*, Espasa Calpe, Madrid, 1997, p. 142.
[55] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, p. 149.
[56] Georges Vigarello: *Lo limpio y lo sucio. La higiene del cuerpo desde la Edad Media*, Alianza, Madrid, 1991, p. 281
[57] Jean-Pierre Goubert: *La conquête de l'eau*, Robert Laffont, Paris, 1986, p. 243
[58] Georges Vigarello: *Lo limpio y lo sucio. La higiene del cuerpo desde la Edad Media*, Ob. cit., p. 283
[59] Eugen Weber: *La fin des terroirs. La modernisation de la France rurale 1870-1914*, Fayard, France, 1983, p. 224
[60] Georges Vigarello: *Lo limpio y lo sucio. La higiene del cuerpo desde la Edad Media*, Ob. cit., pp. 222 e 224.
[61] *Ibidem*, pp. 252-253
[62] *Ibidem*, p. 285
[63] Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey): *Santa Marta de Moreiras. Ob. cit.*, p. 175.
[64] *Ibidem*.
[65] Cristina Lilliestierna: *Vivir no fin do mundo*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1983, p. 106.
[66] Entrevista realizada a Teresa Pedrós (Residencia Torrente Ballester) para a serie documental «O Mundo de Celavella», realizada por Voz Audiovisual, para a TVG, en novembro do 2003.
[67] Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay, veciña de Meiro (Bueu), nada no ano 1964.
[68] *Ibidem*.
[69] *Ibidem*.
[70] *Ibidem*.
[71] Antonio Correa Fernández: *Ensayo de topografía médica de la privincia de Lugo, ob. cit.*, p. 150.
[72] *Ibidem*, p. 153.
[73] Manuel García Barros («Ken Keirades»): *As aventuras de Alberte Quiñoi. Ob. cit.*, 1990, p. 99.
[74] Entrevista realizada por Xavier Castro Pérez a Carmen Méndez Argibay, Xa cit.
[75] *Ibidem*.
[76] Vicente Risco: «Estudo etnográfico da Terra de Melide», Ob. cit., p. 362.
[77] Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey): *Santa Marta de Moreiras. Ob. cit.*, p. 175.
[78] «Contrato de maestras del año 1923». Citado en *Escuela Pública*, febrero 1996. Reproducido por Inmaculada de Castro Peña; Josefa Polonio Armada; Mª Dolores Ramírez Ponferrada: *Retrato de mujer. La imagen de la mujer montillana*, Ayuntamiento de Montilla, Montilla, 2005.
[79] Fray Luis de León: *La perfecta casada*, Espasa-Calpe (Col. Austral), 8ª ed., Madrid, 1963, p. 94.
[80] *Ibidem*, p. 95.
[81] Anuncio en *Faro de Vigo*, 15 de junio de 1900, p. 4.
[82] Entrevista realizada por Xavier Castro a Mª de los Ángeles Pérez Bobillo, pensionista e ama de casa.

Ferrocarril de Betanzos a Ferrol («El Ramalillo»)

ARTURO GUTIÉRREZ MORÁN*

Sumario

Este es un trabajo sobre el ferrocarril Betanzos-Ferrol, desde su inicio hasta 1941, cuando se crea RENFE. Trata de la línea como paisaje y aporta normas, memorias e imágenes.

Abstract

This is a work about the railway between Betanzos and Ferrol, from its beginning until 1941, when RENFE was created. It is about the scenery and includes standards, memories and pictures.



Tren de vapor de las dos primeras décadas del s. XX. Locomotora 140-2027, construida en 1926 por Babcock-Wilcox en Bilbao.

PREÁMBULO

Después de haber leído con mucha atención el trabajo de Alfredo Erias sobre el Ferocarril, publicado en el *Anuario Brigantino* 1983, a través del mismo pude ver las negociaciones políticas llevadas a cabo entre los organismos correspondientes hasta llegar al acuerdo que permitió efectuar los trámites reglamentarios para la aprobación de la línea Betanzos-Ferrol, llamada cariñosamente por aquellas fechas, y hasta bien entrados los 60, en ambientes ferroviarios, el "RAMALILLO". El presente trabajo pretende ser, por lo tanto, un complemento avanzado en el tiempo, comenzando donde aquel termina.

*** Arturo Gutiérrez Morán, cuyo padre era factor del apeadero de Paderne, hizo el bachillerato en el Instituto de Betanzos. Fue maquinista de Renfe entre los años 1962 y 2002, habiendo conducido locomotoras de vapor, eléctricas y diéssel. En la actualidad investiga temas relacionados con el ferrocarril, especialmente sobre locomotoras de vapor y también sobre juguetes antiguos.**



Expreso Coruña-Barcelona. Locomotora 240-4026 ex Norte 4026 fabricada por Henschel en Alemania (año 1921).

Termina para continuar, como continúa el ferrocarril, aunque esta línea, en la actualidad, está un poco apática, desasistida y con muy poco movimiento de trenes. Las estaciones están cerradas al servicio y convertidas en apeaderos sin personal en toda la línea excepto en las de Infesta y Ferrol. Si a los betanceiros que vivieron entre la inauguración de la línea y finales de los sesenta les dijeran que un día la popular y laboriosa estación la iban a cerrar al servicio, suprimiendo su numerosa plantilla de agentes, les parecería increíble. Quiero en este punto detenerme, para que se tenga una idea de lo amplia que era la plantilla de trabajadores ferroviarios por aquellas fechas, tanto en Infesta como en Betanzos-Pueblo (hoy Betanzos-Ciudad), para crear una agrupación sindical ferroviaria y editar un medio de comunicación interno, como era el boletín quincenal llamado *El Luchador Ferroviario* por el año 1932.

También se suprimió la facturación de mercancías, la brigada de vía y obras, al igual que la cantidad de personas adyacentes a la misma, como mozos de estación (me acuerdo del célebre *Guracho*, persona de una fortaleza y carisma envidiable), también las amables y serviciales personas que regentaban la popular cantina, que nos atendían y soportaban cuando al salir del Instituto Laboral esperábamos allí el tren; lo mismo que las fondas, los mandaderos etc., y otras numerosas personas que se movían y vivían alrededor del tren.

La ESTACIÓN de Betanzos, como las demás de la línea, tenía mucha animación y movimiento, ya que a través de la misma llegaban y salían constantemente viajeros y mercancías, tanto de la ciudad, como de la comarca, en un ajetreo de ir y venir continuo y bullicioso por sus instalaciones, sobre todo a la hora de llegada o salida de los trenes. Era normal ver carros de caballos cargados de mercancías para embarcar en los vagones dispuestos en el muelle, o transportando la mercancía llegada; viajeros, acompañados casi siempre de un numeroso séquito de personas que iban a esperarlos o a despedirlos. Cuando emprendían un largo viaje



Una estación de la línea (Miño), con un tren en la década 1940-50.

se situaban en la añorada sala de espera o en la cantina, lugares donde el diálogo solía ser muy fluido, ameno y variado, ya que el tren, que casi siempre llegaba con algún retraso, daba lugar a todo tipo de comentarios, historias e incluso amoríos.

La vida en la estación era bastante agitada, sobre todo a la hora del paso de los trenes de viajeros. Se podían ver por la sala de espera o por los alrededores de la estación, señoras vendiendo rosquillas, tabaco, fruta etc., ya que los trenes solían ir llenos de marineros y militares con destino a los acuartelamientos del Ferrol; también «mozos», que esperaban posibles viajeros, para trasportar sus equipajes, etc. Así mismo, el almacén y muelle era un ir y venir de personas, que junto con sus medios de acarreo, llenaban de animación y colorido todo el entorno. Debemos tener en cuenta que las carreteras en los años próximos a la inauguración del ferrocarril, así como en épocas posteriores, hasta finales de los setenta, y los medios de transporte, tanto públicos como privados, eran escasos y paupérrimos, lo cual deja al ferrocarril, a algunas camionetas, y a algunos taxis, como únicos medios de transporte que sirvieran de unión entre pueblos y ciudades; y lo mismo como medio de comunicación entre la impenetrable Galicia y la meseta, dificultad motivada por la abrupta barrera orográfica que había que superar para acceder ó salir.

A estas vicisitudes había que sumar las tecnológicas, y el ferrocarril no podía ser diferente, con un material, aunque bueno para su tiempo, que no dejaba de ser poco confortable. A las locomotoras de vapor que arrastraban los trenes, que por sus características presentaban muchos inconvenientes en su conducción, también se le unía muchas veces, la mala calidad del combustible, haciendo aún más duro y angustioso acceder por las rampas de ese "dédalo de valles y montañas" que de una forma casi continua había que superar hasta la meseta.



Estación Betanzos-Infesta en la década de 1950.

La conducción de estas locomotoras por el territorio gallego, debido a la cantidad de accidentes orográficos existentes, era dura y laboriosa. A estos motivos, para el viajero de aquellas épocas, se le añadían, el del material rodante, coches de madera, ¡las personas mayores que hayan vivido y viajado en aquellos tiempos, darán buena fe de ello! ¡Quién no recuerda los vagones de 3ª clase, poco confortables, con los asientos de madera, de un solo departamento!, en los cuales se apiñaban los viajeros, que se mezclaban con las maletas y bultos que portaban, haciendo que el viaje resultase aún más incómodo. A estos pormenores se añadían, el olor insoportable y asfixiante del humo, que procedente de la locomotora, especialmente al paso por los túneles, ensuciaba la ropa y cambiaba el color de la piel al viajero, en virtud de la inevitable suciedad producida por la carbonilla, que se introducía en los departamentos por cualquier parte, de lo cual tampoco se libraban las personas que viajaban en clases superiores, como podía ser 1ª clase o coche cama.

Y no digamos las penalidades que tenían que pasar en los viajes largos las personas que lo hacían por carretera, con aquellos vehículos de tecnologías primitivas, a los que había que añadir las sinuosas y malas carreteras, los innumerables puertos de montaña... Efectuar un viaje por estos medios en las décadas comprendidas entre los años 20 y los 70 del s. XX, era toda una aventura.

Con la desaparición del carbón en la tracción vapor en 1968 (la última locomotora de vapor dejó de funcionar en 1975) y la puesta en servicio de las nuevas locomotoras, tanto Diessel como Eléctricas, así como con la entrada en servicio del moderno material móvil, la alta velocidad etc., el viaje por ferrocarril se hace en la actualidad cómodo y confortable.



Estación Betanzos-Pueblo en las décadas de 1950-60. Nótese (foto inferior al fondo) la existencia de la grúa hidráulica para abastecer de agua las máquinas de vapor.





Tren de la primera época del ferrocarril Betanzos-Ferrol. Véase máquina de vapor sin marquesina (se mojaba el maquinista y el fogonero) y los vagones o coches de balconcillos por los que pasaba exteriormente el revisor de uno a otro en marcha para pedir los billetes.Locomotora 020 construida a finales de 1856 por Dodds Rotherham en Inglaterra.

LA LÍNEA DE BETANZOS A FERROL: UN FERROCARRIL FUNDIDO EN LA NATURALEZA
(breve descripción de un trayecto de particular interés, por su valor paisajístico)

La línea de Betanzos a Ferrol, recorre parte del golfo, que lo conforman cuatro rías, las de A Coruña, Betanzos, Ares y Ferrol, configurando el llamado Golfo Ártabro (nombre antiguo que recibe el peculiar espacio entre ríos, penínsulas, playas y marismas donde se asentaban los celtas ártabros). Destacan en este territorio las marismas de Betanzos, con más de 600 Ha. de superficie en ambos lados de la ría; las del rio Lambre en el Ponte do Porco, las del río Baixoy, en la playa Grande de Miño, las del Eume en Pontedeume y las del Xubia y Belelle en la ría de Ferrol.

No es necesario extenderse más en las memorias para demostrar las distintas maniobras que el Estado llevaba a cabo para la reducción de costos y la consiguiente rentabilidad de la línea. Precisamente, en *La Gaceta* de *Madrid*, nº 257 del 13 de Septiembre de 1928, vemos como los técnicos del Ministerio de Fomento hacen un estudio de las líneas deficitarias, dirigido al REY y que, resumiéndolo, dice lo siguiente:

MINISTERIO DE FOMENTO. (Exposición).
SEÑOR: Despejada la situación económica de las líneas que formaban la red llamada de Madrid Cáceres Portugal y del Oeste de España, mediante las fórmulas contenidas en las disposiciones del Real decreto-ley número 1.590, que autoriza al Gobierno para incautarse de ellas, y proceder al rescate de sus concesiones, se hace preciso reorganizar su explotación, de manera que ésta se realice en la forma eficaz, que requiera el interés público; la situación de las pequeñas compañías, hacen pensar en la conveniencia de tomar como base el rescate y saneamiento de las líneas de la Compañía de Madrid Cáceres Portugal, Plasencia –Astorga, Ávila –Salamanca y Betanzos a Ferrol , y otras mas que pertenecen al Estado.
[...] Todas ellas arrastran en la actualidad, una vida precaria, sosteniéndose artificialmente, merced a los auxilios que han venido recibiendo del Estado; defendiendo su existencia con



Locomotora 242-0201. Se hicieron 4 para la línea Betanzos-Ferrol, construidas por la Maquinista Terrestre y Marítima de Barcelona en 1917.

explotaciones económicas a costa de realizar servicios deficientes, y en conjunto muy costoso para el "País y para el Estado", los gastos de administración que aunque necesarios, son sin embargo desproporcionados a la importancia de las líneas, y se pueden reducir considerablemente en una explotación en común. [A estas ideas responde la (creación de la Compañía del Oeste), que se ha de hacer cargo de la explotación de las líneas indicadas anteriormente, aunque la principal dificultad que se ha ofrecido para la organización de la nueva Compañía, es la que se deriva de la situación económica de las diferentes líneas, porque durante el año 1927 los ingresos han sido inferiores a los gastos de explotación, en las líneas citadas anteriormente].

El rescate y saneamiento de las líneas ferroviarias de Madrid –Cáceres-Portugal y las de Plasencia-Astorga; para la construcción de las de Ávila –Salamanca y Betanzos al Ferrol; y para obras de mejora que ascienden a 95.600.000 pesetas, [estas cantidades fueron facilitadas por la Caja Ferroviaria, en las diferentes líneas que van a componer la red y de los cinco octavos del coste de de construcción de las dos últimas líneas antes mencionadas. Y por último remata la presente exposición, con el siguiente epílogo, trascribo literalmente].

Confía el Ministro que suscribe, en que la organización de la red del Oeste, con arreglo a los principios expuestos tal como se desenvuelven en el articulado del Real Decreto, además de ser de alta conveniencia para los intereses generales, colocando al grupo de líneas que se estructuren, en mejorar los servicios que prestan, sin necesidad de tener que recurrir constantemente al auxilio económico del Estado, y en consecuencia, tiene el honor de someter a la aprobación de V. M. el siguiente Real Decreto-ley.

Madrid, 8 de Septiembre de 1928.

Después del resumen efectuado, de la exposición que justifica la incautación de las líneas mencionadas en las que se encuentra la de Betanzos-Farrol., así como el consejo de agruparlas en una empresa, para su saneamiento, paso a efectuar un resumen lo más sucinto posible del Real Decreto-Ley, y es el siguiente:

SEÑOR.

A L. R. P. de V. M.

Rafael Benjumea y Burín. Ministro de Fomento.

REAL DECRETO LEY.
Nº. 1.599.

De acuerdo con mi Consejo de Ministros, a cuya propuesta del de Fomento .Vengo en decretar lo siguiente:
[El presente Decreto-Ley, lo componen 19 artículos algunos de los cuales resumiré para que se pueda tener un amplio conocimiento de cómo se formó la Compañía del Oeste en la que quedo inscrita la línea de Betanzos al Ferrol].

Artículo 1º.- Con el nombre de Compañía de los Ferrocarriles del Oeste de España, se constituirá, con las formalidades legales exigidas por las formalidades legales vigentes, una Compañía subvencionada e intervenida por el Estado, cuyo fin social será hacerse cargo de la explotación de las líneas siguientes:
Medina-Salamanca, Salamanca-frontera Portuguesa, Medina- Zamora, Monforte a Vigo y Pontevedra y ramal a Valencia do Miño, Santiago a Carril y Pontevedra, Madrid-Cáceres y Portugal, Plasencia-Astorga, Ávila a Salamanca y "Betanzos a Ferrol".
Enlace del ferrocarril de Betanzos al Ferrol con la Base Naval del Ferrol, que se construye actualmente por cuenta del Estado y cualquiera otra que al Gobierno estime conveniente incorporar a esta red.
Art.2º.- La Compañía del Oeste será concesionaria de todas las líneas a que se refiere el artículo anterior, durante un periodo de "setenta años", contados a partir de la fecha en que se haga cargo de las que se encuentran en explotación. [Esta compañía duro hasta 1941, que se crea la RENFE].
Art.3º.- La Compañía del Oeste se constituirá con un capital de 104.100.000 pesetas, representado por 55.000 acciones de 500 pts, nominales. [...] Los bonos de aportación, que representan el valor de las líneas de Madrid-Cáceres-Portugal, de Plasencia-Astorga, de Ávila-Salamanca y de Betanzos a Ferrol, que pertenecen al Estado, y el importe de las obras de mejora realizadas por éste en las demás líneas hasta 31 de Diciembre de 1927, se depositarán en la Caja Ferroviaria.
Art.4º.- El capital social que se fija en el artículo anterior, se irá incrementando en lo sucesivo, en el número de bonos necesarios para representar los cinco octavos del coste de ejecución de las líneas que se encuentran actualmente en construcción, o las que en lo sucesivo se construyan por cuenta del Estado.
El capital social representado por las acciones no se podrá aumentar, sino en casos especiales y previa autorización del Gobierno. La Compañía del Oeste tendrá derecho preferente para adquirir los bonos de aportación, si por cualquier circunstancia conviniera al Estado enajenarlos.
Art.5º.- Las cargas financieras de la Compañía del Oeste estarán representadas por los títulos siguientes. [Lo conforman cinco series en las cuales, las obligaciones nominales preferentes para cada clase de líneas, igual que las condiciones y garantías que les están señaladas, en las correspondientes escrituras de emisión o en los convenios especiales. Además, hay un amplio desarrollo, sobre la distribución de las obligaciones, por líneas, etc.].
Art.6º.- [Hace referencia a la administración de la compañía, y muy resumido queda así. La Compañía del Oeste estará administrada por un Consejo de Administración y una Junta general de accionistas. El funcionamiento y atribuciones de estos organismos se regularán en los Estatutos de la Compañía. También indica quien integra dicho consejo así como el número de miembros, y que el primer Director de la Compañía será designado por el Ministro de Fomento, y de las atribuciones, del Director y de los altos cargos, etc].
Art.7º.- [Por el presente habla del derecho de preferencia que reconoce al capital y acciones la base 12 del Estatuto Ferroviario en la distribución de beneficios, y articula las preferencias, sobre las mismas, etc].
Art. 8º.- La Caja ferroviaria anticipará sin interés las cantidades necesarias para saldar las insuficiencias de productos netos que pudieran resultar en el comienzo de la explotación, y así unos cuantos supuestos más, para utilizar estas cantidades y los casos que sobre los mismos se pudieran dar.



Locomotora Pacific 231-4014 (Ex Norte 3014), construida en 1914 por S. A. C. M. (Francia), que arrastraba los trenes expresos entre A Coruña y Ponferrada antes de la electrificación de la línea León-Ponferrada.

[Los art. 9 y 10 se relacionan con el 8, sobre las ayudas, créditos, etc.].
Art.11.- [Este indica la forma y los plazos para la transferencia a la Compañía del Oeste, todas las concesiones, derechos y obligaciones que de ellas se deriven, así como los materiales en almacén, acopios y en general todo activo ferroviario, relacionado con la explotación. Lo mismo que el Estado liquidará por su cuenta las cantidades que adeuden las líneas de Ávila-Salamanca y Betanzos-Ferrol, entre otras].
Art.14.- La Compañía del Oeste concertará con la del Norte y con las demás Compañías limítrofes convenios de sindicación de tráfico que contengan las estipulaciones necesarias para que las corrientes comerciales se encaucen, armonizando todo lo posible sus intereses.
Art. 17.- La Comisión nombrada para incautar las líneas de Madrid-Cáceres-Portugal y del Oeste de España, se hará cargo también, y con las mismas formalidades, de las líneas de Ávila-Salamanca y Betanzos-Ferrol, practicará la liquidación de sus créditos y débitos, y hará entrega de ellas a la Compañía del Oeste, tan pronto como ésta se encuentre constituida.
Art.18.- La Compañía del Oeste quedará incorporada al Régimen ferroviario establecido por el Real decreto-ley de 12 de julio de 1924 y le serán aplicables las disposiciones del referido Estatuto en cuanto no se opongan a lo que se determina en este Real decreto-ley.
Art.19.- El Ministro de Fomento dictará todas las disposiciones complementarias que requiera la aplicación del presente Real decreto-ley, quedando derogadas cuantas se opongan a su ejecución.
Dado en San Sebastián a nueve de Septiembre de mil novecientos veintiocho
ALFONSO
El Ministro de Fomento, Rafael Benjumea y Burín.

Por todo lo anteriormente expuesto, he pretendido dar una ligera idea de cómo inició sus andares esta preciosa línea de ferrocarril, que como quedó demostrado no fue muy rentable en su explotación, tampoco circulaban muchos trenes por la misma, tanto de viajeros como de mercancías, [en la actualidad tampoco hay mucho tránsito por ella].

El material, tanto de tracción como móvil, no circuló por la línea con grandes locomotoras, debido al trazado de la vía, al igual que por el diámetro de las curvas; pero si el material

remolcado, especialmente el de la composición del Expreso Ferrol-Madrid, con los famosos coches cama modelo 2933 de la Compañía Wagons Lits, lo mismo que los coches Restaurant, con sus cocineros, que se esmeraban en la confección de los menús, cocinados a bordo, coches Salón, Butaca, etc.

En el apartado de tracción, desde 1913, hasta bien entrado los sesenta circularon diversidad de tipo de locomotoras, que según las necesidades que se iban presentando para remolcar trenes, cada vez mas pesados, se adquirían locomotoras más potentes, como el caso de la Santa Fe. Las fotos que se acompañan dan una visión más real de las mismas, y fue en 1968, cuando dejaron de circular por el territorio Nacional las locomotoras de vapor que consumían carbón, incluidas las de Galicia; en sus mejores tiempos, el parque de locomotoras de vapor que existieron en todo el territorio nacional pasó de las 3.000 unidades. En la línea de Betanzos-Ferrol, las más utilizadas fueron las famosas "400" (140 2098) construida por St. Leonart en 1909, etc. Y para viajeros las llamadas "tanques" (242-0201 a 0204), construidas para este ferrocarril por la Maquinista, T y M. en 1917. También en la primera época circularon las célebres 040-2194 etc, construidas por Sharp Stewart, en 1881, y las 030- 2117, construida en 1861, por citar algunas. [Por las fotografías adjuntas se pueden ver locomotoras que circularon por las vías de Coruña-Monforte y Betanzos-Ferrol].

El material móvil que circuló por la línea en la primera época fueron los coches de madera de dos ejes, pasando más adelante con el paso del tiempo a los coches de madera de *bogies*, de los que en el año 1944 RENFE tenía 1.199, y tan sólo 100 metálicos, por poner algún ejemplo.

EPÍLOGO

Llegados a este punto, quedaría aun mucho por añadir sobre el período de la Guerra Civil. A partir de 1941, con la creación de RENFE, el panorama cambia poco al principio, si bien, con los nuevos aportes de material, tanto de tracción como remolcado, el tren de esta línea se va pareciendo al de la actualidad. Queda atrás aquel ferrocarril público de antaño, romántico, para convertirse en una empresa más de transportes y funcionamiento privado, que busca, por encima de todo, buenos resultados económicos.

BIBLIOGRAFÍA Y DOCUMENTACIÓN

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 1984, «A chegada do ferrocarril a Betanzos». *Anuario Brigantino 1983*.
El Censor, semanario de Betanzos de 1883-84. Ed facsímile, 1983, Concello de Betanzos.
Revista de la Dirección General de Obras Públi*cas*, del año 1877 y 1880.
Gaceta de Madrid.
Memorias del ferrocarril de Betanzos-Ferrol, de los años 1915 al 1918.
Carta del Ingeniero Jefe de la explotación por el Estado.
Ley de Policía de Ferrocarriles (1877), y *Reglamentos* (1878 y 1895).
Los tiempos del vapor en RENFE, libro de L. G. Marshall. 1987, Ediciones Aldaba.
Los ferrocarriles de España y Portugal, libro de D. Trevor Rowe. 1989, Ediciones Aldaba.
Marcha de trenes del año 1940.
Revista *Vía Libre*.
Revista *Líneas del tren* y *Ferroviarios*.

1936-1939
As vítimas betanceiras da represión

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario:
Informe sobre as vítimas betanceiras da represión fascista de 1936-1939, recuperando os seus datos persoais e familiares, e tratando corrixir, actualizar e poñer ao día (á luz dos documentos existentes coñecidos e testemuñas orais) os datos con eles relacionados.
Abstract:
Report on the Betanzos victims of the fascist repression of 1936-1939, retrieving personal and family records, and trying to correct and bring up to date the information relating to them, in the light of existing documents and oral testimonies.

Yo creí que en este pueblo pequeño
no había asesinos.
Luis Pimentel: «Cunetas», 1947.

¡Outra vez, outra vez o terror!
Un día e outro día,
sen campás, sen protesta.
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños
(…)
Ti sabes que todos os días
hai un home morto na cuneta,
que ninguén coñece aínda.
Unha muller sobre o cadáver do seu home
chora.
(…)
Luis Pimentel: «Cunetas», 1966.

Perseguíronos con saña.
Detivéronos con sevicia.
Torturáronos con sadismo.
Encarceráronos sen causa.
Xulgáronos sen xustiza.
Paseáronos sen piedade.
Así os mataron.
(…)
Claudio Rodríguez Fer:
«Memoria antifascista de Galicia», 2004.

Algúen, sen arrepiarse,
coidadoso de honrar ós mortos,
non sabemos quen,
con seguranza aínda non nacido,
fará memoria.
(…)
Luis Seoane: «O pasado», 1959.

INTRODUCCION

Durante moitos anos os betanceiros apenas souberon duns cantos nomes dos moitos conveciños vítimas da represión xurdida a raíz do golpe militar fascista do 18 de xullo de 1936. Aínda hoxe, a maioría das persoas de idade avanzada, incluso aquelas politícamente concienciados, descoñecen quen eran algúns daqueles betanceiros asasinados.

Quitando os casos dos fusilados tras consello de guerra, que nos primeiros momentos mesmo saíron publicados (quizá como medida «exemplar») na prensa intervida polos militares golpistas, moitos dos «paseados» só serían coñecidos dos seus familiares e dunha minoría de amigos, veciños ou correlixionarios. Falar era perigoso e habíao que facer con cautela. En moitos casos, cando as vítimas eran «paseadas» lonxe da cidade e en paraxes pouco

*** Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.**

frecuentadas, os familiares tardaban tempo en enteirarse. Varios deles foron inscritos como «Desconocidos» e só anos despois as actas de defunción recolleron a súa verdadeira identidade. Outros aínda continúan rexistrados como descoñecidos. Dalgúns non hai siquera acta de defunción. Pódese dicir que durante moitos anos, poucas persoas foron conscientes en Betanzos da magnitude total da traxedia. É dicir, que nada menos que 34 betanceiros foran vítimas directas (asasinados con subterfuxio «legal» ou sen el) da represión que se desatou a raíz da sublevación militar fascista do 18 de xullo de 1936.

As primeiras referencias

Unha das primeiras referencias escritas a vítimas betanceiras da represión recolleuse no bando republicano na publicación *Nova Galiza*, «boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas», que se editaba en Barcelona da man de Castelao e Rafael Dieste[1].

Así, na sección «¡Loito na nosa Terra!» incluída no nº 2, correspondente ao 20 de abril de 1937, páxina 3, aparecen dentro dun amplo listado os mariños Manuel Allegue [pon Allegui] Regueiro e Manuel Muñoz Otero, sen especificar que sexan betanceiros, dentro dun apartado de vítimas de «El Ferrol, Ortigueira, Pontedeume, etc.». Efectivamente, os dous foran fusilados en Ferrol. No nº 8, de 1 de agosto de 1937, inclúe a Ramón Bonome, Concellal, de Betanzos, que en realidade chámabase Ricardo e non foi asasinado senón que estaba escapado. Os datos non sempre eran verídicos ou contrastados e obedecían a informacións que facilitaban persoas que se incorporaban ao bando republicano. A veces, no caso de escapados, supoñiaselles mortos, cousa que a eles mesmos e ás súas familias interesaba. No nº 9, de 1 de setembro de 1937, trae unha relación de once vítimas de Betanzos: Germán «Marulán», Cabo de Consumos; «Carula», Cabo de Consumos [débese referir a Manuel Lagares, de alcume familiar Garulo]; Tomás Datorre, socialista, Alcalde [o nome correcto é Tomás López da Torre]; «Pivela», labrego; Manuel Vales, camareiro, da CNT; Francisco Fraga, camareiro, da CNT; «Saraiva», camareiro, da CNT [parece que se trataba de José Rodríguez, alcumado tamén «o Maravillas», que en realidade non foi asasinado e tampouco era camareiro]; Xosé Carro, mariñeiro; Veiga «O besugo», mariñeiro [o seu apelido non era Veiga senón Naveira Carballo]; Xosé Novo, xastre; e «Cormán», músico [refírese a Tomás Fuentes Velón, músico da banda municipal, de alcume familiar «Cornán»].

Tamén o órgano *Nueva Galicia*, «portavoz de los antifascistas gallegos», curiosamente un titulo idéntico ao anterior, este en castelán, que se editaba en Madrid vencellado ao Partido Comunista , no seu número 7 de 27 de xuño do mesmo ano 1937 trae unha colaboración titulada «Betanzos» asinada por un tal Rigón (Batallón Auxiliar de Fortificaciones), na que di textualmente: «(…) Buenos españoles, amantes hijos de nuestra Galicia, los compañeros Tomás da Torre, Miño, José Vales y Ramón Beade han caído para siempre en la lucha por la libertad del hombre…» É probable que José Vales estea trabucado, quizá por Manuel Vales. O curioso é que dea por morto a Beade, que se atopaba fuxido, e en cambio non cite a outra víctima destacada: José Novo, a menos que o José Vales, por erro, quixera referirse a el.

En 1938 publicouse en París *La Galice sous la botte de Franco*, que tería outras versións idénticas pouco despois: *Lo que han hecho en Galicia* (tamén editado en París) e *Galicia Mártir* (Ediciones Neos, Buenos Aires), todas elas atribuídas a Luis Seoane. Esta obra, ao ocuparse da represión na provincia da Coruña, recolle os casos de dous betanceiros moi coñecidos: «o abogado don Tomás de la Torre» e o «exalcalde señor Novo, de profesión sastre.»

O folleto dos mártires: o primeiro reconto exhaustivo (e incompleto) dos crimes

En 1958 publicouse en Buenos Aires, asinado por un «Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito», un pequeno folleto de 24 páxinas, titulado *Betanzos honra a sus mártires* que leva na capa sobreimpresa un famoso deseño de Castelao, pertencente ao seu álbum *Galicia Mártir* (1937), co título «Non enterran cadavres; enterran semente». Datado en Betanzos en «Julio de 1955», o folleto só sería publicado tres anos despois na capital bonaerense, chegando a Betanzos clandestinamente en anos sucesivos.[2] Ábrese cunha introducción de catro páxinas asinada en Buenos Aires, a 20 de xullo de 1958, por unha «Comisión en la Argentina de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito».



Praca homenaxe aos mártires betanceiros no Centro Betanzos de Bos Aires en 1959. Recentemente, a instancias da Asociación Cultural Eira Vella, colocouse unha réplica na entrada ao Museo das Mariñas.

O informe vai máis alá do que anuncia no título, pois exténdese tamén ás vítimas e feitos ocorridos noutros concellos do partido xudicial betanceiro: Paderne, Irixoa, Oza dos Ríos, Sada e Miño. Hai unha lembranza tamén para as vítimas inmoladas na Costa do Sal e na Ponte da Castellana, nos concellos veciños de Coirós e Aranga, e para os prisioneiros de guerra acollidos no Campo de concentración habilitado no barrio da Madalena de Betanzos, asasinados nos xuncais inmediatos e na montería de Ribalta.

En realidade, o autor do folleto sería o dirixente agrario socialista Ramón Beade Méndez. A única testemuña sobre esta autoría é do seu fillo Andrés Beade Dopico, quen en 1953 emigrou a Buenos Aires e tivo moito que ver na publicación do folleto.

Ramón Beade, nado no lugar de Touriñao de Abaixo da parroquia de Tiobre en 1900, foi un activo dirixente agrario, secretario da Asociación de Agricultores de Tiobre e presidente da Federación Agraria do Partido xudicial de Betanzos. Integrante do Partido Socialista, foi eleito concelleiro nas eleccións municipais de 1931, deputado a Cortes nas Constituíntes da II República e nas eleccións que deron o trunfo ao Frente Popular. Tamén foi Alcalde de Betanzos nunha breve etapa (maio 1933-outubro de 1934). A partir da sublevación fascista de 1936, vivíu once anos fuxido, agochado nas inmediacións da súa aldea natal, salvando así a vida, mentres a familia facía creer que se atopaba exiliado en México, dende onde se recibía regularmente unha carta que realmente asinaba e redactaba o amigo de Beade, tamén deputado socialista, Edmundo Lorenzo. En 1947 acolleuse á amnistía decretada para os que non estaban incursos en delitos de sangue e pasou a disfrutar de liberdade vixiada, reintegrándose ao seu traballo de labrego mentres a saúde llo permitiu.

Ramón Beade, enfermo dende a súa etapa de fuxido, sen poderse medicar convenientemente e facéndoo a través da súa muller que finxía os síntomas que aquel lle transmitía, morreu o 5 de xullo de 1956, antes de que se publicara o folleto. O seu enterro foi unha grande manifestación cívica. De moitos puntos das Mariñas acodeu xente a despedir ao líder agrario socialista.

Deste folleto realizouse unha edición facsimilar en setembro de 2001 (auspiciada pola Fundación 10 de Marzo de Comisións Obreiras, o Consello da Cultura Galega e o Concello de Betanzos), presentada en Betanzos nun acto celebrado o día 29 de setembro inscrito dentro do I Congreso internacional do Exilio Galego. Esta edición, que se regalou ao público asistente, vai acompañada de textos introdutorios de Andrés Beade Dopico, Xesús Alonso Montero e Víctor Manuel Santidrián Arias.

O folleto dos mártires, como lle chamaremos a partir de agora, ten certamente o mérito de recoller o conxunto das vítimas betanceiras e aínda das máis destacadas dos concellos limítrofes, nunha etapa na que non debía ser doado andar facendo pesquisas dese tipo e menos por un home sometido a vixiancia pola Garda Civil. De feito, son varios os erros que contén, algúns postos de manifesto no meu libro «A II República nunha vila galega. Betanzos, 1931-1936» [3]. O principal deles é o de Muíños por Muñoz, quizá unha errata, corrixida a man nos exemplares que vin, pois Beade debía coñecer persoalmente a Muñoz ou polo menos non debía escapárselle o seu apelido correcto. Tamén no caso do «Coducho» coloca o segundo apelido como primeiro, convertindo un Francisco Fraga en Francisco García. O mesmo ocorre con Pedro Salgado Barral que converte en Pedro Barral. Nunha vila como Betanzos na que os alcumes tiñan, e aínda teñen, unha grande importancia connotativa, non sempre os apelidos eran ben coñecidos. Outro tipo de erros é o do lugar e a data exacta da morte e o lugar, a veces dificil de comprobar naquelas circunstancias, sobre todo cando os corpos eran descobertos moito tempo despois do asasinato. Tamén creemos que existe algún erro na atribución de cargos directivos a algunhas vítimas afiliadas á CNT. Beade, que coñecía moi ben as organizacións de orientación socialista ás que el mesmo pertencía, non tiña por qué ter ese grao de coñecemento no tocante á CNT e, en moitos casos, fiariase dos informantes que aínda erroneamente actuarían de boa fe. Xa dixemos que non é doada a recolleita deste tipo de información. Hai familias das vítimas (caso dalgúns «paseados») que non tiñan información completa do que ocorrira, outras que desapareceron de Betanzos. Aínda hoxe mesmo hai algunha víctima que ninguén coñece, agás os seus familiares.

Outras alusións

Carlos Fernández Santander, autor dunha pioneira obra sobre «El Alzamiento de 1936 en Galicia» apenas recolle vítimas betanceiras. Na primeira edición do seu traballo (1983) apenas cita un par delas, as máis significadas politicamente. Xa na 5ª edición «corregida y aumentada» (1987) unicamente recolle os fusilamentos de Tomás López Da Torre e de Novo, ademais do asasinato dun soldado viaxeiro na estación de Betanzos Infesta. Ao primeiro chámalle Tomás de la Torre, só cita a súa profesión de avogado e non o cargo político (mentres que ao segundo refírese como exAlcalde) e di erroneamente que pertencía á «Agrupación Sindicalista». Na edición definitiva, «Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)»[4], xa debeu dar cun exemplar de «Betanzos honra a sus mártires» e copia os datos do folleto sen citalo, cos erros incluídos (apelidos trabucados: Muíños por Muñoz, datas erróneas das mortes) e outros de propia colleita por unha mala transcrición do texto. Así aparecen apelidos e topónimos trabucados: Bellón por Belón, Reborita por Reborica, Río por Rilo, Fiobre por Tiobre, Lagares López por Lagares Gómez, Mondo por Mondoi…).

A betanceira Silvia Gómez Gómez nun interesante traballo de historia oral (in *1936. Os primeiros días*) só cita 5 vítimas polo nome (Novo, López da Torre, Lagares, Germán López e Cortiñas) mentres que dá cifras de 21 vítimas por compoñente sociolóxica e un total de 43 por adscrición política. Creemos que nos dous casos debeu sofrir algún erro de cómputo.

Alfredo Erias no seu extenso traballo sobre a II República en Betanzos reproduce textualmente o folleto no referente ás vítimas betanceiras.

Xosé Manuel Suárez Martínez, na súa obra «Guerra Civil e represión en Ferrol e comarca» recolle nunha relación de 715 vítimas aos betanceiros Allegue, Fuentes Velón, Muñoz e Julio Sas, os catro fusilados na cidade departamental.

Nós mesmos, aínda que tentamos corrixir algúns datos erróneos do folleto no noso libro sobre a II República en Betanzos, mantivemos outros por descoñecemento naquel momento (o libro redactarase varios anos antes de publicarse).

Por último, o profesor Velasco no seu recente libro sobre a represión (véxase bibliografía) copia os datos do folleto e recolle tamén os datos numéricos erróneos de Silvia Gómez.

Unha vítima esquecida: Antonio López «O Bergeiro»

Ao falarmos cos irmáns de dúas vítimas que pasearon xuntos, Antonio Maceiras e José Edreira, chamounos a atención que sempre se referían ao seu irmán e a outros dous: «levaron aos tres», «matárono con outros dous»… mentres que o folleto dos mártires referíase unicamente a eles dous. Efectivamente, había unha terceira víctima: un irmán de Carmen «a Bergeira». Entrevistámonos con esta muller de 90 anos na Residencia «García Hermanos» e facilitounos a identidade e datos persoais do seu irmán Antonio, quen tampouco figura na praca homenaxe. Unha víctima, pois, esquecida por todos, agás a súa familia e os irmáns das outras dúas vítimas que compartiron con el o martirio.

¿Outra vítima?: Antonio García Estrada

Ao consultar no rexistro civil de Betanzos as defuncións inscritas a partir do 22 de xullo de 1936 que poideran ter que ver con asasinatos e mortes violentas, atopamos a do mozo de 18 anos Antonio García Estrada, veciño da Infesta, morto o 27 de agosto de 1936 a consecuencia de «hemorragia interna», eufemismo que aparece en moitas vítimas asasinadas. Se, efectivamente, este mozo foi outra vítima daqueles sucesos, estaríamos ante a víctima número 35. Sen embargo as nosas pesquisas con veciños da Infesta deron resultado negativo. Ninguén lembraba a este veciño (cousa ate certo ponto lóxica nun lugar no que houbo moita mobilidade veciñal por mor do ferrocarril e cun veciño que levaba pouco residindo alí) nin que houbese ningunha vítima da veciñanza. Unha señora de 90 anos, de boa memoria e que vivíu toda a vida alí, negou rotundamente que mataran a alguén da Infesta.

Un «Hombre desconocido» asasinado en Ribalta

Por outra acta de defunción asentada o 10 de decembro de 1936, atopamos outra posíbel vítima: «un hombre desconocido de veinte a veinticinco años de edad. Falleció en las canteras de Rivalta el día veintiocho de Noviembre último a las últimas horas de la mañana a consecuencia de hemorragia cerebral… y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Pontellas.» Non sabemos se era betanceiro ou se foi traído aquí a «pasear». En Ribalta parece ser que foron «paseados» varios prisioneiros do campo de concentración que funcionou na Madalena, mais na altura desta defunción aínda non comezara a funcionar.

Ademais, a estrada da estación do Norte, como se denomina popularmente, foi un lugar escollido polos «paseadores» para cometer os seus crimes. Segundo consta nas actas de defunción asentadas no rexistro civil de Betanzos, ate catro vítimas aparecen nesta zona: un veciño de Ordes (Agustín Sánchez), e tres da Coruña (Pedro Ramírez Menéndez, Gumersindo Gómez García e José Cambón Rodríguez).

Precisamente, a estación de Infesta, ou do Norte, foi escenario dun crime «exemplarizante». A noticia apareceu deste xeito na prensa (copiamolo de *El Pueblo Gallego*, de Vigo) o 16 de agosto de 1936:

> FUSILAMIENTO EN LA ESTACIÓN DE BETANZOS
> La Coruña — En un convoy ferroviario salido de La Coruña se permitió dar gritos subversivos y excitar a la rebelión a sus compañeros, un individuo movilizado qu exteriorizó además sus ideas comunistas.
> La partida de conducción lo detuvo e hizo entrega de él al Comandante militar de Betanzos, quien ordenó el fusilamiento inmediato del referido sujeto en el andén de la estación, ante sus propios compañeros.
> Con la emoción consiguiente paisanos y militares vitorearon a España y al Ejército salvador después de este ejemplar acto de justicia.

Así entendían a xustiza os militares sublevados.

Reconto

Do total de 34 vítimas betanceiras (35 se contamos entre elas a García Estrada), 3 foron fusiladas sen causa previa, dúas en Ferrol e unha en Betanzos; 7 foron fusiladas tras Consello de Guerra; 22 foron «paseadas»; 1 foi asasinada nunha rúa de Betanzos e outra morreu na cadea da Coruña. Por idades, van dende os 17 aos 67 ou 69 anos. Vinte non pasaban dos 30 anos e sete delas non tiñan aínda dereito a voto, que daquela estaba nos 23 anos.

Son contados os que tiñan cargos institucionais, políticos ou sindicais (o Alcalde frentepopulista López da Torre, o socialista agrario e concelleiro Bernardo Miño e José Novo, de Izquierda Republicana, concelleiro e que tamén fora Alcalde un tempo). Os dirixentes políticos e sindicais, na súa maioría, conseguiron fuxir ou agocharse, salvando a vida. Deixando aparte a dous mariños de guerra, a maioría son traballadores e empregados: mecánicos, chóferes, camareiros, xastres, mariñeiros, panadeiros, pintores, labradores e xornaleiros. Apenas un rentista ou propietario, víctima de especiais circunstancias e dificilmente homologábel co resto, como veremos.

Dos asasinados dentro do termo municipal de Betanzos, unicamente figuran rexistradas as defuncións de oito: as de José Novo Rodríguez, Antonio García Estrada, Gerardo Francisco Mosquera Fidalgo, os catro «paseados» na ponte de San Paio (Manuel Fernández Pérez, Bernardo Miño Abelenda, Camilo Naveira Ferreño e Antonio Lagares Gómez), e Francisco Cortiñas Díaz, ademais do «Hombre desconocido». Non existen actas de defunción de Juan Moreira e Manuel Calviño, «paseados» xuntos na Espantosa; nin de Luis Naveira.

O estadillo que incluímos a continuación recolle cronoloxicamente as 34 vítimas betanceiras da represión do período 1936-1939. Publicamos anteriormente un avance na revista *A Xanela*,[5] onde apareceu con dous erros, cando menos: López Da Torre apareceu como López Loureda, que son os apelidos do seu fillo; e Manuel Vázquez Gómez figura con 29 anos cando en realidade tiña 19. Corríxense agora, igual que os lugares e as datas dalgunhas mortes que alteran o orde da lista, e inclúense algunhas idades que alí non figuraban e o segundo apelido dalgúns por descoñecerense entón. Faltaba nese listado o nome, agora engadido, de Antonio López, que nin aparece no folleto dos mártires nin tampouco na praca homenaxe colocada polo Centro Betanzos de Buenos Aires.

BETANZOS. VÍTIMAS DA REPRESIÓN FASCISTA 1936-39

Nº	NOME E APELIDOS	IDADE	CAUSA MORTE	DATA	LUGAR	ORGANIZACIÓN CARGO
1	TOMÁS FUENTES VELÓN	25	Fusilado	26-07-1936	Ferrol	CNT
2	JULIO SAS BARROS	27	Fusilado	26-07-1936	Ferrol	CNT
3	JOSÉ NOVO RODRÍGUEZ	44	Fusilado	27-07-1936	Betanzos	IR. Ex alcalde
4	ANTONIO MACEIRAS AMOR	20	Paseado xunto cos 2 seguintes	13-08-1936	Aranga	CNT
5	JOSÉ EDREIRA SEOANE ("O Chuno")	21	Paseado	13-08-1936	Aranga	CNT
6	ANTONIO LÓPEZ PÉREZ ("O Bergeiro")	27	Paseado	13-08-1936	Aranga	CNT
7	MANUEL VALES FERNÁNDEZ	30	Paseado xunto co seguinte	15-08-1936	A Neveira-Curtis	CNT
8	JOSÉ RILO GARABAL ("O Machacante")	24	Paseado	15-08-1936	A Neveira-Curtis	CNT
9	FELIPE VEIGA GÓMEZ	25	Paseado	antes do 28-08-1936	Ordes	CNT e PC
10	MANUEL RÍOS FRAGA	23	Paseado	27-08-1936	Praia Bastia-gueiro	UGT
11	JUAN MOREIRA SUÁREZ	20	Paseado xunto co seguinte	9-09-1936	Espantosa (Betanzos)	Juventudes Comunistas
12	MANUEL CALVIÑO BABÍO	38	Paseado	9-09-1936	Espantosa (Betanzos)	UGT
13	PEDRO TEIJO FERNÁNDEZ	31	Paseado	15-09-1936	Zona Santiago	CNT
14	JULIO TEIJO FERNÁNDEZ	26	Paseado	15-09-1936	Veira-Carral	CNT
15	PEDRO SALGADO BARRAL ("Migueliño")	27	Paseado	16-09-1936	Traba-Cesuras	CNT
16	LUIS NAVEIRA CARBALLO ("O Besugo")	32	Paseado	19-09-1936	Betanzos	CNT/ Sen militancia
17	GERARDO MOSQUERA FIDALGO	31	Asasinado na casa	20-09-1936	Tiobre (Betanzos)	CNT e FAI
18	MANUEL VÁZQUEZ GÓMEZ	19	Paseado	22-09-1936	Osedo-Sada	CNT
19	TOMÁS LÓPEZ DA TORRE ("O Galo")	36	Fusilado	1-10-1936	A Coruña	PSOE Alcalde
20	MANUEL ALLEGUE REGUEIRO	24	Fusilado	5-10-1936	Ferrol	Mariño de guerra
21	GERMÁN LÓPEZ PÉREZ ("O Marulán")	34	Paseado co seguinte	23-10-1936	Parada-Ordes	UGT
22	FRANCISCO BARREIRO PERMUY ("O Paragüero")	21	Paseado	23-10-1936	Parada-Ordes	Juventudes Comunistas
23	JOSÉ CARRO PENA ("O Cagamaterias")	30	Paseado	27-10-1936	San Tirso-Abegondo	CNT
24	BERNARDO MIÑO ABELENDA	67/70	Paseado xunto cos 3 seguintes*	28-10-1936	Betanzos	PSOE e UGT Concelleiro
25	ANTONIO LAGARES GÓMEZ	51	Paseado	28-10-1936	Betanzos	PSOE e UGT
26	CAMILO NAVEIRA FERREÑO	26	Paseado	28-10-1936	Betanzos	CNT
27	MANUEL FERNÁNDEZ	17	Paseado	28-10-1936	Betanzos	PC
28	FRANCISCO FRAGA GARCÍA ("O Coducho")	28	Fusilado	24-11-1936	A Coruña	CNT
29	MANUEL MUÑOZ OTERO	33	Fusilado	27-01-1937	Ferrol	Mariño de Guerra
30	AURELIO CASTILLO BARREIRO	32	Fusilado	9-10-1937	A Coruña	CNT
31	JOSÉ MASEDA VAAMONDE ("O Calderetero")	28	Fusilado	26-01-1938	A Coruña	CNT
32	CELESTINO VEIGA ÁLVAREZ ("O Caganopino")	23	Fusilado	18-11-1938	A Coruña	CNT
33	FRANCISCO CORTIÑAS DÍAZ	44	Asasinado na rúa por un garda civil	09-03-1939	Betanzos	Sen afiliación coñecida
34	JOSÉ VAAMONDE VALIÑO	46	Morre en prisión	20-09-1939	A Coruña	CNT

* Ademais o mozo FRANCISCO MORENO, de 20 anos, da UGT, tamén foi levado a pasear cos outros catro, resultando unicamente ferido e dado por morto, sobrevivindo a este dramático suceso. A causa diso ficoulle o alcume de "O Fusilado" ou "O Paseado". ELABORACIÓN: XESÚS TORRES REGUEIRO

AS VÍTIMAS BETANCEIRAS DA REPRESIÓN

(por orde alfabética)

ALLEGUE REGUEIRO, MANUEL

Cabo de artillería da Armada, de 24 anos, tripulante do torpedeiro T-2. Fusilado en Ferrol o 5 de outubro de 1936 e enterrado en Betanzos.

O seu fusilamento apareceu na *Voz de Galicia* o día 8, que daba noticia tamén de que tiña contraído matrimonio na prisión pouco antes da execución coa betanceira María Viqueira Lago (e non López como di a noticia de prensa), «a Rañada», de 20 anos, viciña da casa paterna. Esta, que era veciña del, posteriormente, casaría de novo e marcharía para Buenos Aires, onde tiña familia:

> En el Arsenal del Parque, según oportunamente noticié a La Voz, fueron pasados por las armas, por traidores a la Patria, cuatro tripulantes del «Torpedero 2». Figuraba entre ellos el cabo de Artillería de la Armada Manuel Allegue Regueiro.
>
> Este, momentos antes, contrajo matrimonio con María Viqueira López, oficiando el mismo padre franciscano que atendió a Allegue en sus últimos momentos.

Era fillo de Manuel Allegue Pérez, «cabo de mar en ejercicio» e posteriormente «Comandante Puerto», e de Rita Regueiro Miguez, naturais ambos de Castro, Miño. O irmán maior, José, tamén era mariño. Outros irmáns eran Daniel J., Antonio e María Josefa. Vivían na casa número 10 da rúa da Ribeira, onde hoxe é a tonelería Lagoa.

Non o atopamos no padrón de 1935 nin no de 1931, quizá por estar aveciñado en Ferrol. Si aparece, en cambio, na renovación do censo electoral de 1934, aveciñado na Ribeira, nº 10, con 22 anos, solteiro, de profesión mariño e vivindo coa nai, viúva.

No folleto «Betanzos honra a sus mártires…» aparece erroneamente datado o seu fusilamento o 27 de xaneiro de 1937, xuntamente co tamén mariño betanceiro Manuel Muñoz, tres meses despois da data real:

> *27 de Enero de 1937*.— Manuel Muiños [erro por Muñoz] Otero y Manuel Allegue, Maestre de Marinería el primero y Cabo de mar el segundo, ambos también de Betanzos, son fusilados en Ferrol, tras haber sido juzgados por un tribunal sedicioso que los condenó a muerte por haberse mantenido leales a la República.
> (Betanzos honra a sus mártires», páx. 11)

Suárez Martínez na súa obra *Guerra Civil e represión en Ferrol*, refírese aos mariñeiros do Torpedero T-2, entre os que se atopaba Allegue:

> **O torpedero T-2**. Na causa 65/36, por suposta sedición, serán procesados trece tripulantes dese navío: catro son condenados a morte, cinco a reclusión perpetua, tres a vinte anos e un é absolto. Os feitos suceden o 21 de xullo cando o navío foi enviado polos xefes da Base de Ferrol á capital da provincia, por mor da «rebelión marxista» na Coruña, e estando nesas augas, varios da tripulación resistíronse a obedecer ós seus superiores cando se dispoñían a inmovilizar ó gardacostas «Xauen», detendo ó comandante e ó segundo e desembarcándoos en Pontedeume, a cargo de civís armados, «si bien haciendo constar que nada malo habían hecho los indicados Oficiales detenidos y que si los desembarcaban era porque no tenían confianza en ellos»,

segundo a sentencia, que ademáis recolle que a dotación entregouse logo sen resistencia ós sublevados.

O tribunal da causa está presidido polo contralmirante Sánchez Barcaiztegui, sendo vocais os capitáns de navío Piña e Basterreche, os coroneles Manso e Liaño, e o tenente coronel maquinista Díaz. Condenados á pena capital o 24 de setembro de 1936, como xefes e promotores da sedición, son: Francisco Alonso, auxiliar de máquinas, de Ferrol, 39 anos; José Linaza, cabo de artillería, 24 anos, tamén de Ferrol; Manuel Allegue, cabo de artillería de 24 anos, de Betanzos, e Francisco Díaz Quelle, 32 anos, cabo de mariñeiría, da Graña.

A execución dos catro realízase o 5 de outubro de 1936 ás seis da tarde, na «Punta del Martillo».

BARREIRO PERMUY, FRANCISCO

De 21 anos, solteiro. Coñecido popularmente polo alcume familiar de «O paragüero», aínda que era fotógrafo como o pai. Nacera en Vilagarcía de Arousa. Pertencía ás Juventudes Comunistas. Segundo o folleto devandito foi «paseado» na zona de Curtis:

30 de Octubre.— Es «paseado» y asesinado cerca de Curtis, Francisco Barreiro Permuy, fotógrafo, afiliado al Partido Comunista.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)



Francisco Barreiro. Xentileza do seu sobriño Manuel Barreiro.

Aínda que, en realidade, o seu asasinato produciuse en Ordes, na parroquia de Parada, e o seu corpo atopouse o 23 de outubro de 1936 xunto co de outro betanceiro, Germán López Pérez, segundo consta nas respectivas actas de defunción asentadas no rexistro civil de Ordes.[6]

No padrón de finais de 1935, Francisco figura con 20 anos, solteiro e fotógrafo de profesión, vivindo no nº 31 da rúa Castro de Unta-Pozo cos pais e tres irmáns. É fillo de Antonio Barreiro Belmonte, de 50 anos, natural de Ourense, fotógrafo de profesión, e de Josefa Permuy Agrez, de 45 anos, natural de Ferrol e dedicada aos seus labores. Os irmáns son: Manuela, de 22 anos; Ramón, de 18 anos, e Antonio, de 16 anos. solteiros e nacidos en Vilagarcía de Arousa. Levan 15 anos residindo en Betanzos, a onde chegarían cara o ano 1920.

Na xa citada acta de defunción, asentada o día 24 de outubro co número 152, figura como «Un hombre desconocido» de 20 a 25 anos, «hallado en el día de de ayer en el punto conocido de «Pinar da Torre» de la parroquia de Parada en este termino carretera de Portobello a Malpica, sección de Ordenes a Carballo kilómetro 1 hectómetro 9». A causa da morte «traumatismo craneal producido por proyectiles de arma corta de fuego.» Consígnanse como datos persoais «que el finado era alto pelo y ojos castaños muy oscuros con barba poco poblada del mismo color, vistiendo traje castaño a listas, camisa azul de tela Mahon,

con dos elasticos uno azul con franjas traversales blancas y otro de verano sin mangas blanco calcetines negros calados, zapatos negros y calzoncillo de lienzo blanco y boina negra.».

En nota ao marxe consta o seguinte:

> «En virtud de carta-orden de la Superioridad de 30 de Octubre último, se hace constar que esta inscripción de defunción corresponde a Manuel Barreiro Bermuy, nacido en cinco de Marzo de mil novecientos quince, soltero, hijo de Antonio Barreiro Belmonte y de Josefa Bermuy Agra, natural de Rianjo y vecino de Betanzos.
>
> Y que conste y en cumplimiento de lo mandado, consigno la presente en Ordenes a cuatro de Noviembre de mil novecientos cuarenta y tres.
>
> El Juez mpal. Supte. Jesús Castro (asinado) El Secretario (sinatura ilexíbel).»

Hai nestes datos diverxencia no nome propio, nos apelidos maternos e no lugar de nacemento da víctima, aínda que non cabe dúbida que se trata da mesma persoa.

Barreiro participara (contratado ou como empregado) nas requisas de trigo aos propietarios rentistas, cobrando en especie o imposto co que o goberno municipal do Frente Popular gravaba aos acaparadores do grao. Isto, ademáis da súa militancia política, poñeríao posiblemente no punto de mira dos elementos máis reaccionarios da cidade.





Arriba, Francisco Barreiro, con boina, nunha fotografía familiar. Á dereita, o seu irmán Tucho. Xentileza do seu sobriño Manuel Barreiro. Abaixo, Manuel Calviño Babío na súa etapa do serivizo militar. Xentileza do seu sobriño Antonio Rivas Calviño.

CALVIÑO BABIO, MANUEL

Chófer de 38 anos. «Paseado» o 9 de setembro de 1936 na Espantosa (Betanzos), debaixo da ponte do ferrocarril, xunto con Juan Moreira Suárez, a quen acollía agochado na casa. Pertencía á UGT.

No censo electoral de 1934 aparece con 33 anos, labrador de profesión. Nacera no lugar de Illobre. No padrón de 1935 aparece aveciñado en Vista Alegre nº 3, coa muller

Encarnación Seijo Ramos, de 31 anos, e dúas fillas: María, de 13 anos e Antonia de 7. A muller e as fillas marcharían posteriormente de Betanzos por mor dos destinos dos maridos destas. Figura unha cruz (†) ao lado do seu nome, colocada posteriormente na revisión do padrón, indicando a súa morte.

A súa irmá casou cun Rivas, tamén chófer, de Autos Rivas, e o fillo maior, Toñito, criouse con eles mentres a parella non casou ou tivo vivenda propia. Outro dos fillos da irmá, «Rolecho», era afillado de Manuel Calviño e leva o seu nome.

Calviño foi chófer particular da familia Do Pico-Sas, coñecidos como «os da Reja» que teñen a finca da Magdalena. Posteriormente facía servizos nun vello Chevrolet.

Parece ser que un veciño de Vista Alegre, o da casa nº 1, persoa de dereitas, soubo que agochaba a Moreira e denunciouno. A garda civil e un grupo de milicianos foronos buscar á casa, aparecendo os seus corpos debaixo da ponte do ferrocarril da Espantosa, saíndo cara A Coruña.

No Rexistro Civil de Betanzos non figuran as súas actas de defunción.



José Carro Pena.
Xentileza da familia Carro Vales.

CARRO PENA, JOSÉ

Coñecido popularmente polo alcume de «O cagamaterias», que en realidade era alcume do seu pai. Xornaleiro de 30 anos segundo o padrón, aínda que tamén era areeiro. «Paseado» o 27 de outubro de 1936 en San Tirso (Abegondo). Pertencía á CNT.

O seu asasinato recólleo o folleto deste xeito:

> *27 de Octubre*.— José Carro afiliado a la C.N.T. es perseguido a tiros por las calles de Betanzos, cayendo gravemente herido en el vientre cerca del hospital. Fue recogido, y con el pretexto de trasladarlo al hospital de Santiago, para su curación, lo metieron en un coche llevándolo hasta el Crucero de Santiso [será San Tirso, en Abegondo], en el ramal de Meangos, donde fue rematado y su cadáver lanzado a la cuneta.
> («*Betanzos honra a sus mártires*», páx. 10)

Non puidemos comprobar se a data do asasinato era correcta, pois de existir acta de defunción no rexistro civil de Abegondo, esta ardería na queima do xulgado provocada, ao parecer, pola guerrilla en 1948 e na que arderon todos os arquivos.

No padrón de 1935 aparece domiciliado na rúa da Magdalena, nº 8, coa súa muller Manuela Gómez Amor, tamén de 30 anos, e os fillos José (10 anos), Josefa (8 anos), Aurea (4 anos) e Enrique (6 meses). Aínda nacería posteriormente María Luisa, da que quedaba preñada a nai. Con eles vivía tamén Manuel Carro Pena, de 14 anos, irmán de José, invidente dun ollo por un accidente na infancia e que sería vendedor do cupón de cegos moitos anos.

Uns anos antes vivía tamén con eles, mentres estivo solteiro, outro irmán de José, Enrique «o Lila», encausado (causa 508/37) e que se safou da represión ao incorporarse ao frente como chófer.

José Carro tiña dúas lanchas que se dedicaban á extracción de area na ría. Secundou un boicot do sindicato de Profesións Varias, adscrito á CNT, aos armacenistas e comerciantes irmáns Babío negándose a servirlles area. Segundo Jesús Lavandeira «Ladrillo» (conversa mantida o 8-IX-1986), José Carro foi agredido e, posteriormente, «paseado» en represalia por aquel feito. Efectivamente, o 24 de novembro de 1933 Carro recibiu de Emiliano Babío dous tiros nunha perna, feito denunciado polo sindicalista e ferroviario Miguel Navarro no órgano *CNT* de Madrid, cando lle requería na Ponte Nova o pago da area que lle negara e o industrial requisara co «amparo» da Garda Civil, mentres un notario levantaba acta da «expropiación».

A versión que quedou na familia sobre a súa morte e nos conta o fillo maior coincide bastante coa exposta no folleto: Un grupo de milicianos e gardas civís foino buscar de noite á casa. Parece que a muller botouse a berros detrás deles ata a Ponte Nova. Un dos milicianos, veciño de Carro, debeulle facer un sinal para que fuxira á altura do hospital de San Antón, pero outro dos do grupo (o garda civil Sebastián) reaccionou e disparou contra el. Logo, como di o folleto, co pretexto de trasladalo a Santiago, consumaron o seu asasinato en San Tirso. O seu corpo sería atopado e recoñecido por un betanceiro que se dirixía a unha feira, quen avisaría á familia. Uns parentes, dos «Carabineros», tío e curmán, trasladaronse alí e enterrárono en San Tirso.

CASTILLO BARREIRO, AURELIO

Pintor de profesión, de 32 anos. Coñecido polos alcumes de «Santanderino», «Dandy» e «Noy». Nacera en Santander, onde traballara súa nai de cociñeira no palacio da Magdalena e casara cun carabinero viúvo. Viviu un tempo en Barcelona (daí o de «Noy») onde residían familiares, e logo veu para Betanzos onde vivía súa nai viúva. Foi detido o 14 de abril de 1937 e conducido á Coruña o 27 do mesmo mes. Fusilado o 9 de outubro de 1937 na Coruña ás seis da mañá xunto con outros vinte. Pertenceu á CNT, sindicato no que desempeñou cargos directivos.

No padrón de 1935 aparece domiciliado na rúa das Monxas, nº 7 – 2º. Estaba casado coa betanceira Consuelo Varela Ribas, de 32 anos, e tiña unha filla de meses, Finita.

Na mesma casa, no 1º andar, vivía a súa nai, Aurelia Barreiro Lestide, viúva de 56 anos, cos outros fillos: Ramiro Barreiro Lestide, pintor de 33 anos, que tivera solteira, e Inés Castillo Barreiro, de 23 anos.

No folleto dos mártires o seu fusilamento aparece datado erroneamente o 16 de novembro de 1936, é dicir case once meses antes da data real:

> *16 de Noviembre*.— Aurelio Castillo, de la C.N.T.. es fusilado en La Coruña, donde fue condenado a muerte por un tribunal sedicioso.
> («*Betanzos honra a sus mártires*», páx. 11)

A noticia do seu fusilamento e dos outros vinte publicouse en *La Voz de Galicia* o 10 de outubro de 1937 co titular «La Coruña: Ayer fueron pasados por armas varios traidores a la Patria». [7]

Nun oficio do Comandante do posto da Garda Civil de Betanzos ao Sr. Xuiz Militar Permanente da 8ª División, datado o 27 de abril de 1937, dise que Castillo, «conocido por `El Dandy`» xa se atopa detido «a su disposición», mentres que se cita a outros doce betanceiros sobre os que pesaba orde de detención:



Aurelio Castillo Barreiro
Xentileza da súa filla Finita Castillo.
Debaixo, a súa sinatura nun documento da CNT como secretario da mesma.

> Pedro Rey Bermúdez (a) «El Moco» de 24 años jornalero, hijo de Juan y Maria, natural de Betanzos, se encuentra sirviendo como soldado en el Frente de Madrid, ignorando su paradero. Tomás Fuentes (a) «Cornán» de unos 26 años, natural de Betanzos, jornalero, hijo de Manuel y Manuela; fué fusilado en Ferrol. Enrique Carro Pena (a) «El Lila» de 29 años, chofer, hijo de Serafín y de Ramona, natural de Betanzos, se encuentra en León (Frente) con un camión al servicio del Ejercito. Ricardo Vilarnovo, natural de Betanzos de 22 años, hijo de Ricardo y de Carmen; incorporado en el Ejército en Tagica San Sebastián. Francisco López Couce (a) «Cela» de 49 años, natural de Irijoa; se halla en una Bandera del Tercio en el Frente de Madrid con empleo de Brigada. Antonio López Salorio (a) «El Goro» de 26 años, labrador, natutal y vecino de Betanzos hijo de Antonio y de Antonia; ausente en ignorado paradero por hallarse fugado desde la iniciación del Movimiento. Antonio Vázquez Pérez (a) «Cheirumen» de 25 años, jornalero, vecino de esta Ciudad, hijo de Antonio y Carmen, fugado y se ignora su paradero. Enrique Sóñora Couceiro (a) «El Chofer», de 23 años, herrero, natural de Betanzos, hijo de José y María; fugado en ignorado paradero. Carmen Lage Dapena, (a) «La Gayola», de 39 años, natural de Padernes y vecina de Betanzos; fugada en ignorado paradero. Luis Naveira N. (a) «Besugo» de 33 años, hijo de Manuela, natural y vecino de Betanzos; desaparecido, se le cree fallecido. Arturo Filgueira Eiroa (a) «El Mona», natural y vecino de Betanzos, hijo de Francisco ……. rado voluntario en la bandera de Falange de Betanzos con destino en Cangas del Narcea (Asturias) y Antonio Góme [sic], de 22 años; se halla de soldado en el Grupo de Transmisiones 2ª Compañía Frente de Santa Qui…….. Zaragoza.» [Os puntos suspensivos corresponden a partes ilexíbeis do documento.] 8

Na inscrición de defunción no Rexistro Civil da Coruña, segundo copia da certificación literal que nos facilitou a filla de Castillo, rectíficouse a 9 de xuño de 1940 a causa real da morte («pasado por las armas») pola de «hemorragia interna», cousa esta que se aplicou a todos os que foran fusilados por sentencia de tribunais militares para rectificar o «error padecido en las inscripciones en los libros de este Registro Civil». As autoridades militares fascistas pretendían anular así os fusilamentos con efecto retroactivo.

CORTIÑAS DIAZ, FRANCISCO

Un dos trece fillos do boticario Cortiñas que tiña farmacia na esquina dos Soportais do Campo cos da Fonte de Unta. De 44 anos, «propietario», solteiro. Asasinado na rúa do Castro, á altura do comercio de Concheiro, o 9 de marzo de 1939 polo garda civil Juan Guisando Garrido, alcumado «o Caganabota» (o falso «Caganabota», polo seu parecido cun betanceiro coñecido por ese alcume, que sería o verdadeiro), quen lle requiriu unha máquina de escribir que pertencía ao seu irmán Luis (avogado, antigo membro das Irmandades da Fala, militante de ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) que lideraba Casares Quiroga, e posteriormente de Izquierda Republicana na que se fusionou aquela) que estaba encarcerado en Pamplona. Seica era home de dereitas e moi relixioso. O seu asasino, encausado por «homicidio» (sumario nº 193) foi encarcerado no castelo de San Antón e alí parece ser que se suicidou. Francisco Cortiñas debeuse negar á requisitoria do garda civil e resistiriase a ser levado detido, o que provocou o alporizamento do garda que lle dispararía ao ver que se marchaba sen facerlle caso. Un neno resultou ferido nunha perna ao rebotar unha das balas que disparou o garda. O asasinato era dificil de asumir mesmo como crime «político» e ademais Cortiñas tiña amizade, ao parecer, con don Jesús García Iribarne, home forte do momento que sería Alcalde nesa época, circunstancias que darían co asasino en prisión.

No folleto dos mártires recóllese deste xeito o seu asasinato:

> *29 de Noviembre del 38.*— Muere asesinado en plena plaza de Betanzos Francisco Cortiñas Díaz, de tendencias derechistas. Lo asesina un guardia civil al negarse a entregar una máquina de escribir, propiedad de su hermano Luis, que se encontraba detenido.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 12)

Sen embargo, a data real da súa morte foi o 9 de marzo de 1939, segundo a acta de defunción que figura no rexistro civil de Betanzos labrada o día 11 dese mes. Nesta consta que a súa morte se produciu en «su domicilio», Praza de García Irmáns 4-2º, a consecuencia de «hemorragia interna en la cavidad abdominal» (a última palabra pouco lexíbel).

No padrón de 1931 aparece aveciñado na casa materna da Praza dos Irmáns García Naveira, 4-2º, xunto cos irmáns: Rosario, de 40 anos daquela, quen figura como cabeza de familia, e Luis, avogado de 30 anos; ademais dunha sirventa Asunción Veiga Cao, natural de Paderne, de 35 anos. Francisco figura como «Rentista» no apartado de profesión, oficio ou profesión. Sen embargo, no padrón de 1935 non aparece residindo nesta casa, aínda que parece que vivía alí coa súa irmá Rosario. Tampouco aparece xa o irmán Luis, que daquela xa vivía na Coruña exercendo a súa profesión.

O seu irmán Luis (Betanzos, 1900-Rosario, Arxentina, ¿) referirase a el no seu libro de memorias «*Traición consagrada (La gran derrota del pueblo hispano)*» publicado na Arxentina en 1958:

> «…Procuré que mi familia empleara toda su influencia para que me trasladaran a un lugar menos desagradable y de mejor clima. Y mis hermanos, que nada me habían ayudado —como buenos clericales—, no hacían más que engañarme. En toda la vida esos dos hermanos mayores hicieron otra cosa que engañarme. Francisco cuando aparentaba quererme, dándome consejos que él me obligaba a tener que seguir, hizo su testamento (ya antes de la guerra) excluyéndome de hermano; y los demás hermanos se extrañaron, pero lo encontraron bien, o por lo menos no pusieron reparo a tal disposición, distribuyéndose la herencia de Francisco Cortiñas, sin tenerme en

cuenta para nada. Sin embargo, ni por la imaginación me pasó nunca negar el parentesco que nosotros todos exhibimos. Esa es la ejemplaridad que pueden venir a ostentar, al final de cuentas, los Cortiñas de Betanzos… y es mejor no seguir hablando.» (o.c., páx. 112).

«Al salir del penal (con ayuda de un alemán casado con una prima) me enteré de la muerte de mi hermano Francisco, a quien alguien atribuyó a un castigo del Cielo por lo mal que se había portado conmigo. Sin embargo yo le tengo perdoando el mal que me hizo antes, y durante esta maldita guerra.» (o.c., páx. 130)



José Edreira nunha foto do servizo militar. Xentileza da súa irmá Estrella Edreira Seoane.

EDREIRA SEOANE, JOSÉ

Coñecido popularmente polo alcume familiar de «O Chuno». Soldado da Marina de 21 anos, solteiro, que se encontraba de permiso na casa, «franco de ría». Foi «paseado» o 13 de agosto de 1936 nun monte de A Reborica (Aranga), segundo o folleto dos mártires, xunto cos tamén betanceiros Antonio Maceiras e Antonio López, aínda que no rexistro civil de Aranga non aparece ningún dos tres. Edreira estaba en Betanzos nos días do golpe militar e debeu participar na resistencia ás tropas. Foino buscar ao anoitecer á casa a Garda Civil acompañada dalgún miliciano, co pretexto de facerlle unha declaración. A nai díxolles que agardaran que lle prepararía algún alimento para levar e a resposta daqueles foi que non era necesario porque era unha dilixencia que ía ocupar pouco tempo. Cando a nai acudiu ao día seguinte ao cuartel xa lle dixeron que o fillo non estaba alí. O pai e os irmáns percorreron a comarca en cabalo, bicicleta e en taxi polas zonas onde aparecían os cadáveres dos paseados. Terminaron por dar con el, que ao parecer estaba intacto (ou esa foi a información que deron para consolar e tranquilizar, dentro da desgracia, ao resto da familia) ao contrario dos outros dous compañeiros que estaban comestos das alimarias. Hai versións populares que din que o seu cadáver apareceu coas «súas partes» na boca; outros aplican esta versión a outras vítimas betanceiras.

No censo de 1935 aparece domiciliado na rúa da Marina nº 51, xunto cos seus pais e cinco irmáns. É fillo do carpinteiro Fermín Edreira Ferreira, de 51 anos, e de Dolores Seoane González, de 46 anos. Os outros irmáns que figuran no domicilio paterno son Manuel (25 anos), Carmen (19 anos), Luciano (16 anos), Dolores (13 anos) e Estrella (8 anos). Había outra irmá, Antonia, de 22 anos que xa estaba casada.

FERNANDEZ PÉREZ, MANUEL

Mecánico de 18 anos, segundo o padrón. «Paseado» na madrugada do 28 de outubro de 1936 na Casilla de San Paio, no quilómetro 2 da estrada a Ferrol, xunto con Bernardo Miño, Antonio Lagares, Camilo Naveira Ferreño e Francisco Moreno (quen, afortunadamente, sobreviviu)[9]. Foi este o último dos «paseos» de betanceiros e o que afectou a máis persoas. Tamén o que quedou máis fixado na memoria dos veciños da época.

Manuel Fernández Pérez, «o Chacho» (fillo da «Chacha»), de 18 anos, solteiro e mecánico de profesión, vivía na casa número 43 da Rúa Nova cos pais Manuel Fernández Iglesias, de 60 anos, empregado, e María Pérez Pazos, de 43 anos. O seu nome aparece marcado cunha cruz (†) colocada nalgunha revisión posterior do padrón. Parece ser que traballaba no taller de Couto.

Pertencía ás Juventudes Comunistas. Precisamente, no nº 41, a casa do lado, vivía coa súa familia o fotógrafo Andrés Carro Silva, coñecido polo «Retratista», un dos líderes dos comunistas da localidade e que quizá tería influído ideoloxicamente no seu veciño.[10]

Na acta de defunción inscrita no rexistro civil de Betanzos o día 3 de novembro de 1936, figura con 17 anos e dise que faleceu «en el Puente de San Payo el día veintiocho de Octubre pasado a las tres horas aproximadamente a cosecuencia de hemorragia interna, intra-torácica, según resulta de diligencia de autopsia y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Betanzos.»

FRAGA GARCÍA, FRANCISCO

Coñecido popularmente por «Coducho». Camareiro do Café Barreiro, de 28 anos. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios, adscrito á CNT, no que desempeñou o cargo de vocal en 1934.

Foi detido, xunto con José Naveira e José Camba, o 22 de xullo de 1936 nas proximidades de Palavea pola Garda Civil, cando viaxaban nun automóbil requisado que conducía o primeiro, incautándolles diversas armas. Xulgado na Coruña en consello de guerra, acusado de tenencia de explosivos e rebelión, foi condenado a morte, mentres que José Camba era condenado a cadea perpetua, sendo posto en liberdade José Naveira (dos «Listida»), o conductor do vehículo. Foi fusilado o 24 de novembro de 1936 na Coruña.

No padrón de 1935 aparece aveciñado na Ribeira, nº 89, casado con Julia Fraga Vázquez, de 28 anos. Teñen catro fillos: Francisco (6 anos), José (5 anos), Julio (1 ano) e Antonio (6 meses). A carón do seu nome aparece unha cruz. (†) colocada na revisión do padrón. O fillo menor, Ricardo, non rexistrado nese padrón, naceu en febreiro de 1936.

Na praca que o Centro Betanzos de Buenos Aires lles dedicou aos «mártires betanceiros» aparece erroneamente como Francisco García, tomando o seu segundo apelido como primeiro. Tamén no folleto «Betanzos honra a sus mártires», en realidade editado en Buenos Aires e que serviu de base á praca, refírese a el como Francisco García Coducho:

> *23 de Octubre*.— También es fusilado en La Coruña Francisco García Coducho, afiliado a la C.N.T., por virtud de sentencia dictada por un tribunal militar sedicioso que lo condenó a muerte.
> («*Betanzos honra a sus mártires*», páx. 10)

De igual xeito, a data do fusilamento tamén é errónea. Quizá faga referencia á data do xuizo que si se celebrou nese mes de outubro.

Posuímos un resume da causa que se lle seguiu, facilitada polo historiador Bernardo Máiz, que di así:

> Resume da Causa
> Causa 118/36.- Tenencia de explosivos / rebelión
> Acusados: Francisco García, camareiro. Pena de morte.
> José Camba Chas, Aserrador. Cadena perpetua.

Xuiz Instructor: Ignacio Olavide Torres (capitán de infantería)
Presidente do Consello de Guerra: José Durán Salgado (teniente coronel)
Fiscal: Hernán Martín-Barbadillo y Paul.
Defensor: Eduardo Ozores Anariz
Aurelio Montes de la Rosa

Unha patrulla da Garda Civil ao mando do teniente Jaime Lorenzo Antela, persegue e intercepta nas inmediaciones da Ponte da Pasaxe un coche o 22 de xullo de 1936. Conducíao José Naveira de 35 anos e levaba como ocupantes a Francisco Fraga García «Coducho» e José Camba Chas, con 27 y 30 años respectivamente. Os tres eran veciños de Betanzos. Os gardas civís requisaronlles diversas armas, como un mosquetón, unha pistola Astra de 9 milímetros, dúas escopetas e cartuchos de dinamita. Parte do armamento tíñano arroxado pola ventaniña do coche durante o intento de escapar.

O conductor declara á Garda Civil que o coche pertence aos irmáns Agustín e Manuel Corral e que é o chofer de ambos. Tamén declara que os outros dous ocupantes requisaran o coche «amenazando por la fuerza a mi amo» e o obrigaran a traballar como chofer. Afirma que nestes días estivo facendo continuas viaxes para entregar e repartir armas a grupos de homes «que saludaban con el puño cerrado dando vivas a U.H.P.»
Os irmáns Corral declaran en idéntico sentido e fan constar que José Naveira «profesa de siempre el ideario derechista». A autoridade militar pono en liberdade sen cargos.
Respecto a Francisco Fraga García «Coducho», a Garda Civil de Betanzos informa que é anarquista e José Barreiro Raposo, propietario do Café Barreiro, onde o acusado traballa, di que é boa persona y considera «que pertenecer al Partido Sindicalista no es motivo para castigarle».
Respecto a José Camba, varios testigos defineno como un individuo «ofuscado, inculto, sin criterio y fácil de manipular, que había trabajado en la campaña electoral en contra del Frente Popular». O acusado afirmou que trala victoria del Frente Popular os seus compañeiros de aserradeiro obrigarono a afiliarse á CNT, aceptando unirse a eles por medo. O cura párroco defendeo ao afirmar que «si hizo algo sería forzado».
O seu defensor, Aurelio Montes de la Rosa argumentou que nos primeros días do Alzamiento houbo moita confusión e uhna persoa sen ideas claras e sen carácter pode ser arrastrado polo medo a unirse a determinados grupos. Tamén indica que «hasta la fecha solo se ha fusilado a los cabecillas y evidentemente José Camba no lo es».
O xuízo celebrouse en Outubro. O Tribunal condena a Francisco Fraga García a pena de morte (foi fusilado o 24 de novembro de 1936) e a cadea perpetua a José Camba.



Tomás Fuentes Velón na súa época de educando na Banda Municipal de Betanzos.

FUENTES VELÓN, TOMAS

Xornaleiro de 25 anos, solteiro. A veces o segundo apelido aparece escrito como Belón. Fusilado en Ferrol o 26 de xullo de 1936 xunto co tamén betanceiro Julio Sas, sendo as dúas primeiras vítimas betanceiras e tamén os primeiros fusilados en Ferrol, e soterrado no antigo cemiterio de Canido. Do fusilamento

de ambos deuse noticia na prensa (*La Voz de Galicia*, *El Progreso*…). Pertencía á CNT e atribuiuselle o cargo de Presidente, cousa que non nos consta, pois ese cargo desempeñárono Alfonso Ferreiro, José Fernández Cortés «o Callobrés», Juan Castro López, Pedro Vázquez, Manuel Vicos (estes tres, interinamente, apenas uns meses), e Jesús Lavandeira «o Ladrillo», entre 1931 e 1936, segundo os datos que temos. O seu irmán Luis si figura como contador en 1934. O erro creo que provén dos cargos que se lle atribúen a el e ao seu compañeiro de martirio no folleto citado:

> El día 26, o sea cuatro días después [refírese ao día 22 en que os sublevados ocuparon a cidade], dos jóvenes betanceros Tomás Fuentes Belón y Julio Sas, Presidente y Secretario del Sindicato local de la C.N.T. eran detenidos y conducidos a Ferrol, donde fueron fusilados inmediatamente, sin formación de causa.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 8)

Tomás vivía cos pais e catro irmáns na Magdalena nº 16. É fillo de Manuel Fuentes Crespo, de 49 anos, xornaleiro, e de Manuela Velón Salorio, tamén de 49 anos. Os outros irmáns que convivían con el nese intre eran: Lourdes (21 anos), Carmen (19 anos), Magdalena (14 anos) e Josefa (9 anos). Outros irmáns maiores, como Antonio e Luis, tamén militantes da CNT e dirixente o segundo, xa vivían emancipados. Tanto Tomás como os dous irmáns citados formaron parte (nalgún momento) da banda de música municipal.

A noticia do fusilamento de Tomás Fuentes e o seu compañeiro Julio Sas saiu publicada na prensa, con algún erro nos apelidos:

> DOS PAISANOS FUSILADOS
> Ferrol.- A las cuatro de la madrugada del domingo fueron fusilados los paisanos Julio Sas Barroso, de ventisiete años, y Tomás Fuentes Velo, de ventiocho años, ambos vecinos de Betanzos.
> Se negaron a recibir los auxilios espirituales.
> De la ejecución se encargó una sección de fuerzas del Ejército.
> Habían sido detenidos en la carretera de Betanzos a Ferrol con armas, con las cuales agredieron a la fuerza armada.
> *(El Progreso*. Lugo, 29 xullo 1936)

Na Causa 508 contra Aurelio Castillo e outros, celebrada o 24 de Xullo de 1937 e na que tamén estaba imputado Tomás Fuentes lese que

> «No se consignaron cargos contra el mismo por resultar de lo actuado que ha fallecido el veintiseis de Julio del pasado año a consecuencia de haber sido pasado por las armas, según certificado de defunción que se une al folio 40.»

Suárez Martínez (o.c.) refírese tamén a estes fusilamentos:

> En Ferrol os primeiros fusilados, o 26 de xullo, son veciños de Betanzos; trátase de Julio Sas e Tomás Fuente, executados por hostigar ás forzas militares na estrada que leva a esa locali-dade, segundo a versión oficial. O fusilamento, por un piquete do rexemento de infantería de Mérida 35, tén lugar no cemiterio de Canido. A prensa difunde que se lles aplicou o art. 41do bando de estado de guerra, que castiga a tenencia de armas.

GARCÍA ESTRADA, ANTONIO

No rexistro civil de Betanzos figura a partida de defunción deste mozo, que di deste xeito:

> En Betanzos, provincia de La Coruña a las diez y siete horas del día veintiocho de agosto de mil novecientos treinta y seis
> Ante D. Alfredo Curiel Rodríguez Juez municipal y D. Andrés Brage Bouza Secretario suplente se procede a incluir la defunción de Antonio García Estrada de diez y ocho años natural de La Coruña provincia de idem hijo de Leonardo García Carro y de Dolores Estrada domiciliado en el lugar de la Infesta parroquia de Requián, de profesión labrador y de estado soltero sin sucesión falleció en su domicilio el día de ayer a consecuencia de hemorragia interna según resulta del informe facultativo y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Betanzos. Esta inscripción se practica en virtud de carta orden de la Superioridad recibida en el día de hoy (...)

No padrón de 1935, nin no anterior de 1931, non atopamos a este mozo nin a seus pais, que probablemente levarían pouco tempo residindo na Infesta cando a morte do fillo.

LAGARES GÓMEZ, ANTONIO

«Paseado» o 28 de outubro de 1936 na Casilla de San Paio, xunto con Bernardo Miño, Camilo Naveira e Manuel Fernández, ademais de Francisco Moreno, que sobreviviu. Parece ser que viñan devoltos da cadea da Coruña, onde estiveran presos, para seren postos en liberdade sen cargos.

Antonio Lagares era labrador e nos últimos anos foi «Inspector de arbitrios municipais». Tiña 51 anos cando o asasinaron. Pertencía á Asociación de Agricultores de Betanzos e á Agrupación Socialista de Betanzos, nas que desempeñou cargos directivos. Nesta foi vocal en 1934 e depositario en 1936.



Antonio Lagares Gómez.
Xentileza do seu neto Antonio Lagares.

Nese ano formou parte do goberno provisional da República polo comité Agrario Socialista-Republicano.

En xullo de 1931participa na fundación da «Unión de obreros y empleados de las Industrias Núñez y Trabajadores del Muelle», vencellada á UGT, da que é vice-presidente, e a finais dese ano é un dos membros organizadores da Cooperativa Socialista.

No censo de 1935 figura como viciño da rúa Saavedra Meneses nº 30 A, coa esposa Josefa García Pandelo, tamén de 51 anos, tres fillos (José, Ricardo e Manuel, de 25, 17 e 14 anos, respectivamente) e a nai viúva. É avó, entre outros, do que foi alcalde de Betanzos entre os anos 1985-2007, Manuel Lagares Pérez (PSde G-PSOE), e do seu irmán Antonio, tamén concelleiro do mesmo partido e deputado provincial durante varias lexislaturas.

LÓPEZ DA TORRE, TOMÁS

Coñecido por Tomás «o Galo». Avogado de 36 anos. Naceu en Betanzos en novembro de 1899. O pai, Francisco López Torres, era un labrego acomodado, colleiteiro de viño, e tivo a concesión do «Estanco» de mistos.

Estudou a carreira de Dereito na Universidade de Madrid. Xa coa carreira rematada instálase como avogado, logo de estar de pasante con don Agustín García, de quen herdaría a clientela.

Casa moi xoven, aos 20 anos, cunha moza de 15. Colaborou coa Irmandade da Fala (publica en *Rexurdimento* o artigo «Encol do nazonalismo», en dúas partes nos nºs 5, 1-X-1922, e 6, 16-X-1922) e foi concelleiro na etapa da Dictadura de Primo de Rivera. O 29 de setembro de 1924 suplica se lle admita a renuncia ao cargo (segundo a Acta do pleno) mais continuaría exercendo o cargo ate 1929. En 1926 é presidente da Comisión de festas patronais. Colabora en *La Voz de Galicia* con varios artigos sobre temas locais.

En 1931 ingresou no PSOE. Pertencía á fracción «Largocaballerista» do partido. Colabora en *El Obrero*, órgano da Agrupación socialista de Ferrol con moitos artigos.

En 1934 foi detido, xunto con Beade e outros, a raíz dos sucesos de Outubro e xulgado en Ferrol. Posteriormente pasou varios meses en Asturias defendendo a obreiros e militantes encausados en consellos de guerra.

Nomeado Alcalde co Frente Popular e Deputado Provincial, apenas exerceu o cargo tres meses.

Segundo o rexistro da cadea de Betanzos[11], ingresou nela o 29 de xullo ás 2, sendo conducido á Coruña o 3 de setembro. Xulgado en Consello de Guerra (causa nº 117), foi condeado a morte e fusilado no campo da Rata na Coruña o 1 de outubro de 1936, como se recolle no folleto dos mártires, sendo enterrado en Betanzos:

> *1º de Octubre*.— Es fusilado en La Coruña Tomás López Datorre, del Partido Socialista, Abogado, Alcalde de Betanzos y Diputado Provincial. Fué detenido en compañía de Novo el 22 de julio, sometido a la farsa de un proceso militar y juzgado por un tribunal sedicioso que lo condenó a muerte.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 10).

Temos un resume da causa contra Tomás que nos facilitou o historiador Bernardo Máiz:

> Causa 177 / 36
> Rebelión
> Acusado: Tomás López de la Torre
> Xuiz instructor: Carlos Mauriz Barcia (comandante de infantería).
> Presidente do Consello de Guerra: Francisco Judel Peón (teniente coronel)
> Fiscal: Ramón Rivero de Aguilar
> Defensor: Esteban López Ipión.

Na instrucción destacan que nos primeiros días do Movimiento, Betanzos foi unha localidade onde se rexistrou un importante foco de resistencia contra os golpista, xogando o Alcalde e os seus colaboradores Ramón Beade (ex-deputado do PSOE) e José Novo un destacado papel. Intentou atraerse á Garda Civil e aos carabineros, procedeu a desarmar ás persoas máis significativas da dereita e propuxo resistir. Agardou instruccións do Gobernador Civil, viaxou á Coruña o día 20, armou aos veciños dispostos a loitar pola causa republicana e enviou reforzos á Coruña.

Paralelamente a estas iniciativas, tivo que empregarse a fondo no propio Betanzos contra os intentos dos máis exaltados para tomarse a xustiza por conta propia contra determinadas personalidades

significativas da dereita política. Asaltouse o Liceo, asediouse a casa do comerciante José Babío, a moitedume entrou no Convento de San Francisco e dous sacerdotes foron cercados no seu domicilio.

O fiscal iniciou a súa intervención aludindo á conspiración de judíos, masones y marxistas que (...) Buscan destruir España implantando una Dictadura Socialista (...) y por lo tanto anticristiana. Era evidente que deseaban utilizar algúns dos incidente sinalados no párrafo anterior para lexitimar o golpe de estado tocando a fibra sensíbel da relixiosidade dos católicos. Deuse moita publicidade a este caso para amosar á poboación que o alcalde socialista era culpábel de numerosos actos de salvaxismo.

Sen embargo, o desenrolo do xuizo non foi o agardado polas autoridades militares e en boa medida escapouselles das mans, ao ser quen o acusado de presentar un significativo número de testemuñas a seu favor. A defensa construiu unha argumentación baseada en que durante os días que sucederon ao Alzamento, Tómas López da Torre, evitou desmáns e mantivo a orde na cidade dentro das limitacións impostas por unha situación moi tensa e onde conseguiu impor a súa autoridade institucional ás cuadrillas de cidadáns armados, negociando fundamentalmente co líder local da CNT, Purriños. Concretamente citou que:

* Tiña salvado da destrucción o Cuartel da Garda Civil, ao convencer a un elevado número de simpatizantes republicanos que viñeron debidamente armados dende Viveiro, en varios camións, de que los guardias civiles le obedecían.

* Actuou como intermediario entre os líderes anarco-sindicalistas da CNT e o comerciante local José Babío Teijeiro, obxecto dun conflicto laboral anterior e que estivo asediado na súa propia casa. Resolveu a situación mediante a entrega dun cargamento de fariña valorado en 500 pesetas.

* Evitou a destrucción do Convento de San Francisco, invadido polos simpatizantes da CNT que tal vez coidaban atopar dentro armas.

* Presentouse diante da casa onde estaban asediados dous curas da localidade que, ao sentirense ameazados, esgrimiron armas de fogo. Cando os sitiadores comezaron a disparar contra a casa presentouse coa Garda Civil e convenceu aos asaltantes para que ambos sacerdotes foran encarcerados, evitando o seu presumíbel linchamento.





Tomás López da Torre arriba nun retrato e abaixo paseando co seu único fillo

* Tamén argumentou ter protexido a destacados dereitistas brigantinos, como Manuel Becaría, Carmen Pita Caramés (de Acción Católica), Carlos Peña Rodríguez e José Calviño Salazar (forense).

Para respaldar esta liña de defensa declararon:

* O brigada da Garda Civil Dimas Llamas Centeno, comandante do cuartel de Betanzos neses días, quen testemuñou no senso de que como militante socialista debe ser castigado, pero de manera atenuada ya que con su actitud ha logrado evitar desmanes, agresiones y asaltos en Betanzos.

*Sor Patrocinio Buil, Madre Superiora do Hospital, tamén falou ben de Tomás López da Torre, ao dicir que pese a sus ideas extremistas estivo en todo momento á nosa disposición e evitou que fóramos atropelladas.

* Emilio Romay Montoto, de dereitas, tras deixar claro que tiña rotas as relacións persoais co alcalde, recoñeceu que evitó o trataba de evitar los desmanes (...) salvando del linchamiento a dos sacerdotes (...) Y no me consta que repartiera armas entre la gente.

*Alfredo Curiel, tamén de dereitas, indicou que su comportamiento fue excelente pese a ser militantes socialista.

*Arturo Amor Barallobre, outro xefe da Garda Civil desprazado eses días a Betanzos, indicou que pese a ser enemigo político, creo que evitó desmanes e recoñeceu que lle tiña dito que sino fuera Vd. el Alcalde, aquí habría pasado algo muy gordo.

En sentido parecido declararon Carmen Pita Caramés, Dionisia Ros (Madre Superiora do Refuxio), José Calviño Salazar e Carlos Peña Rodríguez.

A acusación chamou a declarar a numerosas testemuñas, ata sumar xunto aos da defensa case setenta. Puxo énfase en sinalar que se era el lider reconocido por los revolucionarios, siendo respetado y obedecido por estos, tiña que ser evidentemente o responsábel xerárquico dos mesmos e, polo tanto, culpábel. Entre as súas testemuñas declararon:

* José Iglesias García, político de dereitas, que o responsabilizou de todo o ocorrido. Dixo, entre outras cousas, que o alcalde pedira 2.000 peseta a José Babío para protexelo da CNT.

* José Babío Teijeiro. Non falou desas 2.000 pesetas pero acusou ao Alcalde de todos os desordes, ainda que recoñeceu que en todos eses días non saira da casa por temor a ser atacado.

* Antonio Gómez Iglesias, Comandante retirado do Exército, que o considerou de conducta muy peligrosa (...) aprobaba los desmanes de las hordas marxistas (...) y desde el día 20 se negó a colaborar con el Alzamiento, a publicar el bando declarando el estado de guerra y permitiendo que Betanzos fuera un foco de resistencia organizada los días 20. 21 y 22 (...), él mandó incendiar el convento de San Francisco y volar el Puente Nuevo para impedir el paso de militares.

* José María Sánchez Maceiras y Antonio Golpe López, indicaron que na recente campaña electoral o alcalde intervira en varios mítines incitando a los campesinos a no pagar las rentas a los propietarios de tierras, ya que si ganab el Frente Popular, se aplicaría la reforma agraria.

Para compensar as imprevistas declaracións de Dimas Llamas e Arturo Amor, a fiscalía fixo declarar a toda a plantilla de gardas civís de Betanzos, sete, destaca a similitude das respostas, que inclúen frases idénticas sobre o carácter do alcalde, acusándoo todos os gardas de ser un hipócrita y hacer un doble juego, aínda que o garda Segundo Vega Monteiro, quen o defende indicando que fue él quién salvó a los dos sacerdotes de ser linchados e os gardas Escolástico Vaquero Sánchez e Evaristo Pardo, sinalaron que intentaba poner orden.

Declaran os dous sacerdotes citados. Eliseo Barros Gamayo declarou abertamente contra Tomás López da Torre, descalificando a testemuña dos que tiñan falado ao seu favor. Indicou que foron rescatados pola Garda Civil e non polo alcalde. José Acuña testificou en senso contrario acerca desta circunstancia, ainda que si recoñeceu que el alcalde arengaba a las turbas a cometer desmanes.

Declara finalmente o Xuíz de Primeira Instancia de Betanzos, D. Benjamín Gil Sáez, quen defende a actuación do alcalde indicando que tendió a evitar violencias y atentados contra las personas y las cosas en Betanzos, procurando mantener el orde y la autoridad en esta ciudad y aconsejando a los elementos más exaltados que debían abstenerse de agredir o significar malquerencia contra la Guardia Civil.

Foi condenado a pena de morte e fusilado o 1 de outubro de 1936.

Tomás deixou viúva, María Luisa Loureda Espiñeira, de 30 anos, e un fillo de 13 anos, Tomás. Vivía na rúa do Valdoncel, nº 29, xunto cos pais, Francisco López Torres (65 anos) e Ignacia Datorre Veiga (68 anos), e o irmán Bernardo (24 anos), tamén avogado.

Segundo Luis Lamela era socio da sociedade coruñesa Centro de Estudios Sociales «Germinal», cousa factibel pois, ao parecer facía moita vida na Coruña: segundo o seu fillo, ía á Coruña polas tardes «día si e día non», onde era socio da Sociedade Filarmónica e frecuentaba unha tertulia nun café coruñés con Martín Martínez, secretario do concello da Coruña, e outros.

Deixou unha carta, redactada en capela, que di moito da integridade moral deste home[12]:

A cualquiera de los camaradas, Beade, Quintanilla o Santamaría.
Queridos amigos y camaradas: Os dirijo estas líneas momentos antes de morir. Lo hago en primer lugar para deciros que cumplí, en todo momento, con los deberes de un buen militante y espero seguir haciéndolo ante el pelotón que me fusile, convencido de que no fui juzgado sino asesinado.
Después de dos meses de preso durante los cuales se instruyeron dos expedientes que fueron sucesivamente examinados para ver si había materia en que fundar mi muerte, se me sigue un juicio «sumarísimo» que dura dos días entre el procesamiento y la condena, donde se me prohibe defenderme, viéndome obligado a confiar esta misión a un amigo, López […], Tte. de Artillería, que se comportó caballerosamente, ayudándome a bien morir. Tuve que contestar en unos minutos, de noche, a un sin fin de cargos, todos absolutamente falsos, fundados en supuestos dichos de gentes que no comparecían, ni se relacionaban o habían muerto sin guardar constancia de su declaración. Pero por encima de todo esto, carente de base, existía el motivo cierto: se castigaba en mí al Abogado que en Asturias luchó a favor de los procesados por Octubre de 1934. La misma persona que entonces me corrigió disciplinariamente, ahora firma mi sentencia. Es la lógica consecuencia de haberlo conservado en el puesto.
La situación económica en que dejo a mi familia es bastante mala. Gasté dinero de mi mujer, mis padres son viejos, mi hermano, Abogado, no se ha encauzado y tengo un hijo de trece años. Espero que os ocupeis de ellos porque, además, el triunfo del Frente popular les privará de algunos ingresos por rentas de tierras que constituyen su único caudal. Deseo que procureis a mi hermano una ocupación retribuída: es inteligente, leal y trabajador, y ayudeis a mi hijo para que se abra paso en la vida.
Un abrazo a todos los compañeros, especialmente a Lamoneda, al que diréis que no me equivoqué en los pronósticos de mi última carta. El error estuvo en la magnitud del suceso: nos encontramos los camaradas en la cárcel y en el cementerio.
Adiós ¡Viva el Socialismo!
Tomás López da Torre
Cárcel de La Coruña a 27 de Septiembre 1936
P.D. Deseo que en Betanzos se eviten represalias. Me ayudaron en todo momento Raúl Fernández, Becaría, el Forense, Doña Carmen Pita, Antonio Amor, un sereno Otero, la Superiora del Hospital y del Refugio, Domingo Navaza, José Noguerol… A todos les guardo reconocimiento y espero que vosotros les protejais si fuese necesario. A quienes me calumniaron ante el Consejo de Guerra les he perdonado ya.
Vale.

Obsérvase no contido desta emotiva carta (ademais da súa integridade moral, tentando evitar represalias entre persoas da dereita e perdoando aos inimigos, e da preocupación pola familia) a confianza de Da Torre no triunfo da República e da Fronte Popular naqueles primeiros meses da guerra.

LÓPEZ PÉREZ, ANTONIO

Coñecido como «o Bergeiro» por desempeñar este oficio o pai ou antepasados na familia. De 27 anos. Traballaba cos irmáns Lagoa na súa tonelería a poucos metros da súa casa. Probablemente pertencía á CNT.

No padrón de 1935 aparece de profesión labrador, domiciliado na rua da Ribeira nº 47, co seu avó José López Barral, labrador natural de Betanzos, viúvo de 77 anos; a súa nai, Manuela López Pérez, solteira de 42 anos (teríao a el aos 15 anos, segundo iso), e a súa irmá Josefa, de 20 anos. El e a súa irmá aparecen unicamente co primeiro apelido, figurando raspado o sitio do segundo. Curiosamente, a súa irmá é coñecida como Carmen, non como Josefa.

O seu nome non figura en ningunha relación de vítimas betanceiras. O folleto dos mártires non o recolle e, polo tanto, tampouco a praca de homenaxe do Centro Betanzos. A miña sorpresa foi grande cando os irmáns de Antonio Maceiras me dixeron con insistencia que a canda seu irmán levaran a outros dous e non unicamente a José Edreira como di o folleto. Tamén a irmá deste, Estrella, insistiu en que apareceran xuntos os corpos de tres. Eles foron os que me puxeron na pista de Antonio López . Parece que as súas defuncións rexistraronse en Aranga como «desconocidos», tal como dixemos ao falar de José Edreira.

A súa irmá Carmen, quen daquela acababa de dar a luz o seu primeiro fillo, pensa que o asasinato de Antonio López foi pola parte de Oza (sen embargo alí tampouco está rexistrado) e lembra que os Chunos, pai e irmán doutro dos paseados, encontraron os corpos. Non sabe siquera onde foron enterrados os restos. A familia quedaba bastante desamparada naqueles momentos (ela recén parida, sen pai, o avó anciano) como para poñerse a facer xestións naquelas circunstancia. Tamén descoñece a súa filiación, só que ía ao sindicato na «Casa do Pueblo» e que «era moi bo irmán», o que sostiña a familia. A Antonio viñérono buscar á casa gardas civís e falanxistas, entre eles un Juanito «Lambeplatos», deses que «como dicía a canción antes eran comunistas e agora son requetés e viraron a chaqueta do dereito e do revés.» (Conversa con Carmen López no Asilo de Betanzos, en xuño de 2007).

LÓPEZ PÉREZ, GERMÁN

Coñecido popularmente polo alcume de «O Marulán». Labrador de 35 anos e posteriormente «consumeiro» ou inspector de arbitrios municipais. Pertencía á UGT. Fórono buscar de noite á casa sendo «paseado» o 23 de outubro de 1936 na zona de Ordes, segundo recolle o folleto:

> *23 de Octubre*.— Germán López Pérez, afiliado a la U.G.T. Era capataz de arbitrios municipales, fue «paseado» y asesinado en las cercanías de Ordenes, donde su cadáver apareció barbaramente mutilado.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 10)

Era fillo de Antonio López Miño, garda municipal, e de Juana Pérez Pérez. No padrón de decembro de 1935 figura como cabeza de familia, vivindo na 1ª Travesía de Santa María, número 7, coa muller, María Martínez Antón, natural de Fene de 28 anos, a súa nai, Juana Pérez Pérez, de 71 anos, viúva, e a filla do matrimonio, María López Martínez, de 1 ano. En maio de 1936 nacería Antonio, o segundo fillo do matrimonio que tiña cinco meses cando o asasinato do pai.

A familia tardou tempo en coñecer o lugar e as circunstancias do asasinato de Germán, que foi inscrito como «Un hombre desconocido» no rexistro civil de Ordes. Transcribimos a continuación a copia da acta de defunción, facilitada polo seu fillo Antonio, como exemplo de moitos casos inscritos como «Desconocidos»:



Germán López coa gorra de «consumeiro»
Xentileza do seu fillo Antonio.

[Hai un selo]
Don Jesús Castro del Río, Juez municipal suplente y encargado del Registro Civil de Ordenes.
Certifico: Que al folio 77, del tomo 56, de la 3ª Sección de este Registro Civil, aparece la que literalmente dice. = Al margen.= Número 153.= Nombre y apellidos= Un hombre desconocido = Dentro = Registro Civil de Ordenes = Distrito de Ordenes = En la Villa de Ordenes, provincia de Coruña, á las diez y siete horas del día veinticuatro de Octubre de mil novecientos treinta y seis, ante D. Celestino Concheiro Iglesias, Juez municipal propietario y D. José Ramon García Canle, Secretario accidental, se procede á inscribir la defunción de D. Un hombre desconocido, de 28 á 32 años, natural de se ignora, y de Dª se ignora, domiciliado en se ignora, de se ignora, de profesión se ignora y de estado se ignora, hallado en el punto conocido de «Pinar da Torre» de la parroquia de Parada, en este termino, carretera de Portobello á Malpica, Sección de Ordenes á Carballo, kilometro uno, hectometro nueve, el día de ayer, á consecuencia de Traumatismo craneal, producido por proyectiles de arma corta de fuego, según resulta de oficio del Sr. Juez de Instrucción y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de Ordenes = Esta inscripción se practica en virtud de oficio del Sr. Juez de Instrucción de este partido, consignandose ademas que el finado era de estatura mediana, pelo, barba y ojos castaños aquella poco poblada, vistiendo pantalon de pana rayado castaño, chaqueta azul muy usada á listas, sujetando el pantalon con un cinturon de cuero negro con una chapa de metal blanco, un sueter ó jersey blanco, digo marron, camiseta rosa con unas rayas ablancazadas travesales, calcetines de lana castaños botas negras enteras sin cordones con fuelles á la parte superior y boina negra, habiendola presenciado como testigos, D. Antonio Martínez Boquete y D. Juan Caramelo Varela, mayores de edad, y vecinos de esta Villa = Leida esta acta, se sella con el de este Juzgado y la firma el Señor Juez, los testigos, de que certifico = Tiene el sello del Juzgado municipal = Celestino Concheiro I. = Juan Caramelo = Antonio Martínez = José R. García.- Rubricaron.= Al margen de dicha acta aparece la siguiente= **Nota**= En virtud de carta orden de la Superioridad de veinte del actual, se hace constar que esta inscripción de defunción, corresponde á **German Lopez Perez**, hijo de Antonio López Miño, natural de Paderne y de Juana Perez Perez, natural de Betanzos, de unos treinta y dos años de edad, natural y vecino de Betanzos, casado con María Martinez Anton, de cuyo matrimonio tuvieron dos hijos llamados Maria y Antonio López Martinez = Y que conste en cumplimiento de lo mandado consigno la presente en Ordenes á veintiocho de Julio de mil novecientos cuarenta y dos. Tiene el sello del Juzgado = El Juez municipal C. Leandro Veiga = El secretario, Jose Sanchez Somoza.- Rubricaron
Y para que conste a peticion de parte que no su …[ilexíbel]. No se reintegra en forma, expido y firmo la presente en Ordenes á veintiseis de Agosto de mil novecientos cuarenta y dos.
Rubricado.- Jesus Castro. El Secretario. Sellos.

Como xa comentamos, ao falar de Barreiro Permuy, os dous foron «paseados» xuntos, circunstancia que descoñecen os respectivos familiares deles cos que falamos.



Antonio Maceiras coa súa moza Lucita. Xentileza dos seus irmáns Maruja e Paco Maceiras.

MACEIRAS AMOR, ANTONIO

Labrador de 20 anos. «Paseado» o 13 de agosto de 1936 xunto co tamén betanceiro José Edreira, nos montes da Reborica (Aranga). Pertencía á CNT. Ao parecer (segundo me testemuñou no seu momento Jesús Lavandeira «o Ladrillo») foi un dos que participou na barricada da Ponte Nova e deixou unha chaqueta ou prenda esquecida que o delataría posteriormente.

No padrón de 1935 aparece domiciliado na rúa da Cañota, nº 10, co avó materno, os pais e catro irmáns. O avó, Juan Amor Sobrino, de 78 anos, labrador natural de Oza, figura como cabeza de familia. Os pais son o betanceiro Francisco Maceiras Losada (labrador de 43 anos), e Carmen Amor Carro (40 anos, nacida en Oza). Antonio é o irmán maior. Os outros son: Lourdes (18 anos), Francisco (15 anos), Agustín (12 anos) e María (10 anos).

No folleto *Betanzos honra a sus mártires* aparece citado como Antonio Maceiras Campillo, apelido este último que non lle corresponde:

> *El 13 de Agosto*.— Antonio Maceiras Campillo y José Edreira, afiliados a la C.N.T., pero que no desempeñaban cargos, son detenidos y «paseados» al monte de la Reborica de Aranga, inmediaciones de la carretera de Coruña a Madrid, donde cayeron asesinados, permaneciendo insepultos hasta que los perros y aves de presa terminaron sus restos.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

Segundo os irmáns Maceiras (Maruja e Paco), nunca souberon onde fora asasinado o irmán maior, pese ás indagacións que fixeron. As sospeitas orientábanse cara Guitiriz ou as súas inmediacións. Tamén cren os irmáns que foron tres, e non dous, os que levaron a pasear xuntos, o mesmo que cree a irmá de José Edreira, o que nos puxo sobre a pista doutra vítima non recollida no folleto dos mártires nin na praca homenaxe de Bos Aires: Antonio López «O Bergeiro».

No rexistro civil de Aranga non figura rexistrada a defunción de Maceiras nin dos outros dous. Tampouco hai ningún rexistrado como «desconocido» por esas datas. Poideran, en cambio, corresponder aos rexistrados como «El cadáver de un hombre desconocido» os días 23 (un home de «como 28 años») e 26 de setembro (un «como de unos 25 a 30 años» e outro «como de unos 25 años») se a data da súa morte foi posterior á que dá o folleto. O primeiro apareceu no lugar de Vilouriz e os outros dous na ponte Castellana. Os tres enterráronse na parroquia de Vilarraso.

MASEDA VAAMONDE, JOSÉ

Coñecido polo alcume de «O calderetero». De 28 anos. Fusilado na Coruña o 26 de xaneiro (o 23 ás 7 horas, segundo Lamela) de 1938. Pertencía á CNT e á FAI. Foi procesado por tenencia de explosivos e polo atentado da Terraza de Sada en 1934. En xullo de 1936 fuxiu da cidade e «botouse ao monte». Ao ano seguinte foi detido pola garda civil na parroquia de Loureda en Cesuras. O diario *La Voz de Galicia* deu a noticia da súa detención o día 12 de outubro de 1937 referíndose a el como o «significado extremista, que fue presidente del sindicato de oficios varios de Betanzos». Sen embargo, a nós non nos consta que exercera este cargo. Parece que Maseda estaba ferido dende o comenzo do golpe militar e oculto na parroquia de Loureda do concello de Cesuras na casa de Lucas Uzal Suárez, quen tamén foi detido xunto cun fillo, segundo o citado diario. Foron conducidos á Coruña e xulgados o 18 de decembro (sumario nº 1321, 7/10/1937). Maseda foi condenado a morte, mentres que o fillo de Lucas Uzal a varios anos de cadea (aínda que o folleto que vimos citando di que foi tamén condenado a morte). O pai será posto en liberdade despois de confiscarlle o patrimonio. O cumprimento da sentencia de Maseda, pasado polas armas xunto con outras tres vítimas, saíu publicada en *La Voz de Galicia* o día 27 de xaneiro de 1938:

> En la mañana de hoy, y en virtud de sentencia recaída en consejo de guerra y aprobada por la superioridad, han sido pasados por las armas los paisanos Lisardo Longueira García (a) «El Ferranchín», Justo Galán Barbero, José Maseda Baamonde y Antonio Santos Fernández (a) «El Montuno».

No padrón de 1935 Maseda figura como xornaleiro de 26 anos, solteiro, residente en Caraña de Abaixo, nº 17, onde vive coa madrasta Manuela Romay Cortés (viúva de 60 anos) e a media irmá María Maseda Romay (18 anos). Tiña outra irmá, Joaquina Maseda Vaamonde que xa non vivía con eles nese momento.

Tamén a data deste fusilamento figura errónea no folleto dos mártires:

> *16 de Noviembre de 1937*.— José Maseda Baamonde, afiliado a la C.N.T., estaba herido y lo detuvieron en el lugar de la Arumida, en Cesuras, con el dueño de la casa donde estaba oculto y un hijo de éste. Todos fueron conducidos a La Coruña y juzgados por un tribunal faccioso, que condenó a muerte al Maseda Baamonde y al hijo del dueño de la citada casa. Ambos fueron fusilados en la fecha indicada y al viejo lo pusieron en libertad tras haberle usurpado su modesto patrimonio.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11-12) [13]

MIÑO ABELENDA, BERNARDO

«Paseado» na Casilla de San Paio o 28 de outubro de 1936 xunto con outros tres betanceiros e outro máis que sobreviviu á execución. Labrador de arredor de 70 anos (segundo uns censos tería 67, segundo outros 69, 70 segundo a acta de defunción). Dirixente agrario socialista dende 1900, coñecido como «o Pablo Iglesias brigantino», concelleiro en 1909, procesado por opoñerse nun pleno á guerra de Marrocos, volta a ser concelleiro na República. Participou na creación de sindicatos uxetistas, fundou a Cooperativa Socialista e presidiu a Federación Agraria do Partido de Betanzos durante moitos anos.

28 de Octubre.— Bernardo Miño Abelenda, Antonio Lagares Gómez, Camilo Naveira Ferreño y Manuel Fernández, socialistas los dos primeros y de la C.N.T. y comunista, respectivamente, los otros dos. Miño que era septuagenario desempeñaba el cargo de 2ª Teniente Alcalde y Lagares era Capataz de arbitrios. Todos fueron detenidos y llevados a La Coruña, donde se les hizo saber que no aparecían cargos contra ellos. Para ser puestos en «libertad» han sido devueltos al cuartel de la Guardia Civil de Betanzos, y a las dos de la madrugada se les «paseó» hasta la casilla de San Payo, en la carretera de Betanzos a Ferrol, donde se les mató cobardemente.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)



Bernardo Miño Abelenda

No padrón de 1935 Miño figura con 66 anos como veciño da rúa Pardiñas, nº 29, aínda que noutros anteriores o seu domicilio é na 3ª Travesía da Rúa Travesa, nº 7. Vivía coa muller, Antonia Santamarina (65 anos, natural de Trasparga), a filla Carmen (26 anos), o marido desta, José Lousa Dapena (26 anos, «escribiente») e as netas Josefina (2 anos) e Delia (9 meses).

Na súa acta de defunción figura con

«setenta años natural de Betanzos provincia dicha hijo de Benito Miño y Dolores Abelenda domiciliado en la 3ª Travesia de la Ruatraviesa número 7 piso ppl., de profesión labrador y de estado casado con Antonia Santamarina, de cuyo matrimonio queda una hija llamada Carmen, de veinticinco años, casada y domiciliada en Betanzos.
falleció en el Puente de Sampayo el día veintiocho de Octubre pasado a las tres horas aproximadamente a consecuencia de hemorragia interna intra-torácica. Según resulta de diligencia de autopsia y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Betanzos...»

MOREIRA SUAREZ, JUAN

Mozo de 20 anos. Parece que foi aprendiz de xastre con José Novo, incluso cando este marchou para A Coruña, segundo moitas testemuñas que o lembran. Tamén foi «paseado». Estaba agochado na parroquia de San Xulián de Vigo, en Paderne, cun parente mestre. O pai tróuxoo nun feixe de palla ao lombo, segundo testemuña do que sería seu cuñado, Tomás López. Agachouse con Calviño Babío na casa deste, en Vista Alegre, e detivéronos aos dous tras denuncia dun veciño.

Foi «paseado» o 9 de setembro de 1936 na Espantosa (Betanzos) xunto con Calviño Babío. Pertencía ás Juventudes Comunistas:

El 9 de Septiembre.— Son detenidos Juan Moreira Suárez y Manuel Calviño Babío, el primero perteneciente al Partido Comunista y a la U.G.T. el segundo, e inmediatamente asesinados en el paso a nivel de la Espantosa en la línea Betanzos-Ferrol.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

No padrón de 1935 figura como labrador (aínda que, como dixemos, traballaba na xastrería de Novo), de 20 anos, solteiro, fillo de Rosendo Moreira Silva («o Apagafaroles», 46 anos, empregado, natural de Paderne) e de Dominga Suárez Casado (53 anos, tamén natural de Paderne). Viven na Ribeira, nº 106, xunto cos outros irmáns: Julián (22 anos, labrador), Andrés (13 anos), María (10 anos), Carmen (8 anos) e Felicidad (3 anos).

MOSQUERA FIDALGO, GERARDO

Coñecido por «O Claveiro». Labrador de 31 anos, natural de Queirís (Coirós) e casado en Tiobre. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios da CNT e á FAI. Foi un dos que fixeron frente ás tropas no Arco da Ponte Nova. Asasinado na súa propia casa como recolle o folleto:

El 20 de Septiembre.— Gerardo Mosquera Fidalgo, perteneciente a la C.N.T. es asesinado en Tiobre, en el propio portal de su casa, en presencia de su esposa e hijos, en el mismo momento en que agotadas las municiones se rendía tras haber sostenido un tiroteo con la fuerza que fue a detenerle.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 10)

Sen embargo, a data correcta é o 27 de setembro, segundo a acta de defunción. Esta non se levantou ata o día 11 de decembro, dous meses e medio despois do asasinato. Nela dise que «Gerardo-Francisco Mosquera Fidalgo, de treinta y un años, natural de Collantres (Coirós)... hijo de Manuel y de María, domiciliado en el lugar de Tiobre, de profesión labrador y de estado casado con María-Josefa Rodríguez García falleció en Tiobre el día veintisiete de septiembre último a consecuencia de disparo de arma de fuego». E nun oficio[14] da Garda Civil de Betanzos á da Coruña en outubro de 1936, afírmase que «Gerardo Mosquera Fidalgo resultó muerto en Tiobre de este Ayuntamiento en la madrugada del 27 del mes anterior por disparo de arma de fuego efectuada por la fuerza de dicho puesto al repeler la agresión de hacer varios disparos el mismo contra dicha fuerza…» Parece que a garda civil non acudiu soa ao seu domicilio aquela madrugada senón que ía acompañada de milicianos e falanxistas, como lembran algúns veciños.

No padrón de 1935 Mosquera figura como labrador de 31 anos, casado coa betanceira María Rodríguez García (30 anos). Viven en Betanzos o Vello, nº 13, coa filla Concepción Mosquera Rodríguez (de 7 anos) e José Rodríguez García (3 anos) que figura como «cuñado». Despois do seu asasinato, a súa viúva e filla rematarían por marchar de Betanzos.

MUÑOZ OTERO, MANUEL

Mariño da Armada de 33 anos. Fusilado en Ferrol o 27 de xaneiro de 1937 por permanecer leal ao goberno da República e ás autoridades da Marina. Deixou viúva e tres fillos de curta idade: Manuel, José Luis e Eduardo. Estaba casado con dona Pilar Vales Estrada, mestra nacional e, posteriormente, coñecida como a «Taquillera», por selo do cine Capitol.

Na súa carreira profesional serviu nos seguintes buques: Pelayo, Nautilus, España, Laya, Torpedero nº 3, Galatea, Juan Sebastián de Elcano e, por último, no Miguel de Cervantes, segundo a información facilitada polo seu fillo Eduardo.

No citado padrón de 1935 non figura nin el nin a familia, por estar empadronado en Ferrol. Sen embargo, aparece el e a súa dona no censo electoral de 1934, residindo na rúa Travesa nº 47, onde figuran como Contramaestre da Armada e Labores, de profesión, respectivamente.

O seu apelido aparece trastocado no folleto dos mártires (Muíños por Muñoz, corrixido a man na edición facsímile) así como o dato erróneo de ser fusilado o mesmo día que el outro mariñeiro betanceiro, Manuel Allegue, que xa aclaramos fora fusilado tres meses antes:

> *27 de Enero de 1937*.— Manuel Muiños [erro por Muñoz] Otero y Manuel Allegue, Maestre de Marinería el primero y Cabo de mar el segundo, ambos también de Betanzos, son fusilados en Ferrol, tras haber sido juzgados por un tribunal sedicioso que los condenó a muerte por haberse mantenido leales a la República.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)

Suárez Martínez (o.c.) recolle tamén o fusilamento de Muñoz e os seus compañeiros:



Manuel Muñoz Otero
Xentileza do seu fillo Eduardo

> D 27 XANEIRO 1937 (fusilados na «Punta del Martillo» como «directores del movimiento rebelde del pasado mes de julio en el Cuartel de Brigadas de Instrucción del Arsenal», segundo La Voz de Galicia de 28-1-1937):
> José Rodríguez Bretos (auxiliar de artillería, 32 anos). C.
> Manuel Muñoz Otero (auxiliar naval, 33). C.
> Ernesto Lamas González (mariñeiro da Armada, 23, de Vigo). C.
> Francisco Clement Heras (auxiliar naval, 33). C.
> Santiago Muíños Ramos (maestre de artillería, 29 anos). C.

NAVEIRA CARBALLO, LUIS

Mariñeiro de 32 anos. Coñecido popularmente polo alcume de «O Besugo». «Paseado» o 19 de setembro de 1936 nos arredores de Betanzos. No folleto citado atribuéselle militancia na CNT, aínda que (segundo me dixo no seu día o dirixente Xesús Lavandeira «o Ladrillo») parece que non tiña militancia, por máis que o coengo Silva Ferreiro cita ao «Besugo» (só co alcume) como un dos principais dirixentes da CNT local na súa tendenciosa obra *Galicia y el Movimiento Nacional* (Santiago de Compostela, 1938). Un irmán del, Manuel, si era militante da CNT, ou polo menos participou activamente na folga cenetista de maio de 1933.

Luis Naveira foi un dos que fixo frente ás tropas sublevadas o día 22 de xullo de 1936 e un dos últimos en abandonar a barricada da Ponte Nova, segundo «o Ladrillo». O seu asasinato recóllese así no folleto dos mártires:

> *El 19 de Septiembre*.— Es detenido en La Coruña Luis Naveira Carballo, afiliado a la C.N.T. Conducido a Betanzos, se le «pasea» y es asesinado en el kilómetro 2 de la carretera Betanzos-Ferrol.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)



Luis Naveira Carballo.
Xentileza da súa filla Jesusa

A súa defunción non aparece rexistrada no rexistro civil de Betanzos.

No padrón de 1935 aparece como mariñeiro de 31 anos, aveciñado en Castilla nº 9, coa súa dona Genoveva Iglesias Ossorio (34 anos, natural de Ribadeo), e os fillos Luisa (11 anos), Jesusa (10 anos), Sgdº Pastor (9 anos) e Lourdes (5 anos). Tamén aparece vivindo con eles o fillastro José Iglesias, chófer de 18 anos.

Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do censo.

O fillo que aparece como Sgdº Pastor, no padrón de 1931 aparecía como Santiago. A filla Jesusa nese censo aparece con 2 anos, cousa que non se corresponde coa idade do de 1935, que estaría incorrecta. Nese padrón tamén aparecía a súa nai Manuela Naveira Carballo (viúva de 70 anos), quen figura como cabeza de familia.

Nunha circular do Comandante do posto da Garda Civil de Betanzos ao Sr. Xuiz Militar Permantente da 8ª División Militar, datada o 27 de abril de 1937, na que se informa sobre varios betanceiros a deter, dise que «Luis Naveira N. (a) «Besugo» de 33 años, hijo de Manuela, natural y vecino de Betanzos; desaparecido, se le cree fallecido.» Como que xa levaba sete meses morto e, probablemente, o Comandante que fai o informe soubese algo.

NAVEIRA FERREÑO, CAMILO

Labrador (e peón de albanel) de 26 anos, solteiro, veciño da Cañota. «Paseado» o 28 de outubro de 1936 na casilla de San Paio xunto con Bernardo Miño, Antonio Lagares e Manuel Fernández, amais do sobrevivente Francisco Moreno. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios da CNT.

No padrón de 1935 aparece como labrador de 26 anos, veciño da Cañota, nº 32, onde vive coa nai, Manuela Ferreño Gómez (viúva de 57 anos) e tres irmáns: Carmen (31 anos), José (16 anos) e María (14 anos). Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do censo. Outro irmán, Antonio («Tonán»), de 23 anos, vive coa muller e fillos no nº 22 da mesma rúa.

Nove meses despois do seu asasinato, súa nai sería unha das persoas multadas por «no lucir colgaduras» na casa o día 18 de xullo. É dicir, estaba obrigada a «celebrar» o trunfo dos que asasinaran o fillo.



Camilo Naveira Ferreño
Xentileza da familia Naveira Placer

NOVO RODRÍGUEZ, JOSÉ

Xastre de 44 anos. Coñecido polo alcume de «O Ánimas». Militou na ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) e logo en Izquierda Republicana ao fusionarse aquela nesta. Desempeñou o cargo de Alcalde durante case un ano (1932-1933) á morte de Víctor Montoto. Foi detido en Guitiriz xunto co Alcalde Tomás López da Torre, con quen viaxaba no taxi do veciño de Betanzos Ricardo García Ben «o Paxariño», cando pretendían chegar a Asturias e, mentres o primeiro era recluído na cadea, Novo foi levado ao cuartel da Garda Civil, para ser executado o 29 de xullo de 1936 de madrugada contra o muro do cemiterio de Betanzos, uns días despois do fusilamento en Ferrol das dúas primeiras vítimas betanceiras, mentres que no folleto dos mártires dise que foi ao día seguinte:

> Al día siguiente 27 de Julio, el Primer Teniente de Alcalde José Novo Rodríguez, de Izquierda Republicana, que ha sido detenido en Guitiriz, en unión de López Datorre, fué sacado de la cárcel de Betanzos, a las cuatro de la madrugada, llevado al cementerio municipal y asesinado cobardemente.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 8

A acta de defunción realizada o día 29 non deixa lugar a dúbida: «falleció en el Cementerio mpl. el día de hoy a las cinco horas a consecuencia de hemorragia interna...»

Parece ser que MarcelinoVázquez «o Pelorrico», quen andaba fuxido polos arredores de Betanzos e estaba agochado aquela noite no cemiterio foi testemuña da execución. A noticia do seu asasinato saíu publicada en *La Voz de Galicia* e en *El Progreso*, alterando o segundo apelido:



José Novo Rodríguez

UN FUSILAMIENTO EN BETANZOS
Betanzos.- En Betanzos ha sido fusilado José Novo Diz, jefe de los revoltosos que primero en Betanzos y luego en La Coruña, agredió con armas de fuego cortas y largas a las fuerzas del Ejército.
Novo había sido alcalde de aquella ciudad.
(*El Progreso*. Lugo, 31 xullo 1936)

En *El Ideal Gallego* publicouse unha nota similar, incluíndo o erro do segundo apelido e cambiando o calificativo «revoltosos» por «comunistas», cousa inexacta pois Novo nunca pertenceu ao Partido Comunista e moito menos foi xefe deles:

También en Betanzos fue fusilado José Novo Diz, jefe de los comunistas de aquella ciudad, que disparó contra las fuerzas militares con armas cortas y largas, primero en Betanzos y luego en la Coruña.
(*El Ideal Gallego*, 30 de xullo de 1936)

Resulta curioso o termo de fusilamento aplicado ao caso de Novo, xa que estes efectuabanse tras sentencias de tribunais militares. Parece ser que a Novo se lle fixo un simulacro de xuízo a cargo da Garda Civil de Betanzos e do Xuíz municipal.

Novo gostaba de facer alardes de anticlericalismo oralmente e por escrito (publicou bandos e artigos nese senso, limitou no seu mandato o toque de campás...), cousa que alporizaba ás persoas relixiosas e a beatería oficial da cidade, facendo del un personaxe moi odiado por estas.

Era fillo de Joaquín Novo Lagoa e Felicidad Rodríguez Pandelo e tiña tres irmáns: Joaquín, Felicidad e Concepción. Posteriormente, seu pai casou en segundas nupcias tendo máis descendencia.

No padrón de 1935 aparece José Novo aveciñado na Rúa Travesa, 43-1º, xunto coa súa muller Consuelo Varela Yáñez (42 anos) e os cinco fillos do matrimonio: Alfredo (22 anos, xastre), José (15 anos, xastre), Américo (12 anos), Ana (9 anos) e Consuelo (6 anos). Tamén aparece vivindo con eles o seu sogro, José Varela Silva. Aínda que nesa altura, segundo fontes ben informadas, José Novo vivía con outra muller na Coruña, a onde tiña trasladado a xastrería, sen por iso abandonar a manutención económica da familia legal. Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do padrón.

RILO GARABAL, JOSÉ

Coñecido polo alcume de «O Machacante». Chófer de 24 anos. «Paseado» o 15 de agosto de 1936 na zona de Teixeiro, xunto con Manuel Vales. Pertencía como este ao Sindicato de Oficios Varios da CNT.

No folleto dos mártires o seu segundo apelido aparece como Jorabel, mentres que no censo figura Garabal:

El 15 de Agosto.— Manuel Vales y José Rilo Jorabel, también de la C.N.T., como simples afiliados, son igualmente detenidos, conducidos «de paseo» hasta Teijeiro y vilmente asesinados en la carretera de Curtis a Sobrado.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

A acta de defunción, cumprimentada o 22 de agosto, recolle, aparte dos datos personais, que «falleció en el lugar de la Neveira (Curtis) el día quince del actual, ignorandose la hora, a consecuencia de Hemorragia.» O seu enterro efectuaríase no cemiterio de Santa Aia de Curtis aínda que a súa neta cree que foi trasladado a Betanzos. Parece ser que o seu cadáver e o de Vales foron atopados por unha veciña do lugar cando xa levaban días mortos.

Era fillo de Pedro Rilo Raposo, xornaleiro, e María Garabal, que vivían na rúa da Torre nº 6 con outros catro fillos. No padrón de 1935 aparece como labrador (aínda que traballou de chofer para un forno e logo exerceu como taxista), veciño da Ribeira, nº 71, vivindo coa súa dona Felicidad Rodríguez Medín (de 17 anos), coñecida popularmente como «A Patusa», o fillo Luis (1 ano), a súa sogra Pilar Rodríguez Medín (35 anos) e o pai desta, Rogelio Rodríguez Pandelo (carpinteiro de 69 anos). Posteriormente tería outra filla, Olga.

Á beira do seu nome figura unha cruz (†), colocada na revisión do padrón.



José Rilo Garabal.
Xentileza da súa neta Pilar Rilo González.

Erias Martínez, no seu traballo «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República», recolle ao falar do asasinato de Novo Rodríguez unha alusión a «O Machacante»[14]:

> Logo, en plena noite, buscaron un taxi para levalo ó cemiterio e fusilalo. Solicitaron ese servicio ó taxista alcumado «O Machacante», pero como a muller deste era parente de Novo, negouse alporizado. Non tería máis remedio que levalos, pero, o que é peor, a súa actitude custoulle tamén ser fusilado, inmediatamente despois de Novo. A hora destes crimes sería a das 4,45 da madrugada do mesmo día 29 de xullo, o da detención: 6 gardas civís e carabineros mandados polo Teniente José González Rodríguez, da Garda Civil (natural do Incio, a quen Novo nunha das súas múltiples follas soltas, «Al Pueblo», seica lle chamara «muñeco uniformado») fusilaron a Novo e ó «Machacante». O impacto das balas aínda hai pouco que se vía nunha das paredes do cemiterio.

Este dato do asasinato de Rilo o mesmo día que Novo non concorda co que se recolle no folleto dos mártires (neste caso acertadamente) nin coa acta de defunción de Rilo que establece o seu asasinato o 15 de agosto, dezasete días despois, na estrada de Teixeiro.

A súa viúva sería detida e encausada posteriormente (Causa 1018) polos sucesos do asalto á casa do crego Eliseo Barros o 19 de xullo, para requisarlle as armas que tiña. Felicidad sería acusada de levar roupa que lle entregaría un dos asaltantes, sendo absolta posteriormente. Ingresada na cadea cos fillos, foi absolta en sentencia dictada o 3 de decembro de 1936.

RÍOS FRAGA, MANUEL

Chófer de 23 anos. Paseado o 25 de agosto de 1936 na praia de Bastiagueiro (Oleiros). Era empregado das Industrias Núñez e pertencía á UGT, sendo un dos membros fundadores en xullo de 1931 da «Sociedad Unión de Obreros y empleados de las Industrias Núñez y trabajadores del muelle de la ciudad de Betanzos», adscrita a aquela central sindical.

Nun comunicado do delegado militar de Betanzos ao Comandante Militar, datado o 27 de xullo de 1936, dise que nas obras partirculares e industrias da cidade tíñanse incorporado aos traballos todos os obreiros, «a excepción del empleado de las Industrias Núñez, Manuel Ríos Fraga, detenido por la Guardia Civil». Un mes despois sería «paseado», segundo recolle o folleto dos mártires:

> *25 de Agosto*.— Manuel Ríos Fraga, afiliado a la U.G.T. sin cargo político sindical, también es detenido y asesinado en la playa de Bastiagueiro, cerca de Santa Cruz de Mera.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)



Manuel Ríos Fraga diante do coche que conducía. Xentileza do seu irmán Antonio.

Sen embargo, na acta de defunción figura a súa morte dous días despois, o día 27. Esta acta, asentada o día 28 de agosto de 1937 no rexistro civil de Oleiros (Parroquia de Liáns, nº 85, folio sesenta y nueve) refírese en realidade a «Un desconocido» e en ningún momento di que se trate do betanceiro, mais a súa familia considera que se trata de Manuel Ríos Fraga. Baséanse nos datos que nela figuran relativos ás súa roupa na que mesmo figuran as súas iniciais. A acta di que foi «hallado muerto el día de ayer y hora de las siete en el lugar de Bastiagueiro de este término, en la cuneta izquierda de la carretera que del Pasaje va a Santa Cruz, cuyo cadáver no ha sido identificado y vestía camiseta ligeramente azulada con la marca en letras azules M.R. camisa y calzoncillos de lienzo crudo; alpargatas de las que usan en el Ejército y mono azul de mecánico habiendo fallecido a consecuencia de hemorragia interna según resulta de autopsia practicada y certificación facultativa.»[16]

Foi encausado o 27 de agosto de 1937 (o mesmo día do seu asasinato, segundo o dato anterior) xunto con outros oito betanceiros que estaban tamén fuxidos (causa nº 1333) sobre sucesos relacionados co asalto e despoxo do convento de San Francisco.

Manuel naceu en Betanzos o 7 de xullo de 1913. O seu pai, Francisco Ríos Mosteiro, era cocheiro de profesión, natural de Santa María de Campos de Melide e a nai betanceira. No padrón de 1935 aparece con 22 anos, residindo na rúa Quiroga, nº 25, coa nai, Dolores Fraga Fiaño, xa viúva, de 41 anos, e os irmás menores: Elena, de 12 anos, Consuelo, de 8 anos, e

Antonio (logo coñecido como «Pahíño») de 7 anos. A nai era coñecida como Lola «a Ambulanta».

Isabel Ríos (que non ten relación familiar pese a compartir o mesmo apelido), viúva do médico Manuel Calvelo, fusilado, no seu interesante libro *Testimonio de la guerra civil* tamén recolle o drama desta familia ao atoparse coa Ambulanta cando regresa a Curtis, ao sair en liberdade atenuada en 1943:



Pedro Salgado Barral nunha foto do servizo militar. Xentileza do seu sobriño José Rodríguez Salgado

> Lola la Ambulanta, que sigue viniendo a Curtis a vender su pescado, me cuenta su tragedia. Su hijo escapa al monte en los primeros días de la insurrección fascista. No ha tomado parte en ningún acto ni político ni de lucha armada. Cada vez que el chico aparece por su casa, su madre trata de convencerlo para que no vuelva al monte. ¿Qué le van a hacer si nunca actuó en política…?, el chico se resiste. Con motivo de uno de los repetidos decretos de Franco sobre amnistía para los que no tengan las manos manchadas de sangre, Lola insiste, pues un nuevo comandante del puesto de la Guardia Civil va a verla y le promete que nada le pasará a su hijo. El chico se deja convencer por su madre y se presenta: al día siguiente su cadáver aparece en una carretera. Lola desesperada me decía: «¡Ay, Isabeliña!, a mi hijo lo maté yo, yo fui la causante, pues él nunca se hubiera presentado». [17]

Parece que Manuel Ríos unha vez presentado, foi trasladado á cadea da Coruña e dalí sería sacado para ser «paseado». Estivo enterrado en Montrove e, posteriormente, os familiares trouxeron os seus restos para Betanzos.

Acababa de vir había pouco tempo do servizo militar que fixera en Madrid.

SALGADO BARRAL, PEDRO

Labrador de 27 anos. Foi «paseado» na parroquia de Filgueira de Traba, no concello de Cesuras o día 26 de agosto de 1936, como se recolle na súa acta de defunción e non na zona de Ordes xunto con Felipe Veiga, como di erroneamente o folleto dos mártires:

> *El 16 de Septiembre*.— Felipe Veiga Montouto y Pedro Barral, ambos afiliados a la C.N.T., sin desempeñar cargos, son detenidos y «paseados» apareciendo sus cadáveres en las inmediaciones de Ordenes.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

Como xa veremos ao falar de Felipe Veiga, a morte deste foi rexistrada o 28 de agosto de 1936 en Ordes e, ainda que se produciron en días próximos, tiveron lugar en zonas diferentes.

Na acta de defunción de Pedro recóllese que é fillo de Lorenzo e Carmen, «domiciliado en la calle de la Riveira nº 42 de Betanzos, de profesión labrador y de estado soltero». A causa da morte «Hemorragia cerebral». Sería enterrado no cemiterio de Traba. A inscrición

practícase por orde do xuíz de instrucción «por haber aparecido muerto en la cuneta de la carretera de Traba.»

O feito de rexistrar o folleto dos mártires e máis a praca homenaxe o segundo apelido de Pedro e non o primeiro, deunos moitos quebradeiros de cabeza para localizar a verdadeira filiación deste home. Ninguén nos soubo decir cando preguntabamos por Pedro Barral. Os que se chamaban así (dous temos rexistrado) viviron longos anos e morreron de vellos. Só despois dunha minuciosa consulta dos padróns de habitantes e unha referencia dun veciño á familia dos «Migueliños» demos coa solución ao «enigma».

Pedro aparece no padrón de 1935 como labrador, domiciliado na casa paterna da Ribeira nº 42, cos seus pais Lorenzo Salgado Rico, labrador de 62 anos (segundo outro censo anterior tería 67); a nai Carmen Barral Bello, de 64 anos, e os irmáns Domingo (irmán xemelgo de Pedro) e María, de 31 anos; o home desta, Vicente Rodríguez González, de 34 anos coñecido como «o Xabroneiro», e os fillos deste matrimonio (sobriños, por tanto, de Pedro): José, de 9 anos, Vicente de 5 anos, Carmen (4 anos), Manuel (3 anos) e Jesús (2 anos). Outros irmáns de Pedro xa estarían emancipados.

O seu sobriño José lembra que a Pedro foino buscar á noitiña a Garda Civil á casa para facer unha declaración. A nai pretendía prepararlle algún alimento para levar pero, como sempre, os gardas dixeron que era por pouco tempo. De primeiras pretendían levar a seu pai pero un veciño alcumado «O Juracho» díxolles «ese non é, é o cuñado!». O sobriño ialle levar o almorzo ao cuartel, onde o tiñan «ao pé dos cabalos». Ao terceiro día alguén lle dixo ao rapaz que o seu tío xa non estaba alí. Os «paseadores» teríano sacado do cuartel a noite anterior.

SAS BARROS, JULIO

Unha das primeiras vítimas betanceiras, xunto con Tomás Fuentes. Fusilado en Ferrol o 26 de xullo de 1936 xunto con este. Pertencía ao Sindicato de Oficios Varios da CNT. Parece que os dous foron detidos na saída de Betanzos cara Ferrol e aplicouselles a pena de morte sen xuízo ao atoparselles armas coas que de seguro fuxirían ao caer Betanzos nas mans dos sublevados.

No folleto dos mártires betanceiros atribúeselle o cargo de secretario do sindicato cenetista, cousa que non nos consta, pois tal cargo desempeñárono Antonio Darriba Otero, Aurelio Castillo e José Sánchez Mata «o Pintavacas», entre 1931 e 1936. Do mesmo xeito, como xa explicamos anteriormente, ao seu compañeiro de martirio atribuéselle tamén erroneamente o cargo de presidente do sindicato:

> El día 26, o sea cuatro días después [refírese ao día 22 en que os sublevados ocuparon a cidade], dos jóvenes betanceros Tomás Fuentes Belón y Julio Sas, Presidente y Secretario del Sindicato local de la C.N.T. eran detenidos y conducidos a Ferrol, donde fueron fusilados inmediatamente, sin formación de causa.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 8)

No padrón de 1935 aparece como albanel de 27 anos, solteiro, veciño de 3ª Travesía de Santa María, 11-1º, onde vivía coa nai, Matilde Sas Barrós (de 65 anos, solteira). Esta morreu poucos meses despois do asasinato do fillo sen chegar a saber a súa morte.

Á beira dos seus nomes figuran senllas cruces (†), colocadas na revisión do padrón.

TEIJO FERNÁNDEZ, PEDRO E JULIO

No folleto dos mártires recóllese o seu asasinato deste xeito:

> 15 de Febrero de 1937.— Son detenidos y «paseados» los hermanos Pedro y Julio Teijo, ambos afiliados a la C.N.T., cuyos cadáveres aparecieron en las inmediaciones de Cambre.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 11)

Sen embargo isto non é exacto, xa que nin foron paseados xuntos, nin en Cambre nin nesa data. Lamela (o. c. páx 176 e 153) recolle a inscrición de defunción no Rexistro civil de Carral dun Julio Teijo Fernández, de 26 anos, «paseado» en Veira-Carral, quizá na estrada de Herves, o 15 de setembro de 1936, cinco meses antes da data que da o folleto. Veciño da Coruña e panadeiro, parece corresponder cun destes irmáns, pois traballaba na Coruña:

> Teijo Fernández, Julio. 15.09.36. 26 años. Paseado. Hemorragia interna. Falleció en la parroquia de Veira-Carral entre las cuatro y las 5 horas de la madrugada y fue enterrado en el cementerio de la misma parroquia. Vecino de A Coruña, panadero.

Efectivamente, consultada por nós a acta de defunción de Julio no rexistro civil de Carral observamos que se ben foi rexistrado como «desconocido», posteriormente engadiuse unha nota á marxe que aclara a súa identidade:

> Julio Teijo Fernández de veintiseis años hijo de José Teijo Zas y de Isolina Fernández Gómez, natural de Betanzos de profesión panadero y vecino de La Coruña. Esta anotacion se hace en virtud de carta orden recibida de la Superioridad con fecha 5 de Febrero de 1937 de la que resulta identificarse el cadaver a que dió lugar esta acta de inscripción.
>
> Carral a doce de Febrero mil novecientos treinta y siete. El Juez Mpal. Angel Barreiro. El Srio. accal. Antonio Perez.

Do outro irmán, Pedro, que rexentaba unha panadaría-leitería na rúa do Orzán, os familiares decoñecen o lugar onde foi asasinado. Creen que foi pola zona do Ulla ou por Cacheiras, pois tería escapado cara a zona de Santiago, mais nin en Vedra nin en Teo está rexistrada a súa defunción, segundo a consulta que efectuamos. Sobre el hai unha referencia nunha comunicación procedente da Xefatura de Investigación e Vixiancia da Coruña do 14 de outubro de 1936 que publicou recentemente Emilio Grandío: «…PEDRO, de oficio panadero, parece ser un panadero que también apareció muerto por violencia y que se llamaba PEDRO TEIJO». As mortes «por violencia» eran eufemismos para referirse aos «paseos» e outros asasinatos; eran mortos pola violencia deles. [18]

Os irmáns Teijo eran fillos do labrador José Teijo Sas e Isolina Fernández Gómez. Pedro, o maior, nacería en 1905 e Julio en 1910, segundo unha anotación a lapis no padrón de 1920. Outros irmáns eran Daniel (quizá xemelgo do anterior pois naceu no mesmo ano), Elisa e Pura. Vivían na rúa da Ribeira número 30. No padrón de 1935 non atopamos a ningún destes dous irmáns, aínda que si aparecen noutros anteriores. Daquela xa estarían empadroados na Coruña. Nese ano, o pai (de 52 anos) estaba casado en segundas nupcias con Francisca Teijo Faraldo (de 54 anos) e con eles residían as fillas solteiras Elisa (17 anos) e Pura (13 anos), así como unha prima destas Carmen Fernández Teijo (16 anos), coñecida despois por Carmen «a Canalejas». A filla desta lembra terlle escoitado á nai que a un dos irmáns Teijo (sería a Julio) atopárono nun monte coas costelas afundidas para dentro.

Julio era solteiro mentres que Pedro estaba casado con María Carral, de Carballo, e tiña un fillo, Mario. Algúns familiares coidan que Pedro sería asasinado a causa do seu ideario político mentres que Julio non era activista e que o seu asasinato debeuse a unha vinganza dun garda civil, irmán dunha moza coa que este tivera relacións.

VAAMONDE VALIÑO, JOSÉ

Labrador de 46 anos . Morre na prisión da Coruña o 20 de setembro de 1939. Pertencía á CNT.

No padrón de 1935 aparece residindo na súa casa de Caraña de Abaixo, no número 23, coa muller Carmen Romay Cortés, de 38 anos e natural do concello de Paderne, e os tres fillos Manuel (8 anos), María (5 anos) e José (1 ano).

A súa muller e a madrastra de outra víctima, José Maseda, eran irmás e vivían moi próximas as dúas familias, no mesmo rueiro.

En abril de 1936, Vaamonde (rexistrado con B) estivo detido tres días, entre o 18 e o 21, na cadea de Betanzos por «tenencia de armas».

José Vaamonde estivo fuxido polos montes dos arredores durante case todo o período da guerra e a familia facíalle chegar alimentos a través do seu fillo maior, Manolo. Para presionalo, prenderon á súa muller e el rematou por presentarse coa promesa de que ela sairía en liberdade. José foi xulgado por «rebelión» (causa nº 1048, 21/11/1939) e encarcerado na cadea da Coruña, onde morrería pouco despois, sen que por iso puxeran en liberdade á esposa (causa nº 1018 de 15 de setembro de 1936), quen sufriu condena un tempo en Santander, na prisión do Dueso, mentres que os fillos de ambos foron atendidos por familiares.

No folleto dos mártires, así como na praca de Buenos Aires, aparece o seu apelido con B:

> *20 de Septiembre del 39.*— Muere en la cárcel de La Coruña José Baamonde Valiño, afiliado a la C.N.T., después de sufrir una serie de penalidades en los tres años que estuvo huido y a consecuencia del régimen de hambre y miseria que sufrió en la prisión.
> (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 12)

VALES FERNANDEZ, MANUEL

Camareiro de 31 anos. «Paseado» o 15 de agosto de 1936 na zona de Teixeiro, xunto co compañeiro José Rilo Garabal. Pertencían ambos ao Sindicato de Oficios Varios da CNT.

A acta de defunción (con data de 22 de agosto) recolle, aparte dos datos personais, que «falleció en el lugar de la Neveira (Curtis) el día quince del actual, ignorandose la hora, a consecuencia de Hemorragia», exactamente igual que a de Rilo. O seu enterro efectuaríase tamén no cemiterio de Santa Aia de Curtis.

Era vendedor e corresponsal de prensa obreira e anarquista. Na folga xeral de maio de 1933 foi detido xunto con outros compañeiros sindicalistas botando uns días na cadea. Con respeito deses feitos, o Alcalde accidental Vicente López Mancera asinaba un informe ao Gobernador Civil da provincia, verdadeiro parte policial con datos persoais pretendidamente vexatorios, que di moi pouco dunha persoa presuntamente progresista, aínda que el non o redactara (normalmente encargábanselle estes informes ao xefe da garda municipal ou á garda civil) e si o asinase. O informe, mecanoscrito e cheo de erratas e faltas de ortografía, dí así:

Excmo. Sr
Cumplimentando el telegrama de V E de fecha 17 del actual, en orden al historial del vecino de esta Ciudad Manuel Vales Fernandez, tengo el honor de significale lo siguiente Manuel Vales Fernandez, nacio en esta Ciudad en 1 de Junio de 1905; hizo el servicio militar en Leon, y siempre se distinguio por sus ideas avanzadas.
En la ultima huelga ilegal fue de los que mas se distinguio como organizador
Organizo con otros un petitorio publico para las vctimas de Casas Viejas, saliendo por el publo postulando, a los que acompaño la banda de musica municipal y llevando el Vales luna bandera comunista en una mano y en la otra una bandeja
Diariamente lleva en el bolsillo de la Americana un pañuelo, con los colores o insignias anarquistas, usa parte de el a la vista saliendo del bolsillo
El dia de la cita huelga o sea el 9 del actual, fue uno de los que concurrio con la camioneta a Oza de los Rios para soliviantar a los campesinos y proclamar las ideas comunistas
Se dedica a la venta y corresponsalia de los periodicos mas avanzados y sirve diaria y directamente el C N T
Siempre se ha distinguido como uno de los principales dirigentes de las ideas anarquistas y suversivas, siendo por lo tanto muy peligroso y perturbador
No tiene profesion ni oficio conocido y aun que el dice que es camarero, fue muy rara la ocasión en que haya prestado servicio en dicho oficio, puesto que en estos ultmios años, solo se sabe, que lo realizase durante unos tres o cuatro meses en un kiosco de venta de vevidas de no muy buena nota, llamado el Taran,
Actualmente, vive en compañía de una mujer llamada Emilia García Amor, que lo mantiene a costa de su trabajo de vendedora de fruta
Al ser detenido se le ocupo por la Guardia civil una revista comunista y un dibujo hecho por el mismo, con un significado avanzado, que obran en ese Gobierno civil, a su disposicion
Sufrio deversas quincenas por juego y escandalo y fue uno de los que sorprendio la Guardia municipal, hace pocos meses pintando las paredes de distintas casas y edificios con grandes



Manuel Vales e dous amigos co periódico CNT que vendía e nun retrato con carimbo oficial. Xentileza da familia Carro Vales

rotulos, entre los que se distinguian «Leed C N T»
Es cuanto puedo por el momento manifestar a V E
Disfrute V E de larga vida
Betanzos 19 Mayo de 1933 El Alcalde accidental
[asinado Vicente López Mancera]
(Arquivo Municipal de Betanzos, carp. 1074)

No padrón de 1920 aparece como residente na Habana, de profesión xornaleiro. Tiña nado o 1º de xuño de 1905. En 1931 vivía na Cruz Verde, nº 28-30, aínda en compaña da nai, Esperanza Fernández Seijo (viúva de 44 anos, lavandeira natural de Bergondo) e os irmáns: Francisco (de 25 anos, que tivo barbería na Ponte Nova), Arminda (23 anos) e Adelina (19 anos).

No padrón de 1935 aparece como camareiro de profesión, viciño da rúa Quiroga, 17-2º, onde reside coa muller, Esperanza Seoane García, de 19 anos. Na acta de defunción devandita figura «casado con Esperanza, ignorandose su apellido, de veinte años, de cuyo matrimonio tienen un hijo llamado Manuel.»



Manuel Vázquez Gómez.
Xentileza dos seus sobriños.

VAZQUEZ GOMEZ, MANUEL

Xornaleiro de 19 anos. «Paseado» en Osedo (Sada) o 22 de setembro de 1936. Pertencía á CNT ao parecer.

Nacera na Angustia na casa nº 10 o 11 de marzo de 1917. Os seus pais eran José Vázquez Fernández, labrador natural de Aranga, e Antonia Gómez Gándara, natural de Betanzos. No padrón de 1935 aparece aveciñado no Cepiño nº 3, cos pais (de 59 e 63 anos) e un irmán maior, Juan, de 21 anos.

O folleto dos mártires recolle así o seu asasinato:

El 22 de Septiembre.— Es detenido Manuel Vázquez Gómez, afiliado a la C.N.T. «paseado» hasta Osedo, cerca de Sada, y allí asesinado.
(*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 10)

Os familiares descoñecen exactamente as causas concretas e o lugar do seu asasinato, e tampouco teñen certeza da súa ideoloxía ou militancia política ou sindical.

No rexistro civil de Sada non figura inscripta a súa defunción, aínda que pode corresponder coa de un «desconocido» duns 25 ou 26 anos, falecido o 30 de setembro de 1936, aparecido na estrada de Castelo de Taibo e enterrado no cemiterio de Osedo.

Unha veciña de Osedo lembra que a un «ganadero» (segundo ela) de Betanzos matárono na estrada de Castelo e levárono a enterrar ao cemiterio de Osedo nunha escada. Pegáranlle dous tiros na caluga e coséranlle os ollos con alfinetes. Nin a profesión nin a idade («sobre uns trinta anos») concordan neste caso, aínda que poidera tratarse del e mesturarse os seus datos con outra víctima. (Testemuña de María Dans, veciña de Osedo de 92 anos, en novembro de 2006).



Celestino Veiga Álvarez. Xentileza da súa sobriña Tana Fraga Veiga

VEIGA ÁLVAREZ, CELESTINO

Labrador de 23 anos. Coñecido popularmente polo alcume de «O caganopino», que máis ben era o alcume do pai. A el coñecíano tamén polo «Chevó». Pertencía á CNT. Fusilado o 20 de agosto de 1938, na Coruña, segundo o folleto dos mártires:

20 de Agosto del 38.— Es fusilado en La Coruña, Celestino Veiga, directivo del Sindicato local de la C.N.T. Anduvo huido por los montes en compañía de su padre. Sorprendidos durmiendo por los falangistas, los condujeron a La Coruña; el primero ha sido juzgado por un tribunal sedicioso que lo condenó a muerte y su padre fué puesto en libertad tras horribles torturas. (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 12)

Esta data non se corresponde coa que dá Lamela, quen recolle o fusilamento de Celestino Veiga Alvarez tres meses despois, «pasado por las armas a las 6,30 horas, o 18 de novembro de 1938 en Adormideras», é dicir no campo da Rata. Segundo este, era solteiro, de 27 anos e labrador de profesión. A idade, neste caso, non é a correcta xa que lle dá catro anos máis dos que tiña realmente.

Andrés e Celestino, pai e fillo, foron detidos e ingresados na cadea de Betanzos o 11 de abril de 1938 e conducidos á da Coruña o 29 do mesmo mes. Na súa ficha de ingreso na cadea betanceira constan con máis idade da que tiñan: 55 e 27 anos, respectivamente. Encausados ambos (sumario nº 344), foron condenados o pai a prisión e o fillo a pena de morte.

No padrón de 1935 non atopamos a Celestino residindo na casa paterna da Ribeira nº 64. Quizá residira naquel momento fóra de Betanzos ou estaba xa emancipado da familia noutra residencia. Tamén poidera ser que estivera no momento do censo facendo aínda o servizo militar. En cambio, no padrón de 1931 si aparecía residindo cos pais e irmás. O pai é Andrés Veiga Rey, labrador, de 52 anos, natural de Paderne. A nai, Encarnación Álvarez Rojo, tamén de Paderne e de 52 anos. [As idades non se corresponden coas que figuran no padrón de cinco anos antes, que lles dá 42 anos aos dous]. As irmás son María, de 22 anos, e Pilar, de 13 anos. Celestino tiña 18 anos no momento do censo de 1931, polo que que tería uns 23 anos cando o seu asasinato. Tiña nacido en Buenos Aires (arredor de 1913), ao igual que a súa irmá María, a onde terían emigrado os pais durante un tempo. A irmá menor xa naceu en Betanzos. Tiñan outro irmán, o maior, Jesús, catro anos máis vello que Celestino e que xa non residía na casa paterna. Por mor do seu acento porteño este era coñecido polo «Chevó», xa que xogando ao fútbol adoitaba dicir «Che, vos!» para que lle pasaran a pelota (Testemuña do veciño Fernando Suárez).

VEIGA GÓMEZ, FELIPE

Segundo o folleto dos mártires foi «paseado» xunto con Pedro Barral na zona de Ordes o 16 de setembro de 1936 :

> *El 16 de Septiembre*.— Felipe Veiga Montouto y Pedro Barral, ambos afiliados a la C.N.T., sin desempeñar cargos, son detenidos y «paseados» apareciendo sus cadáveres en las inmediaciones de Ordenes. (*Betanzos honra a sus mártires*, páx. 9)

Sen embargo isto é inexacto, xa que Pedro Salgado Barral (nome correcto) foi paseado en Filgueira de Traba, como xa vimos, e tamén é inexacta a data da morte de Veiga que tería ocorrido antes do 28 de agosto. Por certo, o apelido Montouto que se lle adxudica no folleto é incorrecto, xa que era Gómez de segundo. Segundo a versión que permaneceu na familia, o asasinato de Felipe sería unha vinganza. Este fixera había pouco o servizo militar e fora ordenanza dun mando militar que residía en San Pedro de Nós. Ao parecer, o seu superior sorprendeu á súa muller na cama co subordinado, feito que daría lugar á vinganza posterior do militar. Logo do golpe militar, Felipe foi avisado para que marchara da casa, advertencia da que non fixo caso, sendo detido posteriormente. O seu corpo aparecería cos testículos dentro da boca (cousa que a acta de defunción non reseña), como unha especie de crime ritual, o que dá certa verosimilitude á versión familiar.

Segundo algunhas testemuñas, ademáis de á CNT pertencía tamén ao Partido Comunista ou ás súas Xuventudes.

No padrón de 1935 non aparece ningún Felipe Veiga Montouto, mais si figura Felipe Veiga Gómez, de 23 anos, solteiro, labrador. Reside na Angustia nº 23 co pai, Felipe Veiga Lamas, natural do concello de Bergondo, labrador de 65 anos; a súa nai, Ramona Gómez García, de Betanzos, de 65 anos, de profesión «labores»; e os irmáns: Ramón, de 19 anos, labrador, e Encarnación, de 17 anos. Ademais parece que había outros dous irmáns máis vellos, Juan e Joaquina, que xa non vivían na casa paterna.

No rexistro civil de Ordes aparece asentada o día 28 de agosto de 1936 a acta de defunción de «Un sujeto desconocido» duns «28 a 30 años», falecido en «se ignora» o día «se ignora». Dise que «La muerte fué causada por destrozos craneal producidos por disparo de arma de fuego» e especificase «que el finado era de estatura mediana mas bien alto, moreno, pelo castaño, delgado, viste traje tela castaña con rayas blancas camisa azul elastico de verano blanco calcetines verdes con rayas blancas, calzoncillo de lienzo corto calzando zapatillas negras». Unha nota marxinal engadida posteriormente (a seis de setembro de 1941) por orde de «la Superioridad» certifica que a citada acta de defunción corresponde a «Felipe Veiga Gomez, hijo de Felipe Veiga Lamas y su esposa Ramona Gómez García, de 25 años de edad, al tiempo de su fallecimiento, que nació en la parroquia de San Pedro das Viñas, con fecha 26 de Spbre. de 1911, de donde tambien era vecino, lugar de las Angustias, de profesión Choffer y de estado soltero, sin descendientes,(…)».

BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

Arquivo Municipal de Betanzos:
-Carpeta 277. Padrón de habitantes 1931
-Carpeta 280. Padrón de habitantes 1935.
-Carpeta 3407
-Carpeta 4312. Rexistros do cárcere.

-Carpeta 2292, censo electoral (renovación de 1934)
-Carpeta 1074, Orden Público-Diversos Oficios.
Rexistro Civil de Aranga:
-Actas de defunción de varios «Desconocido».
Rexistro Civil de Betanzos:
-Actas de defunción de José Novo Rodríguez, Antonio García Estrada, Gerardo Francisco Mosquera Fidalgo, Manuel Fernández Pérez, Bernardo Miño Abelenda, Camilo Naveira Ferreño e Francisco Cortiñas Díaz, ademais da de «Hombre desconocido».
Rexistro Civil de Cesuras:
-Acta de defunción de Pedro Salgado Barral.
Rexistro Civil de Curtis:
-Actas de defunción de José Rilo Garabal e Manuel Vales Fernández.
Rexistro Civil de Oleiros:
-Acta de defunción de «Un desconocido», que coincide con Manuel Ríos Fraga. Facilitada polo seu sobriño Antonio Ríos González-Camino.
Rexistro Civil de Ordes:
-Actas de defunción de Felipe Veiga Gómez, Germán López Pérez e Manuel [Francisco] Barreiro Permuy. Facilitadas por Manuel Pazos Gómez. Unha copia literal da de Germán López Pérez tamén nola facilitou seu fillo Antonio.

***Causas militares do Tribunal Militar Territorial Cuarto*:**
Causa 177 / 36. Contra Tomás López da Torre. (Resume facilitado por Bernardo Máiz)
Causa 118/36. Contra Francisco Fraga García y José Camba Chas. (Facilitada por Antonio Fraga Mandián. Resume facilitado por Bernardo Máiz)
Causa 508/37. «Contra Aurelio Castillo Barreiro y otros por el delito de rebelión». (Facilitada por Eliseo Fernández)

Libros:
Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito: *Betanzos honra a sus mártires*. Julio de 1955. Betanzos - La Coruña. España. (en realidade publicado en Buenos Aires en 1958). Hai edición facsimilar de 2001
CORTIÑAS DÍAZ, Luis A., 1958, *Traición consagrada* (*La gran derrota del pueblo hispano).* Paraná (Argentina). Nueva Impresora.
ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 2002, «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República». *Anuario Brigantino* 2001, nº 24.
FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos, 2000, *El Alzamiento de 1936 en Galicia*. Sada, Ediciós do Castro (serie Documentos, nº 149).
GÓMEZ GÓMEZ, Silvia, 1993, «Betanzos», en *1936. Os primeiros días. Historia oral de Vigo, Betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense*. Vigo, Edición de Marc Wouters. Edicións Xerais.
GRANDÍO, E. (Editor), 2007, *Anos de Odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936-1939)*. Deputación da Coruña.
LAMELA, Luis, 2002, *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión*. Sada, Ediciós do Castro (serie Documentos nº 178).
SUÁREZ MARTÍNEZ, X. L., 2002, *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca*. Concello de Ferrol-Edt. Galaxia.
TORRES REGUEIRO, Xesús, 2004, *A II República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936*. Sada, Ediciós do Castro (serie Documentos, nº 187).
VELASCO SOUTO, Carlos F., 2006, *Represión e alzamento militar en Galiza*. Vigo, Edicións A Nosa Terra (Colección Historia de Galicia, nº 20).

Agradecementos:
Estrella Edreira Seoane, Antonio Ríos Fraga, Antonio Ríos González-Camino, Fernando Suárez, Tomás López Loureda, Carmen e Vicente López, Andrés Beade Dopico, Ricardo Fraga Fraga, Antonio Fraga Mandián, Finita Castillo Varela, Manolo Barreiro, José Carro Gómez, Enrique Carro Vales, Juan Fuentes Vasco, Olga Fariñas Veiga, Joaquina e José Luis Rodríguez Teijo, Manuel Lagares Sobrino, Antonio Lagares, José Lagares, Antonio López Martínez, Francisco e Maruja Maceiras Amor, Eduardo Muñoz Vales, Jesusa Naveira Iglesias, Guadalupe Naveira, Pilar Rilo González, Carmiña Vázquez Fernández, Viúva de Manuel Vaamonde Romay, José Rodríguez Salgado, Antonio Rivas Calviño, Manuel Seijo, Enrique Vázquez, Tana Fraga Veiga e os historiadores Bernardo Máiz, Eliseo Fernández e Manuel Pazos Gómez.

NOTAS

1 *Nova Galiza* publicouse entre o 15 de abril de 1937 e o 8 de xaneiro de 1938. Existe edición facsimilar (reducida) publicada por Ediciós do Castro, serie/Documentos nº 66, Sada, 1990.
2 Eu consultei o que pertencía ao desaparecido dirixente comunista local Ricardo García Gondell, quen me dixo que tivera agochado envolto en plásticos debaixo do tellado.
3 Ediciós do Castro, Sada, 2004, colección Documentos nº 187, páxs. 220-223.
4 Ediciós do Castro, Sada, 2000, colección Documentos nº 149.
5 *A Xanela*, Revista cultural das Mariñas, nº 23, Outono 2006, páxina 15. Editada pola A.C. Eira Vella.
6. As citadas actas de defunción foronme facilitadas por Manuel Pazos Gómez, da Asociación Cultural «Obradoiro da Historia». A miña gratitude polas súas xestións.
7 Os outros vinte, segundo eran Gregorio Cardoso, Francisco [……], Pedro Fernández Ferreiro, Ramón González Canosa, Federico Ribadulla Gómez, José Rodríguez Serantes, Manuel Tellado Villar, Ramón Diz Valeiro, Antonio Vidal González, José García Vázquez, Antonio Lorenzo García, Francisco Díaz Moreno, Luis Lafuente Naveira, Manuel Bergantiños Posse, Manuel Baldomir Vázquez, Ramiro Fontenla Andújar, Salvador Mateo, Domingo Lliso e Alejandro Dopico Saleta.
8 Causa sumarísima nº 508 contra Aurelio Castillo Barreiro y otros, por el delito de rebelión. Trátase dos implicados na resistencia do Arco da Ponte Nova contra as tropas militares que viñan tomar a cidade. Facilitada polo investigador Eliseo Fernández.
9 Francisco Moreno: Francisco Moreno Vilariño figura no Censo de 1935 con 19 anos, electricista de profesión (traballaba na «fábrica da luz» dos Núñez), fillo único de Mateo Moreno Gómez (de La Vera, Cáceres) e Ramona Vilariño Maceiras (de Paderne). Residían na 1ª Travesía da Torre. Pertencía ao sindicato UGT. Tiña nacionalidade arxentina, xa que nacera aló. Paquiño O Moreno, como popularmente se coñecía, foi levado a pasear coas outras catro vítimas, resultou unicamente ferido e dado por morto, sobrevivindo a este dramático suceso. A causa diso ficarialle o alcume de «O Fusilado» ou tamén «O Paseado». Agochado en casas amigas e curada a súa ferida, posteriormente conseguiu pasar a Portugal embarcando a Buenos Aires, onde botaría o resto da súa vida. Nos últimos anos regresou a Betanzos en varias ocasións, onde reside actualmente.
10 Este Carro Silva salvouse ao marchar cara Portugal, de onde procedía, un par de días antes do «Alzamento» nun automóbil da súa propiedade (segundo información de Tomás López Loureda). Sen embargo, temos constancia de que ingresou na cadea de Betanzos o 22 de xullo de 1936 e saíu en liberdade o 28 de setembro dese ano. Quizá foi entón cando marchou de Betanzos.
11. Arquivo Municipal de Betanzos. Carpeta 4312.
12. A carta obra en poder do seu fillo Tomás López Loureda e foi publicada por primeira vez por Alfredo Erias no seu traballo «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República», in *Anuario Brigantino* 2001, nº 24, páx. 365 e ss. Das tres persoas ás que vai dirixida a carta, compañeiros do PSOE, Beade estivo fuxido e agochado até 1947, Quintanilla foi fusilado, e Santamaría conseguiu fuxir. O irmán, tamén avogado, é Bernardo López Da Torre, que entón tiña uns 24 anos.
13. O lugar da Arumida debe referirse á Ermida, xa que aquel non existe.
14 Interesándose polo paradeiro dos veciños Julio Hernández [a)] Tarrelo, Manuel Vales, Luis Naveira, o propio Mosquera, Manuel Ríos Fraga e José Purriños Conles. Curiosamente, tres deles (Vales, Naveira e Ríos xa foran asasinados daquela). Causa 1018/36, folio 28, facilitado por Antonio Ríos González.
15. Alfredo Erias: «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República», in *Anuario Brigantino* 2001, nº 24, páx. 362-363
16 Esta acta (así como outros documentos) foinos facilitada polo seu sobriño Antonio Ríos González-Camino, quen realizou un auténtico traballo de pesquisa sobre o seu familiar.en diversos arquivos.
17 páx. 208. Colección «Documentos… nº 20. Ediciós do Castro, Sada, 1986
18 *Anos de Odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936-1939)*. páx. 174.



Debuxo do betanceiro Manuel Crestar alusivo á represión fascista na súa vila natal. Publicado en Galicia-Libre*, «portavoz de los gallegos libertarios». Madrid, 20-I-1938.*

A Coruña y la II Guerra Mundial

JESÚS MARÍA REIRIZ REY*

Sumario

La II Guerra Mundial tuvo diferentes escenarios activos en los países beligerantes. Las naciones oficialmente neutrales, como España, no permanecieron del todo ajenas al conflicto. El territorio español estuvo concretamente a disposición de los alemanes, para actividades de logística militar. De todo ello existen sólidas evidencias, y A Coruña y su entorno geográfico constituyeron uno de los puntos clave de intrigas y movimientos ocultos, que tratamos de desvelar.

Abstract

The Second World War had different active scenarios in the belligerent countries. The officially neutral countries, like Spain, didn't keep completely out of the conflict. Spanish territory was particularly available to the Germans for military logistic activities. There is solid evidence forall this, and A Coruña and its geographical setting constituted one of the key points of intrigues and secret movements, which we will try to unveil.

Porque nada hay encubierto, que no haya
de descubrirse; ni oculto,
que no haya de saberse.
LUCAS 12:2

A Real Academia Galega acordou que no ano de celebración do seu centenario, 2006, Manuel Lugrís Freire protagonizase o Dia das Letras Galegas. O autor de Sada nado en 1863, o ano no que Rosalía de Castro publicaba *Cantares gallegos*, figura entre un grupo de escritores dos que pouco se falou e moito se ignorou. Ademais de autor de poesía e prosa, escribiu unha gramática, iniciou o teatro galego en prosa e como orador, cábelle a honra de inaugurar o mitin político en galego cunha fermosa peza pronunciada en Betanzos o ano de 1907, cando a Solidaridá intensificaba a súa campaña política.

Dedicou a súa vida a Galiza e estivo activamente presente nos acontecementos históricos máis importantes dos primeiros anos do século XX anteriores á guerra. Comparte a Cova Céltica con outro destacado mariñán: Salvador Golpe, con quen forma parte, como secretario, da Comisión directiva da Liga Gallega da Coruña, baixo a presidencia de Golpe. Preside a reunión preparatoria para a constitución da Irmandade da Fala da Coruña, onde pronunciou un discurso cheo de entusiasmo. Participa no Seminario de Estudos Galegos, ingresando como socio correspondente cun discurso sobre Pondal. Formou parte do consello que redactou os estatutos do Patido Galeguista. Como presidente da Comisión Republicana Gallega, redactora das bases do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía, colabora activamente na redacción e propón a mesa da que formaría parte o betanceiro Cabeza de León. Presidente da Real Academia Galega e socio de mérito do Instituto Histórico do Minho, de Viana do Castelo, exerce como orador divulgando figuras importantísimas da literatura portuguesa como o poeta Guerra Junqueiro a quen compara con Curros Enríquez[1].

Lugrís nace o 12 de febreiro en 1863 en Sada, adiantándose 13 anos ao nacemento de Francisco Sánchez García -Antón de Pepiño-, que tivo lugar o 18 de xaneiro de 1876 nas terras de Teixeiro. Entre estes homes hai certas coincidencias. Os dous tiveron que emigrar. Lugrís a Cuba, aos vinte anos. Sánchez García á Arxentina, con trece anos. Lugrís regresa a Galiza en 1896. O de Teixeiro volta en 1909. Lugrís participa como membro de número na fundación da Real Academia Galega. O 11 de novembro de 1905 Francisco Sánchez García é nomeado académico correspondente pola República Argentina xunto cos señores Cayetano Aldrey, Leopoldo Basa, Gumersindo Busto, Manuel Castro López, Ricardo Conde Salgado, Julio Dávila, Martín Echegaray, Adolfo Rey Ruiban, Bernardo Rodríguez e Benigno Teijeiro Martínez, título outorgado polo primeiro presidente Manuel Murguía[2].

*** Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.**

O de Teixeiro non participa na política galega nin nos órgaos galeguistas nos que se integraba o poeta de Sada. Pero isto non impediu que admirase o traballo dos galeguistas de ben, entre os que consideraba a Lugrís. Coinciden como colaboradores en varias publicacións e na Real Academia Galega.

Periodista infatigábel, a obra literaria de Francisco Sánchez García consta fundamentalmente de poesía, en galego e en castelán, algúns relatos breves, pezas dialogadas en verso susceptíbeis de ser representadas, e artigos que oscilan entre o literario ficcional ou crítico, e a información e análise da actualidade político-social. A variada temática descobre a cultura do autor e as súas ideas en relación con temas tan importantes como a educación integral das mulleres nas artes e nas ciencias, e a súa condición de galego entusiasta e traballador incansábel na defensa de Galiza.

O poeta de Curtis, premiado nos Xogos Florais de Betanzos de 1918, Francisco Antonio Sánchez García, «Antón de Pepiño», manífestase como un excelente cultivador do soneto. Dedica moitos deles a personaxes importantes: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Francisco Añón, Alberto Camino, Valentín Lamas Carvajal, Xoán Manuel Pintos, Aureliano Pereira, Alberto García Ferreiro, Teodosio Vesteiro Torres, Urbano González Rivero, Antón Rey Soto, Ramón Cabanillas, Alexandro Miguéns Parrado, Curros Enríquez, Xulio Davila, Manuel Murguía, Xoán Barcia Caballero, Rodríguez Sanz López, J. M. Riguera Montero.

Aos xa publicados, engadimos catro sonetos máis.

Neste primeiro soneto fala da súa actividade de poeta sen mestres nen escola, pero sempre guiado por unha musa :

¡Eu non sigo a ninguén! Ningunha escola
me foi mester para adeprendere a vate:
nascín tolo, toliño de romate,
e a un tolo dálle a man sempre unha tola.

¡Soliño na soedá! Ela parola,
e ó ascoita-la súa vos de eiscelso orate,
non sei que diaños no meu peito late,
nin sei que ferve nesta miña chola.

Quixote errante en pos de Dulcinea,
na amada diosa posta sempre a ideia,
camiñarei, quizais, cara ó imposibre.

Pro en min non está xa retrocedere;
que anque non sei se querme ou non me quere!
a deidá das deidás, xa non son libre[3].

Antón de Pepiño celebrou na forma do soneto figuras que admiraba. O seguinte está dedicado a Barcia Caballero:

Xuán Barcia Caballero[4]

¡Que gran crego, meu Dios, se fose crego!
A ninguén que algo pense se lle escapa
que don Xuán, de ser crego, sería Papa…
sería un Papa muy sábeo e muy labrego…

Pro un bon día Esculapio, errante e cego,
busca lus, y en Galicia a lus atrapa:
veu a Barcia, pillouno baixo a capa,
e que queiras quen non místico ó rego.

¡Cura-los corpos el pró ceo nascido!
Cristo ante-los curou y El aconsella
que, para alcanzar do Eiscelso o pormetido,

Hai que abaixar homildemente a orella.
E a don Xan doulle Dios o merescido
desdobrando á súa vista «O arco da vella».

Ademais do soneto en galego, escribiu o que agora damos a coñecer, en castelán, a Rosalía de Castro:

Rosalía Castro
Galicia en sus jardines recoge frescas flores
que sobre tu callado sepulcro deposita;
es cada flor un beso, unha alma en que palpita
la gloria de tus días de eternos esplendores.

El sol lanza a la tierra sus mágicos fulgores,
de que copió tu numen la inspiración bendita;
y el suelo de la patria parece que se agita
de amor para colgarte de galas y de honores.

Cual vívidos destellos de chispas celestiales
eternamente brillan tus cantos magistrales
que en letras de oro guardan los libros de la historia.

Y tu sigues viviendo; que vida fue y no muerte
esa transición ruda que a tu futura suerte
de par en par ha abierto las puertas de la gloria.

Manuel Lugrís Freire morre en 1940, un ano despois da morte de Antón de Pepiño. Queremos facer unha homenaxe a Lugrís coa publicación do soneto de Antón de Pepiño a el dedicado, onde manifesta a súa admiración pola dignidade do autor de Sada, loitador agrarista infatigábel e vencedor en todos os combates.

Soneto a Lugrís de Antón de Pepiño[5]
Non chora nin se doe. Non o presiguen
as visións[6] que soñan algúns vates;
paladín trunfador en mil combates,
¡como os devotos multitu-lo siguen!

Aconsella ós labregos non mendiguen
o favor intresado dos manates,
e confía en vence-los zaragates
en canto as forzas do feirón obriguen…

Non chora, nin se doe… Rema que rema
timón do mar da fe que non zozobra,
sigue unha estrela que nas nubes trema.

Romperase Lugrís, mais non se dobra…
Ou trunfar ou morrer: ese é seu lema,
e a de trunfar porque vontá lle sobra.

NOTAS

[1] O 27 de novembro de 1924, organizada pola Real Academia Galega, celébrase unha festa na sala do Teatro Rosalía Castro da Coruña en conmemoración do IV centenario de Camoens; interveñen o poeta portugués invitado, Eugénio de Castro, e Manuel Lugrís Freire quen fai un paralelismo entre diversos poetas galegos e portugueses, centrándose sobre todo en Curros Enríquez e Guerra Junqueira. Fala tamén de Camoens.

Curiosamente, o betanceiro José García Acuña, en representación do Cónsul de Portugal, falou tamén de Camoens, asegurando que escribía tan ben en castelán como en portugués, afirmación criticada por moitos galeguistas que considraban que fora formulada polo descoñecemento da obra do autor dos *Lusiadas*. A conferencia de Lugrís tivo moito eco na prensa portuguesa.

[2] Na acta de constitución da Real Academia Gallega do 11 de novembro de 1905 figura o nomeamento de Francisco Sánchez García de Buenos Aires como académico correspondente.

[3] 10 de novembro, de 1920.

[4] 20 de novembro, de 1920.

[5] Sen datar.

[6] O autor dubida entre as palabras *visións* e *pantasmas*.

Cumprimento cun amigo

XULIO CUNS LOUSA*

Estando nunha noite de verán paseando catro ou cinco amigos pola explanada do Campo, mellor dito, pola Praza dos Irmáns García Naveira, charlando sobre cousas relativas a Betanzos, un dos integrantes do grupo, Ignacio Pérez Vázquez, máis coñecido como «BRAIS DA BOUZA», pseudónimo que utilizaba como firma dos seus escritos, dirixíndose a min supoño que pola miña condición de traballar nunha notaría díxome que lle explicara o porque hai fincas que pertencen, segundo a documentación, á parroquia de San Martiño de Tiobre, estando ubicadas á marxe esquerda do río Mandeo, entre elas algunhas que tiñan un serradoiro enriba. Parece que o río debía dividir a parroquia de Tiobre e non traspasalo.

Contesteille que con moito gusto llo explicaría, xa que tal explicación é algo longa e complicada, polo que tiña que escribila e, cando acabara xa lla entregaría.

Como a aclaración é verdadeiramente complicada, púxenme a ela con calma, xa que tempo tiñamos para consultar libros e xente. Pero un día atópome coa nova de que falecera Brais da Bouza.

Eu non tiña acabada a miña investigación e, polo tanto deixei de investigar.

Un día que, buscando outros papeis, atopei estes, dixen para min: vou inventar dous personaxes, bautízoos como queira e invéntolles unha vida a cada un. Esta historia pódese titular:

Vinganza, desquite e represalia de Don Mende

(Fábula)

Hai moito tempo... tanto que se perde nas brétemas dos anais; nas historias escritas, certas ou non certas; nas crónicas orais, tanto nas verdadeiras como nas que non o son o mesmo que en lendas e fantasías... había en Betanzos dous persoeiros da máis elevada estirpe, liñaxe e avoengo. Eran eles:

Don Flavio Mandeu de Castro-Roade, Marqués dos Caneiros, Señor de Grixalba, Foxado e Vilarraso, que tiña dereito de Presentación en sete parroquias ou freguesías, así como en tódalas capelas dependentes do seu pazo.

E o outro: Don Fabián Mende da Regueira e Reboredo, Conde de Trasanquelos, Señor de Bandoxa, Piñeirelo, Miñatos e Torarou, que tamén tiña dereito de presentación en cinco parroquias, así como en tódalas capelas establecidas nos terreos que eran de seu, mediante plena propiedade ou dereito foral, tanto útil como directo.

Pero do que máis se oufanaban ámbolos dous era do dereito real que posuían, cada un deles, sobre aquel dous ríos que levan como nome o seu apelido. De xeito que tódolos

---

*** Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudios relativos á Historia de Betanzos, e tamén de relatos curtos e obras teatrais... É secretario e asesor do Anuario Brigantino.**

peixes, londras e demais animais marítimo-fluviais que se pillaran en cada un dos ríos, había que lle entregar ó señor foreiro respectivo, un tercio ou, como dicían os documentos, a tercia parte.

Os dous ríos Mendo e Mandeo –como agora se lles chama- unificábanse en Betanzos, pero non onde se xuntan hoxe, senón que era xusto no Peirao, nada máis atravesa-lo Mendo a Pontenova e, unha vez unidos ían, en amor e compaña todo ó longo da estrada que leva á Coruña, hoxe coñecida como Nacional VI, por unha banda, e pola outra cos xuncais chamados de Sarra, onde máis tarde se construíu o parque Pablo Iglesias o Campo de fútbol que logo foi substituído polo Instituto das Mariñas. Ó chegaren os ríos á Magdalena facían un xiro de case noventa graos, cara á Cangrexeira e, a partires de aí xa levaba o mesmo leito que ten hoxe.

Dende que os dous ríos se xuntaban servían como derrego dos bens de don Flavio e don Fabián. Deste xeito os que estaban á esquerda do r í o eran do Sr. Conde de Trasanquelos e os que había pola parte dereita pertencían ó Sr. Marqués dos Caneiros.

Do que máis se gababa este señor era de ser propietario dos xuncais de Sarra, das terras da Picha e da montería do Mandeo. Por iso se lle oía dicir, cando presumía da súa facenda:

«Sarra, Picha e Mandeu, todo por aquí é meu.» Pero, por riba de todo, amosaba a súa fachenda cando falaba de Sarra. Toda aquela extensión de xunqueira estaba convertida en pesqueiras que, cando as mareas eran vivas, armaba con varas, de xeito que, na preamar, no abalo, entraban os peixes por riba das varas e cando baixaba a marea, no devalo, quedaban presos, moitos deles, nesas mesmas rellas de varas. Escollía os mellores para si e, co resto, facía regalos ou ían de esmola para xentes menesterosas ou entidades de beneficencia ou caridade.

Isto foi así durante anos e anos, xa que, cando morría don Flavio, xa había outro don Flavio que herdara as terras e mailos títulos. E cando morría don Fabián xa estaba agardando outro, co mesmo nome, para ostentar títulos e prebendas.

Como os nomes destes señores sempre eran os mesmos, Flavio e Fabián e, ademais, eran tan semellantes, física e animicamente entre si, a xente deu en chamarlles polo apelido e, desta maneira un era don Mendo e o outro don Mandeo que, como non tiñan nada que facer, pasaban a tarde enteira nunha sociedade recreativa desas de sempre, chamada Liceo, onde, cada un deles, tiña o seu faladoiro ou, como dicían enfaticamente, «tertulia». Así foi que a *vox populi* inventou un cantar que se deu a coñecer no antroido, que dicía:

Se queres ver a don Mendo
ou falar con don Mandeo
non che queda máis remedio
que pasar polo Liceo.

Cada un deles, no seu parladoiro, poñía a «pan pedir»ó outro e os do coro respectivo, ríanlle as gracias, aínda que non tivera ningunha.

O Sr. Marqués, como tiña título de categoría superior ó do seu rival, presumía diso e dicía que don Fabián non era máis que Conde, pero que había terminar en «Condenado». Tamén tiña fachenda co capital, xa que valían moito máis as súas pesqueiras de Sarra que tódalas terras de don «Babián». O Conde moitas noites non durmía pensando en como tería que facer para vingarse do maldito Marqués.

Un día chamou á casa do señor Conde de Trasanquelos un señor que dixo ser enxeñeiro de ferrocarrís e que traía unha carta de presentación dun parente de don Fabián. Recibiuno o señor Conde, poñéndose á súa disposición para todo canto estivera na súa man e, de momento, xa o invitou a xantar, detalle que agradeceu o enxeñeiro. Ofreceulle a súa casa, cousa que non aceptou o forasteiro, xa que non sabía canto tempo tería que botar nesta cidade, posto que a súa encomenda era face-los planos para o ferrocarril de Betanzos a Ferrol.

-Entón, ¿cando poderemos ir en tren a Ferrol? -preguntou o Sr. Conde.

-Non podo dicirllo porque as obras han durar anos.

-¿Anos? ¿E logo hai dificultades?

-Moitas, producidas pola configuración do terreo. Deixando todo tal como está agora, sen modificar, habería que construír unha ponte enorme; tan grande que vadeara o río e toda esa zona de xunqueira que hai entre o barrio que chaman da Magdalena e o costento ou pendente que baixa da zona por onde circula a estrada que conduce a Ferrol. O custo desa obra sería enorme, fabuloso e levaría o prexuízo engadido de que o tren non podería deterse en Betanzos, xa que pasaría case por derriba da cidade.

-Entón, ¿como van facer?

-Será moito mais doado e menos custoso cambia-lo curso do río e trae-la vía case por onde agora vai el.

-¿E como se vai facer iso?

-Non é moi dificultoso. No lugar que chaman o Penso, onde o río Mandeo torce ou vira en forma de cóbado ata chegar a atoparse co Mendo na Ponte Nova, abriremos unha canle ou canal recto, por esas xunqueiras que chaman de Sarra, ata topar outra vez a canle actual, fronte a unha fonte nomeada da Cangrexeira. Mandaremos por aí a auga dos dous ríos, xa que o Mendo discorrerá dende a Ponte Nova, pola actual canle do Mandeo, ata o punto no que se atoparán os dous, na apertura do novo canal.

Don Fabián Mende-Regueira e Reboredo quedou un anaco meditativo, tras da perorata do enxeñeiro. Este sorbía o resto do café que lle quedara na cunca e, tras de acabala, pillou a copa de coñac francés de boa marca, para bota-lo primeiro grolo. De contado sacou o puro habano do seu envase, acendeuno con calma e, pechando os ollos, aspirou a primeira fumarela daquela verdadeira «perla do Caribe».

-Moi ben -dixo o Sr. Conde, removéndose na súa butaca.

-¿E iso que vostede explicou, xa se vai facer de contado?

-Non -contestou o enxeñeiro-, Hai que estudialo ben, analiza-los terreos, logo facer expropiacións, realiza-los presupostos e moitas cousas máis . Dende logo, neste século que estamos é dificil que comecen as obras.

Ó Sr. Conde de Trasanquelos alumeóuselle a cabeza. Aquelas obras que ían realizar aquí para que o tren chegara a Ferrol, ían cambiar algunhas cousas en Betanzos e, precisamente na zona dos xuncais de Sarra, tan apreciados polo seu «querido inimigo», o señor Marqués dos Caneiros, xa que o río que forman Mendo e Mandeo dende o lugar da Ponte Nova ata chegar á Fonte da Cangrexeira, servía de límite ás terras dos dous rivais e, ó mesmo tempo as parroquias de San Martiño de Tiobre, a onde pertencía Sarra, e de San Pedro das Viñas, a onde correspondían as propiedades do Sr. Conde de Trasanquelos.

Pero, se ó tal río se lle cambiaba o seu curso, os xuncais de Sarra quedarían, na súa maioría, á esquerda del, o que, mirado de certo xeito, terían tamén que cambiar de parroquia e máis de propietario... se o Sr. Marques se aviña (¿?).

A finais de ano a Sociedade Liceo Recreativo de Artesanos (o de artesanos era un dicir) celebrou xunta xeral, xa que, preceptivamente , había que cambia-la directiva. Así que cesaba o Sr. Marqués como presidente e tódolos socios agardaban que, como de costume, se presentara á reelección, e que tivera como contrincante, igual que sempre, ó Sr. Conde de Trasanquelos. Pero este non se presentou. O resto dos socios ficou pasmado, posto que se lles privaba da espectacular loita entre os dous aristócratas, á que non faltaba ningún socio, para presencia-los «cumpridos» que respectivamente se dedicaban. Iso si, con palabras moi cultas, ampulosas e rebuscadas.

Entón lograron convencer a un avogado que, había pouco tempo, abrira bufete na cidade, quen aceptou, máis que nada, para poder lucir, diante de tanta e distinguida xente, o seu verbo florido e a súa retórica oratoria.

Cando os dous candidatos pasaron a expoñer as directrices e proxectos que pretendían levar a cabo ó longo do seu mandato, aquel que saíra elixido, comezaron os comentarios e, de cando en cando, aplausos para cada un dos aspirantes, podéndose calcular, a *grosso modo*, que as forzas estaban moi equilibradas e repartidas. Cada vez que solicitou a palabra don Fabián Mende-Regueira e Reboredo, foi para apoia-las teses defendidas polo -ata aquel intre- seu inimigo natural, o Sr. Marques dos Caneiros, quen, ó tal oír, amosaba na súa faciana un aceno de estupor e incredulidade.

Unha vez chegada a hora da votación, procedeuse á mesma mediante o sistema nominal, ou sexa que ían chamando ós socios pola orde en que figuraban no libro correspondente e os nominados,se estaban na sala, erguíanse, achegábanse á mesa e entregaban a súa papeleta. Cando se chamou a don Fabián Mende-Regueira e Reboredo, Conde de Trasanquelos, non respondeu e tódolos presentes viraron a cabeza cara ó lugar onde estivera. O seu amigo, Procurador dos Tribunais, don Clodio Fernández, que ocupaba unha cadeira contigua, ergueuse e fixo constar que o señor requirido acababa de levantarse para unha urxencia, xa que t i ñ a necesidade de facer augas menores.

O que presidía a mesa da votación preguntou que se facía co voto do Sr. Conde: se se lle permitía votar cando volvera ou se lle daba por ausente. Todos opinaron que se lle permitira votar ó seu regreso.

Acabouse a votación antes de voltar o Conde e o presidente da mesa volveu a preguntar se podía ir procedendo ó escrutinio dos votos emitidos ou agardaban o regreso do señor que faltaba. A xente estivo de acordo en que se fora facendo o reconto dos votos. Virouse a urna e os dous socios nomeados para escruta-los votos puxéronse a facelo. Chegou o Sr. Conde e o presidente preguntoulle polo seu voto. Deullo don Fabián ó presidente, quen o introduciu na urna. Os contadores acabaron o seu labor e declararon que había un empate. Ó Marqués viróuselle a cor, xa que se decatou que faltaba por contar o voto do seu inimigo, que dirimiría aquel empate en favor do seu opoñente. Cando sacaron o voto da urna o presidente da mesa leu o que dicía: Don Flavio Mandeo de Castro-Roade, Marqués dos Caneiros.

O gañador foi onda o Sr. Conde e deulle unha aperta. Aquel abrazo era a firma que concluía cunha antiga xenreira e comezaba unha amizade que prometía ser tan longa coma a vida deles os dous.

A partir daquela data case tódolos días se lles vía xuntos ós dous próceres. Tomaban café no mesmo velador e integraban a mesma tertulia no Liceo. A musa popular discorreu outra copla para celebra-la paz que firmaran ámbolos dous, que dicía:

Firmaron a paz os nobres,
se o pacto non é ficticio,
Pois se algún deles non cumpre
en vez de paz é armisticio.

Polo que se ve a xente, ou cando menos o copleiro, non confiaba moito na palabra dos nobres cabaleiros, inda que eles daban a impresión de que a súa amizade ía, cada vez, a máis.

Un bo día en que a tertulia se desfixo cedo e quedaron solos os dous aristócratas, o Sr. Conde de Trasanquelos sacou a colación algún dos moitos preitos que sostiveron ambos:

-Si -dixo o Sr, Marqués-, Pero recordarás que todos eles foron gañados por min.

-Si, que é certo,

-Claro, porque a razón estaba da miña parte.

-Ou tiñas mellor valedor...

Pasado algún tempo sen que a nova amizade tivera ningunha entrequedencia, o Conde Trasanquelos -don Mendo para a xente do pobo- foi preparando o terreo para que don Mandeo,Marqués dos Caneiros, accedera a firmar con el un documento no que se clarexaran, dunha vez para sempre, os límites das propiedades dos dous patricios máis relevantes da cidade.

Sen presas, apuros nin urxencias, deixando pasar grandes espacios de tempo sen tocalo tema, de cando en cando faláballe ó seu novo amigo daquel asunto do derrego das terras.

Pero cando se enterou polo seu amigo enxeñeiro de que pronto ían iniciarse as obras preparatorias para leva-lo tren ata Ferrol, xa empezou a insistir con máis frecuencia na necesidade de asina-lo documento. O Sr. Marques asentiu e puxeron un día para ir ó notario. Chegados alí explicáronlle ó fedatario o que querían, que era delimitar ben as terras de ámbolos dous, cousa que xa estaba moi clara, posto que o derrego eran os ríos, o Sr. Conde de Trasanquelos deu unha palmada na fronte e dixo:

-Seria conveniente estipular que se houbera algunha modificación, no curso dos ríos por calquera circunstancia completamente allea ós propietarios das herdanzas ou predios, como poden ser obras ou construccións públicas, por exemplo un peirao, un medio de comunicación ou calquera outra que supoña un beneficio ou utilidade para a comunidade, non se podería facer reclamación de ningunha clase entre as partes, e que seguirán sendo os ríos a extrema que derregue as propiedades dos contratantes.

-Pois si que se pode poñer, se ámbolos dous prestan o consentimento -dixo o notario, mirando de xeito interrogante ó Sr. Marqués dos Caneiros.

-Claro que si -dixo este-. Iso tanto vale para un coma para o outro.

Ós poucos días firmouse o documento e de alí a uns meses comezaron as expropiacións previas ás obras do ferrocarril a Ferrol . Ó Sr. Marqués dos Caneiros expropiáronlle en Sarra unha franxa de xuncal,que vai onde logo se construíu a Ponte da Vía ata onde acaba o brazo de río que chega á Fonte da Cangrexeira, e, unha vez que lle deron a profundidade conveniente, comezaron os dous ríos, Mendo e Mandeo, a pasar por alí, xuntos os dous, nun só, para sempre.

Ó chega-la primeira marea viva, unha vez terminadas tódalas obras, don Flavio Mandeu e Castro-Boade foi cos seus vasalos (perdón) cos seus empregados e xornaleiros, a colocalas varas nos xuncais de Sarra, que de sempre foran as súas pesqueiras, pero atopouse con don Fabián Mende-Regueira e Reboredo, que o agardaba na compañía do notario, por el

requirido para impedirlle o que quería facer, posto que aquelas xunqueiras, por causas alleas ós anteriores e posteriores propietarios, cambiaron de situación, con relación ó río ou ríos que lles servían de lindeiros, cambiando incluso de parroquia, xa que se atopan agora á esquerda dos referidos ríos Mendo e Mandeo, conforme ó estipulado en escritura pública, pertencendo agora ó Sr. Conde de Trasanquelos.

No ano seguinte a este suceso, polo tempo do antroido, saíron dúas comparsas que cantaban, nos seus mal fraguados versos, a fábula que queda escrita, pretendendo con eles dar sentencia ou aforismo ó feito xa fabulado. A primeira que atopamos ía cantando:

O mesmo que en Tordesillas
aló no século quince,
baixo a bendición papal,
firmaron un documento,
para reparti-lo mundo
os rexedores de España
e o rei Xoán de Portugal,
don Mendo e máis don Mandeo
repartíronse Betanzos
perante a fe notarial,
sen encomendarse a Deus,
sen facer pauto co Demo
nin pensar se o que facían,
no decurso dalgún tempo
sairía ben ou mal.

A segunda era máis breve:

Non te fíes de ninguén
anque sexa da nobreza,
a confianza e a fe
non hai home que a mereza:
Se o corazón o ten ben
pode perde-la cabeza.

Manuel María e Betanzos

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario:
Evocación da relación con Betanzos do desaparecido poeta Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004).
Abstract:
Memories of the links with Betanzos of the deceased poet Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004).

Manuel María coñeceu Betanzos de neno, de paso para A Coruña a tomar baños de mar coa súa familia, e aquela visión feiticeira e garimosa afianzariase nos anos mozos, xa viaxando só ou en compaña de amigos. Nos anos en que estreaba versos e amores, por empregar un dicir moi seu, paseaba a súa xuventude espléndida pola ledicia festiva do San Roque betanceiro e Os Caneiros, recitaba os seus versos no Capitol ou no Liceo e colleitaba galardóns nos xogos florais e outros certames daquel tempo. Todas aquelas visitas e experiencias axudarono a coñecer e comprender Betanzos, e deixaron un fondo pouso na alma moza do poeta, como el mesmo recoñecía anos despois:

> «Dende os lonxanos días da nosa adolescencia ademiramos e amamos a esta fermosísima cidade de Betanzos dos Cabaleiros que, xentilmente, nos dá serventía de paso cando as xentes da Terra Cha viaxamos á clara e cristaíña cidade de A Coruña pra ollar o mar do que nós carecemos. En Betanzos temos demorado moitas veces e paseado as súas rúas, gastando nelas as nosas necesarias vagancias, gozando do resplandor dos seus días e do misterio das súas noites. Como non tiñamos outra cousa que ofrecerlle, deixámoslle un molliño de versos pra decirlle o noso amor pois a língoa do amor é sempre musical e poética. Unhos poemas entusiasmados, máis cheos de emoción que de perfeción formal. Con nós levamos, ademais da gracia do seu viño, o feitizo dos seus vellos poetas medievais. [E refírese a Pero de Ambroa e Pero Amigo de Sevilla]»
>
> «Das nosas lembranzas betanceiras destacamos a inesquencible alegría dos Caneiros, a maxia do globo sanroqueño e a voz das súas campanas: Santiago, San Francisco, Santa María do Azougue... Pronunciar estes nomes é como evocar unha música celeste. Lembrar o sartego de Fernán Pérez de Andrade o Bó –o moimento funerario máis fermoso de Galiza- é despertar en nós o son das trompetas e dos cornos de caza que atronaban a fraga de antano. O cruzar a Ponte Vella é deprender a xeometría do círculo, espellándose nas mansas ondas do Mandeo... ¡E ese delirio esborrallado que é o Pasatiempo!»

Mediados os anos cincoenta, Manuel María e outros poetas mozos, tal Novoneyra e Avilés de Taramancos, viñan convidados a festas a Betanzos por aquel Alcalde do «Glorioso Movimiento», Tomás Dapena, que gostaba de rodearse de poetas e artistas. Quizá a carón deles o Alcalde sentíase o que non era, ou o que en realidade desexaría ser. Poucas veces os

---

*** Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.**



Grupo nos Caneiros, o 25 de agosto de 1955. Manuel María é o primeiro de pé á dereita. Novoneyra o primeiro sentado pola esquerda.

cartos do presuposto estarían mellor gastados que con aqueles poetas novos. Porque, ademais de levar e transmitir a verba poética no noso vello idioma tan escarnecido naquela hora, transmitían tamén un fachiño de resistencia e esperanza naquela noite escura de pedra e ferro, aos espíritos libres que se resistían a doblegarse totalmente e agardaban con teimosía e ilusión a volta da luz e a liberdade.

Algo diso debía barruntar inconscientemente o oficialismo imperante cando anunciaba no programa oficial das festas patronais agosteñas de 1955 a celebración o día 22 do «Soberbio recital poético, en el que tendrán intervención destacadísima los exquisitos vates lucenses inquietos y revolucionarios, Manuel María y Novoneyra, figuras señeras de la actual lírica galaica.» (Celebrouse no marco do Liceo Recreativo, é dicir neste mesmo edificio, e quizá as súas pedras aíndaa gardarán o seu eco). Inquedanza e revolución non eran precisamente factores a destacar e promocionar naqueles días por un concello franquista, como o eran todos. Unha inquietude revolucionaria que quizá vian, simplemente, no feito de que uns poetas mozos –aínda que comprometidos co país e coa súa lingua, lonxe do compromiso social e político posterior da súa obra- que comezaban a dar que falar no mundiño literario, adoptasen o galego como lingua de creación e expresión. Con rotundidade e orgullo.

E aínda por riba, aqueles días deixaron o seu pouso literario inspirado pola paisaxe e os homes e mulleres betanceiros. Do rexo Avilés de Noia quedáronnos unhas graciosas páxinas en prosa. Do montesío Novoneyra un famoso «Poema dos Caneiros», tan diferente dos seus cantos aos tesos cumes caurelaos. E de Manuel María, amén de artigos e páxinas en prosa, media ducia de poemas de amor a esta vella cidade da que tanto gostaba.

Non sei se aquel recital agosteño foi o primeiro en Betanzos dos «exquisitos vates lucenses» e en concreto de Manuel María. Para daquela o caurelao viña de publicar ***Os eidos***, a súa obra



Na Alameda de Santiago o 25 de xullo de 1957: Xulio Cuns, Méndez Ferrín, Manuel María, Xosé Luis Franco Grande e Ramón Lourenzo. Todos amosan o libro «Vieiro choído» de Franco Grande que viña de publicarse por Galaxia.



Manuel María e Xesús Torres (presentador e presidente da entidade betanceira) no acto inaugural da Asociación Cultural Eira Vella o 6 de marzo de 1993. O poeta chairego falou sobre outro poeta tamén vencellado a Betanzos: Xosé María Díaz Castro, gañador dos Xogos Florais de Betanzos de 1946.

prima e cume da súa produción poética, mentres que o chairego, xa máis prolífico dende a xuventude, tiña publicados catro libros: ***Muiñeiro de brétemas*** (1950), ***Morrendo a cada intre*** (1952), ***Advento*** (1954) e unha das de máis sona e que o identifica coas súas orixes: ***Terra Cha*** (1954), obra singular e que irá medrando co paso dos anos en edicións sucesivas.

Xulio Cuns nun artigo que publicou na *Xanela* da primavera de 2003, cando se lle adicaron as Letras Galegas a Avilés de Taramancos, conta como coñeceu a este a mesma noite do recital de Uxío e Manuel María. Resulta que logo do recital e da cea no restaurante Casanova os acompañantes foron marchando e ficaron unicamente os poetas e Xulio, quen os acompañara coa guitarra no recital, para sorpresa deles que coidaban que iso só se utilizaba nos recitais de flamenco. Nisto apareceu Avilés uniformado, que ía para Ferrol onde cumpría o servizo militar na Mariña, e mentres facía o tempo para o tren obreiro das seis da mañá enteirouse do recital que se celebrara e púxose a buscar aos amigos poetas ate dar con eles.

> «Falamos (non podo dicir de qué)[conta Xulio], bebimos e chegou un momento no que Manuel María marchou dicindo que ía cara ó Pasatempo, Avilés Vinagre, cara á Estación de abaixo... Novoneyra e máis eu fomos á miña casa para dormir./ Ó día seguinte Manuel María contounos que, efectivamente, estivera no Pasatempo, ou sexa na «Horta de don Juan», como lle chamabamos nós, e que botou todo aquel tempo véndoa á luz da lúa./ Estaba abraiado de tanta beleza. (Os poetas son así). E que, o que máis o impresionara fora aquel retallo onde están os escudos ou brasóns, das nacións de centro e sudamérica que, nalgún tempo, foran colonizadas por España, e que ten a seguinte lenda: España monárquica y sus dieciocho hijas republicanas.»

En 1957 o poeta de Outeiro de Rei foi ledo pregoeiro dunha festa organizada para exaltar o viño da terra. El mesmo o contou moitos anos despois cando voltou pregoar o noso viño: «O acto celebrouse, orgaízado polos viñateiros betanceiros, en honra da sua padroeira Nosa Señora das Viñas. Naquela ocasión lanzamos ao vento, ás aves, ás vides e ás xentes as nosas emocionadas palabras, no adro de Santa María do Azougue.»

Houbo logo un par de décadas nas que a voz do poeta non se escoitou entre nós aínda que non deixase de visitar Betanzos, as máis das veces como amante visitante anónimo cada vez que as súas actividades como animador cultural, conferenciante e poeta o levaban dun lado para outro do país sen negarse a ninguén, colaborando e dando pulo ao asociacionismo cultural que reivindicaba a memoria histórica e a cultura contada, cantada

e representada na lingua de nós. Daquela, Manuel, só ou en compaña de Saleta paseaba as nosas rúas, subía as encostas, saboreaba a nosa arquitectura popular, abraiábase nas portadas e ábsides das nosas igrexas, e detíñase no sartego de Fernán Peres. E de paso, probaba o noso viño, que tan ben tiña loado.

En maio de 1979, cando se lle dedicou a Manuel Antonio o Día das Letras Galegas, Manuel María veu falar sobre o poeta de Rianxo ao centro de Formación Profesional. O acto tivo lugar ao aire libre, debido ao tempo espléndido e á carencia dun salón de actos no centro. Lembro ter escoitado a charla dende a xanela da cafetería do centro, que a miña familia e eu rexentabamos naquel momento.



Manuel María recitando no claustro de San Domingos o 12 de agosto de 1998. Detrás, Xulio Cuns presentador do acto.

Xa na década dos noventa foi frecuente a presencia de Manuel María en Betanzos. Así, en maio de 1992 veu presentar o libro de Xulio Cuns *O que non quedou no protocolo*.

En marzo de 1993 veu apadriñar o nacemento da Asociación Cultural Eira Vella á que uns inconscientes nos atrevimos a darlle vida en tempos da cultura espectáculo, fastuosa e institucional. Aquel 6 de marzo, coa primavera ás portas, falou sobre outro poeta chairego, Xosé María Díaz Castro, quen tamén sentira a chamada e a pegada betanceira, revelándose como poeta nos xogos florais dun lonxano 1946. Había pouco que morrera o poeta de Guitiriz e Manuel tivera grande amizade con el.

E ese mesmo ano, o 7 de maio, fixo de pregoeiro da VIII festa do viño de Betanzos, trinta e seis anos despois daquel pregón e louvanza do viño de 1957, como el mesmo se encargou de lembrar no inicio da súa intervención que rematou cunha invitación a beber con tino e sentidiño.

En febreiro de 1994 veu expresamente, acompañado de Saleta, a visitar a mostra que Eira Vella organizou sobre o artista coruñés Álvaro Cebreiro, a quen Manuel estimaba e dedicara unha Cántiga nos anos cincoenta. Nós fixemos de guías abrindo a sala fóra de horario especialmente para eles.

Moitos lembramos aínda o magnífico recital preámbulo das festas patronais de 1998 no claustro de Santo Domingos nunha cálida noite agosteña e no que interviron ademáis do propio Manuel María, Méndez Ferrín, Uxio Novoneyra, Bernardino Graña e Neira Vilas.

En xullo do ano seguinte acodíu como Roi Xordo ou presidente da Irmandade dos Vinhos Galegos en visita á cidade e o concello ofreceulle unha recepción oficial a el e ao seu séquito de irmandiños. Voltou ao mes seguinte como pregoeiro das festas patronais de San Roque de agosto de 1999. Compre dicir que tanto este pregón de festas como o da festa do viño de 1993 están recollidos nos respectivos Anuarios Brigantinos, non así ocorre con outras intervencións que non ficaron recollidas e das que mesmo non ficou documento gráfico.

E para rematar o relatorio de intervencións e presencias de Manuel María en Betanzos citarei a súa intervención, o 10 de agosto de 2000, na inauguración da praza que o concello de Betanzos lle adicou ao seu grande amigo Uxío Novoneyra, falecido había pouco. Agora, Manuel vai ter tamén a súa rúa en Betanzos, merecida polo seu amor constante a esta vella cidade expresado en cantos e loas fermosos e xenerosos.

Hai xa moitos anos Manuel entregoume en Monforte unha copia, mecanografada en papel de oficio e corrixida da súa man, de catro daqueles vellos poemas betanceiros de xuventude. Os seus títulos son: «Poema a Betanzos», «Canción de amor a Betanzos», «Poema de amor, en xeito vello, á cidade de Betanzos» e «Canto a Betanzos». Só o primeiro figuraba como publicado na revista *Opinión Gallega* de Buenos Aires. Tamén o fora no quincenario betanceiro *El Eco de las Mariñas* en 1956. Os outros tres permanecían inéditos. Había un quinto poema, xa coñecido por min, do que me entregou fotocopia tal como fora publicado no libriño programa das festas patronais de San Roque de 1956. Este, titulado «Loa ó viño de Betanzos» creemos que foi composto para un certame argallado polo Concello de entón para promocionar o noso viño da terra e foi premiado (como non!) cunha chea de botellas de viño que o poeta recolleu e non puido transportar enteiramente na viaxe de volta, deixando caritativamente parte delas para o Asilo de anciáns. Con posterioridade a «Loa...» publicouse en varias ocasións.

Hai un sexto poema «betanceiro» de Manuel María, escrito por motivacións diferentes a aqueles cantos de amor e loas para xogos florais e certames. Trátase do poema que comeza «Betanzos fermosísima, leda, xentil...», publicado en 1991 no libro ***Compendio de orballos e incertezas***, incluído nun apartado que denomina «Madrigais». Son once versos brancos. Nos seis primeiros fai un canto á cidade, en oposición aos cinco últimos que denuncian unha barbarie urbanística cometida nos comezos dos anos setenta a carón deste nobre edificio do Arquivo do Reino. É un poema en paralelo con outro do mesmo apartado que denuncia a desfeita da badía e ría coruñesa.

Desta media ducia de poemas betanceiros, tres deles («Canción de amor a Betanzos», «Canto a Betanzos» e «Loa ó viño de Betanzos) incluínos na recopilación que fixen co título ***Betanzos na voz dos poetas***, editado polo Concello de Betanzos en 1994 (curiosa edición «pirata», sen pé de imprensa nin depósito legal por urxencias e esquecemento do impresor) e presentada o Día das Letras Galegas dese ano por Uxío Novoneyra, curiosamente, quen recitou a maior parte dos poemas do libro, incluídos os de Manuel.

Ademais dos poemas Manuel María tenlle dedicado a Betanzos varios artigos e mesmo algún texto narrativo. Entre os artigos lembramos un sobre a mítica «soldadeira» María Balteira e o seu amante betanceiro Pero de Ambroa publicado na revista *Vida Gallega* de 1955. Outro dedicado ao Pasatiempo García, quizá lembrando aquela citada visita nocturna, artigo que estreou o semanario *A Nosa Terra* na súa etapa comenzada en 1977 e a súa sección «Andando a Terra», asinada co seudónimo Manuel Hortas Vilanova. Sección na que tamén apareceu un dedicado ao vello edificio do Asilo Naveira, laiándose do seu abandono, e outro á primavera nas Mariñas betanceiras. Xa máis recentemente, nas súas colaboracións en *El Correo Gallego* ten dedicado artigos aos alcumes (en alusión ao libro que publicamos Xulio Cuns e un servidor), a temas e personaxes curiosos betanceiros como o xornalista El Bachiller Hungarelo que lle causaba moita gracia, a publicacións recuperadas pola asociación Eira Vella, tal *Rexurdimento* ou o célebre manifesto *¡Máis Alá!*. Temos que rexistrar tamén unha colaboración na revista *A Xanela* da asociación cultural Eira Vella, esta vez non sobre temas betanceiros mais publicada en Betanzos.



Mesa redonda celebrada o 21 de abril de 2006 dentro dos actos «Manuel María na lembranza» organizados por Eira Vella. Pilar Vázquez (presidenta) presenta aos intervintes: Xesús Torres, Lois Diéguez e Afonso Blanco Torrado.

En canto á presencia de Betanzos en textos narrativos temos que falar de ***Viaxes e vagancias de M.P.*** (O Barco de Vapor, edt. SM, 1994), entrega que pecha un ciclo da súa prosa adicado ao seu querido Manuel de Paderna, o seu barbeiro de cámara, alguacil e poeta popular de Outeiro de Rei, e que segundo o propio Manuel María foi quen lle aprendeu «a abrila sensibilidade ás rosas da fantasía e á inefabilidade da beleza».

O capítulo dedicado a Betanzos (encabezado, por certo, polo poema xa citado «Betanzos fermosísima, leda, xentil...») leva por título «Fundamento e orixe do globo de Betanzos dos Cabaleiros» e nel explícase como M.P., ou Manuel de Paderna, terá parte importante na creación e ascensión do Globo de Claudino Pita. Lenda e mito mesturado co real, dan pé a que o lector mozo se inicie no coñecemento das sete vellas cidades do Reino e poida prender nel a curiosidade e interese polo noso pasado coa complicidade deste feiticeiro, máxico e intemporal M.P.

Ao paso por cada cidade, o autor convoca aos seus amigos do pasado e do presente, para que reciban debidamente a M.P. Deste xeito, en Betanzos xunta e mestura na desaparecida Casa Edreira (situada aquí debaixo da Alameda e onde o Manuel ten xantado moitas veces) a personaxes tales como o xornalista «Bachiller Hungarelo», o globista e empresario teatral e cinematográfico Claudino Pita, o Alcalde franquista dos convites Tomás da Pena, o cronista oficial da cidade e secretario da Academia Galega Vales Villamarín, o escritor e guitarrista Xulio Cuns, o poeta e autor teatral Antonio Concheiro, o gravador Xesús Núñez, o poeta Celestino Luis Crespo e un servidor, arredor dunhas cuncas de viño, en imposibel e improbabel xuntoiro. Imposibel na realidade, por tratarse de xeracións arredadas entre sí, mais non na imaxinación do poeta chairego, quen (agás aos dous primeiros, o Bachiller Hungarelo e Claudino, por razóns cronolóxicas) coñeceu e tratou a todos os demáis.

Manuel María tenos confesado que a súa fascinación por Betanzos era tal que cando comezou a exercer a profesión de procurador dos tribunais pensou en instalarse entre nós. Ao remate poideron máis que os desexos conveniencias do oficio. Betanzos perdeu e gañou Monforte, o val de Lemos todo, aínda que non sempre soubera valorar a importancia de ter como veciño a un poeta, un home de inmensa cultura, humanista e humano, un formador de xeracións e animador de vocacións; con tremendo amor a Galicia, un home fiel á lingua e á cultura do seu país, fidelidade que soubo transmitir con rexa actitude de mestre gratuito, facendo de ponte consciente entre o galeguismo da República e as xuventudes que se incorporaron ao traballo cultural e político nos últimos anos do franquismo.

E poñamos aquí remate a esta especie de inventario da relación de Manuel María con Betanzos, das súas presencias e estadías e da súa obra en verso e prosa que dedicou a esta antiga cidade do Reino pola que sentía un vello e grande amor, citada por el nalgún texto á par de Compostela e Florencia. ¡Nada menos!

(Palabras pronunciadas na mesa redonda celebrada o día 21 de abril de 2006, con participación tamén de Lois Diéguez e Afonso Blanco Torrado, dentro das xornadas «Manuel María na lembranza» organizadas pola Asociación Cultural Eira Vella.).





ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS...



Jesus Nuñez. serie Volumen. Litografía. 2006.

FUNDACIÓN CIEC
Compromiso con el Arte Gráfico





CIEC es compromiso con las artes plásticas en general y con el arte gráfico en particular. Una plataforma donde concurren creación, exposición, investigación y formación de mano de todos los artistas, profesionales, profesores y estudiantes que trabajan en este campo de la ESTAMPA.

En este año la Fundación CIEC ha desarrollado diversas acciones dentro de su campo de actuación: el Arte Gráfico en todas sus manifestaciones. Una de ellas ha sido la conservación y difusión de la obra gráfica, que hace realidad con la Colección y las exposiciones temporales, entre las que destacó la de ***«Picasso Desconocido»***, con la que la institución se unió a la celebración de los 125 años del nacimiento de este artista organizando una importante exposición de obra gráfica, revelando así una faceta distinta de Picasso tanto por la técnica utilizada como por el hecho de que en pocas ocasiones había sido mostrada al público. Carpeta «Sable Mouvant», Carpeta «Diurnes» y la Suite de pochoirs «Ten ornamental design in colors» componían esta colección privada que superaba el medio centenar de estampas y que el CIEC alojó durante los meses estivales.

Pero en la Fundación también pudo contemplarse obra gráfica contemporánea y además representativa de un buen elenco de artistas consagrados y jóvenes valores que presentaron sus trabajos en los diferentes espacios expositivos. A la colección permanente se unieron así exposiciones de Celeiro, Álvaro Paricio, Diana Aitchison, Julio León, Julio Zachrisson, Óscar Estruga, Miriam Cantera, Juan Barjola y Jabier Herrero.

Como en años anteriores, los fondos de la Colección salieron de su sede gracias a las colaboraciones realizadas con otras instituciones. Con la Diputación de A Coruña y bajo el título «**ArtesSeriadas**» una colectiva de grabadores y técnicas visitó varias ciudades de la provincia acompañada de talleres didácticos; y con ALBIAC, Bienal Internacional de Arte Contemporánea de Almería mostró una colectiva en la que participaron 21 artistas dentro de la programación de estas jornadas de arte y naturaleza. Bajo el patrocinio de Caja Duero, continuó también la itinerancia de la exposición «Técnicas y tendencias del Arte Gráfico» iniciada en 2004 y que en esta ocasión visitó Soria, Palencia o Salamanca, entre otras.

Otra de las acciones, la formativa y didáctica, se ha cubierto con talleres, cursos, master, conferencias, visitas, publicaciones, ediciones, instalaciones y actos culturales que hacen de todo ello que la Fundación, con unas instalaciones propias de un centro de gráfica y diferentes salas de exposiciones, sea un espacio de encuentro entre la ciudadanía y el arte gráfico. XXII Cursos de Verano «Gráfica», III Master sobre la Obra Gráfica, VIII Talleres libres, jornadas del I Festival Internacional de Poesía Ciudad de Betanzos son algunos ejemplos.

Mención especial merece también el **Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez**, convocado por la Diputación de A Coruña con el fin de apoyar la creación en el campo del arte



gráfico y reconocer la trayectoria del artista Jesús Núñez, y que en su primera edición ha contado con una gran éxito de participación y nivel alcanzado de las obras recibidas. De entre todas ellas el Primer Premio fue para el portugués David de Almeida, y los Accésits para Alexandra Barbosa y Wenceslao Robles Escudero, y fueron presentadas en el stand que la Fundación CIEC llevó a Estampa en Madrid el pasado mes de noviembre.

17 y 18 de junio: VIAJE CULTURAL a Ciudad Rodrigo con motivo de la Exposición de la «Edades del Hombre», que se encuentra en la Catedral. Se realizaron visitas guiadas a la Exposición «Edades del Hombre», a Ciudad Rodrigo, Peña de Francia, La Alberca, Béjar, Candelario, Salamanca, Tordesillas... Los componentes de la Coral que participaron en esta excursión hicieron una breve actuación en el Santuario de la Virgen del Castañar, en Béjar, y en la Iglesia de Candelario. Realizaron este viaje cerca de cien personas, componentes, socios, acompañantes, amigos...

18 de junio: XII Romería de la Federación Gallega de Círculos y Casinos Culturales, en Mondoñedo, en la que participaron numerosos componentes y socios de la Coral. Se realizó una visita guiada por la Ciudad de Mondoñedo, se hizo un recorrido por el «Barrio dos Muiños», Misa cantada en la Catedral y la comida fue en el Seminario.

Por la tarde tuvo lugar un recital poético dedicado a Álvaro Cunqueiro, que fue natural de Mondoñedo.

24 de junio: En la Iglesia de Santiago de Betanzos, la Coral de Betanzos canta una Misa con motivo de una boda.

Junio: Misa cantada por la Coral de Betanzos en la Iglesia Conventual de Bergondo con motivo de una boda.

2 de julio: II ENCONTRO DE CORALES en Luou, Teo, organizado por la Asociación Cultural «A MÁMOA», en el que participan la Coral Polifónica de Betanzos, la Coral Padronesa, el Grupo de Gaitas de la Asociación «A MÁMOA» y la Coral Polifónica de Luou.

14 de julio: Reunión de convivencia y confraternidad de los componentes de la Coral y acompañantes y amigos, para celebrar la Fiesta de la Exaltación del Pimiento.

30 de julio: Jira fluvial a OS CANEIROS para componentes, socios, acompañantes, simpatizantes, amigos... Hubo Concursos, música, bailes, sorteo de numerosos regales y gastronomía típica. Asistieron más de 200 personas.

5 de agosto: Concierto de la Coral de Betanzos en Tapia de Casariego (Asturias), con motivo de la Fiestas de verano y en intercambio cultural con la Coral de Tapia

13 de agosto: CONCIERTO «CIUDAD DE BETANZOS», en la Iglesia de San Francisco, con motivo del comienzo de las Fiestas Patronales, en el que participan las tres Entidades Musicales de Betanzos: Agrupación «Carlos Seijo», Banda Municipal de Música y la Coral Polifónica, con actuación individual de cada Entidad y actuación conjunta de la Banda de Música y la Coral Polifónica.

15 de agosto: MISA SOLEMNE cantada por la Coral en la Iglesia de Santa María de Betanzos, con motivo de la Fiesta de Santa María del Azogue, Co-patrona de la Ciudad.

16 de agosto: Festividad de San Roque, Patrono de la Ciudad de Betanzos y Función del Voto (Homenaje de agradecimiento de la Ciudad al Santo Patrono).

MISA SOLEMNE cantada por la Coral de Betanzos en la Iglesia de Santo Domingo.

20 de agosto: VIII ENCUENTRO CORAL en Serres (Muros). Participaron la Coral Polifónica «Liceo» de Noia, Coral Polifónica de Betanzos y Coral «San Xoán de Serres».

La actuación de la Coral de Betanzos fue en intercambio cultural con la Coral de Serres.

7 de septiembre: Iglesia de Ntra. Sra. del Camino de Betanzos. Misa cantada por la Coral con motivo del último día de la Novena de la Virgen de los Remedios.

9 de septiembre: Misa cantada en la Iglesia de Santiago de Betanzos, con motivo de una boda.

10 de septiembre: Excursión por la Ría de Arousa: Visita guiada en Catamarán por la ría, para conocer la fauna marina y el cultivo del mejillón, de la ostra y de la vieira en las bateas, con degustación incluída. También se realizaron visitas guiadas a O Grove, al Acuario Galicia, a la Isla de La Toja y a la Bodega y al Pazo de Fefiñanes en Cambados. Los componentes de la Coral que realizaron esta excursión actuaron en la Capilla de la Toja. Participaron en esta Excursión 162 personas, componentes, socios, acompañantes, simpatizantes...

1 de octubre: Publicación de las Bases del XXXIII Concurso Literario Juvenil, que organiza la Coral con motivo del Festival Santa Cecilia. Envío de dichas bases a Entidades Culturales, Colegios e Institutos de Galicia.

14 de octubre: ENCUENTRO DE CORALES en Sigrás, con motivo del homenaje a los componentes fallecidos del Coro Parroquial. Participan el Coro Parroquial de Sigrás y la Coral de Betanzos, en convenio con la Diputación de A Coruña.

29 de octubre: Misa en la TVG, cantada en directo por la Coral, desde los estudios de San Marcos, en Santiago de Compostela.

Del 10 al 26 de noviembre: XXXVIII FESTIVAL SANTA CECILIA. Programación:

- Día 10: Presentación del Libro con el programa de actos del Festival, en el Local Social de la Coral. Breve actuación de la Coral para los asistentes al acto.

- Día 10: También en el Local Social de la Coral: Fiesta tradicional del MAGOSTO (acompañado de gastronomía típica, con música y baile), para componentes, socios, acompañantes..., a la que asistieron más de 200 personas.

- Día 11: En la Sala de Exposiciones del Edificio LICEO: Inauguración de la

«GRAN EXPOSICIÓN DE TEMAS DIVERSOS», obras originales, recuerdos antiguos, manualidades..., creados, realizados y aportados por componentes, socios, simpatizantes, amigos... de la Coral. Se presentaron muchísimos trabajos.

Breve Concierto de la Coral.

La exposición estuvo abierta hasta el día 26 y fue visitada todos los días por numerosas personas.

- Día 16: RECITAL DE CANCIÓN LÍRICA, en el Aula Municipal de Cultura, por el Tenor solista, Antonio Ruibal Gómez, acompañado al piano por Ricardo Blanco Rodríguez, Director del Conservatorio de Música de Santiago de Compostela: Canción gallega, española, napolitana, romanzas de zarzuela y árias de ópera.

- Día 17: CONCIERTO DE MÚSICA CLÁSICA, en la Iglesia de Santo Domingo, realizado por el Grupo de Cámara «Antiga 1500».

- Día 18: TEATRO: El Grupo «Ad Líbitum» de la Asociación Max Teatro de Ferrol presenta la comedia: «A miña muller, é o fontaneiro», en el Aula Municipal de Cultura.

- Día 19: HOMENAJE A LA CONSTANCIA: Reunión de convivencia y confraternidad de los componentes de la Coral, acompañantes e invitados para homenajear la constancia de los componentes, con la entrega de la Insignia de Oro a los que cumplen 15 años de permanencia, y la Insignia de Plata a los que cumplen 5 años.

- Día 19: TEATRO: El Grupo «BADIUS» de la Compañía Clásica de Comedias de Baio, presenta la comedia: «Veleno por caridade», en el Aula Municipal de Cultura.

Esta actuación es en intercambio cultural con la Coral de Betanzos.

- Día 22: FESTIVIDAD DE SANTA CECILIA, Patrona de la Música. En la Iglesia de Santo Domingo, Misa Solemne, aplicada por los Componentes, Socios y colaboradores fallecidos, celebrada por D. Andrés López Calvo, Delegado Diocesano de Catequesis y cantada por la Coral.

- Día 24: CINE: En el Aula Municipal de Cultura, proyección de la película «LA NIÑERA MÁGICA». Una divertida e ingeniosa fábula.

- Día 25: ENCUENTRO DE CORALES: Concierto de Música Polifónica, en el Aula Municipal de Cultura, en el que intervienen la Coral «San Xoán de Serres», Muros, Coral «Ecos de Chamorro», de Serantes, Ferrol y la Coral de Betanzos, en intercambio cultural y convenio con la Diputación de A Coruña.

- Día 26: CLAUSURA DEL FESTIVAL, en el Aula Municipal de Cultura:

- Acto Literario: Resolución del XXXIII Concurso Literario Juvenil, con la Lectura del Acta del Jurado, entrega de premios a los ganadores del Concurso y lectura de los trabajos galardonados con el Primer Premio, de los niños hasta 14 años y de los jóvenes de 15 a 18 años.

- Actuación Musical: Julia Dopico interpreta a la bandurria, temas de música gallega, clásica, boleros, etc.

3 de diciembre: Misa en la TVG cantada en directo por la Coral de Betanzos desde los estudios de San Marcos, en Santiago de Compostela.

8 de diciembre: Misa cantada en la Iglesia de San Francisco de Betanzos, con motivo de las Bodas de Oro de José García Lagoa, «CHE», componente de la Coral.

10 de diciembre: Misa cantada en la Iglesia de San Salvador de Limodre, con motivo de la Fiesta de Santa Eulalia, Patrona de la Parroquia.

17 de diciembre: ENCUENTRO DE CORALES, para cantar Música de Navidad. Concierto en el Aula Municipal de Cultura con la participación de las Corales de Sada, Pontedeume y Betanzos.

24 de diciembre: La Coral de Betanzos participa en la Misa de Nochebuena, en la Iglesia de Santo Domingo de Betanzos.

Coral Polifónica de Betanzos

MANOS UNIDAS DE BETANZOS

La delegación de Manos Unidas de Betanzos, ha escogido el proyecto para Burkina Faso. El proyecto es comprar material agrícola, construcción de pozos y semilleros. El número de beneficiarios directos fue de 120 campesinos y los indirectos todos los habitantes del pueblo, en total 1850 personas. El coste del proyecto fue de 11.708 euros.

Para realizar esta campaña hemos hecho:

-10 de febrero. Cena del hambre, con proyección de un video.

-11 y 12 de febrero. Nuestro tradicional pre-entroido, en la plaza Hermanos García Naveira.

-22 y 23 de abril. Feria del queso. Pusimos nuestro puesto con material diverso de Manos Unidas.

-2 de mayo. Rastrillo de mayores Caixa Galicia.

-5, 6 y 7 de mayo. Puesto de filloas en la Fiesta del vino.

-8 de mayo. Sorteo de un gravado donado por D. Alfredo Erias.

-2 de junio. Festival en el Liceo. Actuaron: Grupo de Baile Gallego de Santo Domingo, niños de teatro del colegio Vales Villamarín y banda de música. Hubo sorteo de regalos.

-8 de junio. Entrega del gravado de D. Alfredo Erias a la señorita Dª Delia del Río, por ser poseedora del boleto premiado. Fue entregado por el propio autor y dos voluntarias de Manos Unidas.

-24 de junio. Manos Unidas realizó la merienda de fin de curso a los alumnos de 6º de primaria del Colegio Vales Villamarín.

ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS E DE CONSUMO « LIAFAIL»

A muller, e en concreto a muller rural, é unha garantía para o equilibrio territorial, ó mesmo tempo que o soporte esencial da diversificación das actividades económicas.

A muller rural desenrola a súa vida en varios aspectos ou ámbitos: como traballadora das labouras do campo, como encargada da alimentación y cuidado da familia, como





educadora, administradora, artesana, representante de comunidades, etc.

Desde a nosa asociación pretendemos cumplir o obxetivo de formar a estas mulleres á vez que ofrecerlles actividades de ocio, nunha situación de igualdade con respecto ás mulleres que no pertencen ó mundo rural, producindose así unha contínua confraternización entre ámba-las dúas.

Ó longo do ano 2006 tiveron lugar as seguintes actividades:

Artísticas e culturais :

Taller de Cestería, Taller de Labores, Taller de bolillos, Taller de Manualidades, Obradoiro Infantil de Inglés, bailes de salón,.

Ademáis, como tódolos anos, tamén participamos na Feira Franca Medieval con un posto gastronómico e exhibición de taller de bolillos por parte dalgunhas das nosas socias, así como nas tradicionais procesión de Semana Santa.

Conferencias :

Celebráronse diversas conferencias atendendo ós temas de actualidade e as demandas das nosas socias, contando cunha amplia participación. Unha delas foi «A Artrose» , na que se tratou de dar unha extensa información sobre os coidados que precisan aquelas persoas que padecen esta enfermidade.

Cursos : «Taller de alimentación: comida sana.»

Visitas culturais :

Viaxe á Asturias

Viaxe a Arcos de Valdevez (Portugal)

Viaxe ó algarve (Portugal)

Viaxe ó Grove.

Viaxes a Vilanova de Cerveira (Portugal) que xa ven sendo un tópico na nosa Asociación, debido á gran demanda das nosas socias para así mercar cousas a bon precio, ademáis de pasar unha xornada divertida.

Viaxe a Ribadeo e Castropol

Viaxe a Allariz-Xunqueira de Ambia

Confraternidade :

Cena – Aniversario no mes de febreiro e Cena – Fin de Curso no mes de xuño.

Servicios Sociais :

En Decembro , como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolectaron alimentos para doar ós anciáns do Asilo.

Varios :

Asistencia a divesos programas da T.V.G.

Festa Infantil de Navidad, na que os maís pequeniños recibiron a Papá Noel.

Festa Infantil de Antroido, na que os nenos disfrutaron dunha tarde de ledicia.

VIII Concurso da Filloa e da orella, coa que se pretende recuperar antigas tradicións que na actualidade estanse a perder.Seguindo nesta mesma liña, realizouse un Magosto en novembro.

Lotería. como tódolos anos puxemos á venda a lotería das «Mulleres Rurais» coa intención de repartir ilusión ás socias.

Festa « Fin de Ano» para celebra-lo fin de ano en compañía das nosas socias na que se degustaron productos típicos do nadal.

CRUZ VERMELLA BETANCEIRA

A finalidade da Cruz Vermella como institución é destinar ó voluntariado cara a accións en favor dos colectivos vulnerables, a defensa dos dereitos humanos, o medio ambente, a loita contra a



discriminación, a defensa das minorías étnicas e a cooperación cos países desfavorecidos do planeta fomentando a solidaridade e o compromiso.

Seguindo estes criterios da Cruz Vermella, a Asemblea Local de Betanzos adica especial atención ás iniciativas sociais propias da entidade, facendo realidade os máis variados proxectos destinados á sociedade en xeral e a algúns grupos en particular. As áreas de Socorros e Emerxencias, Intervención Social, Formación e as levadas a cabo por Cruz Vermellas Xuventude foron as destacadas deste ano.

E destacados tamén foron os voluntarios/as de Betanzos que viron recoñecida a súa labor ó longo destes anos coa Medalla de Bronce da entidade. Manuel Calaza, Almudena Fernández, Pepa Montes e Silvestre Viqueira foron os catro betanceiros condecorados nos actos do Día Mundial da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella que tiveron lugar en Ferrol no mes de maio.

Outras actividades foron tamén a venda da Lotería do Ouro e de Nadal que tiveron coma sede do sorteo este ano a cidade da Coruña e que os voluntarios/as venderon na sede betanceira, resultando agraciado no de Nadal o número 54.268 coa terminación das dúas derradeiras cifras do segundo premio.

CRUZ VERMELLA XUVENTUDE

Además de participar activamente nas diferentes áreas e actividades da entidade, os voluntarios/as de Cruz Vermella Xuventude (CVX) de Betanzos levan a cabo proxectos propios desta sección xuvenil destinados a atender á poboación infantil e xuvenil máis vulnerable, favorecendo e potenciando o seu desenvolvemento integral e autonomía persoal, actuando tamén no seu entorno máis inmediato.

Un exemplo disto e a súa ampliamente recoñecida «Campaña de Xoguetes». Un ano máis, e xa van quince, baixo o título «Desarma os teus xogos» presentou a campaña 2006 con dúas liñas de acción: a sensibilización e a recollida. Sensibilizando e concienciando ós cidadáns sobre as situacións de desigualdade social e a idea de regalar xoguetes educativos nos bélicos e non sexistas por unha parte, e por outra promovendo unha resposta solidaria dos comerciantes e particulares entregando xoguetes novos e non bélicos coa fin de repartirlos entre as familias desfavorecidas.

Ainda que esta campaña se fai en Betanzos, tamén se benefician nenos e nenas doutros concellos limítrofes coma Coirós ou Paderne ou da Asociación coruñesa Remar. Xoguetes, roupa,

complementos foron recollidos, seleccionados, embalados e entregados o día 5 de xaneiro a 92 nenos/as de entre un mes e 16 anos. Dez voluntarios/as e 78 comercios colaboradores foron as principais mans que fixeron posible e exitosa esta campaña de xoguetes.

Coa fin da promoción da solidaridade humana e da paz, voluntarios/as betanceiros/as quixeron celebrar o Día Mundial da Paz no Colexio Cruz do Sar de Bergondo o 30 xaneiro. Alumnos/as de primeiro e segundo ciclo de Primaria realizaron unha dinámica cooperativa coa creación dun mural na entrada principal do colexio no que además das súas mans impreesas en cor branco deixaban mensaxes e debuxos recordatorios deste día. O final do acto contou cun acto conxunto de todos os alumnos/as no patio do centro cantando cancións e aplausos a favor da paz no mundo.

Outro día que se celebrou foi o Día da Muller Traballadora, con motivo do cal voluntarios/as repartiron carteis polos comercios, asociacións, bibliotecas e centros de traballo co lema «Aqui traballa unha muller».

Na área da promoción e educación para a saúde organizou un Taller de Saúde entre o 13 de febreiro e o 20 de marzo no IES Isaac Díaz Pardo de Sada, con alumnos/as de 2º, 3º e 4º da ESO no que en vintetres sesións organizáronse obradoiros de alimentación, sexualidade e drogas, informando ós estudantes en todos estes temas de promoción de hábitos e conductas saudables.

O Día Mundial da Saúde, desenvolvéuse un Obradoiro de Alimentación Saudable no Colexio «Cruz do Sar» de Bergondo, para os alumnos/as do Terceiro Ciclo de Educación Primaria.

Dentro desta área celebrouse tamén o Día da SIDA, «Coa SIDA non hai marcha atrás», polo que voluntarios/as de Xuventude esa semana de decembro repartiron caixas con preservativos e folletos con información sobre a enfermidade, vías de transmisión e evitar conductas de risco, en colaboración con varios locais frecuentados por xoves de Betanzos.

Ó longo deste ano tamén se fixeron actividades de Educación Vial e Prevención de Accidentes Infantís en diferentes concellos da comarca. Durante os días 21 e 24 de marzo, e 16 e 26 de maio, tiveron lugar actividades neste ámbito no Colexio Cruz do Sar de Bergondo para tódolos alumnos/as de Educación Primaria, un total de 201 nenos/as. E o día 24 de maio con nenos/as de Educación Infantil do Concello de Paderne no Pavillón Polideportivo de Viñas, con un total de 41 nenos/as.

A área de educación ambiental e sostenibilidade tamén organizou numerosas actividades neste 2006, con pequenas sesións para os máis cativos/as adicadas ó tempo libre, e coa participación no programa provincial «Roteiros de primavera», sendo Betanzos unha das organizadoras destas saídas xunto con A Coruña, Boiro, Cedeira e Santiago de Compostela. O 28 de maio 25 voluntarios/as de toda a provincia guiados polos betanceiros, fixeron unha visita a Chelo e á Aula da Natureza.

Voluntarios/as que traballan na educación para o desenvolvemento e a cooperación internacional celebraron o Día Internacional pola Eliminación da Discrimación Racial no Colexio Cruz do Sar de Bergondo o día 20 de marzo, con dinámicas e xogos cós alumnos/as do Terceiro Ciclo de Primaria.

Outros obradoiros organizados por CVX foron o Taller de Sensibilización sobor do voluntariado, tamén no Colexio Cruz do Sar de Bergondo os días 20 e 21 de marzo con alumnos/as de 1º da ESO.

Neste concello de Bergondo cinco voluntarios/as desta Asemblea atenderon un posto



informativo de Cruz Vermella na Casa da Cultura os días 13, 14, e 17 de Maio con motivo do I Rastro de Libros Antigos e Usados, dentro da VII Semana das Letras Galegas. No Rastro de Libros houbo dúas modalidades, a de venda e a de doazóns, e o total do importe recaudado foi doado a CVE.

E chegamos xa a unha das actividades máis tradicionais en CVX, que é a colaboración có Concello betanceiro na Feira Franca Medial, xa sexa con extras para as representacións ou coma organizadores do dia de xogos.

Nesta IX edición 7 voluntarios/as animaron a mañá do domingo 9 de Xullo con xogos medievais tradicionais coma carreiras de sacos, relevos de ovos, a corda,.... destinados ós máis novos.

SOCORROS E EMERXENCIAS

Os servizos preventivos prestados por Cruz Vermella Española de Betanzos, dotada dunha ambulancia e persoal sanitario profesional, superaron neste ano 2006 o medio centenar, repartidos polos concellos da comarca.
Partidos do RCD Deportivo da Coruña, festas coma as de Ano Novo, Reis, Fin de Ano, San Roque, Caneiros,... e encontros coma a Festa da Familia, Feira Cabalar, campeonatos de skate, natación, motocross ou bicis foron os acontecementos que maís demandaron a presenza dun preventido da Cruz Vermella en concellos coma os de A Coruña, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Irixoa, Monfero ou Oza dos Ríos. Vinte voluntarios/as entre conductores, persoal sanitario e médicos participaron en todas estas saídas.

INTERVENCIÓN SOCIAL

Apoio Socioeducativo á Infancia. Como ven facendo dende 1997, Cruz Vermella de Betanzos organiza actividades de apoio escolar formativas e lúdicas durante o curso lectivo as tardes dos luns, mércores e xoves e no verán o mes de xullo. Tres voluntarias profesionais no campo da ensinanza e do tempo libre organizaron estas xornadas didácticas destinadas a 15 nenos/as de once familias betanceiras, prestando atención individualizada para realizar as tarefas escolares, mellorar hábitos de lectura, escritura e vocabulario, educar cara a convivencia e controlar o absentismo escolar. Sete nenos e 8 nenas de idades entre 5 e 14 anos asistiron a estas clases.

Axuda a Domicilio Complementaria. Residencia de Anciáns «García Naveira». Este proxecto de axuda a domicilio medrou este ano có comezo de actividades de dinamización no ocio e tempo libre e xerontoximnasia na Residencia de Anciáns de Betanzos. Dende o mes de maio e cada quince días, voluntarios/as da asociación programaron actividades para grupos de vinte.

Axudas Técnicas. O material técnico có que conta a Asamblea e presta a todo o que o necesite, foi moi demandado este ano, sobor de todo as cadeiras de rodas e andadores, que se prestaron a catro familias betanceiras.

Clases de español a inmigrantes. Ante o aumento do número de extranxeiros na nosa cidade, CVE de Betanzos puxo en funcionamento este proxecto de clases de español, no que participaron 6 homes e 1 muller procedentes de Marrocos e Arxelia, con clases tres días á semana.

FORMACIÓN

Unha das finalidades da entidade e a formación e educación individual e colectiva nas diferentes áreas de actuación de Cruz Vermella. Por iso organiza sempre cursos tanto para os voluntarios da entidade coma para a poboación en xeral.

No campo da formación interna, Cruz Vermella sempre ten coma prioritaria a formación en todas as áreas de traballo nas que participa. Formar a profesionais voluntarios/as sempre é éxito de calquera proxecto que leva a cabo, e por iso os voluntarios e voluntarias de Betanzos asistiron a varios cursos neste ano que cronolóxicamente foron:

-Curso de Primeiros Auxilios en Betanzos. Abril-Maio. 3 voluntarios.

-Curso ERIES para capacitar en misións ERIE. Lugo. Marzo. 1 voluntaria.

-XV Xornadas de Desenvolmento Local, Sistema de Xestión de Calidade en voluntariado. A Coruña, Marzo. 1 Técnica.

-XVI Xornadas de Desenvolvemento Local, Área de Intervención Social. A Coruña, 14 de Xuño. 1 técnica.

-XVII Xornadas de Desenvolvemento Local, Sistema de Xestión e calidade en formación. A Coruña, 15 de Xullo. 1 Técnica.

-Curso ERU Saúde, curso de formación especializada en cooperación internacional, unidad de respuesta en emergencia ERU-UCBSl. Madrid, 10-16 Setembro. 1 Voluntario.

-Curso Na procura de África. Escola Autonómica de CVX. Fonsagrada, Lugo, 13-15 Outubro. 2 voluntarias.

-Curso de Soporte Vital Avanzado recoñecido polo ERC. A Coruña, 4-11 Novembro. 1 voluntario.

-Formación Básica Institucional. Betanzos, outubro-novembro. 4 voluntarias.

E xa no campo da formación externa, o departamento de didáctica composto por 14 técnicos especialistas organizou catorce cursos en sete concellos da comarca, cun total de 238 participantes. Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Oza dos Ríos e Paderne foron as sedes dos cursos de Formación den Persoas Maiores, Axuda a Domicilio, Primeiros Auxilios, Alzheimer, Mobilización, Coidados á infancia e Emprego.

-Curso de Formación en Persoas Maiores. Do 1 ó 28 Marzo, Centro de Formación Ocupacional Betanzos. 3 docentes, 13 participantes. 40 horas.

-Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio. Do 6 ó 23 Marzo. Casa da Cultura de Bergondo. 1 docente, 14 participantes. 42 horas.

-Curso de Formación en Personas Maiores. Do 6 de Marzo ó 24 de Maio. Concello de Curtis. 2 docentes, 17 participantes.

-Curso de Primeiros Auxilios. Do 1 Abril ó 6 Maio. Centro de Formación Ocupacional Betanzos. 3 docentes, 13 participantes. 20 horas.

-Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio. Do 17 de Abril ó 12 de Maio. Concello de Oza dos Ríos. 1 docente, 6 participantes, 42 horas.

-Curso de Formación en Persoas Maiores. Do 8 ó 25 de Maio. Concello de Bergondo.2 docentes, 10 plazas. 40 horas.

-Charla « O Alzheimer». 22 de Setembro. Concello de Paderne. 1 poñente, 60 asistentes. 1 hora.

-Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio. Do 16 de Outubro ó 14 de Novembro. Centro de Formación Ocupacional Betanzos. 3 docentes, 18 participantes. 42 horas.

-Curso de Atención a afectados de Alzheimer. Do 20 de Outubro ó 15 de Decembro. 2 docentes, 18 participantes. 20 horas.

-Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio. Do 20 de Outubro ó 16 de Febreiro. Edificio de Usos Múltiples de Coirós. 1 docente, 11 participanes. 42 horas.

-Curso de Mobilización do Doente e Prevención de Lesións. Do 23 de Outubro ó 1 de Decembro. CEIP de Cesuras. 1 docente, 16 participantes. 40 horas.

-Curso de Atención a Afectados de Alzheimer. Do 3 de Novembro ó 1 de Decembro. Edificio de Usos Múltiples de Teixeiro. 1 docente, 16 participantes. 20 horas.

-Curso de Coidados á infancia. Do 20 de Novembro ó 20 de Decembro. Centro de Formación do Concello de Betanzos. 2 docentes, 18 participantes. 40 horas.

-Curso de Técnicas de Búsqueda de Emprego. Do 11 ó 19 de Novembro CEIP de Cesuras. 2 docentes, 8 participantes. 20 horas.

Socios, colaboradores, donantes, profesionais, técnicos, participantes nos cursos, usuarios, amigos. Por todos vos pensamos sempre que cada acción vale a pena.

Os voluntarios/voluntarias de Betanzos

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

Ao longo do ano 2006 levaronse a cabo as seguintes actividades:

Nos primeiros meses do ano procedeuse a distribuir e espallar as «Postais literarias» editadas a finais do pasado ano e que recollen textos poéticos relacionados con Betanzos de Manuel María, Pérez Parallé e Manuel Amor Meilán.

No mes de abril celebrouse un ciclo de homenaxe ao desaparecido poeta Manuel María, unha das grandes personalidades literarias de Galicia e cunha vella e ampla relación con Betanzos. O ciclo titulado xenericamente «**Manuel María na Lembranza**» contou coa colaboración da concellería de Cultura, a de Xuventude e Normalización Lingüística do Concello de Betanzos e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

O xoves día 6 tivo lugar a inauguración da Mostra Bio-bibliográfica sobre o poeta chairego, coa presencia do Alcalde de Betanzos, a presidenta de Eira Vella, representación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a profesora Mercedes Queixas, quen explicou a mostra en vintecinco paneis didácticos elaborada pola entidade. Mostra ampliada neste caso con fotografías de Manuel María en Betanzos ou con betanceiros e con libros da súa extensa producción. O venres 7 a proxección do documental «Peregrinaxes, viaxando con Manuel María», que contou coa presencia do seu coordinador Lois Diéguez. O martes 18 Manuel López Foxo impartiu a conferencia «O sentimento da terra e o amor na poesía de Manuel María», acto que contou coa presencia de Saleta

Goi, viúva do poeta. O xoves 20 celebrouse un recital poético no que máis de dúas ducias de persoas que quixeron intervir, incluídos nenos e nenas do C.E.I.P. Vales Villamarín, recitaron poemas da amplia e variada obra do poeta homenaxeado. Por último, o venres 21 pechouse o ciclo cunha mesa redonda na que interviron Lois Diéguez, Alfonso Blanco e Xesús Torres.

O venres 16 de xuño presentouse publicamente na Aula de Cultura o **nº 21 de A Xanela**, revista cultural das Mariñas, correspondente á Primavera, cun recital a cargo do cantautor Tino Baz. Neste número da revista coordenada por Suso Torres colaboran Paulo Martínez Lema, Ana Barral, Maxi Rei, Fernando Díaz-Castroverde, Gabriela Rodríguez, Ana Cibeira, Iolanda González Villar, Xabier López, Pablo Carlos López e Alfredo Erias no apartado de Creación. Joao de Castro Nunes, Fernando Botto Semedo e António dos Santos Silva e Maria Virgínia Monteiro, na sección Letras de Portugal. Fafián Porto aborda a polémica cementeira de Coirós na sección de Ecoloxía. Tizón é autor da páxina de Comic. Veiga Ferreira e Sobrino Ceballos tratan o patrimonio de San Salvador de Colantres. No apartado Festa das Letras dedicanse varias páxinas á vida e obra de Manuel Lugrís Freire. Na sección «Viaxeiros» recupérase un texto de Víctor Luis Molinari sobre o Centro Betanzos. Sobrino ocúpase do apartado musical e Baraxeiro das novidades bibliográficas. Na parte gráfica colaboran Luis Otero, Olaia Torres, Alfredo Erias e Víctor Tizón.

Dentro dos actos do denominado Ano da Memoria e baixo o título «**Sombras na memoria**» abordouse un ciclo sobre «A represión Franquista en Betanzos» a desenrolar durante os meses de setembro e outubro. O 26 de setembro proxectouse a película «A lingua das bolboretas» de J.L. Cuerda, baseado na obra de Manuel Rivas «Que me queres amor?». O 28 do mesmo mes proxectaronse «A sombra negra», documental recentemente estreado con testemuñas orais de obreiros que participaron en loitas sociais na Galiza antes do golpe militar do 36, e «Aillados», documental que aborda a historia do campo de concentración da Illa de San Simón durante os anos da guerra civil. O día 3 de outubro tivo lugar unha charla-coloquio sobre «A fin da República e a represión en Betanzos» a cargo de Alfredo Erias e Xesús Torres. O día 5 outra charla-coloquio sobre «A Galiza do 36»



contou coa intervención de Bernardo Máiz, Eliseo Fernández e Beatriz Gómez Amigo. O día 11, Andrés Beade, Tomás López Loureda e Juan Fuentes, expuxeron as súas «Vivencias personais e familiares» como fillos ou familiares directos de víctimas ou represaliados. Por último, na mañá do sábado 21 de outubro celebrouse o roteiro «Percorrendo os lugares da memoria» que contou con lecturas históricas e poéticas, ofrendas florais e intervencións musicais a cargo de Xosé Taboada e Eva Otero. A colocación dunha praca de homenaxe ás víctimas betanceiras de 1936-1939, réplica da existente no Centro Betanzos de Buenos Aires, ficou pendente de colocación nun lugar público para os primeiros meses do vindeiro ano, unha vez aprobada a súa colacación polo Concello. En todos estes actos colaborou a concellaría de Xuventude e Normalización Lingüística do concello de Betanzos.

O sábado 16 de decembro presentouse na sala Azul do Liceo o **número 22 de A Xanela**, correspondente ao Outono, coa actuación do Dúo de corda «Melva» composto polas violochelistas Paula Rancaño e a betanceira Eva Otero. Neste número da revista colaboran no apartado de Creación Gabriela Rodríguez, Paulo Martínez Lema, Yolanda López, Lois Diéguez, Suso Torres, Alfredo Erias e Fernando Díaz-Castroverde. Na



sección Letras de Portugal escriben os poetas Joao de Castro Nunes, Fernando Botto Semedo e António dos Santos Silva. A páxina de Cómic é de Víctor Tizón. Antón Fafián ocúpase dos incendios do verán en Ecoloxía. O apartado dedicado a «2006 Ano da Memoria» recolle traballos sobre a represión en Betanzos, Miño e Sada, así como documentación gráfica sobre o roteiro celebrado por Eira Vella «Percorrendo os espazos da memoria». Xosé Mª Veiga e Juan Sobrino achégannos á parroquia de Santiago de Vilamateo. A sección «Viaxeiros» recolle o paso do portugués Hugo Rocha por Betanzos. No centenario da Academia Galega lémbranse os catro mariñáns académicos fundadores. Xosé Luis Sobrino trata de música arxentina e Baraxeiro de novas bibliográficas. Os deseños son da autoría de Víctor Tizón, Luis Otero, Alfredo Erias e Olaia Torres.

O derradeiro acto do ano foi a presentación do **poemario «Vizoño»**, obra prima do poeta de Abegondo e colaborador da Xanela Maxi Rei. A presentación, celebrada o venres 29 de decembro na sala Azul do Liceo, correu a cargo de Pilar Vázquez, presidenta de Eira Vella, Xesús Torres e o poeta e crítico Miro Villar.

A xunta directiva de Eira Vella ao longo de 2006 estivo integrada por: Pilar Vázquez Rodríguez como presidenta; Mariña Longueira, vicepresidenta; Gabriela Rodríguez, secretaria; Antón Fafián, tesoureiro; e Luis Otero, Xosé Luis Sobrino e Afonso Bieito Lorenzo como vocais.

ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE BETANZOS

Durante el año 2006, en nuestra asociación se impartieron los siguientes cursos, que se desarrollaron durante los meses de enero a junio y de octubre a diciembre, con las siguientes actividades:

- Lunes: pintura al óleo, impartida por Manuel Anido. Gimnasia, impartida por Carolina Martín.
- Martes: Cocina, impartida por Chona Sánchez. Corte y confección, impartido por Hortensia Francisco.
- Miércoles: Manualidades, restauración, porcelana, pintura en tela, grabado cristal estaño, impartido por Celia Otero.
- Jueves: Cocina para hombres, impartida por Chona Sánchez.
- Viernes: Bolills, impartido por Carmen Tages.
- Sábado: Pintura al óleo para niños, impartido por Manuel Anido.

Continuaron los cursos de ballet, impartidos por Jesús Martínez Sierra, en los mismos días (martes y jueves) y horarios.

Además, las siguientes actividades:

ENERO:

Día 19: en nuestro local, conferencia a cargo de D. Marcelino Álvarez López (Maino), que nos habló de «Betanzos, recuerdos de mi niñez».

Día 26: visitamos la fábrica de cerveza Estrella Galicia y el Museo Militar.

FEBRERO:

Día 16: en nuestro local, conferencia a cargo del doctor D. Santiago Mosquera Faraldo, médico de familia, que versó sobre la «diabetes mellitus».

Día 23: en el restaurante «los Arcos» tuvo lugar la tradicional laconada de carnaval.

MARZO:

Día 9: viaje cultural a Orense, con visitas a la fábrica de aceite Abril y la fábrica de cerámica V.P.

Día 23: Dª Beatriz García Veiga (peluquería Capri), profesora de formación profesional de peluquería y estética, en nuestro local, nos habló sobre estética y maquillaje.

ABRIL:

Día 19: viaje a Portugal, visitando Camiño y la feria de la Fortaleza.

Día 27: Dª Lucía Arenaza, miembro del equipo ejecutivo del presidente y D. Delfín Arbizu, miembro del equipo ejecutivo de expansión global nos hablaron sobre «el desayuno inteligente», aportándonos más información nutricional para un mejor cuidado del organismo. Fue en nuestro local.

MAYO:

Día 4: celebramos el «día de la madre» con una comida homenaje, celebrada en «los Arcos», a la figura de la «madre», representada este año por nuestra amiga Jesusa Viaño.

Día 16: en el «aula municipal de cultura» tuvo lugar la ya tradicional conferencia del «día das letras galegas» en colaboración con nuestro Excmo. Ayuntamiento. Fue impartida por el escritor D. Francisco Pillado Mayor.

JUNIO:

Día 19: en el Liceo, tuvo lugar la inauguración de la exposición de los trabajos realizados por las socias en los distintos cursos impartidos en la asociación.

Día 24: en Espenuca, celebramos la ya tradicional «romería de fin de curso».

Día 30: en el «aula municipal de cultura», tuvo lugar el festival de fin de curso de ballet, donde las alumnas nos mostraron sus progresos con un espectáculo de danza clásica, con coreografía del profesor Jesús Martínez.

JULIO:

Días 7, 8 y 9: participación en la Feria Franca Medieval con un puesto de dulces.

OCTUBRE:

Día 26: en nuestro local D. Alfredo Erias, bibliotecario municipal y director del Museo das Mariñas, nos habló sobre la inauguración de la su exposición de pintura en el Parlamento Europeo en Bruselas.

NOVIEMBRE:

Día 3: en la iglesia de Santo Domingo se ofició una misa por todas la socias fallecidas durante este año.

Día 9: comida de magosto en el restaurante los Arcos.

Día 23: en nuestro local, impartida por miembros de la «Asociación gallega de trasplantes», tuvo lugar una conferencia sobre la donación y el trasplante de órganos.

DICIEMBRE:

Día 14: en el «aula municipal de cultura», en colaboración con nuestro Excmo. Ayuntamiento, la hermana franciscana Belén Sodupe, nos impartió una charla titulada «testimonio vivo».

Día 17: Tuvo lugar el ya tradicional concurso de villancicos.

Día 21: tuvo lugar la asamblea general ordinaria.

AGRUPACIÓN MUSICAL «CARLOS SEIJO»

6 de mayo, actuación para Tanxedoira en su 30 Aniversario en el Centro Cívico de Monelos.

30 de junio, actuación de fin de curso de los alumnos de las clases.

7, 8, y 9 de julio, instalación de un puesto en la Feira Franca Medieval.

28 de julio, inauguración del local de ensayo y cena de confraternidad a la que asistieron 29 personas entre componentes y familiares directos.

13 de agosto, concierto «Cidade de Betanzos» en la iglesia de San Francisco.

6 de octubre, comienzo de las clases.

23 de noviembre concierto didáctico en el CEIP de Oza dos Ríos, dentro de los convenios suscritos con la Excma. Diputación de La Coruña.

10 de diciembre , organización de un concierto de navidad con la participación de la agrupación musical «Albéniz» en el Aula municipal de Cultura de Betanzos.

29 de diciembre, concierto de navidad de los



alumnos de las clases y fiesta navidadeña en el local de la agrupación.

30 de diciembre concierto de navidad en el asilo Hnos. García Naveira.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE BETANZOS

4 de enero: Concierto en la Residencia de mayores «O Coto».
5 de enero: Cabalgata de Reyes.
25 de marzo: Concierto del socio
13, 14 de abril: Procesiones de Semana Santa
20 de mayo: Encuentro de bandas en Betanzos
13 de agosto: Concierto Cidade de Betanzos
14, 15, 16 de agosto: Pasacalles fiestas de San Roque
8 de septiembre: procesión de los Remedios
3 de diciembre: Concierto de la Ilusión
Entrada de los nuevos componentes:
-Blanca Freire García (flauta)
-Germán Duro Sánchez (trompeta)
-Jacobo Loza Díaz (trompa)
-Carlos García Seco (contrabajo)
28 de diciembre: Concierto de Navidad





Erias

Servizo de Normalización Lingüística

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

MÓNICA MARTÍNEZ BALEIRÓN*

Desde que comezou a funcionar en agosto de 2005, o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos mantén abertas distintas liñas de traballo ao longo do ano: corrección e tradución de textos, asesoramento lingüístico e estilístico e resolución de dúbidas, xestión dos cursos de lingua galega, información e asesoramento a empresas e colectivos das axudas da Secretaría Xeral de Política Lingüística, organización de obradoiros de dinamización sociolingüística para a xente nova, colaboración e organización de eventos culturais relacionados co coñecemento da nosa comarca, investigación e divulgación do patrimonio lingüístico brigantino, etc.

1. FORMACIÓN

1.1. Cursos de lingua galega para adultos

En 2006 realizáronse no Centro de Formación Ocupacional de Bellavista tres cursos de lingua galega para adultos dentro da convocatoria anual da Consellería de Presidencia: galego oral (abril-xuño), iniciación (abril-xuño) e perfeccionamento (setembro-novembro). Nesta convocatoria abriuse a posibilidade de ofrecer un curso especial para os solicitantes non-galegos: o **Curso de galego oral**. Con este curso ofrecíaselles aos cidadáns con menos contacto co idioma a posibilidade de iniciarse a través dun primeiro nivel enfocado á aprendizaxe dunha comunicación oral básica.

Como outros anos, realizáronse tamén os **cursos de iniciación e de perfeccionamento da lingua galega** para todas aquelas persoas que procuraban mellorar as súas capacidades lingüísticas, reciclar as súas competencias orais e escritas ou acreditar os seus coñecementos de galego para competir nos procesos de selección da Administración pública galega.

Entre as tres modalidades, asistiron 51 persoas ás aulas de galego en 2006. A partir de entón, os cursos de lingua galega en Betanzos convertéronse na principal demanda do Servizo e nun dos fitos máis esperados da nosa programación anual. O Servizo é neste momento a única entidade que imparte os cursos no Concello de Betanzos.

Ao programa oficial dos cursos de lingua galega, o Servizo incorporou actividades de extensión cultural a través de charlas-coloquio para desenvolver ludicamente a expresión oral do alumnado ao redor de temas de interese xeral do noso territorio. Nestas charlas colaboraron desinteresadamente **Antón Fafián Porto** (para poñer en valor a natureza da comarca de Betanzos), **Manuel Seijo Vázquez** (para expoñer os principios de educación viaria e mais os problemas do tráfico de Betanzos), **Concha Delgado Corral** (para introducir o alumnado na literatura galega), **Henrique Otero del Río** (para falar das festas tradicionais de Betanzos) e, por último, **Alfredo Erias Martínez** (para realizar unha visita guiada polos monumentos artísticos da zona vella).

***Mónica Martínez Baleirón é licenciada en Filoloxía Hispánica (subsección galego-portugués), coautora dos volumes IV e V do *Atlas Lingüístico Galego*, realizado no Instituto da Lingua da Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é técnica de normalización lingüística do Concello de Betanzos.**

1.2. Seminarios de linguaxe administrativa galega para estudantes e para persoal do Concello

Empatando co anterior, e a pedimento do profesorado do **Departamento de Administrativo do IES As Mariñas**, establecemos unha liña de colaboración cos centros de secundaria para impartir seminarios de linguaxe administrativa galega para o alumnado do centro. A finalidade destes cursos é achegarlle ao alumnado algunhas directrices e recomendacións de cambio implantadas a través da reforma da linguaxe administrativa iniciada polos Estados Unidos en 1950 e desenvolvida en Europa a partir dos anos 70. Estas recomendacións da reforma da redacción administrativa procuran cambiar o estilo escuro, discriminatorio, reverencial e sexista dos textos administrativos tradicionais para conseguir unha linguaxe máis próxima á da cidadanía, máis clara e máis respectuosa.

Ao longo do curso 2005-2006 impartíronse estes seminarios para o alumnado do ciclo medio de Comunicación e Arquivos e mais para o ciclo superior de Administración e Finanzas. Esta liña de formación que abriu o Servizo contribúe en boa medida á profesionalización das destrezas escritas e á reciclaxe dos niveis de lingua galega do alumnado antes da súa incorporación ao mercado laboral.

Para o persoal da Administración local, a Consellería de Presidencia convoca tamén anualmente **Cursos de linguaxe administrativa galega** (niveis medio e superior). Informamos e xestionamos as solicitudes do persoal administrativo do Concello co obxectivo de que se impartise un dos cursos en Betanzos. Finalmente os cursos seguiron a impartirse nas cidades galegas; no que nos afecta, os solicitantes admitidos da comarca vénse sempre na obriga de desprazarse á Coruña para realizar estes cursos.



Para facilitar a asistencia do persoal do Concello a estes cursos de linguaxe administrativa, xestionamos co departamento de Formación da Deputación da Coruña a impartición de dous **cursos de *Redacción e tipoloxía dos documentos administrativos* para traballadores/as da Administración local** no Concello de Betanzos (Plan de Formación 2006). A estes dous cursos, que tiveron lugar no edificio Liceo no mes de novembro, asistiron 30 traballadores/as de distintos concellos da comarca.

2. INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Ademais da formación, o Servizo ten aberta unha liña de **asesoramento lingüístico** para todos aqueles que teñen dúbidas ou precisan axuda para elaborar os seus textos. Esta liña de traballo préstaselle tanto ao persoal da Administración local que o solicita coma aos particulares e ás empresas que demandan os nosos servizos. Este servizo de asesoramento é gratuíto, como todos os que presta o noso departamento municipal. Un dos destinatarios dos nosos labores de corrección lingüística é o propio *Anuario Brigantino*, que desde este ano recibe unha corrección lingüística e estilística dos traballos realizados en lingua galega.

A carón do asesoramento lingüístico tamén temos aberta unha liña de **asesoramento e xestión das axudas** que convocan as distintas administracións (pero nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Presidencia) para colaborar no financiamento de actividades de dinamización lingüística do propio Servizo e mais de distintos colectivos sociais e veciñais: asociacións sen ánimo de lucro, editoriais, empresas, equipos de normalización lingüística dos centros de ensino, etc.

3. DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA



Coa finalidade de achegar a lingua galega dun xeito lúdico aos máis pequenos, organizáronse dous obradoiros de dinamización lingüística: o obradoiro de narración oral *A arte de contar* e o obradoiro de sociolingüística *Máis alá*.

O obradoiro **A arte de contar** é unha actividade de narración oral e de expresión teatral que se desenvolveu na Casa da Xuventude desde o mes de xullo de 2006. Tras o verán consolidouse os sábados á mañá en horario de 12.00 a 13.00 h para cativos de de 4 a 7 anos e en horario de 13.00 a 14.00 para cativos de 8 a 10 anos. Para a organización deste curso contamos coa experiencia da monitora, Inés Cuadrado, que é licenciada en artes escénicas e ten unha longa traxectoria en actividades de dinamización para os máis pequenos.

En canto ao obradoiro **Máis alá**, os destinatarios foron os alumnos e as alumnas do IES As Mariñas da materia de Comunicación oral. Ao longo dos meses de outubro a decembro a cooperativa compostelá *Tagen Ata. Lingua e Comunicación* desenvolveu para o Servizo este obradoiro coa finalidade de descubrir os prexuízos que existen arredor da lingua galega na nosa sociedade para favorecer unha comunicación máis fluída en lingua galega entre os adolescentes. Para o seu financiamento contamos coa axuda da Dirección Xeral de Xuventude da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Por outra banda, realizáronse tamén varias **representacións teatrais** en lingua galega: *Un punki na corte* (para o alumnado do CEIP Vales Villamarín), *Da outra banda da ponte* (teatralización da vida de Manuel Lugrís para o alumnado dos tres institutos betanceiros e a xenial *Bicos con lingua* (comedia sobre os prexuízos lingüísticos da que se realizaron tres pases: un para todos os públicos e dous para os institutos).

4. DINAMIZACIÓN CULTURAL

Colaborouse con distintas entidades para desenvolver no concello de Betanzos actividades de coñecemento e divulgación de temas de interese xeral. Dentro destes destacan os relacionados co Ano da Memoria Histórica. Nesta liña, o Servizo colaborou co proxecto interuniversitario **As vítimas, os nomes, as voces e os lugares** na procura de contactos e entrevistas centradas na guerra civil de 1936 co fin investigar a memoria oral de Betanzos. Ao longo de cinco meses realizáronse en Betanzos entrevistas a persoas significadas pola súa relación persoal ou familiar coa represión franquista: **Andrés Beade Dopico** (fillo do ex-alcalde Ramón Beade Méndez), **Tomás López Loureda** (fillo do ex-alcalde Tomás López Datorre), **Juan Fuentes Vasco** (sobriño do primeiro fusilado betanceiro, Tomás Fuentes Velón), **Francisco Moreno Vilariño** («O Fusilado», foi dado por morto tras ser paseado), **José Luis Faraldo Sánchez** (emigrado de neno a Buenos Aires tras a guerra) e **Marina Barbeito Dorado** (filla dun veciño represaliado).

Colaboramos tamén coa Asociación Cultural Eira Vella nas xornadas **Sombras na memoria. A represión franquista en Betanzos**, que se desenvolveron ao longo dos meses de setembro e outubro de 2006. Dentro do programa de actividades (proxeccións, charlas-coloquio e roteiro) destacaron polo asistencia e a emotividade os eventos participados polos veciños: a mesa redonda constituída polos veciños represaliados e a homenaxe aos mortos nos lugares visitados no roteiro por Betanzos.



Andrés Beade Dopico, Tomás López Loureda, Francisco Moreno Vilariño e Juan Fuentes Vasco na primeira entrevista realizada para o proxecto de recuperación da memoria histórica.

Para rematar cos actos de recordo aos sucesos e ás consecuencias da guerra civil do 36 realizouse a exposición **Corenta anos de traballo por Galiza. O compromiso da diáspora galega** no edificio Liceo desde o 19/09/2006-15/10/2006. Para a realización desta exposición contamos coa colaboración da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

5. PUBLICACIÓNS E INVESTIGACIÓN

Co gallo do Día das Letras Galegas, que este ano se dedicaba ao galeguista de Sada Manuel Lugris Freire, O Servizo editou 1500 exemplares dunha **escolma de textos da obra de Lugrís** que se presentou o 26 de maio e que se distribuíu de balde. A obra ábrese co famoso mitin de Betanzos, que pasa por ser o primeiro mitin político en galego (06/10/1907), tal e como recordou no seu día *A Nosa Terra*. O historiador betanceiro Xesús Torres Regueiro presentou esta primeira publicación do Servizo. O acto pechouse cun concerto de cámara amenizado pola cantante polaca Paulina Ceremuzynska.

A carón desta publicación, consolidamos unha **columna mensual en Betanzos e a súa comarca** coa intención de dar a coñecer a orixe e o significado dos apelidos e dos nomes dos lugares da comarca brigantina.

Esta liña divulgativa da nosa toponimia xúntase coa colaboración que establecemos co **Proxecto Toponimia de Galicia** da Xunta de Galicia. A través desta colaboración botamos a andar a recollida dos nomes dos lugares, dos camiños, das leiras, dos ríos, dos regatos, etc. do noso concello. Para realizar este traballo de investigación contamos coa metodoloxía, co soporte técnico e coa axuda dun traballador do Proxecto, que colaborou co Servizo no mes de decembro. Os traballos de recollida comezaron na parroquia de Tiobre e a intención é completar a recollida en todo o concello.



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* baséase para a realización deste apartado nas seguintes publicacións periódicas: *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego / Galicia Hoxe*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Periódico de As Mariñas*, *Mariñán* e *El Metropolitano*.

José Tomás. «Misterio de Guernica». Portada dun libro de Baía Edicións.

2 de xaneiro de 2006
Comezou a andadura da Escola Taller encargada de recuperar o antigo edificio do matadeiro. Neste proxecto participaron 56 persoas, entre alumnos e profesores, nas ramas de carpintería, albanelería, electricidade e metalurxia.
4 de xaneiro de 2006
O concello, a través do Servizo de Normalización Lingüística, iniciou unha campaña de promoción do galego coa edición de carteis e calendarios. A campaña foi presentada pola concelleira de Xuventude e Normalización Lingüística, Dª Concepción Valladares.
5 de xaneiro de 2006
Celebrouse a tradicional cabalgata dos Reis Magos de Oriente, que atenderon as peticións dos máis pequenos. A organización correu a cargo do concello.
Xaneiro de 2006
Neste mes foi distribuído entre os veciños o calendario editado polo Concello, con fotos antigas do Arquivo Municipal e fotos actuais da cidade.
7 de xaneiro de 2006
Dentro dos actos do Nadal, tivo lugar na igrexa de Santo Domingo un concerto do coro de Cámara de Galicia *Madrigalia*, que está patrocinado por Unión Fenosa e que interpretou entre outras, a *Misa do Galo* de Charpentier.
8 de xaneiro de 2006
Celebrouse no Edificio Liceo un torneo de xadrez que estivo organizado pola Asociación de veciños Rosalía de Castro e o Club de Xadrez de Betanzos. Estivo encadrado dentro dos actos de Nadal celebrados polo Concello.
8 de xaneiro de 2006
Na Praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar unha Xincana ciclista organizada polo Club Ciclista Betanzos-T. Riego. Estivo encadrado dentro dos actos de Nadal celebrados polo Concello.
17 de xaneiro de 2006
Saíu publicado no Boletín Oficial da Provincia deste día o presuposto do concello para o ano 2006, que ascendeu á cantidade de 10.015.038 €.
18 de xaneiro de 2006
Dentro do Plan de Prevención de Drogodependencias que leva a cabo o Concello a través da Concellería de Servizos Sociais, en colaboración coa Xunta de Galicia, púxose en funcionamento no edificio Liceo a escola de Nais e Pais.
20 de xaneiro de 2006
Deu comezo no Edificio Liceo o segundo ciclo de cine *Outros cines outras culturas*, organizado pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística. Este ano estivo dedicado ó cine brasileiro coa proxección de tres películas de forte contido social.
Xaneiro de 2006
Os traballos de substitución do pavimento por pedra granítica no Cantón de Claudino Pita obrigou a trasladar os postos do mercado ó Cantón de San Roque e á Praza dos Irmáns García Naveira.

25-29 de xaneiro de 2006
A cidade de Betanzos estivo presente ó longo destes días na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur). A delegación municipal estivo encabezada polo alcalde, D. Manuel Lagares. Ademais de dar a coñecer os atractivos da nosa cidade aproveitouse a estancia en Madrid para facer unha recepción ós betanceiros alí residentes.



29 de xaneiro de 2006
Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de fragmentos de ópera interpretados polas voces de Cecilia Gallego (soprano) e Francisco Heredia (tenor), acompañados da Orquestra Sinfónica de Melide, dirixidos por Fernando V. Arias.



31 de xaneiro de 2006
D. Ignacio Rodríguez, xerente do Xacobeo, visitou o convento das Donas. Estivo acompañado do alcalde, D. Manuel Lagares, e de varios concelleiros.>



Xaneiro de 2006
Abriu ó público o parque infantil de Alfonso IX despois das obras de mellora. Os nenos dispoñen de máis xogos e dunha zona axardinada renovada.

2 de febreiro de 2006
Na Sala de Usos Múltiples do edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «El juicio de los 23», da autoría de Enrique Barrera, Rafael Pillado e José Torregrosa de Edicións *Embora*, que narra os sucesos acaecidos na empresa Bazán no 1972. O acto foi organizado pola *Fundación 10 de Marzo*, Unión Comarcal da Coruña de Comisións Obreiras, asociación cultural Fuco Buxán e o Concello de Betanzos.



10 de febreiro de 2006
Deu comezo neste día o programa «*Contos na pedra*», organizado polas concellerías de Casco Histórico, Comercio e Xuventude, co obxecto de dinamizar o sector hostaleiro do casco histórico. O programa desenvolveuse ó longo dos meses de febreiro, marzo e abril e nel participaron: Carlos Blanco, Os Dous de Sempre, Quico Cadaval, Gari e Vicky, David Amor, Carlos Pache, Pepo Suevos e Candido Pazó. >

11 de febreiro de 2006
Nun emotivo acto celebrado no convento das Agustinas Recoletas conmemorouse os cincuenta anos do ingreso na Orde da Madre Consolación, Priora do Convento. No oficio relixioso celebrado renovou de novo os seus votos. Ao final do acto leuse, diante de numeroso público que estivo presente, unha bendición que o Papa Benedicto XVI enviou para a ocasión.

12 de febreiro de 2006
Na Aula de Cultura representouse a obra teatral «Bicos con lingua» a cargo do grupo *Talía Teatro*. Dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios e coa organización da Concellería de Cultura, Educación e Deporte.

Febreiro de 2006
Comezou neste mes a instalación na rúa Rosalía de Castro dun sistema de contedores subterráneos a modo de proba. As obras foron financiadas pola Xunta de Galicia despois dun acordo entre o Conselleiro de Medio Ambiente, D. Manuel Vázquez Fernández e o Alcalde, D. Manuel Lagares.



Febreiro de 2006
Desenrolouse neste mes, promovido pola Concellería de Servizos Sociais, unha campaña de prevención da drogodependencia nos centros educativos consistentes en charlas, proxección de películas e entrega de diverso material didáctico.

16 de febreiro de 2006
O deseñador brigantino, Jorge Vázquez, mostrou unha colección dos seus vestidos na pasarela Cibeles en Madrid onde conquistou a críticos e público.

17 de febreiro de 2006
Tivo lugar na Deputación da Coruña a presentación do «Premio Internacional de Arte Gráfico «Jesús Núñez» por parte do presidente da Comisión de Cultura, D. Celestino Poza. No acto estivo acompañado do propio Jesús Núñez, do concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz e do subdirector do Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC), D. Pedro Galileo. Este premio naceu co obxectivo de apoiar a creación artística, impulsar a Betanzos como capital do gravado e dar un recoñecemento á traxectoria deste artista brigantino e fundador do CIEC.



Torrecilla (La Opinión)



César

20 de febreiro de 2006
O adestrador do Betanzos F.C., Juanjo Vila foi destituído do seu cargo pola crise de resultados do equipo. O seu axudante Juancar fíxose cargo do equipo.

22 de febreiro de 2006
Na Sala de usos múltiples do edificio Liceo presentouse o libro de Antonino Vázquez Bonome titulado «*El jeroglífico en la escuela*». A presentación correu a cargo do profesor D. José Antonio Castro Arenas. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza do concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz.

23 de febreiro de 2006

No Pleno do Concello deste día aprobouse a inclusión de oito nomes para o nomenclátor das rúas da cidade: Clara Sanches, esposa do líder irmandiño Afonso de Carballido; Úrsula Meléndez de Texeda, fundadora do Colexio de Orfas en 1629; Sancha Rodríguez, muller de Fernán Pérez de Andrade; Paquita Zuloaga, mestra de moitas xeracións de betanceiros; Manuel María, poeta galego con forte vinculación a Betanzos; Francisco Iglesias, mestre e periodista betanceiro; José Antonio Miguez, catedrático do Instituto Francisco Aguiar e ás Irmandades da Fala, pola súa labor na conservación do idioma galego.

25 de febreiro - 1 de marzo de 2006

Desenvolveuse ó longo destes días o Programa de Festexos do Antroido elaborado polo Concello. Tiveron cabida bailes, atraccións para nenos, concursos de disfraces e, como ven sendo habitual, rematou co enterro da sardiña.

Marzo de 2006

Neste mes comezou a funcionar o servizo de comedor no colexio Vales Villamarín de Betanzos.

1 de marzo de 2006

Visitou a nosa cidade o Director Xeral de Xuventude, D. Rubén Cela. Foi recibido polo alcalde, D. Manuel Lagares e a concelleira de Xuventude e Normalización Lingüística, Dª Concepción Valladares. Un dos temas a tratar foi o da cesión da Casa da Xuventude ó Concello. >



La Opinión

Marzo de 2006

Desenrolouse nos centros educativos unha campaña de concienciación sobre inmigración, resaltando a riqueza dun mundo multicultural baixo o lema»A mestura enriquece».



Juan Varela (La Opinión)

3 de marzo de 2006

O brigantino, D. Xesús Fraga Varela cedeu ó Museo das Mariñas un proxector cinematográfico e un visor de fotografías. O acto de entrega, celebrado no propio museo, estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.

11 de marzo de 2006

No Edificio Liceo celebrouse a *II Edición da Xuntanza de Labores Artesanais*, que contou coa participación de medio cento de agrupacións e centros sociais que englobaron a cerca de medio milleiro de participantes. Foi organizada pola Asociación de Mulleres da Condesa e pola concellería de Servizos Sociais.

12 de marzo de 2006

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o estreo da obra teatral «Carambola (cóncavo convexo)», de José Luis Prieto, a cargo da compañía *Lagarta, Lagarta* e baixo a dirección de Lino Braxe. A organización foi da Concellería de Cultura, Educación e Deportes.



13 de marzo de 2006

O Alcalde, D. Manuel Lagares e o primeiro tenente de alcalde, D. Andrés Otero, entrevistáronse en Santiago co Vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Anxo Quintana, co obxectivo de conseguir apoio para a instalación na nosa cidade dun Centro de Día e unha residencia para maiores, así como un Centro de Información á Muller, entre outras melloras sociais.



César

18 de marzo de 2006

Na Sala de usos múltiples do Edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «Betanzos na Historia» da que é autor o betanceiro, Xesús Torres. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares e a presentación correu a cargo do presidente da Real Academia Galega, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.



Erias

22 de marzo de 2006

A Praza do Campo da nosa cidade foi escollida polos bombeiros comarcais para mostrar as súas protestas en demanda de melloras no emprego.



23 de marzo de 2006

A conselleira de sanidade, Dª María José Rubio foi recibida na Sala Capitular do Concello polo alcalde, D. Manuel Lagares, o primeiro tenente de alcalde, D. Andrés Otero e varios membros da corporación municipal. A conselleira visitou o centro de saúde do Carregal onde se lle relataron as deficiencias do centro e a necesidade de novas especialidades.

27 de marzo de 2006
Un temporal de choiva e vento pasou pola nosa cidade causando algúns destrozos na comarca. Entre eles, cabe destacar o desprendemento dun escudo das sete capitais de provincia do antigo Reino de Galicia, concretamente o da Coruña, na praza de Alfonso IX.


Juan Varela (La Opinión)

27 de marzo de 2006
Dª Cristina Rico, cociñeira do restaurante *Pasatempo* de Betanzos, acadou dous premios, un á mellor receita e outro á mellor receita tradicional renovada no certame Alcorta Martín Berasategui, celebrado no hotel Barceló. O plato con que foi premiada foi galo de curral ó viño tinto.

1 de abril de 2006
Celebrouse no pavillón polideportivo o Campionato Galego Cadete de Taekondo.

8-16 de abril de 2006
Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo coengo, director do museo e presidente da Comisión de Cultura da S.M.I: Catedral de Santiago, D. Alejandro Barral Iglesias, na igrexa de Santo Domingo. Os actos máis relevantes foron as procesións do Santo Encontro, Vía Crucis, Santo Enterro e a dos Caladiños. Este ano as procesións desviáronse pola Rúa Nova debido ás obras na Rúa Travesa.



8 de abril de 2006
Na sala de usos múltiples do Edificio Liceo celebrouse unha xornada de achegamento á realidade de Palestina, cunha proxección e unha charla coloquio posterior. O acto foi organizado pola concellería de Xuventude e Normalización Lingüística do Concello.

8-16 de abril de 2006
Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo puido contemplarse unha mostra de pintura do artista lugués, Miguel González Franco.

Abril de 2006
Reabriuse ó público o Cantón de Claudino Pita, despois das últimas obras consistentes na substitución do pavimento de cemento por placas de pedra granítica.



Erias



César

Abril de 2006

Xubilouse do Servizo Galego de Saúde neste mes o médico, D. Juan Suárez Barros, despois de corenta e cinco anos exercendo a Medicina, a maior parte deles na nosa cidade. Está moi vinculado a organizacións humanitarias como a Cruz Vermella, da que posúe a medalla de prata. Tamén se lle concedeu a medalla de prata de Galicia. Actualmente é asesor da Asociación Española contra o cancro.

22 de abril de 2006



Erias

Veciños do barrio da Ponte Vella organizaron un acto de homenaxe ó párroco D. Manuel Ares Faraldo, que o día primeiro deste mes celebrou o cincuenta aniversario da súa ordenación como sacerdote. Ordenouse en Comillas e cantou a primeira misa no Santuario dos Remedios o 11 de xullo dese mesmo ano de 1956. O seu primeiro destino foi na Estrada e de alí foise para Bolivia. Unha vez de volta encargouse das parroquias de Mondoi e Porzomillos. Actualmente é párroco de San Martiño de Tiobre, San Andrés de Obre e capelán das Agustinas Recoletas.

22 de abril de 2006

Representouse na Aula Municipal de Cultura a obra teatral «Yepeto», polo grupo *Andamio* e dirixida por Tatiana Likhacheva. A organización foi da Concellería de Cultura, Educación e Deportes.

22-23 de abril de 2006

Celebrouse na Praza do Campo a VII Feira do Queixo baixo o lema «*Comercia en Betanzos. Consume produtos da nosa Terra*», na que participaron máis de vinte produtores de toda a comarca. Foi organizada polas concellarías de Comercio, Formación Ocupacional e Desenvolvemento Local e de Servizos. O primeiro premio ó mellor queixo fresco foi para Dª María Soledad Martínez, de Abegondo. O primeiro premio para semicurados foi para María del Pilar del Candal, de Ordes. O premio ó mellor posto quedou deserto. Os días da feira realizouse un rastro de



César

23 de abril de 2006
Celebrouse a *II Gala de Integración Social*, organizada polo colexio Sagrado Corazón, para fomentar a integración de persoas con discapacidade intelectual. Incluíuse nos actos unha misa presidida polo arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio.


Erias

26 de abril de 2006
Por estas datas estábase a pavimentar con pedra granítica en sen beirarrúas a Rúa Travesa.

30 de abril de 2006
Teatro do Adro representou na Aula Municipal de Cultura a obra «García», dirixida por Cándido Pazó. A organización foi da Concellería de Cultura, Educación e Deportes a través do programa da Rede Galega de Auditorios e Teatros do IGAEM.

Maio de 2006
Ao longo deste mes desenvolveuse o programa de actos das Letras Galegas, organizado polas concellarías de Cultura, Educación e Deporte e de Xuventude e Normalización Lingüística, que este ano estivo dedicado a Manuel Lugrís Freire. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, á parte das propias institucións do Concello como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas, campañas de animación á lectura na Biblioteca Municipal, etc.



3 de maio de 2006
No Edificio Liceo tivo lugar unha conferencias sobre Lugrís Freire. No acto participou o propio neto do autor homenaxeado, D. Manuel Lugrís Rodríguez.

4 de maio de 2006
No Edificio Liceo tivo lugar unha conferencia de Dª Verónica Santos, do Departamento de Educación do Museo do Prado, titulada «El retrato español en el Prado: del Greco a Goya». O acto foi organizado pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes en colaboración co Ministerio de Cultura e a Fundación Caixa Galicia.

5-7 de maio de 2006
Celebrouse a XXI Festa do Viño de Betanzos, organizada pola Asociación de Colleiteiros de Betanzos, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do médico e escritor, D. Fausto Galdo. Foron moitas as persoas que participaron nesta festa de exaltación dos nosos viños. Na cata dos presentados a concurso resultaron gañadores, D. Benito Dopazo e D. José Doporto na categoría de viños tintos e Dª Ana Otero e Pedro Vilariño nos viños brancos.

PREGON DA FESTA DO VIÑO
Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Betanzos.
Betanceiros e amigos. Boas tardes.
En primeiro lugar teño que agradecer aos organizadores de esta Feira do Viño que me elixiran para este honroso encargo de pregoeiro, sen mais méritos que o agarimo que teño pola terra e o viño de Betanzos.

Graciñas a todos, estou abraiado pola responsabilidade, tentarei con humildade cumprir o encargo o mellor que poida.


César

Un dos principais persoeiros da historia medieval da miña terra de Viveiro, que se xunta cas mariñas de Betanzos por un vello e estreito camiño de arrieiros que atravesa as Serras da Bouzamaior e do Xistral, foi dona Constanza de Castro e Osorio, señora do Coto de Silán, da que o seu pasamento tivo lugar no ano de 1491, á vista de Viveiro, cando chegaba dunha longa peregrinaxe aos Santos Lugares. Morreu con sona de Santa e foi soterrada no brazo dereito da igrexa de San Francisco, que ten a ábsida mais espelida das igrexas góticas de Galicia. Mais dun século despois, cando no ano de 1611 abriuse o seu sartego atoparon que o corpo estaba incorrupto, con recendo as mais perfumadas flores, confirmándose así o extraordinario da súa persoa. Atribúenselle á Beata Constanza de Castro cuxa festa celébrase o 14 de Xuño no calendario dos Frades Franciscos, varios milagres, entre eles a curación dunha señora veciña da parroquia de Galdo, á beira do río Landro, presa desde moza dunha enfermidade de artrite.

Dona Constanza era a viúva de Rui Díaz de Andrade, señor de San Pantaleón das Viñas que morreu como heroe na Guerra de Granada. Un seu fillo fundou a capela de Nosa Señora do Camiño, santuario chamado dos Remedios extramuros desta cidade de Betanzos. É sona que entre as batallas co infiel, as mesnadas de betanceiros e silanos repoñían as forzas con grandes cuncas de viño da terra de Betanzos, un viño mozo, fresco, saltador, espelido, cantareiro, rebuldeiro como unha muiñeira, viño repartidor de ledicias que non embouta o cerebro como dixo Xulio Cuns, porque de xeito puntual mentres durou a guerra, dúas veces no ano as carabelas brigantinas atracaban no porto de Motril levando grandes bocois de viño. Quero suxerir aos colleiteiros de Betanzos que tomen nota dos méritos que concorren na Beata Constanza de Castro para ser a santa patroa do viño da terra.

Son as viñas de Betanzos as mais setentrionais de Galicia, no dicir de don Ramón Otero Pedrayo, quen tiña o noso viño por fresco e agradable, e as únicas que restan nestas latitudes. É un viño cargado de historia con documentos que o avalan, mesmo no século XIV El-Rei Afonso XI firma privilexios e proteccións para o viño da Terra, o Licenciado Molina na «Descrición do Reino de Galicia», unha a xeito de historia de todos nos, a primeira que se fixo nesta irredenta Terra imprentada en Mondoñedo no 1550, refírese a Betanzos como terra de moito viño, tempo despois nos comezos do seguinte século foi Felipe III por mor dunha visita que fixo a Coruña quen dicta provisións protexendo o viño autóctono, outro viaxeiro o Cardeal Xerónimo del Hoyo que fai unha xira por todo lo seu Arcebispado escrebe unhas Memorias datadas no 1620 e lémbrase das viñas de Betanzos. Xa desde dentro de cidade, coido que é no 1768 por mor da fame e da peste, reclámaselle ao Concello desde o Hospital do Santo Antonio, que favoreza o cultivo da pataca e arranque as vides, como recolle o meu amigo Carlos Manuel Fernández, ilustre médico betanceiro en varios traballos.

Betanzos ten vocación vinícola, loitou e logrou vencer as pragas que tentaron de agostar as viñas, coñécense epidemias como o oidium ou «cinza» no 1854, o mildiu ou «mera», a filoxera no 1907 e mais a «podre», todas fóronse vencendo ata chegar a hoxe, cando se cultivan uvas escolleitas e ben tratadas coas que os viñateiros poden facer os mellores caldos: Uvas de «branco lexítimo» a modo dun Chardonay francés, contan que as trouxeron os monxes de Monfero. «Agudelho» que son da familia do Godello de Valdeorras, unha uva autóctona galega, pode que restos dos acios que trouxeran os romanos, por que cada soldado romano que chegou a vella Gallaecia nas tropas de Caio Xuño Bruto, levaba na súa mochila un acio para plantalo; cultívase tamén algo de Palomino ou «Xerez» e algún Albariño, moito menos tradicionais nesta bisbarra. As uvas tintas son das chamadas Roibal e as «Serrádelo» semellante a Caíña, que volveron a impoñerse, cando foron atacadas pola «podre» trocáronse por Mencía, mais resistente, aínda que con menos corpo e buqué.

Non sempre tivo o viño o mesmo valor lúdico e gorentoso que ten agora, de feito case toda Galicia foi unha viña incluso as miñas terras do Nordés onde o frío e mailo vento que sopra a cotío non son

garantes da boa colleita, facíase viño porque era un alimento mais, un aporte de calorías, barato e mais fácil de conseguir que a vitela, os peixes e os outros nutrientes. O viño facíase nas pipas de madeira nas que se deixaba a madre.



A costume pon no San Martiño 11 de Novembro, a data para probalo viño, a cata facíase pasándoo entre os dentes para evitar a acidez nos primeiros grolos. En ocasións e cando xa se esgotara a colleita do ano anterior ou estaba picada, tentábase de abillar antes de tempo, foi por iso que se inventou o «viño das castañas», feito a parte cas derradeiras uvas, as mais ruíns, co fin de bebelo a primeiros de Outubro mentres non maduraba o viño da terra. Houbo preitos e controversias con mediación do Concello e mais do Gobernador Civil porque consideraban perigoso para a saúde beber este «viño verde», cunha sola fervedura, coida Xosé María Veiga Ferreira que a pesares das prohibicións seguiuse a beber, sen que nos anais desta ilustre cidade lémbrese ningún accidente. Outra referencia as datas do viño novo, é a chamada «Festa dos alborotados», para festexar aos romeiros que viñan a festa da Nosa Señora do Camiño no mosteiro dos Remedios, moitos deles da bisbarra de Ferrol, abillábase o viño e a feira seguía unha xornada mais, o día de San Migueliño dos figos (29 de Setembro), catábase o viño novo corenta días antes do San Martiño, pode que a orixe fose a mesma nos dous casos.

Dentro da boa lóxica os viños ruíns de Galicia fóronse trocando por outros cultivos e solo quedaron aqueles que pola súa calidade ou función social merecíala pena de manter, entre eles o viño de Betanzos que segundo o estudio «Os viños de Galicia» de Xosé Posada andou a piques de desaparecer. Aló polos anos setenta, ben pola falta de calidade ou polo cultivo do lúpulo, perdéranse mais das metade das viñas que había nos tempos do Catastro do Marqués de la Ensenada. Mais este viño persiste porque é un viño sinxelo e agarimoso, fresco e de bo saber, limpo e sen lixos, que deixa bo corpo, é un viño mozo moi propio para parolar, comendo un pouco de xamón ou unha tortilla, e viño que se presta para a charla e as bromas ao fin do traballo, para compartir con amigos.

O costume de mostrar o ramo de loureiro cando se abilla unha pipa nova ven de lonxe, Alfredo Erias recolle no seu pregón unhas normas de protección do viño, e mais a orden de colocar o ramo de loureiro, naquelas bodegas que o venderan, datadas no 1591, coido que como noutras bisbarras preto de Santiago e na Barbanza o ramo de loureiro, era unha obriga, para que puideran cobrar as cargas e trabucos e dicir os impostos. O ramo foi quedando como aviso dos amigos e veciños, os entendidos palpan as follas para saber cantos días leva aberto o bocoi do viño, pasar a catalo gozando da compaña e das boas mantenzas propias das bodegas de Betanzos. Nalgunhas chegaron a embotellarse con etiquetas, poñendo o nome dos amigos como me conta Manuel Lousa que facía o seu pai.

A bisbarra de Betanzos goza de gastronomía propia, que sempre a distinguiu, a calidade e sinxeleza dos seus produtos andan nas coplas e ninguén que se prece de coñecer Galicia esquecerá os repolos de Betanzos, os grandes pementos vermellos, os tirabeques, a especial tortilla ca pataca cortada en miúdo e os ovos frescos e sabedores a medio callar, e que dicir da carne ao xeito de Betanzos, ese Xarrete asado na tarteira cun puntiño de graxa de porco, e as excelsas patacas douradas e feitas no mesmo prebe da carne. Dobre ración de patacas merece a maxistral e gorentosa mantenza. Lembro con morriña tardiñas de verán naquel patio que tiña o Edreira, aquí mesmo na rúa que pasa a beira deste edificio, feito para Arquivo do Reino de Galicia, na parede do fondal ringleiras de botellas valeiras, en riba do mantel de cadros verdes, gastados de mil lavados a tortilla pingando ovo e aceite, a ensalada de leituga raíña de maio, cos tomates gorentosos que estoupaban de maduros, e o viño branco cunha tinguidura de roseira, un punto ácido e sabedor que enche a boca, as papilas do gusto, a lingua e as fauces. A música soa de lonxe na pista do Rei Brigo, marabilla de merendas que xa non han volver.

En xaneiro de 1989 constituíuse o colectivo Brigantium co fin de coñecer diversos parámetros sobre da alimentación dos maiores na bisbarra de Betanzos, anos despois o estudio Euro-Nut amosaría como as singularidades das nosas mantenzas incluído o viño, fan de Betanzos unha das cidades ca alimentación mais equilibrada da Europa, teima de orgullo que se fai meirande cando no mesmo

estudio evidenciase que dentro da poboación da terceira idade non existen analfabetos, en Betanzos a escolarización total leva moitos anos, unha grande obra dos irmáns García Naveira.
Aquel viño da terra, entrañable e agarimoso, mais falto de gran calidade, é cousa doutros tempos. Desde hai varios anos as bodegas betanceiras están dotadas das derradeiras tecnoloxías: cubas de aceiro inoxidable nas que seguindo os consellos dos enólogos regúlase a temperatura e fermentase o viño no momento mais axeitado. Así temos no mercado uns viños limpos e nobres, con características organolépticas definidas, un viño digno, con recendos froiteiros na espera de acadar a Denominación de orixe. Parabéns a todos. Vou a finalizar cunhas verbas do admirado poeta Manuel María, Roi Xordo da nosa Irmandade dos viños de Galicia.

Quero rematar no nome de Deus e de Santa María
e de San Fuco o grande, que gran virtude había.
E que me dean viño betanceiro por don e regalía,
que eu non sei doutro viño que teña mais valía.
Fausto Galdo

Maio de 2006
Alumnos e profesores do Ciclo Superior de Información e Comercialización Turísticas do Instituto Francisco Aguiar elaboraron unha ruta turística temática sobre a vida e obra dos irmáns García Naveira.Iniciativa na que colaborou a Concellaría de Turismo.

Maio de 2006
Mediante un acordo entre a Tesourería da Seguridade Social e o Concello cedeuse provisionalmente o edificio do antigo ambulatorio ó Colexio Sagrado Corazón, mentres duren as obras de ampliación do colexio.

Maio de 2006
A Xunta de Galicia concedeu cinco novos cursos formativos para o centro municipal nas especialidades de xardiñeiría, fontanería, auxiliar de biblioteca e centros de documentación, técnicos en dietética e nutrición e axudante técnico en Protección Civil.

12 de maio de 2006
Na Sala Capitular do Concello foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares os asistentes á *XIX Conferencia do Distrito 2210 do Rotary Internacional*, que se celebrou na nosa cidade.



César



Maio de 2006
O pescador brigantino, Jesús Fraga, gañou o Campionato provincial de Pesca de Salmónidos, título que xa conseguiu tamén nos anos 2003 e 2005.>

14 de maio de 2006
Dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios e coa organización da Concellería de Cultura, Educación e Deporte, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra «O heroe» do escritor Manuel Rivas, que foi representada pola compañía *Sarabela Teatro.*

15 de maio de 2006

Dª Dionisia López Amado, unha das fundadoras do movemento *Madres de la Plaza de Mayo*, visitou a nosa cidade e foi recibida na Sala Capitular polo primeiro tenente de alcalde, D. Andrés Otero e os concelleiros D. Francisco Díaz e D. Xabier López. >



17 de maio de 2006

Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, tivo lugar no Edificio Liceo a presentación da *XI Mostra Documental de Betanzos*, que este ano estivo dedicada ás orquestras populares. Acto seguido, na Aula Municipal de Cultura, presentouse o libro «Orquestras Populares das Mariñas», do que son autores Xulio Cuns Lousa e Xosé María Veiga Ferreira. A presentación correu a cargo do músico e periodista Xurxo Souto. O acto estivo amenizado polo cantante Sito Sedes acompañado de Ángel Brandariz. A organización correu a cargo da Concellería de Cultura, Educación e Deporte.





César

19 de maio de 2006
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto do grupo de cámara «Nueva Poesía» e «Dúo entre dos», que mostraron un percorrido pola lírica galega con especial dedicación a Lugrís. O acto estivo encadrado dentro do programa das Letras Galegas, e foi organizado pola Concellería de Cultura.
20 de maio de 2006
Na Aula de Cultura tivo lugar a representación da obra «Non lle busques tres pernas ao alcalde», adaptación de Manuel Basoa, a cargo do Grupo de *Teatro Amistade*. A organización foi do *Grupo de Teatro Luzada* coa colaboración da Concellería de Cultura.
21 de maio de 2006
Dentro do programa das Letras Galegas tivo lugar na Aula de Cultura a representación da obra «O pazo», de Manuel Lugrís Freire, a cargo da compañía *Teatro Artesano*. A organización correu a cargo da Concellería de Cultura, Educación e Deporte.
22 de maio de 2006
Con motivo da festividade de Santa Rita, patroa dos funcionarios da Administración Local, o Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulles insignias ós traballadores que se xubilaron neste ano que foron: Dª Concepción Carro Bellón e Dª Divina García Fuentes. Recibiron tamén un distintivo Dª María Purriños Aller, D. José Andrés Rey Orgeira, D. Antonio Carlos Naveira Placer e D. José Mª Vidal Moreira por levar vintecinco anos vinculados ó Concello.
22 de maio de 2006
Na Aula de Cultura representouse para os escolares a obra de títeres «Camiño de aventuras» de Jorge Rey, a cargo da compañía *Cachirulo Teatro*. A organización correu a cargo da Concellería de Cultura.
23 de maio de 2006
Organizado pola Escola Municipal de Folclore e a Concellería de Cultura tivo lugar na Sala de Usos Múltiples a conferencia didáctica «As formacións de música tradicional galega» pola historiadora e investigadora Dª Belén Mato Corral.
24 de maio de 2006
Na Aula Municipal de Cultura e coa organización da concellería de Cultura, tivo lugar a representación teatral «Da outra banda da ponte» de Francisco Pillado Mallor, a cargo da compañía *Casa Hamlet*.
24 de maio de 2006
Procedeuse ó derribo da churrería do Campo que estaba adosada á igrexa de Santo Domingo.





César

25 de maio de 2006
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro»Vales Villamarín: obra completa», na que interviñeron D. José Domingo Vales Vía, no nome da familia de D. Francisco Vales Villamarín; D. José Luis López Sangil, presidente da Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia e D. Alfredo Erias Martínez, director do Anuario Brigantino e editor da obra. A continuación a Coral Polifónica ofreceu un concerto.

26 de maio de 2006
Na Aula de Cultura representouse para os alumnos dos colexios do Concello a obra «Edelmiro II e o dragón Gutiérrez» a cargo da compañía *Teatro do Andamio*. A organización correu a cargo da Concellería de Cultura.

26 de maio de 2006
Dentro dos actos programados polo Concello con motivo das Letras Galegas presentouse no Edificio Liceo o libro titulado «Manuel Lugrís Freire: escolma de textos», elaborado pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística. A presentación correu a cargo da concelleira desta área, Dª Concepción Valladares.>



27 de maio de 2006
Encadrado dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, desenrolouse o *IX Encontro de Bandas de Música*, coa participación das Bandas de Serra de Outes, de Narón e de Betanzos.

28 de maio de 2006
Organizada polo Club de Atletismo As Mariñas, celebrouse a *X Media Maratón Volta á Ría de Betanzos*, que contou con máis de 300 participantes de diferentes puntos de Galicia.

28 de maio de 2006
O *Grupo de Teatro do I.E.S. As Mariñas* representou na Aula de Cultura a obra «Os cravos de prata» de Nicolás Bela.

31 de maio de 2006

O *Grupo de Maiores* representou na Aula de Cultura de Caixa Galicia a obra «A visita da vella dama», en adaptación de Alberto Barreiro. Posteriormente celebrouse unha actuación do Grupo de Instrumentos Tradicionais.



1 de xuño de 2006

Presentouse no Edificio Liceo o programa «Música na pedra», organizado polas concellerías de Casco Histórico e Xuventude, que tivo lugar entre o 2 de xuño e 2 de xullo. Englobou cinco concertos nos que participaron Mutenrohi, Tom, Máis que Jazz, Pablo Bicho e Guadi Galego e Guillermo Fernández. A presentación correu a cargo do tenente de alcalde, D. Andrés Otero.>



César

3-11 de xuño de 2006

Ao longo destes días celebrouse a *II Semana de Comercio e Turismo «promociona Betanzos»* organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (Acebe.cca) e o IES Francisco Aguiar a través dos profesores e alumnos do Ciclo Superior de Información e Comercialización Turística. Tivo como obxectivo amosar Betanzos tanto ós betanceiros como ós visitantes cunha programación que incluíu rutas gastronómicas, actividades lúdicas e xogos, exposicións, rutas a pé e piragua ou en lancha polo Mandeo. Contaron coa colaboración da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial, do Concello. O acto de presentación tivo lugar nunha excursión polo río Mandeo na «Diana Cazadora» e nel estiveron presentes a directora Xeral de Comercio, Dª Ana Rúa, o concelleiro de comercio, D. Andrés Otero, así como a presidenta de ACEBE, Dª Mercedes Rosende. >



Xuño de 2006

Neste mes o betanceiro, D. Carlos Álvarez Teijeiro, foi nomeado Director Xeral de Comunicación e Relacións Sociais da Comunidade Autónoma de Murcia. É licenciado en Ciencias da Información e doctor en Comunicación Pública pola Universidade de Navarra. Ata este momento exercía de profesor de Teoría da Comunicación da Universidade Católica «San Antonio» de Murcia e de Ética da Comunicación da Universidade Austral de Buenos Aires.

16 de xuño de 2006

Na Sala de Usos Múltiples tivo lugar a presentación da *IX Semana Internacional de Cine de Betanzos*, enmarcada dentro do IX Curso de Verán da Universidade da Coruña, dedicado ó produtor Pancho Casal. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza do director de servizos de medios audiovisuais da Universidade da Coruña e director do curso, D. José María Paz Gago; o director xeral de comunicación da Xunta de Galicia, D. Manuel Fernández; o presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Celestino Poza; D. Javier Carral, en representación de Caixa Galicia; D. Antonio Cortés, en representación de Gadisa, así como o propio homenaxeado, Pancho Casal.

17 de xuño de 2006

Organizado polo Centro de Educación Especial do Sagrado Corazón tivo lugar na nosa cidade o *VIII Maratón Urbano de Special Olimpics*, que congregou a varios centros similares e asociacións de toda Galicia nun día de confraternidade.



César

20 de xuño de 2006

Presentouse no Edificio Liceo o *I Festival de Poesía Cidade de Betanzos*. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa participación dos coordinadores Xavier Seoane e Miguel Anxo Fernán-Bello; o presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Celestino Poza e D. Antonio Cortés, en representación da empresa Gadisa.



21 de xuño de 2006

O músico betanceiro Dani López presentou o seu disco «Un año de flautasía» e un documental titulado «Entre dos Noche» ambientado en Betanzos, producido por *Clack Produccións* e dirixido por Caamaño Castro.

Xullo-Agosto de 2006

Desenrolouse ó longo destes meses o programa de *Actividades Verán 2006*, elaborado pola Concellería de Cultura, Educación e Deportes que contou coa colaboración de Caixa Galicia. A oferta dirixida ós nenos, tivo diversas actividades, como talleres de psicomotricidade, de plástica, de radio, música, medio ambiente e roteiros deportivo-culturais. Completouse este programa coas *Noites de Cine* en distintos lugares do concello.



Lucía Tenreiro (El Ideal Gallego)

Xullo-Agosto de 2006

Ó longo destes meses rodouse en Betanzos e nos arredores a película «Abrígate» que dirixiu o galego Ramón Costafreda, sendo coproducida por *Continental*, a arxentina *Polka* e *Oberón Cinematografía*.



Erias

7-9 de xullo de 2006

Celebrouse a *IX Feira Franca Medieval*, que contou cunha ampla participación de tódolos cidadáns e unha gran afluencia de visitantes. As rúas da cidade, engalanadas para a ocasión, foron un marco incomparable do completo programa de actividades nas que destacaron as recreacións históricas como a expulsión dos leprosos, incendio da cidade, tributo das cen doncelas, torneo medieval...

A feira deu comezo coa inauguración do Alcalde, D. Manuel Lagares e a lectura do pregón a cargo do historiador betanceiro Xosé María Veiga Ferreira.

PREGÓN DA IX FEIRA FRANCA MEDIEVAL

Ilmo. Sr. Alcalde. Revmo. Arcipreste de Xanrozo, rexedores da cidade, miñas donas e meus señores; veciños e forasteiros.

Hoxe é un día significativo para a cidade de Betanzos que volve revivir o mundo medieval, que está tan lonxe e tan presente. Mergullarémonos no tempo pasado, nun mundo máxico onde as lendas se fan realidade e a historia nos serve de guía nesta feira de cores e de sons ancestrais.

Vivir estes días en Betanzos é coller o túnel do tempo e aparecer nunha cidade encantada, nunha cidade intemporal, que se levanta da realidade e surca os aires da imaxinación.

Pero fagamos algo de historia. A Feira Franca foille concedida á cidade de Betanzos os primeiros días do mes de xullo de 1467 polo Rei Enrique IV. Establecíase unha feira franca anual de trinta días. Pero corrían daquela malos tempos. Os arredores da cidade estaban inzados de torres e castelos onde, protexidos polos señores aniñaban ladróns e xentes de mal vivir. Os roubos e secuestros eran cousa de cada día. A xente non se atrevía a viaxar. A isto, se lle engadimos que este foi un ano no que a Peste, enfermidade temible naquel tempo, campaba polos seus respectos, pódese dicir que esta primeira feira non foi moi boa.

Desde logo sen punto de comparación con esta de hoxe, onde hai xentes vestidas con ricas telas, onde todos sen excepción son señores, na que hai multitude de mercancías artesanais dun e doutro lugar...

Así é que comparada con aquela primeira feira, esta é unha festa...unha Festa da Historia.

Ben, pois aproveitando a ocasión e co voso permiso, vou poñer a historia de festa. Iso si, que a cousa quede entre nós.

Teño un amigo, o Padre Trolas, que viviu dacabalo entre os séculos escuros da Idade Media e rematou xubilándose no convento de Xestoso, que ás veces cóntame algunhas cousas e aconteceres que pasaron naquel tempo.


Erias

Non sei se serán mentira ou verdá
Polo nome do crego se saberá.

Un acontecemento que a min me chamou a atención foi ese do Peito Burdelo, ou imposto das cen doncelas que levaban os mouros. En primeiro lugar hai que recoñecer que os mouros tiñan bo gusto, que sabían apreciar a beleza das rapazas da comarca betanceira.
O máis sorprendente do asunto, creo eu, é que os ofendidos familiares escollesen delicadas ramas de figueira para arrearlles aos mouros, cando a nosa terra é boa produtora de impresionantes estacas de carballo, que podían medir cen espaldas sarracenas e quedar coma novas.
E a todo isto, ¿serían os mouros de verdade tan malos?
Contoume o meu amigo que en certa ocasión viran na cidade de Toledo a unha destas rapazas, xa co paso dos anos feita toda unha mullerona que ía «coljada» do brazo dun morenazo, de nome Majarufa, e que lle falou así ao seu paisano:

Desengánate Adefonso
non me deas o responso.
Para vivir con alejría
non hai como la morería.


César

Outro episodio que chama moito a atención é o da queima da cidade, que segundo algúns apagouse co viño do país. ¡...!
¡Que loquería, habendo tanta auga na ría!
Imaxinádesvos por un momento a un dos nosos colleiteiros tirando o viño como se fose auga?
Non, o viño de Betanzos sempre se usou para apagar...si ¡para apagar... a sede dos betanceiros!
Tamén me contou o meu amigo que non fora Colón o primeiro en chegar a América, que disque fora un mariñeiro de Betanzos chamado Paio Formoso, a quén collera un mal aire cando pasara a Marola. Trouxera da súa viaxe moitas cousas anovadas, entre elas un produto moi curioso ao que lle chamaron pataca, co que os betanceiros fixeron a súa famosa tortilla.
Un dos máis agradecidos desta novidade gastronómica foi o Rei Enrique IV, quen concedeu a Betanzos o título de cidade a cambio da receta da tortilla, que posteriormente deu a coñecer no resto do seu reino para disfrute das xentes.
No Cartularium do Padre Trolas conservase unha copia da receta e do momento en que lle foi ofrecida ao Rei. A cousa di así:

Con ovos, aceite, sal e pataca
unha comida sabrosa se saca
segundo sexa para lambón ou pistraca
pódese facer gorda ou fraca.

As patacas han de ser peladas
e en pequenas liscas cortadas,
na sartén de seguido metidas
e con pouco lume fritidas.

Con ovos en abundancia
de galiña de confianza
cunha cebola dándolle sustancia,
así teredes boa pitanza.

Haberedes botar sal con temor
e sendo no ovo moito mellor,
batendo todo cun tenedor
de seguro agradará ó meu Señor.

Todo ben mesturado debe quedar
cun testo de pota faise virar,
en pouquiño tempo se pode quitar
estou segura vos ha de gustar.

O cartulario nárranos que:

Cando o Rei probou o primeiro bocado
do sabor da tortilla quedou prendado
dudando se tal praçer non sería pecado.

E de seguido falou así:

Habémolo de pregoar no reino de Castilla
Que esta cidade non merece ser villa
Despois de cociñar esta rica tortilla.


Erias


Erias

En fin, cousas da historia e do meu amigo o Padre Trolas.
Agora anímovos a todos, xentes da bisbarra ou de fora dela, novos e vellos, grandes e pequenos, gordos e fracos, feos e guapos a participar desta Feira Franca Medieval, onde non haberá alcabala pero si bo humor, cordialidade, afecto, simpatía e moito que mercar e tamén moito que comer e beber.
Que teñades todos boa feira.
¡Viva a Feira Franca Medieval!

Xosé María Veiga Ferreira

1-15 de xullo de 2006
Puido contemplarse no edificio Liceo unha exposición de óleos do pintor Julio Creo Ramallo.

11 de xullo de 2006
Presentouse no edificio Liceo o programa de *Festactiva* elaborado pola concellería de Xuventude e Normalización Lingüística con actividades temáticas como alternativa de ocio para a xuventude e que se desenrolou entre o 14 e o 29 de xullo no Paseo da Tolerancia. O acto de presentación estivo presidido polo tenente de alcalde, D. Andrés Otero e tamén estiveron presentes un dos organizadores, D. Manuel Vicente e a concelleira de xuventude, Dª Concepción Valladares. >



Xullo de 2006
Desenroláronse ao longo deste mes traballos de limpeza da canle do río Mandeo a cargo da Demarcación de Costas de Galicia.



13 de xullo de 2006
O Alcalde, D. Manuel Lagares, inaugurou oficialmente o novo local da Oficina Municipal de Turismo, situada no lugar coñecido como *A Cueva* no Edificio Liceo. Estiveron tamén presentes a concelleira de turismo, Dª María Barral e o concelleiro de infraestruturas, D. Ramón García.

15 de xullo de 2006
Na Praza García Irmáns celebrouse un concerto da gaiteira Cristina Pato -no que se gravou tamén un vídeo- e o grupo folk *Mutenrohi*, organizado pola Concellería de Cultura, Educación e Deporte e patrocinado pola Deputación e Caixanova.


César

17 de xullo de 2006
Morreu Dª Manuela Martínez López, máis coñecida por Madre Rita no convento de clausura das Agustinas Recoletas. Contaba con noventa e nove anos dos cales oitenta e tres estivo no convento de Betanzos. Era moi apreciada na nosa cidade.

17-30 de xullo de 2006
Puido contemplarse no edificio Liceo unha exposición do artista gráfico arxentino, Javier Vázquez.

18-23 de xullo de 2006
No Edificio Liceo abriuse ó público a exposición itinerante *Galidixital* que foi organizada pola Xunta de Galicia para mostrar o traballo de empresas e universidades galegas no sector audiovisual. O acto de inauguración estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza do director xeral de comunicación audiovisual, D. Fernando Salgado.


César

20 de xullo de 2006



Lucía Tenreiro (El Ideal Gallego)

Tivo lugar a inauguración da *X Bienal de Pintura Balconadas* organizada pola Concellería de Cultura. Foron cento vinte e dúas as obras participantes, procedentes de todo o mundo, que quedaron penduradas dos balcóns do casco histórico da cidade. A presentación estivo presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado do concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz, do director do certame, D. Jesús Núñez e o director executivo, D. Javier Meléndrez «Urza». O primeiro premio foi para o coruñés Alfredo Roldán, o segundo, para Gosia Trebacz, tamén da Coruña, terceiro para Sandra Domínguez de Ferrol e accésit para o estadounidense Steven Cusner. O premio por elección popular foi para o artista betanceiro, José Díaz Germade.>

21 de xullo de 2006



Torrecilla (La Opinión)

Nun acto celebrado no Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC) deuse a coñecer o gañador do *I Premio «Jesús Núñez»* instituído pola Deputación Provincial, que recaeu no gravador portugués David de Almeida, dun total de 255 obras presentadas. Concedéronse dous accésits, un á portuguesa Alexandra Barbosa e ó sevillano Wenceslao Robles Escudero. O acto estivo presidido polo presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Celestino Poza que estivo acompañado polo propio Xesús Núñez e o concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz.

Xullo de 2006

Coñeceuse que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo concedera unha subvención para o emprego de 16 persoas co obxecto de realizar varias obras entre as que se encontra a rehabilitación do lavadoiro das Cascas.

23 de xullo de 2006



César

Celebrouse nas pistas anellas ó campo de fútbol García Irmáns o *I Trofeo Concello de Betanzos de Patinaxe de Velocidade*, no que participaron patinadores de toda España. A organización correu a cargo da Asociación Rabadeira, a Federación de Patinaxe e a Concellería de Cultura, Educación e Deporte.

25 de xullo de 2006

No Día de Galicia, tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal no cruceiro da Cruz Verde a todos os que deron a vida por Galicia.>

26 de xullo de 2006

Tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto de música barroca co título: «Les pellerines: a moda da peregrinación na Francia do barroco», a cargo do grupo *Resonet*. A actuación incluíuse dentro do programa do *Festival Vía Stellae*, que promoveu o Xacobeo e a Consellería de Innovación e Industria.

26-29 de xullo de 2006

Ó longo destes días desenvolveuse a IX *Semana Internacional de Cine de Betanzos*, que estivo dedicada ó produtor galego Pancho Casal pola súa traxectoria ó fronte de Continental. O evento contou coa participación de diversos profesionais relacionados co mundo do cine: Manquiña, Elina Luaces, Manuel Gutiérrez Aragón, Pepe Carabias, Xabier Villaverde, Fernando de Bustos, Paco



López Barxas, Berta Dávila, Deissem Ghanem, Pepe Nieto, Enrique Alcides, Pepe Coira, Ramón Costafreda, Rosalía Mera... así como o propio Pancho Casal. As conferencias e coloquios completáronse con varias proxeccións.

27 de xullo de 2006

Na Praza dos irmáns García Naveira celebrouse un concerto a cargo do grupo vocal *Tempo*, que presentou o seu traballo «Bien Montao». Foi patrocinado pola Deputación Provincial e Caixanova.

Xullo de 2006

A finais deste mes as fontes de Diana Cazadora, San Francisco e da Ponte Vella deixaron de botar auga. O motivo foi a seca do verán, que motivou ademais moitas queimas de monte en Galicia.

Xullo de 2006

A Concellería de Comercio do Concello realizou unha campaña de promoción do distrito San Roque, coa edición de folletos cun mapa do distrito e a situación dos establecementos e as súas características.

Agosto de 2006

O Ministerio da Vivenda, o Instituto Galego de Vivenda e o Concello a través da Concellería de Urbanismo, Vivenda e Casco Histórico abriron a terceira fase de axudas para a rehabilitación de vivendas no casco histórico. En total concedéronse 165.000 € para a rehabilitación de quince proxectos e 90.000 € para urbanización e mellora do casco histórico.



2 de agosto de 2006

O conselleiro de Medio Ambiente, D. Manuel Vázquez e o alcalde, D. Manuel Lagares asinaron un convenio para a mellora do sistema de captación e tratamento de auga potable. Unha inversión de millón e medio de euros para a instalación de colectores, construción de depuradoras e estacións de bombeo en Piadela, Guiliade e Requián.

4-6 de agosto de 2006

Celebrouse o *I Festival Internacional de Poesía de Betanzos*, no que participaron poetas de todo o mundo, entre os que estiveron: María Victoria Atencia, Antonio Colinas, Juan Carlos Mestre, Bernardo Atxaga, Casimiro de Brito (Portugal), Ángela García (Colombia), Wiliam Cliff (Belgica), Ángela García (Colombia), Lasse Söderberg, Francesc Parcerisas, Luz Pozo, Abdul Hadi Sadoun (Iraq), Farruco Sesto (Venezuela), Conceição Lima (São Tomé e Príncipe) e Salvador García Bodaño, Xosé María Álvarez Cáccamo, Emilio Arauxo, Xavier Baixeras, Lino Braxe, Luís González Tosar, Miguel Mato Fondo, Gonzalo Navaza, Olga Patiño, Anxeles Penas, Claudio Rodríguez Fer, Ana Romaní e



César



Erías

Cesáreo Sánchez Iglesias. Publicouse un libro con poemas dos participantes e realizáronse varios recitais de poesía, un deles na Aula Municipal de Cultura que contou coa participación da bailarina Branca Novoneyra, outro no CIEC e na Diana Cazadora polo río Mandeo. O día de clausura realizouse unha homenaxe a Uxío Novoneyra, e como peche do festival tivo lugar un concerto de Amancio Prada na Praza da Constitución.

O Comité organizador do festival estivo composto polos tamén poetas: Miguel Anxo Fernán Vello, Luciano Rodríguez, Xavier Seoane e Xulio L. Valcárcel, que contaron coa colaboración da Delegación de Cultura do Concello, da Deputación da Coruña, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, da Fundación Caixa Galicia e da empresa Gadisa.





13 de agosto de 2006

No convento de San Francisco celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e Banda Municipal de Música.

14 de agosto de 2006

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Marta Mata Ares. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do poeta coruñés, Xavier Seoane.

Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano contaron con novidades como o concerto de Manu Tenorio, do grupo La Unión ou a representación a cargo do Círculo Lírico de Galicia da zarzuela «La verbena de la Paloma».



César

Pregón das Festas

Excelentísimas autoridades, benqueridos cidadáns de Betanzos, raíña das festas, mozas e mozos acompañantes: As cidade que teñen nobreza non necesitan defensa. Mais sempre está ben recordar a plenitude histórica, artística e social dunha cidade, e isto acadouno un escritor e viaxeiro de grande cultura, Eduardo Blanco Amor:

«Betanzos, entre sus siglos, sus horizonte, sus ríos y su contigua mar, nos pone entre los dedos la primera y nunca acabada pulsación del espíritu secular de nuestra raza de labranzas y navegaciones, que no hizo diferencias entre los surcos oceánicos y los del arado en sus modos de transitar la historia».



César

Agro e mar. Urbe de natureza privilexiada. Barcas «sobre lo mar» –como cantou hai breves días Amancio Prada nesta mesma praza- pero tamén marismas, viñedos e unha poderosa xeórxica nos vales e nas montañas circundantes. Arte e Historia. Cultura e vida. Iso é Betanzos.

Por iso, nun mundo tan conflitivo coma o noso, un non tería inconveniente en solicitar, nos foros pertinentes, que Betanzos, que foi cabeza do Antigo Reino e nobre provincia, fose celebrada como unha pequena *polis* platónica, coma modelo dunha República Ilustrada e Mariñá que propagase a liberdade e a cordialidade, a nobreza do espírito e a ledicia de vivir que sempre a acompañaron.

Pero ese pasado ilustre demanda de nós elevadas miras. Sexamos, pois, responsábeis. Se os antergos nos legaron esta xoia, teñamos o xesto moral de deixar aos nosos fillos unha cidade moderna nos seus modos, dinámica na creación de riqueza e benestar e aberta ás xenerosas liberdades. Medremos en beleza e bo vivir. Juan Ramón Jiménez, falando da rosa, escribiu, malia a súa brevidade, un dos máis belos poemas que eu coñeza:

«No le toque ya más,
que así es la rosa»

Porque, que poderiamos facer para mellorar unha rosa? Como outorgarlle máis aroma, máis beleza, máis cor? Existe unha superior arquitectura, unha espiral máis nobre, unha presenza máis sedutora? Se isto é así, pousemos as nosas mans no territorio coa sabedoría que o poeta nos demanda. O paraíso non pode ser perturbado. Sexan, o Mendo e o Mandeo, ríos simbólicos dun paraíso *real*, palpábel ás mans.

Porque o noso mundo, en non sempre ponderada globalización, debe harmonizar a urbanización, o industrialismo e a modernización crecentes cunha civilizada integración no contorno. E isto é responsabilidade de todos. Cando as forzas destrutivas operan, como a man cainita que estes días calcina como unha peste orquestrada os nosos bosques, un fondo sentido de responsabilidade debe emanar da sociedade civil, da clase política e das elites económicas, sociais e culturais... Creemos entre todos un urbanismo elocuente, unha territorialidade de excepción, unha modélica civilidade. Shelley

falou de que a beleza é verdade e a verdade é beleza. Fronte á crise dos valores ilustrados, o devalo dos dereitos humanos e a perda de referentes cívicos e solidarios que creou o mellor espírito europeo desde que Grecia e Roma nos fundaron, sosteñamos o alento do máis lúcido Humanismo. Fagamos renacer o Renacemento. Ilustremos a Ilustración.

Pero hoxe é día de festa. Non nos poñamos, pois, profesorais. É tempo para gozar e relaxarse, para comer e beber, para amistarse e para amar... e isto me trae o recordo das fermosas rapazas betanceiras coas que eu bailei cando viña mocear a estas terras, ai!, a fins duns setenta que xa alá van, coa saudosa consciencia de que encontraron mozos betanceiros máis afortunados ca min, mentres soaba aquela fermosa canción, «A casa do sol nacente», de Eric Burdon, ou aqueloutra de «Coa súa branca palidez», de Procol Harum, e as luces da sala, como as estrelas que axiña sairán nesta noite, bulían na escuridade, facéndonos agardar a chegada das «lentas» e dun sempre propicio «agarrado»...

Que por certo, onde estarán, aquelas rapazas? Que foi delas? Quizais estará algunha, agora, nesta praza? Serán xa nais doutras rapazas tan fermosas coma elas? Estarán, esas fillas e fillos, entre estas damas e acompañantes?

Le temps s´en va, meus amigos, *le temps s´en va*... Mais, se así ha ser, que alomenos se vaia aquí, nestas terras de Betanzos, coa festa a rebordar, baixo esta luz que Cunqueiro comparaba coa do veneciano Tintoretto. Que aínda o mes pasado, cando retornei á cidade alemá de Dresde, tan destruída na Segunda Guerra Mundial, puiden ver, como unha perla viva, a *Venus durmida*, do gran Giorgione, outro excepcional veneciano. Pois ben, esta cidade que vostede, Señor Alcalde, ten a ben rexer, seméllaseme, deitada entre ríos, coa súa beleza incuestionábel e a súa singular arte de vivir, a esa criatura adormecida que tan ben simboliza o Amor, a plenitude, a serenidade. Porque a luz de Giorgione é tamén a de Betanzos. Hai nela a alegría da peluxe dos pexegos maduros e a melancolía das vides outonais. Por iso, ao contemplar ese cadro, non puiden deixar de dicirme: vista tanta beleza, xa un pode morrer en paz.

Claro que todos anhelamos que ese doloroso momento se retrase.Todos queremos vivir. Todos desexamos mil primaveras máis para nós e para a nosa cidade. Aínda que, na consciencia de que ese día chegará, un ponse a matinar, a imaxinar... E o que soña, entón, é que, se un ha de morrer, que alomenos o enterren como a don Fernán Pérez de Andrade, o Bo.

Porque, queridos amigos, un non pode deixar de soñar con repousar un día os pés fatigados de facer camiños en dous fieis e amigábeis cans, sosténdose no alto por amor do xabaril e do oso en misteriosa harmonía animal. E imaxinar que a alguén, nese intre, lle dese por tocar o corno de caza, se é que non a gaita, para que entón Betanzos -como o Castroforte de Baralla de *A saga fuga de J.B.* de Torrente Ballester- coas súas rúas e prazas, poida, por arte de maxia, elevarse no ar, mentres os mariñeiros, artesáns, taberneiros, labregos e xentes todas de Betanzos comezan a flotar... e as leiteiras que viñan



César

nas antigas mañás polos camiños dos fermosos montes veciños, e o Rei Brigo, e os irmandiños do vello tempo en armas, e os gremios antigos, e aquel romántico e provincialista que foi Ramón Faraldo, e os alzados da Independencia para amosar que a dignidade e a liberdade son sempre irrenunciábeis, e os republicanos represaliados no 36 por un rancor que nunca debera volver asomar, e as mulleres que antigamente collían a auga na fonte de Diana Cazadora, e as mazarocas de millo que se penduraban nos balcóns desta inesquecíbel arquitectura popular, e as tabernas do ramo, e levando tamén con nós o Pasatempo, e a Coral Polifónica, e a Banda, e o Museo das Mariñas, e os globos que desde 1814 se lanzaron nestas estreladas noites de verán, e sen deixar abandonada nin unha soa das barcas que desde 1889 remontaron os Caneiros río arriba até a fondura das fragas...

En fin, señor rexedor e queridos amigos, levando non nós polo ar a bordo da cidade flotante ou nave ou globo ou o que for, todo o que constitúe esta cidade onde o lecer é unha realidade e o vivir unha arte, e tendo a Uxío Novoneyra á proa da nave, e a Xesús Núñez gravando un simbólico mascarón con forma de porco bravo e, por suposto, co navío celeste ben avituallado de canastos coas canónicas tortillas, e cos caldos brancos e tintos do país, e co pan betanceiro, e cos seus pementos e outras moitas delicatesen da súa sabedoría gastronómica... para poder, entón, como a arca de Noé ou o globo de Xulio Verne, largas amarras, até perdérmonos nos ceos de luz da Vía Láctea, navegando noite adentro, máis aló que os mariños de Colón e os enxeñeiros da Nasa, bogando sen descanso polos ceos até chegar á terra prometida da outra banda para alí, unha vez desembarcados, nun lugar que semella un paraíso entre dous ríos, atopármonos co abraio de que a nova terra encontrada non é outra que este castro, esta croa, esta praza, esas galerías, esas campás, ese fermoso café, eses acolledores soportais, esas rúas que descende ás ribeiras, esas andoriñas que aniñan nas balconadas do río, eses irmáns García Naveira sinalando coa man o vento do futuro e da esperanza...

De tal modo que, sorprendidos, non poidamos senón despertar. Despertar porque o soño, de novo, está cumprido. Porque temos aquí, como Ulises ao retornar a Ítaca, a terra que soñabamos. Porque para enseñoreármonos do paraíso non precisabamos ter viaxado máis alá. Só cumpría mirar darredor. E tocar. Tocar deslumbrados o que temos da maneira en que Juan Ramón Jiménez nos ensinaba.

Sen que nos quede, entón, outro acometido que desexar que os deuses do lugar sexan xenerosos con nós para podermos despertar durante moitos anos, moitos días ao milagre. Ao milagre das Mariñas. Ao milagre de vivir en Betanzos.

Quizais, meus amigos, teñamos entón a revelación de que a Venus Durmida despertou. E que Marte, o deus da guerra, tan presente por desgraza nos nosos tempos, fuxiu avergoñado. De modo que a festa, a festa verdadeira, a festa rachada, poida novamente comezar.

Por tanto, Señor Alcalde, benqueridos cidadáns, raíña, mozas e mozos acompañantes, amigos todos e mocidade en frol das Mariñas que sodes a semente do mañá, saúde a todos. A festa comezou. Que a ledicia e o amor vos acompañen. E *Deus fratesque galiciae*, irmáns.

E moitas, moitas grazas.

Xavier Seoane



César



César

14 de agosto de 2007

Fíxose entrega dos premios *Garelos 2006* que foron os seguintes: En Cultura, ó investigador, creador da revista «A Xanela» e colaborador do anuario brigantino, D. Xesús Torres Regueiro; en Deporte, ó Club de Atletismo «As Mariñas»; en Industria, Comercio e Creatividade, á empresa Disa Consulting. O artista betanceiro José Valentín recibiu o Premio Popular da *X Bienal Balconadas*, na que tamén recibiron premios os seguintes artistas: 1º) Alfredo Roldán Sánchez; 2º) Malgorzata Trevacz; 3º) Sandra Domínguez Marcote; accésit a Steven Jay Cushner

15 de agosto de 2006

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Bibiana Mallón Freire, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Antonio Fraga Quintana deu lectura ó Pregón Infantil.

Función do Voto
(16 de agosto)

SEÑOR SAN ROQUE

De novo eu, na representación do pobo de Betanzos, manifesto o desexo de adicarche o mellor das nosas festas e agradecerche a Túa mediación en momentos difíciles, cando a peste nos asolaba e necesitabámos axuda e auxilio. Pasaron da Túa xenerosa axuda casi seiscentos anos e o paso do tempo non borra a nosa gratitude pola solidariedade e o altruismo que nos dispensaches.



César

Hoxe seguimos a necesitar que se solucionen problemas que afectan a tódolos cidadáns polo que, sigue vixente a nosa permanente petición dos Teus recursos e dos Teus auxilios. O Mundo estase a desangrar en varios continentes con guerras inexplicables e que, soamente, pola soberbia e as desmedidas ambicións humanas se manteñen. O triste é, que as victimas son sempre o máis débiles -nenos, anciáns, persoas humildes, familias enteiras- mentres que os que planifican esas inxustificadas guerras, non se ven afectados nas súas carnes por tan terribles consecuencias. Traslada a necesidade de diálogo ós moitos conflictos, entre os que sinalo como máis significativos os do Líbano, Palestina e Sudán e que a Paz e a Fraternidade, sustituian para sempre os combates e as guerras que deixan a desolación en todos e, de xeito especial, nas familias que perden ós seus seres queridos.

Temos outras situacións delicadas que me gustaría que se correxisen: as mortes nas augas dos mares de persoas que buscan mellorar a súa situación e dos seus familiares, e que non dubidan en arriscarse en embarcacións pouco seguras para cruzar os mares e océanos cas súas familias. Moitas veces non poden contalo e, noutros casos cando o fan, non poden integrarse nas sociedades máis desenvolvidas que buscan. Seria bo que as desigualdades entre o norte e o sur, se reduxesen e as enormes diferencias entre as posibilidades entre paises desenrolados e os do Tercer Mundo, se acortasen para que todos poideran ter unha vida digna no seu medio natural.

Por outra banda en España, divisase a posiblidade de rematalo terrorismo despois de moitas décadas negras. Facilita a Paz e que a palabra e o diálogo, sexan o medio de resolución dos conflictos. E dende logo, sigue a protexer de xeito especial ós nosos maiores, que tanto sudor e traballo aportaron para construila sociedade que hoxe temos. E tamén ós nenos, os máis humildes e a todos aqueles que están en situación máis necesitada polas súas especiais circunstancias persoais e sociais e conduceos pola senda mellor para que poidan ter unha vida digna e na que poidan desenrolar as súas xustas aspiracións. Señor San Roque: Ilumina a tódoslos gobernantes do mundo para que o noso efímero paso por esta vida, non teña tantas loitas e sobresaltos. Protexe a tódolos cidadáns e, de xeito especial, ós betanceiros que siguen a crer en Tí como persoa capacitada para socorrernos, axudarnos e darnos ánimos cando máis o necesitamos. Como sei que seguirás a facelo, douche as máis expresivas gracias no seu nome ó tempo que espero que no futuro poidamos reconfortarnos por ter un mundo máis xusto, solidario, dialogante e respetuoso. Que así sexa.

Manuel Lagares
Alcalde de Betanzos



César

16 de agosto de 2006

Ás doce da noite ascendeu o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita. O numeroso público asistente puido contemplar como subía ó ceo de Betanzos co tempo xusto, antes de caer unha importante tromba de auga.



Erias

17-30 de agosto de 2006

Puido contemplarse no Edificio Liceo unha exposición de pintura de Manuel Gandullo, que levaba por título «Betanzos en acuarelas».

18 e 25 de agosto de 2006

Como é tradicional, foron moitas as persoas e barcas que subiron río arriba polo Mandeo para achegarse ó campo dos Caneiros. Contouse cun amplo dispositivo de seguridade e editáronse folletos con recomendacións para disfrutar da romaría respectando a tradición.



César

Agosto de 2006

A empresa *Emesa*, que se asenta no polígono industrial de Coirós, e o Concello, a través da concellería de Formación e Comercio, asinaron un convenio de colaboración na formación de trinta demandantes de emprego cun taller de caldereiría.

31 de agosto de 2006

Pechou as súas portas o *Hotel Los Ángeles*, o máis antigo da cidade, que fora inaugurado no ano 1966. Foron moitas persoas coñecidas as que durmiron aquí, xa que ó longo de moito tempo foi o único existente na cidade.

1-15 de setembro de 2006

Puido contemplarse no Edificio Liceo a mostra «Granell en papel», un recorrido pola obra deste mestre do surrealismo. A exposición surxida da colaboración entre Caixanova e a Fundación Granell de Santiago presentouse en Betanzos pola colaboración da Deputación e a Delegación de Cultura do Concello.

Setembro de 2006

Deron comezo as obras de peonalización da Rúa do Castro, consistentes na eliminación das beirarrúas e renovación da pavimentación con pedra granítica.



Velga

8 de setembro de 2006

Celebrouse a tradicional romaría da Virxe dos Remedios coa asistencia de milleiros de persoas de Betanzos e comarca.

Setembro de 2006

Ampliáronse as instalacións veciñais de Guiliade coa adquisición dun terreo, contiguo á pista polideportiva, polo Concello.

16 de setembro de 2006

O club de baloncesto Santo Domingo celebrou o seu 25 aniversario cunha exposición de fotografías e documentos no Edificio Liceo, onde se recollen moitos dos momentos importantes desta institución deportiva e dos seus integrantes.



Erias

Setembro de 2006

Coñeceuse pola prensa que o ciclista brigantino, Juan Mourón asinara como profesional no club ciclista «Karpin Galicia».

21 de setembro de 2006

Restos do furacán «Gordon» achegáronse a Galicia neste día ocasionando algúns danos como cortes de luz e caídas de árbores. Un dos prexudicados foi o pino da Avenida de Castela, ó que foi preciso talar para evitar males maiores.

26 de setembro-21 de outubro

Veu desenrolándose ó longo destes días as xornadas de recuperación da memoria histórica Sombras na memoria: A represión franquista en Betanzos, organizadas pola Asociación Cultural Eira Vella, que contou coa colaboración do Concello a través da Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística. Realizáronse varias charlas-coloquio nas que participaron D. Xesús



Erias

Torres, D. Alfredo Erias, D. Dionisio Pereira, D. Eliseo Fernández, D. Andrés Beade, D. Tomás López González e D. Juan Fuentes. Proxectáronse varias curtametraxes e películas e remataron cun roteiro polos lugares máis significados da represión franquista nos que se leron poemas e interpretaron pezas musicais a cargo de Eva Otero e de Xosé Taboada.



Veiga

29 de setembro de 2006

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo presentouse o nº 28 do *Anuario Brigantino*. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares, a quen acompañaban D. Antonio Lagares en representación da Deputación Provincial, o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz, así como o director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do profesor de literatura da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, D. Luciano Rodríguez.



César

30 de setembro de 2006

Celebrouse na Eira Vella a *Festa do Viño Mosto*, que levaba 22 anos esquecida. A Comisión de Festas da Asociación de Veciños contou coa axuda das asociacións xuvenís de Betanzos que participaron na elaboración do viño que foi repartido entre os asistentes.

Outubro de 2006

Coñeceuse pola prensa que unha casa do lugar de Tellada en Piadela fora premiada como mellor vivenda unifamiliar nos premios de arquitectura da Fundación Juana de Vega. Os motivos para o premio foron o deseño e a integración da obra no entorno natural.

3-8 de outubro de 2006



Desenrolouse no Edificio Liceo o Festival Internacional de Títeres organizado polo consorcio As Mariñas, no que participaron os seguintes grupos: *La Gaviota* (Madrid), *Kristall Puppeters* (Kenia), *Sala Yago* (Galicia), *Hugo e Inés* (Perú), *Asomados y escondidos* (Arxentina), *Cristóforo Colombo* (Arxentina), *Raphael Müler* (Alemaña), *Mamulengo Presepada* (Brasil) e *La enana naranja* (Euskadi). Poido contemplarse, así mesmo, unha exposición titulada *Títeres de Asia*.

4 de outubro de 2006

Visitou os colexios da cidade o delegado da Consellería de Educación, D. Pedro Armas que estivo acompañado polo alcalde, D. Manuel Lagares e o concelleiro de educación, D. Francisco Díaz. O

obxectivo da visita foi a necesidade de subsanar deficiencias no patio do colexio Vales Villamarín e mostrar a necesidade do novo colexio de educación infantil.

Outubro de 2006

Desenrolouse ó longo deste mes no Centro de Xuventude as *Xornadas de Iniciación á Micoloxía*, organizadas pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística e impartidas polo licenciado en farmacia, D. Carlos Gómez.



María Teresa Garea

10 de outubro de 2006

Na sede do Parlamento Europeo en Bruxelas tivo lugar a inauguración da mostra de pintura «Xente no Camiño» de Alfredo Erias. Foi promovida polo europarlamentario D. Antolín Sánchez Presedo (a quen axudou a Fundación Galicia-Europa), correndo coa organización e patrocinio a Deputación Provincial da Coruña, representada por D. Celestino Poza Domínguez, Presidente da Comisión de Cultura. Presidiu o acto o Presidente do Parlamento, D. Josep Borrell Fontelles, asistindo moita xente (entre ela un amplo grupo de betanceiros, co Alcalde D. Manuel Lagares á fronte), así como numerosas autoridades.

13 de outubro de 2006

Dentro dos actos celebrados con motivo do centenario da Real Academia Galega, conmemorouse o 99 aniversario do mitin de Manuel Lugrís Freire en Betanzos, o primeiro que se fixo en lingua galega. Con



César



Veiga

tal motivo deuse lectura pública do mesmo por parte dos membros da Real Academia no palco da música. Amais dos académicos, presididos por D. Xosé Ramón Barreiro, participaron no acto o vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Anxo Quintana a conselleira de cultura, Dª Ánxela Bugallo e o alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares.

14 de outubro de 2006

Tivo lugar na Praza do Campo unha concentración de vehículos antigos da marca *Mercedes Benz*, trinta modelos chegados desde varios puntos de España.



César

17 de outubro de 2006

Inaugurouse na Sala de Mostras do Edificio Liceo, dentro do Festival de fotografía *Olladas 06* organizado pola Deputación Provincial, a exposición *Arquivo Pacheco Vigo*, con fotografías de Vigo realizadas por distintas xeracións de fotógrafos da familia Pacheco. No acto estiveron presentes o presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, o presidente da Comisión de Cultura, D. Celestino Poza e o Alcalde, D. Manuel Lagares.

Outubro de 2006
Coñeceuse pola prensa que a betanceira e colaboradora do Anuario, Dª Carmen López Villasol recibiu unha mención honorífica nos premios internacionais *redELE* (rede electrónica e didáctica do español como lingua estranxeira), convocados polo Ministerio de Educación.>


María Teresa Garea

Outubro de 2006
A profesora do Centro de Estampa Contemporánea de Betanzos, Anne Heyvaert foi seleccionada para participar nunha exposición internacional que se celebrou en París ó longo deste mes.

18 de outubro de 2006
No Edificio Liceo reuníronse co alcalde, D. Manuel Lagares, e o concelleiro de infraestruturas, D. Ramón García, técnicos e responsables de Costas do Estado e Augas de Galicia. O motivo foron as continuas inundacións sufridas no presente mes, coincidindo con días de fortes choivas, en distintas zonas da Ribeira, Malecón e rúa da Fonte de Unta.

27 de outubro de 2006
Organizado pola Concellería de Cultura tivo lugar un concerto de *The John Powell Singers* na igrexa de Santo Domingo.

1 de novembro de 2006
Celebrouse a tradicional Feira de Santos á que asistiron varios miles de persoas da comarca. Os produtos estrela neste día, como é habitual, foron as flores, as noces e as castañas.

3-13 de novembro de 2006
Puido contemplarse no Edificio Liceo a exposición «Mozart e o mundo da música», organizada pola Concellería de Cultura.>

3 de novembro de 2006
No Pleno do Concello deste día aprobouse eximir do pago da factura da auga a cincuenta familias con escasos recursos.



16 de novembro de 2006
O alcalde, D. Manuel Lagares e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz presentaron no Edificio Liceo o proxecto dunha orquestra de cámara «Camerata Brigantina». No acto estivo presente o director do proxecto, D. Florian Vlashi.>



18 de novembro de 2006
O Concello de Betanzos representado polo tenente de alcalde, D. Antonio Lagares asinou un convenio de cooperación, para a asistencia médica dos emigrantes, co Centro Galego de Bos Aires, representado pola súa presidenta, Dª Beatriz Lagoa.



21 de novembro de 2006
Na Sala Capitular do Concello foron recibidos polo alcalde, D. Manuel Lagares e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz, representantes da universidade e da ferigresía de Gondomar (Portugal).
25 de novembro de 2006
Con motivo do *Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres* deuse lectura diante da Casa Consistorial, a cargo da periodista betanceira, Dª Lucia Tenreiro, dun manifesto elaborado polo Consorcio das Mariñas. No acto estiveron presentes representantes dos distintos grupos políticos municipais.
28 de novembro de 2006
O conselleiro de Medio Ambiente, D. Manuel Vázquez, e o alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares asinaron un convenio de colaboración para a dotación de medios para a conservación e mantemento de espazos naturais no concello, polo que se subvencionou un vehículo tractor, con brazo desbrozador.
29 de novembro de 2006
Nas instalacións do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos presentouse o programa educativo «Diálogo coa escola». O acto contou coa participación da presidenta do Parlamento de Galicia, Dª Dolores Villarino, o vicepresidente segundo, D. Jaime Pita e do vicepresidente de Caixa Galicia, D. Andrés Fernández, ademais do director do centro, D. Xosé Manuel Montero. No acto un grupo de alumnos plantaron a «Arbore do diálogo», un dos 800 carballos que se distribuíron entre os centros educativos de Galicia.
Novembro de 2006
O xornalista betanceiro, Ignacio de la Fuente gañou ganou o premio ó mellor blog en español nos *Premios Internacionais BOBs 2006*.
Novembro de 2006
O escritor betanceiro, Xosé Luis Sobrino presentou os poemas do seu libro «Lendario Acibeche» no Centro Galego e no Centro Andaluz da Habana.
Novembro de 2006
Coñeceuse pola prensa que o escritor e concelleiro de urbanismo betanceiro, D. Xabier López, quedou finalista no premio de narrativa patrocinado pola Deputación Provincial «Torrente Ballester» coa obra *Alta comedia*.
1 de decembro de 2006
A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenrolouse o *Programa de Festexos do Nadal* organizado polas delegacións de Cultura, Deportes e Servizos Sociais e a Delegación Municipal de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Carla Blanco Miraz do Colexio Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de Carteis de Nadal organizado polo Concello.

4 de decembro de 2006

O alcalde, D. Manuel Lagares e o concelleiro de infraestruturas, D. Ramón García, presidiron o acto de inauguración do alumado artístico instalado nos edificios e monumentos máis destacados da Praza dos Irmáns García Naveira.

12 de decembro de 2006

Celebrouse no Edificio Liceo unha reunión de viticultores, responsables técnicos e políticos para impulsar a ampliación territorial do *Viño da Terra de Betanzos*, organizado polo Consorcio das Mariñas e a Axencia Galega de Desenvolvemento (Agader). O acto contou coa presenza do conselleiro de medio Rural, D. Alfredo Suárez Canal, de alcaldes englobados no Consorcio das Mariñas e do alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares. Así mesmo no Edificio Liceo e organizada tamén polo Consorcio das Mariñas inaugurouse a exposición itinerante de fotografía titulada *As mil caras da emigración*, que recollía momentos da emigración na comarca. A exposición contou coa colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Secretaría Xeral de Emigración.

14-17 de decembro de 2006



Celebráronse as *Xornadas de lembranza da memoria histórica* organizadas pola Agrupación Socialista de Betanzos. Con este motivo houbo mesas redondas e conferencias nas que participaron D. Carlos Pereira Martínez, D. Eduardo Rego Rodríguez, D. Antonio Campos Romay e D. Emilio Grandío. Rematáronse os actos cunha ofrenda floral no cemiterio municipal de Betanzos.

19 de decembro de 2006

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a entrega dunha placa outorgada polo Centro Betanzos de Buenos Aires ó compositor brigantino D. Carlos López. Foille entregada polo concelleiro de Comercio, D. Andrés Otero en presenza do presidente de honra do centro D. Andrés Beade.

21 de decembro de 2006

Inaugurouse na Sala de Mostras do Edificio Liceo unha mostra de pintura do Grupo Crise.





29 de decembro de 2006

Editado pola Asociación Eira Vella, presentouse na Sala de usos Múltiples do Edificio Liceo o poemario «Vizoño» da autoría do poeta de Abegondo e colaborador do Anuario Brigantino, Maxi Rei. A presentación correu a cargo da presidenta de Eira Vella, Dª Pilar Vázquez; o historiador brigantino, D. Xesús Torres e o poeta, Miro Villar.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura, Lingua e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traduccións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al*.

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ao remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique.* Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da achega entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espacios á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



Alfredo Erias

Os últimos selleiros de Betanzos: Francisco López Diéguez e o seu fillo Luís López Cagiao.

ESTE *ANUARIO BRIGANTINO* 2006, Nº 29,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI
EN BETANZOS
O 25 DE XULLO DE 2007